

**LEXISLACIÓN
DA LINGUA GALEGA
(Edición de 2001)**

4 Branca

**LEXISLACIÓN
DA LINGUA GALEGA
(Edición de 2001)**

Compilación realizada por:

VENANCIO GRAÑA MARTÍNEZ
Director do «CEIP Víctor López Seoane»

A CORUÑA
2001

Coselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:
Celso Currás Fernández

Director Xeral de Política Lingüística:
Xesús P. González Moreiras

Subdirector Xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega:
Xosé A. Pombo Mosquera

© Autor:
Venancio Graña Martínez

Coordinación:
Xosé Sánchez Puga

Asesoramiento Lingüístico:
Sección de Asesoramiento Lingüístico
da Dirección Xeral de Política Lingüística

Edita: XUNTA DE GALICIA



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Política Lingüística

Depósito Legal:

I.S.B.N.:

Imprime:
Gramil
A Coruña, 2001

ÍNDICE

LIMIAR	15
I. DISPOSICIÓN XERAIS	19
1. A Constitución española	19
2. O Estatuto de autonomía	20
3. A Lei de normalización lingüística	21
4. Estructura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A Dirección Xeral de Política Lingüística	28
5. A Comisión coordinadora para a normalización lingüística	31
6. Os Gabinetes provinciais de Normalización Lingüística	34
7. Regulamento do Parlamento de Galicia	34
II. DISPOSICIÓN INTERNACIONAIS	35
8. Declaración universal de dereitos lingüísticos	35
9. Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias	50
III. EDUCACIÓN	69
A. NORMAS XERAIS	69
10. Normativización da lingua galega	69
11. Normalización do galego no sistema educativo	72
12. Exención da materia da lingua galega	77
12.1. O Decreto 79/1994, do 8 de abril	77
12.2. A Orde do 30 de xuño de 1994	80

12.3.	Delegación de competencias en favor dos directores dos centros públicos	86
a)	O Decreto 239/1997, do 10 de setembro	86
b)	Resolucións das Delegacións Provinciais do 12 de setembro de 1997	88
13.	Regulamentos orgánicos dos centros educativos	89
13.1.	Infantil e Primaria: Decreto 374/1996, do 17 de outubro	89
13.2.	Educación Secundaria: Decreto 324/1996, do 26 de xullo	93
13.3.	Centros Públicos Integrados: Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro	97
14.	Desenvolvemento dos regulamentos orgánicos	101
14.1.	Educación Infantil e Primaria: Orde do 22 de xullo de 1997	101
14.2.	Educación Secundaria: Orde do 1 de agosto de 1997	103
14.3.	Centros Públicos Integrados: Orde do 3 de outubro de 2000	104
14.4.	Conservatorios e centros autorizados de ensinanzas musicais	106
B.	LEIS EDUCATIVAS	106
15.	Leis de ámbito estatal	106
15.1.	LODE	106
15.2.	LOXSE	107
15.3.	LOPAG	108
16.	Leis de ámbito autonómico	108
16.1.	Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos	108
C.	ETAPAS EDUCATIVAS	109
17.	Decretos curriculares e ordes de implantación	109
17.1.	Educación Infantil	109
17.2.	Educación Primaria	111
17.3.	Educación Secundaria Obrigatoria	114
17.4.	Bacharelato	118
18.	Avaliación	124
18.1.	Libros de Escolaridade	124
19.	Materiais curriculares	124
19.1.	Libros de texto	124

D. MODALIDADES EDUCATIVAS	125
20. Educación de adultos	125
20.1. Regulación, estrutura e currículo	125
20.2. Ordenación xeral das ensinanzas de adultos	127
20.3. Horarios (Bacharelato)	127
21. Escolas oficiais de idiomas	131
21.1 Contidos mínimos do primeiro nivel das ensinanzas de galego	131
21.2 Potenciación do uso do galego.....	141
E. REQUISITOS QUE DEBEN POSUÍ-LOS PROFESORES DOS CENTROS PRIVADOS	142
22. Para imparti-la área de lingua galega	142
23. Titulacións mínimas e as condicións que deben posuí-los profesores	146
F. ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE	147
24. Corpo de mestres: aspectos lingüísticos da convocatoria .	147
25. Corpo de profesores de ensino secundario	149
25.1. Temario de lingua galega	149
25.2. Aspectos lingüísticos da convocatoria	155
G. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E VALIDACIÓN DE CURSOS	157
26. Regulación dos cursos de iniciación e perfeccionamento ..	157
27. Cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para mestres e profesores de ensino secundario ..	170
28. Encontros, actividades de formación e de intercambio de experiencias	172
29. Validación de cursos de iniciación e perfeccionamento	176
29.1. Para profesores de EXB	176
29.2. Por cursar galego no ensino básico e medio	177
29.3. Por estudos de galego feitos nas Escolas Oficiais de Idiomas	180
29.4. Por cursar galego na educación secundaria obligatoria e no bacharelato	182
29.5. Para alumnos universitarios e licenciados	183
30. Validación do curso de especialización de lingua galega .	184
31. Equivalencias entre os distintos cursos e probas de lingua galega	185

H. UNIVERSIDADES	187
32. A lingua galega nas probas de acceso á Universidade ...	187
33. Estatutos universitarios	189
I. EXPEDICIÓN E HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS	192
34. Expedición de títulos non universitarios	192
35. Expedición e homologación de títulos universitarios ...	195
IV. ACCIÓNS DE FORMACIÓN E DE EXTENSIÓN DA LINGUA	197
36. Equivalencia de cursos de linguaxe administrativa galega	197
37. Convocatoria de cursos básicos e medios de linguaxe administrativa galega	198
38. Cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da comunidade autónoma de Galicia	202
V. ADMINISTRACIÓN E FUNCIÓN PÚBLICA	205
39. A Lei reguladora do proceso autonómico	205
40. A Lei de medidas para a reforma da Función Pública ...	205
41. A Lei da Función Pública de Galicia	206
42. Creación da Escola Galega da Función Pública	206
43. Normas para a provisión de determinados postos de traballo	207
44. O Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios .	209
45. A Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común	209
46. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado	210
VI. ADMINISTRACIÓN LOCAL	211
47. A lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais	211
48. A lei reguladora das bases do réxime local	212
49. Regulamento de poboación e demarcación territorial ..	213
50. Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais	213
51. Provisión de postos de traballo	214

52.	Normas sobre concursos de provisión de postos reservados	215
53.	O rexistro das entidades locais	216
54.	Regulación da concesión de subvencións para a normalización lingüística	216
55.	Convocatoria de cursos básico, medio e superior de linguaxe administrativa galega	221
VII. XUSTIZA		225
56.	Certificacións literais	225
57.	Normativa reguladora do DNI	226
58.	A lei orgánica do poder xudicial	227
59.	Modificación do regulamento do rexistro civil	229
60.	Provisión de vacantes na administración de xustiza	230
61.	Modificación do rexistro civil	233
62.	Modelos de rexistro civil	233
63.	A lei de demarcación e planta xudicial	234
64.	O libro de familia	235
65.	Provisión de vacantes de xuíces e maxistrados	235
66.	O Código Penal	236
67.	Certificado de nacionalidade española	236
68.	Sobre o nome e apelidos e orde destes	237
VIII. ADMINISTRACIÓN MILITAR		239
69.	Uso das linguas na Administración Militar	239
70.	Reais Ordenanzas das Forzas Armadas	241
71.	Lei procesual militar	241
IX. RÉXIME ELECTORAL		243
72.	A Constitución Española de 1978	243
73.	Normas de regulación complementaria dos procesos electorais	243
74.	Xunta electoral xeral	244
75.	Normas sobre urnas, cabinas, papeletas... que se utilicen nas eleccións ó parlamento de Galicia	244
X. COMUNICACIÓNS		245
76.	A Constitución Española de 1978	245
77.	Estatuto de RTVE	246

78. Regulamento da terceira canle de televisión	246
79. Directiva 89/552/CEE	247
80. Creación da compañía de RTVG	247
81. Xiros postais e telegráficos	248
82. Telégrafos	248
83. Productos semiconductores	249
XI. ACTIVIDADES COMERCIAIS, MERCANTÍS E OUTRAS ..	251
84. Lei de marcas	251
85. Lei cambiaria e do cheque	251
86. Regulamento do seguro privado	252
87. Estatuto galego do consumidor e do usuario	252
88. Etiquetaxe e publicidade	253
89. Lei da propiedade intelectual	254
90. Lei de cartografía	254
91. Estatuto dos traballadores	255
92. Lei xeral de sanidade	255
93. Contas anuais que cómpre presentar nos rexistros mercantís para o seu depósito	255
94. Lei do contrato do seguro	256
95. Publicación das leis das linguas cooficiais das Comunidades Autónomas	256
96. Norma xeral de etiquetado, presentación e publicidade dos produtos alimenticios	257
XII. EXTERIOR	259
97. A Lei de recoñecemento da galeguidade	259
98. Cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua e extensión cultural galega	260
XIII. SUBVENCÍONS	263
99. Convocatoria a empresas editoriais para apoia-la edición do libro en galego	263
100. Convocatoria de proxectos para os equipos de normalización lingüística dos centros públicos	271
101. Convocatoria de axudas económicas para os equipos de normalización lingüística dos centros privados	277
102. Subvencións a empresas privadas para fomenta-lo uso social da lingua galega	283

103. Subvencións a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega .	291
104. Subvencións a empresas e editoriais para impulsar a creación, tradución e adaptación de libros e materiais didácticos	298
105. Subvencións a empresas vinculadas ó sector audiovisual .	308
106. Convocatoria de axudas para o desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción audiovisual	318
 XIV. TOPONIMIA	 327
107. Funcións e composición da comisión de toponimia	327
108. Procedemento para a fixación ou recuperación de toponimia	330
109. Nomenclátor de entidades de poboación	334
110. Cambio de denominación das provincias de <i>La Coruña</i> e <i>Orense</i>	337
111. Sinalización de estradas, aeroportos, estacións ferroviarias, de autobuses e marítimas e de servizos públicos de interese xeral	339

14 Branca

LIMIAR

En Galicia estamos vivindo desde hai anos un proceso de recuperación histórica, lingüística e cultural. Somos un pobo cunha longa tradición que se esforza por recupera-la súa identidade e a súa autoestima; e un dos símbolos da nosa identidade de galegos é a lingua que falamos. Tense dito que lingua e pensamento son dúas realidades indisociables, que os pobos falan como pensan e pensan como falan, por iso estamos poñendo tanto empeño na dignificación e na normalización da nosa lingua, que é expresión das nosas vivencias históricas, do noso xeito de concibi-la vida, pero que é tamén a ferramenta coa que imos pensar e diseña-lo noso futuro.

Soñamos unha Galicia identificada co galego, pero solidaria con todo o mundo. O illamento nunca tivo sentido, e menos o ten aínda na aldea global do século XXI; pero estamos fondamente convencidos de que conservando a nosa lingua e a nosa cultura non só estamos defendendo a nosa personalidade e identidade como pobo, senón que estamos, ó mesmo tempo, enriquecendo tamén a cultura universal.

A Xunta de Galicia dedica notables esforzos á normalización da lingua galega co obxectivo de que o galego sexa o vehículo de comunicación normal en todo tipo de relacións na nosa sociedade: na administración, na escola, nas actividades económicas, nas relacións familiares, etc. Pero para posibilita-lo cumprimento de tódalas disposicións normativas referidas á lingua galega, cómpre que as cidadás e os cidadáns de Galicia as coñezan. Por iso se pensou reunilas nun manual sinxelo e facilmente accesible para todo o mundo. E nisto consiste a publicación que aquí se ofrece.

Cuestións como a contemplación que do galego fan a Constitución Española, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Normalización Lingüística e campos concretos como a Educación, a administración (de xustiza, local ou militar), o réxime electoral, as comunicacións, as distintas actividades comerciais e

mercantís, a toponimia, etc., poderanse ir examinando polo miúdo nesta compilación dun xeito claro e doado. A súa sinxeleza e claridade non lle resta, o rigor esixido a este tipo de manuais.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

A Dirección Xeral de Política Lingüística, consciente da importancia que supón para Galicia o proceso de normalización lingüística, considera como obxectivo prioritario, necesario e básico que as persoas que integran a comunidade educativa teñan unha información clara e precisa das disposicións relativas á Lingua Galega.

O profesorado, o alumnado e as Asociacións de Pais teñen un amplo coñecemento da normativa que rexe os procesos educativos, pero parécenos importante reforza-lo mesmo, a través da compilación efectuada nesta publicación, pois debido sobre todo á súa manexabilidade, fai que a súa busca ou consulta resulte moito máis doada.

O seu contido está estruturado en catorce grandes apartados, nos que se reflicten polo miúdo tódalas normas referidas ós distintos sectores que integran a nosa sociedade (educación, administración e función pública, xustiza, comunicación...), e que posibiliten que este sexa un manual de consulta útil para calquera cidadán galego.

Se a información é necesaria, coidamos que a referida á nosa lingua aínda o é máis, por ser esta un patrimonio común a tódolos galegos.

A nosa lingua, como expresión vivencial do pobo, debe ser de atención preferente, partindo da súa situación no proceso educativo, para que sexan o seu coñecemento e uso unha realidade plenamente satisfactoria que, lonxe de tensións e apropiacións particulares una a tódolos galegos na empresa común de conservala e transmitila ás novas xeracións.

XESÚS PAULO GONZÁLEZ MOREIRAS
Director Xeral de Política Lingüística

18 Branca

I. DISPOSICIÓN XERAIS

1. CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

Constitución Española, do 27 de decembro de 1978. (BOE, 29/12/78).

Artigo 3º.

1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Artigo 20º.

3. A Lei regulamentará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso ós citados medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

Artigo 148º.

1. As Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:
17º O fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua da Comunidade Autónoma.

2. ESTATUTO DE AUTONOMÍA

Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia (BOE nº 101, do 28/4/81).

Artigo 5º.

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Artigo 25º.

Na resolución dos concursos e oposicións para prove-los postos de maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e tódolos funcionarios ó servizo da Administración de Xustiza, será mérito preferente á especialización no dereito galego e o coñecemento do idioma do País.

Artigo 26º.

1. Os Notarios e os Rexistradores da Propiedade e Mercantís serán nomeados pola Comunidade Autónoma, en conformidade coas leis do Estado. Para a provisión de notarías, os candidatos serán admitidos en igualdade de dereitos, tanto se exercen no territorio de Galicia coma no resto de España. Nestes concursos e oposicións será mérito preferente a especialización en Dereito galego e o coñecemento do idioma do País. Non se poderá establecer, en ningún dos casos, a excepción de natureza ou de veciñanza.

TÍTULO II *Das competencias de Galicia*

Artigo 27º.

No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

- 20.A promoción e o ensino da Lingua galega.

Artigo 31º.

É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, son prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nos Leis orgánicas que, conforme o apartado V do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

3. LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. (DOG, 14/07/83).

O proceso histórico centralista acentuado no decorrer dos séculos, tivo para Galicia dúas consecuencias profundamente negativas: anula-la posibilidade de constituír institucións propias e impedi-lo desenvolvemento da nosa cultura xenuína cando a imprenta ía promove-lo grande despegue das culturas modernas.

Sometido a esta despersonalización política e a esta marxinação cultural, o pobo galego padeceu unha progresiva depauperación interna que xa no século XVIII foi denunciada polos ilustrados e que, desde mediados do XIX, foi constantemente combatida por tódolos galegos conscientes da necesidade de evita-la desintegración da nosa personalidade.

A Constitución de 1978, ó recoñece-los nosos dereitos autonómicos como nacionalidade histórica, fixo posible a posta en marcha dun esforzo constructivo encamiñado a plena recuperación da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade creadora.

Un dos factores fundamentais desa recuperación é a lingua, por se-lo núcleo vital da nosa identidade. A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Únennos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como patrimonio vivo, e uníranos co seu futuro, porque a recibirá de nós como legado da identidade común. E na Galicia do presente serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na terra nativa e os galegos emigrados polo mundo.

A presente Lei, de acordo co establecido no artigo 3 da Constitución e no 5 do Estatuto de Autonomía garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º, 2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

TÍTULO I

Dos dereitos lingüísticos en Galicia

Artigo 1º.

O galego é a lingua propia de Galicia.

Tódolos galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo.

Artigo 2º.

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 3º.

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Os cidadáns poderán dirixirse ós xuíces e tribunais para obte-la protección xudicial do dereito a empregala súa lingua.

TÍTULO II

Do uso oficial do galego

Artigo 4º.

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.
2. Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado.

Artigo 5º.

As leis de Galicia, os Decretos legislativos, as disposicións normativas e as resolucións oficiais da Administración Pública galega publicaranse en galego e castelán no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 6º.

1. Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
2. As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.
3. Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.
4. A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei.

Artigo 7º.

1. No ámbito territorial de Galicia, os cidadáns poderán utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas relacións coa Administración de Xustiza.
2. As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada. En todo caso, a parte ou interesado terá dereito a que se lle entere ou notifique na lingua oficial que elixa.
3. A Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza.

Artigo 8º.

Os documentos públicos outorgados en Galicia poderanse redactar en galego ou castelán. De non haber acordo entre as partes, empregaranse ámbalas dúas linguas.

Artigo 9º.

1. Nos Rexistros Públicos dependentes da Administración autonómica, os asentamentos faranse na lingua oficial en que estea redactado o documento ou se faga a manifestación. Se o documento é bilingüe, inscribírase na lingua que indique quen o presenta no Rexistro. Nos Rexistros Públicos non dependentes da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos competentes, o uso normal do galego.
2. As certificacións literais se expedirán na lingua na que se efectuase a inscrición reproducida. Cando non sexa transcripción literal do asentamento, se empregará a lingua oficial interesada polo solicitante.
3. No caso de documentos inscritos en dobre versión lingüística pódense obter certificacións en calquera das versións, a vontade do solicitante.

Artigo 10º.

1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.
2. Corresponde a Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. o nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

Artigo 11º.

1. A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto a Administración Pública e ás empresas de carácter público en Galicia.
2. Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autónoma e Local considerárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.
3. Na resolución dos concursos e oposicións para prove-los postos de Maxistrados, Xuíces, Secretarios Xudiciais, Fiscais e tódolos funcionarios o servizo da Administración de Xustiza, así como Notarios, Rexistradores da Propiedade e Mercantís, será mérito preferente o coñecemento do idioma galego.

TÍTULO III
Do uso do galego no ensino

Artigo 12º.

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.
2. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente Lei.

Artigo 13º.

1. Os nenos teñen dereito a recibi-lo primeiro ensino na súa lingua materna. O Goberno Galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito.

2. As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino.
3. Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.

Artigo 14º.

1. A lingua galega é materia de estudio obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios.
Garantirase o uso efectivo deste dereito en tódolos centros públicos e privados.
2. O Goberno Galego regulará as circunstancias excepcionais en que un alumno pode ser dispensado do estudio obrigatorio da lingua galega. Ningún alumno poderá ser dispensado desta obriga se tivera cursado sen interrupción os seus estudos en Galicia.
3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Artigo 15º.

1. Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.
2. O Goberno Galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.
3. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas a fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos a recibir coñecementos.

Artigo 16º.

1. Nos cursos especiais de educación de adultos e nos cursos de ensino especializado nos que se ensine a disciplina de lingua, e preceptivo o ensino do galego.
Nos centros de ensino especializado dependentes da Xunta de Galicia establecerase o ensino da lingua galega nos casos en que o seu estudio non teña carácter obrigatorio.
2. Nos centros de educación especial para alumnos con deficiencias físicas ou mentais para a aprendizaxe, se empregará como lingua instrumental aquela que, tendo en conta as circunstancias familiares e sociais de cada alumno, mellor contribúa ó seu desenvolvemento.

Artigo 17º.

1. Nas Escolas Universitarias e demais centros de Formación do Profesorado será obrigatorio o estudo da lingua galega. Os alumnos destes centros deberán adquiri-la capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente Lei.
2. As autoridades educativas promoverán o coñecemento do galego por parte dos profesores dos niveis non incluídos no parágrafo anterior, a fin de garanti-la progresiva normalización do uso da lingua galega no ensino.

TÍTULO IV

Do uso do galego nos medios de comunicación

Artigo 18º.

O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.

Artigo 19º.

O Goberno Galego prestará apoio económico e material ós medios de comunicación non incluídos no artigo anterior que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Artigo 20º.

Serán obrigas da Xunta de Galicia:

1. Fomenta-la produción, a dobraxe, a subtitulación e a exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega.
2. Estimula-las manifestacións culturais, representacións teatrais e os espectáculos feitos en lingua galega.
3. Contribuír ó fomento do libro en galego, con medidas que potencien a produción editorial e a súa difusión.

TÍTULO V
Do galego exterior

Artigo 21°.

1. O Goberno Galego fará uso dos recursos que lle confiren a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía para que os emigrantes galegos poidan dispoñer de servizos culturais e lingüísticos en lingua galega.
2. Así mesmo fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexer a lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma.

TÍTULO VI
Da Administración Autónoma e a función normalizadora

Artigo 22°.

O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará á Administración e os particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente Lei.

Artigo 23°.

O Goberno Galego establecerá un plan destinado a resaltar a importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Artigo 24°.

1. A Escola Galega de Administración Pública encargarse da formación dos funcionarios a fin de que poidan usalo galego nos termos establecidos pola presente Lei.
2. O dominio das linguas galega e castelá será condición necesaria para obter o diploma da Escola Galega de Administración Pública.

Artigo 25°.

O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

Disposición adicional

Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, se estimará como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega.

Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego.

Disposición final

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 1983.

GERARDO FERNÁNDEZ ALBOR
Presidente

4. ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG do 23 de xullo).

Artigo 1º.—Competencias.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponde as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado, en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega; a coordinación do sistema universitario; e o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego. Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Galicia, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego (modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro), a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, a Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, e a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Artigo 2º.—Estructura.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desempeñará as súas funcións a través dos seguintes órganos superiores:

- I. O conselleiro.
- II. A secretaría xeral.
- III. A Dirección Xeral de Persoal.
- IV. A Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa.
- V. A Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.
- VI. A Dirección Xeral de Universidades.
- VII. A Dirección Xeral de Política Lingüística.
- VIII. As delegacións provinciais.
- IX. Os órganos colexiados.

Artigo 9º.—Dirección Xeral de Política Lingüística.

A Dirección Xeral de Política Lingüística exercerá ou colaborará, segundo o caso, nas funcións derivadas da promoción e ensino da lingua galega.

Para exercer-las súas funcións, a Dirección Xeral de Política Lingüística estrutúrase da seguinte forma:

1. Subdirección Xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega

Correspóndelle a esta subdirección xeral: a elaboración das propostas de planificación ordenadas desde a comisión coordinadora ou desde a Consellería; a coordinación e xestión das actividades de promoción da lingua galega e dos plans e programas pedagóxicos para o ensino da nosa lingua; o control orzamentario desta dirección xeral e a súa coordinación económico-administrativa.

Para o desenvolvemento destas funcións esta subdirección xeral contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de servizo:

a) *Servicio de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega*

Correspóndenlle, baixo a dirección da subdirección xeral, as seguintes funcións:

- Proponer e executar-las plans, programas e orientacións pedagóxicas para o ensino da lingua galega nos diferentes niveis, ciclos e modalidades da educación non universitaria, en coordinación coa Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional.
- Promover e organizar congresos e seminarios en materia de lingua galega.

- Emitir informes no aspecto lingüístico-normativo sobre os libros de texto escritos en galego, e supervisa-la correspondente produción de material didáctico de apoio ós centros de ensino.
- Coordina-los cursos de formación de lingua galega dirixidos a funcionarios públicos e a particulares que organice a dirección xeral, e expedi-los certificados e títulos correspondentes a estes cursos.
- Propoñe-la homologación e recoñecemento das certificacións de cursos de lingua galega.
- Promociona-las actividades de fomento da docencia e da investigación da lingua, literatura e realidade galega nos departamentos das universidades de fóra da Comunidade Autónoma, e colaborar cos centros galegos nesa promoción, en coordinación coa Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas en materia de ensino da lingua.
- Estudiar e instruí-los recursos sobre expedientes de exención da materia de lingua galega, de acordo coa lexislación aplicable.
- Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

b) *Servicio de Xestión e Promoción Lingüística*

Correspóndenlle, baixo a dirección da subdirección xeral, as seguintes funcións:

- Elabora-lo anteproxecto de orzamento desta dirección xeral, e exerce-la súa xestión económico-administrativa e o seu control orzamentario.
- Prepara-las propostas de convocatorias e realiza-lo seguimento e o pagamento das subvencións precisas para a promoción da lingua galega.
- Xestiona-la contratación administrativa para a realización de actividades de promoción da lingua galega, así como dos convenios de colaboración con esta finalidade.
- Calquera outra análoga que lle sexa encomendada.

c) *Servicio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- Exerce-lo cargo de secretario da comisión rectora do centro.
- Asisti-lo coordinador científico nos seus cometidos.
- Tramita-la documentación precisa para a realización da xestión do centro, e colaborar na xestión e control dos custos do centro e das actividades e programas que se realicen.
- Apoia-los directores técnicos dos departamentos do centro na realización dos proxectos de investigación e de formación.
- Se-lo coordinador do persoal do centro.
- Calquera outra análoga que lle encomende a dirección.

5. COMISIÓN COORDINADORA PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Decreto 22111990, do 22 de marzo, polo que crea a comisión coordinadora para a normalización lingüística. (DOG do 29 de marzo).

Un idioma propio constitúe a base máis esencial da identidade dun pobo e o máis forte vínculo de unión entre as súas xentes; por isto, no Estatuto de autonomía de Galicia estableceuse como obriga para os poderes públicos galegos, ademais de garanti-lo uso normal e oficial do castelán e do galego, potencia-lo emprego deste último en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoñe-los medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

No mesmo sentido, o artigo 4.1 da Lei de normalización lingüística establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma; así mesmo, no seu artigo 6.3, insítese de novo en que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

Por outra parte, o Goberno galego, consciente de que un grande número de accións destinadas á promoción e ó espallamento da lingua galega, promovidas por diversos estamentos da Administración autonómica, inciden sobre fins comúns, e da necesidade de coordinar estas accións co obxecto de planifica-las liñas xerais das actuacións externas e internas en materia de normalización lingüística.

Consonte co anteriormente exposto, é necesario que se inicien dun xeito coordinado e programado, as liñas de accións comúns, nos termos en que se encontren involucradas as distintas consellerías da Xunta de Galicia.

En consecuencia, a iniciativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta da Consellería da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vintedous de marzo de mil novecentos noventa,

Dispoño:

Artigo 1º.

Créase a comisión coordinadora para a normalización lingüística coa finalidade de coordinar e impulsa-las actuacións das distintas consellerías neste ámbito.

Artigo 2º.

A comisión coordinadora para a normalización lingüística estará integrada polos seguintes membros:

1. Presidente: O presidente da Xunta de Galicia.
2. Vocais:
 - O conselleiro da Presidencia e Administración Pública.
 - O conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.
 - O conselleiro de Cultura e Xuventude.
 - O conselleiro de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.
3. Actuará como secretario da comisión o director xeral de Política Lingüística.

Artigo 3º.

Para o cumprimento dos fins que ten encomendados a comisión será auxiliada por grupos de traballo integrados por directores xerais das distintas consellerías que forman parte dela. A estrutura e funcións deses grupos de traballo determinaraas a comisión coordinadora para a normalización lingüística.

Artigo 4º.

A comisión coordinadora para a normalización lingüística ten como finalidade promover e potencia-lo uso da lingua galega, a través das seguintes accións:

1. O fomento da difusión e normalización do galego na Administración pública, así como a fixación da linguaxe administrativa en cumprimento do disposto na Lei 3/1983 de normalización lingüística.
2. O fomento da colaboración coas deputacións e demais entidades locais, impulsando a normalización progresiva do uso do galego por parte do persoal ó seu servicio mediante o establecemento de acordos de cooperación, dándolle cumprimento ó establecido na Lei 5/1988, do 21 de xuño.
3. O impulso da progresiva normalización do uso galego na Administración de xustiza, mediante convenios cos órganos correspondentes.
4. A coordinación das publicacións e das distintas actuacións encamiñadas ó fomento do galego que afecten ás distintas Consellerías da Xunta de Galicia.
5. A coordinación dos programas de subvencións concedidas en materia de promoción da lingua galega.

6. A estimulación das manifestacións culturais, representacións teatrais e espectáculos feitos en lingua galega.
7. O fomento do libro en galego con medidas que potencien a produción editorial e a súa difusión.
8. O fomento da produción, da dobraxe, da subtitulación e da exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega.
9. A prestación de apoio ós medios de comunicación non institucionais que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.
10. A contribución ó emprego do galego como lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos á xestión ou competencia das Institucións da Comunidade Autónoma.
11. A colaboración para que os emigrantes galegos poidan dispoñer de servizos culturais e lingüísticos en lingua galega.
12. A protección da lingua falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma en colaboración cos seus respectivos gobernos.

Artigo 5º.

A comisión poderá recabar en calquera momento os informes pertinentes daquelas institucións dedicadas ó estudio e á investigación da nosa lingua.

Artigo 6º.

Os custos das accións que determine realiza-la comisión coordinadora para a normalización lingüística correrán a cargo dos presupostos dos centros directivos das distintas consellerías que as realicen.

Disposicións derradeiras

Primeira.

Queda facultada a Consellería da Presidencia e Administración Pública para dicta-las ordes necesarias en relación co establecido no artigo 3 deste decreto.

Segunda.

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vintedous de marzo de mil novecientos noventa.

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente

DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

6. OS GABINETES PROVINCIAIS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Funcións do Gabinete de Normalización Lingüística das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os Gabinetes provinciais de Normalización Lingüística teñen as seguintes funcións delegadas da Dirección Xeral de Política Lingüística:

- Coordinación dos cursos de lingua galega na provincia.
- Asesoramento técnico en materia lingüística ós diversos organismos provinciais.
- Resolución de expedientes de validación, exención e expedición de certificados e diplomas.
- Distribución de material didáctico relacionado co galego.
- Velar polo cumprimento da lexislación vixente a nivel informativo.
- Seguimento do proceso de normalización lingüística no nivel de ensino primario e secundario e da Administración educativa.
- Colaboración coa Inspección Educativa no seguimento dos seminarios interdisciplinares de lingua galega.
- Control de circulares remitidas ós centros docentes pola Dirección Xeral.
- Información bibliográfica.

7. REGULAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Regulamento do Parlamento de Galicia. (B.O.P.G. do 1/9/1983, nº 150).

Artigo 1º.

1. O galego e o castelán serán as linguas oficiais do Parlamento de Galicia.
2. Os Deputados poderán facer uso, indistintamente, de ámbolos dous idiomas.

II. DISPOSICIÓN INTERNACIONAIS

8. DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS LINGÜÍSTICOS

PRELIMINARES

As institucións e organizacións non gobernamentais asinantes desta Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos, reunidas en Barcelona, do 6 ó 9 de xuño de 1996;

Vista a Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 que no preámbulo afirma a «fe nos dereitos humanos fundamentais, na dignidade e no valor da persoa humana e na igualdade de dereitos de homes e mulleres», e que no seu artigo segundo establece que «todo o mundo ten tódolos dereitos e tódalas liberdade» sen distinción de «raza, cor, sexo, lingua, relixión opinión política ou outra, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición»;

Visto o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos do 16 de decembro de 1966 (artigo 27) e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da mesma data, que nos seus preámbulos postulan que o ser humano non pode ser libre se non se crean as condicións que lle permitan gozar tanto dos seus dereitos civís e políticos, como dos seus dereitos económicos, sociais e culturais;

Vista a Resolución 47/135, do 18 de decembro de 1992 da Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, que adopta a Declaración sobre os dereitos das persoas pertencentes a minorías nacionais ou étnicas, relixiosas e lingüísticas;

Vistas as declaracións e convenios do Consello de Europa como o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais do 4 de novembro de 1950 (artigo 14); a Convención do Consello de Ministros do Consello de Europa, do 29 de xuño de 1992, pola cal se aproba a Carta

Europea sobre as linguas rexionais ou minoritarias; a Declaración do Cumio do Consello de Europa, o 9 de outubro de 1993, sobre as minorías nacionais; e a Convención-marco para a Protección das Minorías Nacionais do mes de novembro de 1994;

Vista a Declaración de Santiago de Compostela do PEN Club Internacional e a Declaración do 15 de decembro de 1993 do Comité de Traducións e Dereitos Lingüísticos do PEN Club Internacional sobre a proposta de realizar unha conferencia mundial de Dereitos Lingüísticos;

Visto que na Declaración de Recife, Brasil, do 9 de Outubro de 1987, o XXII Seminario da Asociación Internacional para o Desenvolvemento da Comunicación Intercultural recoméndalles ás Nacións Unidas que tomen as medidas necesarias co obxectivo de adoptaren e realizaren unha Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos;

Vista a Convención número 169 da Organización Internacional do Traballo, do 26 de xuño de 1989, relativa ós pobos indíxenas independentes;

Visto que a Declaración Universal dos Dereitos Colectivos dos Pobos, Barcelona, maio de 1990, declara que tódolos pobos teñen dereito a expresaren e desenvolveren a súa cultura, a súa lingua e as súas normas de organización e, para o faceren, a se dotaren das propias estruturas políticas educativas, de comunicación e de administración pública, en marcos políticos diferentes;

Vista a Declaración Final da Asemblea Xeral da Federación Internacional de Profesores de Linguas Vivas en Pécs (Hungría) o 16 de agosto de 1991, que recomenda que os dereitos lingüísticos sexan considerados como dereitos fundamentais da persoa;

Visto o informe da Comisión de Dereitos Humanos do Consello Económico e Social das Nacións Unidas, do 20 de abril de 1994, sobre o borrador da Declaración dos Dereitos dos Pobos Indíxenas, declaración na que os dereitos individuais se valoran á luz dos dereitos colectivos;

Visto o borrador da Declaración da Comisión Interamericana de dereitos humanos sobre os dereitos dos pobos indíxenas, aprobado na 1278 sesión do 18 de setembro de 1995;

Visto que a maioría das linguas ameazadas do mundo pertencen a pobos non soberanos e que os factores principais que impiden o desenvolvemento destas linguas e aceleran o proceso de substitución lingüística son a falta de autogoberno e a política de estados que imponen a súa estrutura político-administrativa e as súas linguas;

Visto que a invasión, a colonización e a ocupación, así como os casos de subordinación política, económica ou social, implican a miúdo a imposición directa dunha lingua allea ou a distorsión da percepción do valor das linguas e a aparición de actitudes lingüísticas xerarquizantes que afectan á lealdade

lingüística dos falantes, e visto que, por estes motivos, mesmo as linguas dalgúns pobos que accederon á soberanía están inmersas nun proceso de substitución lingüística por unha política que favorece a lingua das antigas colonias e antigos poderes imperiais;

Visto que o universalismo ten que basearse nunha concepción da diversidade lingüística e cultural que supere asemade as tendencias homoxeneizadoras e as tendencias ó illamento exclusivista;

Visto que para garanti-la convivencia entre comunidades lingüísticas, fai falla atopar uns principios de orde universal que permitan asegura-la promoción, o respecto e o uso social público e privado de tódalas linguas;

Visto que diversos factores de orde extralingüística (políticos, territoriais, históricos, demográficos, económicos, socioculturais, sociolingüísticos e de actitude colectiva) xeran problemas que provocan a desaparición, marxinação de degradación de numerosas linguas, e que, polo tanto, é preciso que os dereitos lingüísticos se afronten dende unha perspectiva global, para que se poidan aplicar en cada caso as solucións específicas axeitadas;

Entendendo que é necesaria unha Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos que permita corrixi-los desequilibrios lingüísticos de maneira que asegure o respecto e o pleno desenvolvemento de tódalas linguas e que estableza os principios dunha paz lingüística planetaria xusta e equitativa, como factor principal da convivencia social;

Declaramos que

PREÁMBULO

A situación de cada lingua, vistas as consideracións previas, é o resultado da confluencia e da interacción de multiplicidade de factores diferentes: político-xurídicos, ideolóxicos e históricos; demográficos e territoriais; económicos e sociais; culturais; lingüísticos e sociolingüísticos; interlingüísticos; e finalmente subxectivos.

En concreto, a situación actual caracterízase por:

A secular tendencia unificadora da maioría de estados a reduci-la diversidade e a favorecer actitudes adversas á pluralidade cultural e ó pluralismo lingüístico.

O proceso de mundialización da economía e, en consecuencia, do mercado da información, a comunicación e a cultura, que afecta ós ámbitos de relación e ás formas de interacción que garanten a cohesión interna de cada comunidade lingüística.

O modelo economicista de crecemento propugnado polos grupos económicos transnacionais, que pretende identifica-la desregulamentación co progreso e o

individualismo competitivo coa liberdade, motivo de graves e crecentes desigualdades económicas, sociais, culturais e lingüísticas.

As ameazas que, no momento actual presionan as comunidades lingüísticas sexa pola falta de autogoberno, por unha demografía limitada ou ben parcial ou enteiramente dispersa, por unha economía precaria, por unha lingua non codificada ou por un modelo cultural oposto ó predominante, fan que moitas linguas non poidan sobrevivir e desenvolverse se non se teñen en conta estes eixes fundamentais.

Desde a perspectiva política, concibir unha organización da diversidade lingüística que permita a participación efectiva das comunidades lingüísticas neste novo modelo de crecemento.

Desde a perspectiva cultural, facer plenamente compatible o espacio comunicativo mundial coa participación equitativa de tódolos pobos, de tódalas comunidades lingüísticas e de tódalas persoas no proceso de desenvolvemento.

Desde a perspectiva económica, fundamentar un desenvolvemento sostible baseado na participación de todas e todos e no respecto polo equilibrio ecolóxico das sociedades e por unhas relacións equitativas entre tódalas linguas e culturas.

Por todo isto, esta Declaración parte das comunidades lingüísticas e non dos estados, e inscribese no marco do reforzo das institucións internacionais capaces de garantir un desenvolvemento sostible e equitativo para toda a humanidade e ten como finalidade propiciar un marco de organización política da diversidade lingüística baseado no respecto, a convivencia e o beneficio recíprocos.

TÍTULO PRELIMINAR *Precisións conceptuais*

Artigo 1º.

1. Esta Declaración entende como comunidade lingüística toda sociedade humana que, asentada historicamente nun espacio territorial determinado, recoñecido ou non, se autoidentifica como pobo e desenvolveu unha lingua común como medio de comunicación natural e de cohesión cultural entre os seus membros. A denominación lingua propia dun territorio fai referencia ó idioma da comunidade historicamente establecida neste espacio.
2. Esta Declaración parte do principio de que os dereitos lingüísticos son individuais e asemade colectivos, e adopta como referente da plenitude dos dereitos lingüísticos o caso dunha comunidade lingüística histórica no seu espacio territorial, entendido este non soamente como área xeográfica onde vive esta comunidade, senón tamén como un espacio social e

funcional imprescindible para o pleno desenvolvemento dos dereitos que lles corresponden ós grupos lingüísticos aludidos no punto 5 deste mesmo artigo e os das persoas fóra do territorio da súa comunidade.

3. Ós efectos desta Declaración, enténdese que están tamén no seu propio territorio e pertencen a unha comunidade lingüística as colectividades que:
 - i. se atopan separadas do conxunto da súa comunidade por fronteiras políticas ou administrativas;
 - ii. están asentadas historicamente nun espazo xeográfico reducido, rodeado polos membros doutras comunidades lingüísticas; ou
 - iii. están asentadas nun espazo xeográfico compartido cos membros doutras comunidades lingüísticas de historicidade similar.
4. Ós efectos desta Declaración considéranse tamén, como comunidades lingüísticas dentro do seu propio territorio histórico, os pobos nómades nas súas áreas de desprazamento ou os pobos de asentamento disperso.
5. Esta Declaración entende como grupo lingüístico toda colectividade humana que comparte unha mesma lingua e que se atopa asentada no espazo territorial doutra comunidade lingüística, pero sen unha historicidade equivalente, como sucede en casos diversos de inmigrados, refuxiados, deportados ou os membros das diásporas.

Artigo 2º.

1. Esta Declaración considera que, nos casos en que diferentes comunidades e grupos lingüísticos concorren nun territorio compartido, o exercicio dos dereitos formulados nesta Declaración ten que rexer polo do respecto entre todos e dentro das máximas garantías democráticas.
2. No momento de establecer un equilibrio sociolingüístico satisfactorio, é dicir, a axeitada articulación entre os respectivos dereitos destas comunidades e grupos lingüísticos e das persoas que forman parte deles, débese ter en conta, ademais da súa historicidade relativa e da súa vontade expresada democraticamente, factores que poden aconsellar un trato reequilibrador de obxectivo compensatorio: o carácter forzado das migracións que conduciron á convivencia das diferentes comunidades e grupos, ou o seu grao de precariedade política, socioeconómica e cultural.

Artigo 3º.

1. Esta declaración considera como dereitos persoais inalienables, exercibles en calquera situación, os seguintes:
 - o dereito a se recoñecido como membro dunha comunidade lingüística;
 - o dereito ó uso dunha lingua en privado en público;

o dereito ó uso do propio nome;
o dereito a relacionarse e asociarse con outros membros da comunidade lingüística de orixe;
o dereito a manter e desenvolve-la propia cultura;
e tódolos outros dereitos de contido lingüístico recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos do 16 de decembro de 1966 e no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais da mesma data.

2. Esta Declaración considera que os dereitos colectivos dos grupos lingüísticos, ademais dos establecidos polos seus membros no apartado anterior, tamén poden incluír, de acordo coas puntualizacións do artigo 2.2:
o dereito ó ensino da propia lingua e cultura;
o dereito a disporen de servicios culturais;
o dereito a unha presenza equitativa da lingua e a cultura do grupo nos medios de comunicación;
o dereito a seren atendidos na súa lingua nos organismos oficiais e nas relacións socioeconómicas.
3. Os dereitos das persoas e os grupos lingüísticos mencionados anteriormente non deben representar ningún obstáculo na interrelación e na integración destes na comunidade lingüística receptora, nin ningunha limitación dos dereitos desta comunidade ou dos seus membros á plenitude do uso público da lingua propia no conxunto do seu espacio territorial.

Artigo 4º.

1. Esta Declaración considera que as persoas que se trasladan e se establecen no territorio dunha comunidade lingüística diferente da propia teñen o dereito e o deber de manteren con ela unha relación de integración. A integración enténdese como unha socialización adicional destas persoas de xeito que poidan conserva-las súas características culturais de orixe, pero compartan coa sociedade que as acolle as referencias, os valores e os comportamentos suficientes para permitir un funcionamento social global sen máis dificultades cás dos membros da comunidade receptora.
2. Esta Declaración considera, en cambio, que a asimilación –entendida como a aculturación das persoas na sociedade que as acolle, de tal maneira que substitúan as súas características culturais de orixe polas referencias, os valores ou os comportamentos propios da sociedade receptora– non debe ser en ningún caso forzada ou inducida, senón o resultado dunha opción plenamente libre.

Artigo 5º.

Esta declaración baséase no principio de que os dereitos de tódalas comunidades lingüísticas son iguais e independentes da consideración xurídica ou política de linguas oficiais, rexionais ou minoritarias. O uso de designacións tales como lingua rexional ou minoritaria, non se adopta neste texto porque, aínda que nalgún caso o recoñecemento como lingua minoritaria ou rexional pode facilita-lo exercicio de certos dereitos, é frecuente o uso dos determinativos para restrinxi-los dereitos dunha comunidade lingüística.

Artigo 6º.

Esta declaración exclúe que unha lingua poida ser considerada propia dun territorio unicamente polo feito de se-la oficial do estado ou de ter tradición de ser utilizada dentro deste territorio como lingua administrativa ou de certas actividades culturais.

TÍTULO I
Principios xerais

Artigo 7º.

1. Tódalas linguas son a expresión dunha identidade colectiva e dunha maneira distinta de percibir e de describi-la realidade, polo tanto teñen que poder gozar das condicións necesarias para o seu desenvolvemento en tódalas funcións.
2. Cada lingua é unha realidade constituída colectivamente e é no seo dunha comunidade onde se fai dispoñible para o uso individual, como instrumento de cohesión, identificación, comunicación e expresividade creadora.

Artigo 8º.

1. Tódalas comunidades lingüísticas teñen o dereito de organizar e xestionar os recursos propios co fin de aseguraren o uso da súa lingua en tódalas funcións sociais.
2. Tódalas comunidades lingüísticas teñen o dereito de dispor dos medios necesarios para aseguraren a transmisión e a proxección futuras da lingua.

Artigo 9º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a codificar, estandarizar, preservar, desenvolver e promove-lo seu sistema lingüístico, sen interferencias inducidas ou forzadas.

Artigo 10º.

1. Tódalas comunidades lingüísticas son iguais en dereito.
2. Esta Declaración considera inadmisibles as discriminacións contra as comunidades lingüísticas baseadas en criterios como o seu grao de soberanía política, a súa situación social, económica ou calquera outra, así como o nivel de codificación, actualización ou modernización que conseguiron as súas linguas.
3. En aplicación do principio de igualdade deben establecerse as medidas indispensables para que esta igualdade sexa efectiva.

Artigo 11º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a gozar dos medios de traducción directa ou inversa que garantan o exercicio dos dereitos recollidos nesta Declaración.

Artigo 12º.

1. No ámbito público, todo o mundo ten dereito a desenvolver tódalas actividades na súa lingua, se é a lingua propia de onde reside.
2. No ámbito persoal e familiar, todo o mundo ten dereito a usa-la súa lingua.

Artigo 13º.

1. Todo o mundo ten dereito a acceder ó coñecemento da lingua propia da comunidade de onde reside.
2. Todo o mundo ten dereito ó poliglotismo e a coñecer e usa-la lingua máis axeitada para o seu desenvolvemento persoal ou para a súa mobilidade social, sen prexuízo das garantías establecidas nesta Declaración para o uso público da lingua propia do territorio.

Artigo 14º.

As disposicións desta Declaración non poden ser interpretadas ou utilizadas contra calquera norma ou práctica máis favorable do réxime interno ou internacional ó uso dunha lingua dentro do territorio que lle é propio.

TÍTULO II
Réxime lingüístico xeral

SECCIÓN I.
Administración pública e órganos oficiais

Artigo 15°.

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a que a súa lingua sexa utilizada como oficial dentro do seu territorio.
2. Toda comunidade lingüística ten dereito a que as actuacións xudiciais e administrativas, os documentos públicos e privados e os asentos en rexistros públicos realizados na lingua propia do territorio sexan válidos e eficaces e ninguén poida alega-lo descoñecemento.

Artigo 16°.

Todo membro dunha comunidade lingüística ten dereito a relacionarse e a ser atendido na súa lingua polos servicios dos poderes públicos ou das divisións administrativas centrais, territoriais, locais e supraterritoriais ós cales pertence o territorio de onde é propia a lingua.

Artigo 17°.

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a dispoñer e obter toda a documentación oficial na súa lingua, en forma de papel, soporte informático ou calquera outro, para as relacións que afecten ó territorio de onde é propia esta lingua.
2. Os poderes públicos deben dispoñer de formularios, impresos e modelos en forma de papel, soporte informático ou calquera outro nas linguas territoriais, e ofrecerllos ó público nos servicios que afecten ós territorios onde é propia a lingua respectiva.

Artigo 18°.

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a que as leis e outras disposicións xurídicas que lle atinxen se publiquen na lingua propia do territorio.
2. Os poderes públicos que teñen nos seus ámbitos de actuación máis dunha lingua territorialmente histórica deben publicar tódalas leis e outras disposicións de carácter xeral nestas linguas, con independencia de que os seus falantes entendan outras linguas.

Artigo 19º.

1. As Asembleas de representantes deben adoptar como oficiais a lingua ou as linguas historicamente faladas no territorio que representan.
2. Este dereito inclúe as linguas das comunidades de asentamento disperso referidas no artigo 1 parágrafo 4.

Artigo 20º.

1. Todo o mundo ten dereito a usar de palabra e por escrito, nos Tribunais de Xustiza, a lingua historicamente falada no territorio onde están radicados. Os Tribunais deben utiliza-la lingua propia do territorio nas súas actuacións internas e, se por razón da organización xudicial do estado, o procedemento se segue fóra do lugar de orixe, hai que mante-la lingua de orixe.
2. Malia isto, todo o mundo ten dereito a ser xulgado nunha lingua que lle sexa comprensible e poida falar, ou obter gratuitamente un intérprete.

Artigo 21º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a que os asentos dos rexistros públicos se fagan na lingua propia do territorio.

Artigo 22º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a que os documentos notariais ou autorizados por funcionarios que exerzan fe pública sexan redactados na lingua propia do territorio onde o notario ou funcionario teña demarcada a súa sede.

SECCIÓN II.
Educación

Artigo 23º.

1. A educación debe contribuír a fomenta-la capacidade de autoexpresión lingüística e cultural da comunidade lingüística do territorio onde é impartida.
2. A educación debe contribuír ó mantemento e desenvolvemento da lingua falada pola comunidade lingüística do territorio onde é impartida.
3. A educación debe estar sempre ó servizo da diversidade lingüística e cultural, e das relacións harmoniosas entre diferentes comunidades lingüísticas de todo o mundo.
4. No marco dos principios anteriores, todo o mundo ten dereito a aprender calquera lingua.

Artigo 24º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a decidir cal debe se-lo grao de presenza da súa lingua, como lingua vehicular e como obxecto de estudio, en tódolos niveis da educación dentro do seu territorio: preescolar, primario, secundario, técnico e profesional, universitario e formación de adultos.

Artigo 25º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a dispor de tódolos recursos humanos e materiais necesarios para conseguilo grao desexado de presenza da súa lingua en tódolos niveis de educación dentro do seu territorio: ensinantes debidamente formados, métodos pedagóxicos axeitados, manuais, financiamento, locais e equipos, medio tecnolóxicos tradicionais e innovadores.

Artigo 26º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a unha educación que lles permita a tódolos seus membros adquirilo pleno dominio da súa propia lingua, coas diversas capacidades relativas a tódolos ámbitos de uso habituais, así como o mellor dominio posible de calquera outra lingua que desexen coñecer.

Artigo 27º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a unha educación que lles permita ós seus membros o coñecemento das linguas vinculadas á propia tradición cultural, tales como as linguas literarias ou sagradas, usadas antigamente como linguas habituais da propia comunidade.

Artigo 28º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a unha educación que lle permita ós seus membros adquirir un coñecemento profundo do seu patrimonio cultural (historia e xeografía, literatura e outras manifestacións da propia cultura), así como o máximo dominio posible de calquera outra cultura que desexen coñecer.

Artigo 29º.

1. Toda persoa ten dereito a recibir a educación na lingua propia do territorio onde reside.
2. Este dereito non exclúe o dereito de acceso ó coñecemento oral e escrito de calquera lingua que lle sirva de ferramenta de comunicación con outras comunidades lingüísticas.

Artigo 30º.

A lingua e a cultura de cada comunidade lingüística deben ser obxecto de estudio e de investigación a nivel universitario.

SECCIÓN III.
Onomástica

Artigo 31°.

Toda comunidade lingüística ten dereito a preservar e usar en tódolos ámbitos e ocasións o seu sistema onomástico.

Artigo 32°.

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a facer uso dos topónimos na lingua propia do territorio, nos usos orais e escritos, e nos ámbitos privados, públicos e oficiais.
2. Toda comunidade lingüística ten dereito a establecer, preservar e revisa-la toponimia autóctona. Esta non pode ser suprimida, alterada ou adaptada arbitrariamente, como tampouco pode ser substituída en caso de cambios de conxunturas políticas ou doutro tipo.

Artigo 33°.

Toda comunidade lingüística ten dereito a autodesignarse na súa lingua. Así pois, calquera tradución a outras linguas debe evita-las denominacións confusas ou despectivas.

Artigo 34°.

Toda persoa ten dereito ó uso do seu antropónimo na lingua que lle é propia en tódolos ámbitos, e a unha transcripción foneticamente tan fiel como sexa posible a outro sistema gráfico cando sexa necesario.

SECCIÓN IV.
Medios de comunicación e novas tecnoloxías

Artigo 35°.

Toda comunidade lingüística ten dereito a decidir cal debe se-lo grao de presenza da súa lingua nos medios de comunicación do seu territorio, tanto nos locais e tradicionais como nos de maior ámbito de difusión e de tecnoloxía máis avanzada, independentemente do sistema de difusión ou transmisión utilizado.

Artigo 36°.

Toda comunidade lingüística ten dereito a dispor de tódolos medios humanos e materiais necesarios para asegura-lo grao desexado de presenza da súa lingua e de autoexpresión cultural nos medios de comunicación do seu territorio: persoal debidamente formados, financiamento, locais e equipos, medios tecnolóxicos tradicionais e innovadores.

Artigo 37º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a recibir, a través dos medios de comunicación, un coñecemento profundo do seu patrimonio cultural (historia e xeografía, literatura e outras manifestacións da propia cultura), así como o máximo grao de información posible de calquera outra cultura que desexen coñecer os seus membros.

Artigo 38º.

Tódalas linguas e as culturas das comunidades lingüísticas deben recibir un trato equitativo e non discriminatorio nos contidos dos medios de comunicación de todo o mundo.

Artigo 39º.

As comunidades descritas no artigo 1, parágrafos 3 e 4 desta Declaración, así como os grupos mencionados no parágrafo 5 do mesmo artigo, teñen dereito a unha representación equitativa da súa lingua nos medios de comunicación do territorio onde se estableceron ou se desprazan. O exercicio deste dereito debe estar en harmonía co exercicio dos dereitos propios dos outros grupos ou comunidades do territorio.

Artigo 40º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a dispor, no ámbito informático, de equipos adaptados ó seu sistema lingüístico e ferramentas e produtos na súa lingua, para aproveitar plenamente o potencial que ofrecen estas tecnoloxías para a autoexpresión, a educación, a comunicación, a edición, a tradución, e, en xeral, o tratamento da información e a difusión cultural.

SECCIÓN V.
Cultura

Artigo 41º.

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a usar a súa lingua e a mantela e potenciala en tódalas expresións culturais.
2. O exercicio deste dereito debe poder desenvolverse plenamente sen que o espazo de ningunha comunidade sexa ocupado de maneira hexemónica por unha cultura allea.

Artigo 42º.

Toda comunidade lingüística ten dereito a desenvolverse plenamente no propio ámbito cultural.

Artigo 43°.

Toda comunidade lingüística ten dereito a acceder ás obras producidas na súa lingua.

Artigo 44°.

Toda comunidade lingüística ten dereito a acceder ás programacións interculturais, a través da difusión dunha información suficiente, e que se apoiem as actividades de aprendizaxe para estranxeiros/as ou de traducción, dobraxe, post-sincronización e subtítulo.

Artigo 45°.

Toda comunidade lingüística ten dereito a que a lingua propia do territorio figure nun sitio prioritario nas manifestacións e servizos culturais tales como bibliotecas, videotecas, cines, teatros, museos, arquivos, produción informática, folclore, industrias culturais, e tódalas outras expresións que deriven da realidade cultural.

Artigo 46°.

Toda comunidade lingüística ten dereito á preservación do seu patrimonio lingüístico e cultural, incluídas as manifestacións materiais como por exemplo os fondos documentais, herdanza artística, arquitectónica e monumental, e presenza epigráfica da súa lingua.

SECCIÓN VI

Ámbito socioeconómico

Artigo 47°.

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a establecer o uso da súa lingua en tódalas actividades socioeconómicas dentro do seu territorio.
2. Calquera membro dunha comunidade lingüística ten dereito a dispor na súa lingua de tódolos medios que require o exercicio da actividade profesional, como por exemplo documentos e libros de consulta, instrucións, impresos, formularios e equipos, ferramentas e programas informáticos.
3. A utilización doutras linguas neste ámbito só se pode esixir na medida que o xustifique a natureza da actividade profesional desenvolvida. En ningún caso outra lingua chegada máis recentemente pode subordinar ou agochalo uso da lingua propia do territorio.

Artigo 48°.

1. No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a usar a súa lingua, con plena validez xurídica, nas transaccións

económicas de todo tipo, como por exemplo a compravenda de bens e servicios, as operacións bancarias, os seguros, os contratos laborais e outros.

2. Ningunha cláusula destes actos privados pode excluír ou limita-lo uso dunha lingua no propio territorio.
3. No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a dispor na súa lingua dos documentos necesarios para a realización das operacións mencionadas como por exemplo impresos, formularios, cheques, contratos, facturas, recibos, pedidos e outros.

Artigo 49º.

No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a usa-la súa lingua en calquera tipo de organización socioeconómica: laborais, sindicais, patronais, profesionais e gremiais.

Artigo 50º.

1. Toda comunidade lingüística ten dereito a unha presenza predominante da súa lingua na publicidade, na rotulación, na sinalización exterior e no conxunto da imaxe do país.
2. No territorio da propia comunidade lingüística, todo o mundo ten dereito a obter na súa lingua unha información completa, tanto oral como escrita, sobre os produtos e servicios que propoñen os establecementos comerciais do territorio, como por exemplo as instrucións de uso, as etiquetas, os listados de ingredientes, a publicidade, as garantías e outros.
3. Tódalas indicacións públicas referentes á seguridade dos cidadáns e cidadás deben ser expresadas polo menos na lingua propia da comunidade lingüística e en condicións non inferiores ás de calquera outra lingua.

Artigo 51º.

1. Todo o mundo ten dereito a usa-la lingua propia do territorio nas súas relacións coas empresas, establecementos comerciais e entidades privadas e a ser reciprocamente atendido/a e correspondido/a nesta lingua.
2. Todo o mundo ten dereito, como cliente, consumidor ou usuario, a ser informado, oralmente ou por escrito, na lingua propia do territorio nos establecementos abertos ó público.

Artigo 52º.

Todo o mundo ten dereito a exercer-las actividades laborais ou profesionais na lingua propia do territorio, non sendo que as funcións inherentes ó posto de traballo requiran o uso doutros idiomas, como por exemplo o caso dos profesores de linguas, os tradutores, os guías turísticos.

Disposicións adicionais

Primeira

Os poderes públicos deben tomar tódalas medidas oportunas para a aplicación do dereitos proclamados nesta Declaración no seu ámbito de actuación. Deben habilita-los fondos internacionais para que as comunidades ostensiblemente faltas de recursos poidan exercer-los Dereitos Lingüísticos. Do mesmo xeito, os poderes públicos deben aporta-lo apoio necesario para a codificación, a transcripción escrita, o ensino das linguas das diversas comunidades e a súa utilización na administración.

Segunda

Os poderes públicos deben garantir que as autoridades, as organizacións e as persoas concernidas sexan informadas dos dereitos e os deberes correlativos que se desprenden desta Declaración.

Disposicións finais

Primeira

Esta Declaración propón a creación do Consello das Linguas no seo das Nacións Unidas. Correspóndelle á Asemblea Xeral das Nacións Unidas a creación e a definición deste Consello así como das persoas que deben compoñelo, e a creación do organismo de dereito internacional que debe ampara-las comunidades lingüísticas nos dereitos recoñecidos nesta Declaración.

Segunda

Esta declaración propugna e promove a creación dunha Comisión Mundial de Dereitos Lingüísticos de natureza non-oficial e de carácter consultivo, formada por representantes de ONG e entidades do ámbito do dereito lingüístico.

Barcelona, xuño de 1996

9. CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS OU MINORITARIAS

Carta Europea das linguas rexionais ou minoritarias, feita en Estrasburgo o 5 de novembro de 1992. (Boletín Oficial das Cortes Xerais do 21 de xullo de 2000).

PREÁMBULO

Os estados membros do Consello de Europa, signatarios da presente Carta

Considerando que o fin do Consello de Europa é realizar unha unión máis estreita entre os seus membros, principalmente co fin de salvagardar e promover os ideais e os principios que son o seu patrimonio común;

Considerando que a protección das linguas rexionais ou minoritarias históricas de Europa, algunhas das cales corren o risco de desaparecer no curso do tempo, contribúen a manter e a desenvolver as tradicións e a riqueza cultural de Europa;

Considerando que o dereito de practicar unha lingua rexional ou minoritaria na vida privada e pública constitúe un dereito imprescritible, conforme ós principios contidos no Pacto Internacional relativo ós dereitos civís e políticos das Nacións Unidas, e conforme ó espírito da Convención de Salvagarda dos Dereitos do Home e das Liberdades Fundamentais do Consello de Europa;

Tendo en conta o traballo realizado no marco da Conferencia de Seguridade e Cooperación en Europa, e en particular a Acta final de Helsinqui de 1975 e o documento da reunión de Copenhague de 1990;

Subliñando o valor do interculturalismo e do plurilingüismo, e considerando que a protección e o fomento das linguas rexionais ou minoritarias non se debería facer en detrimento das linguas oficiais e da necesidade de aprendelas;

Conscientes do feito de que a protección e a promoción das linguas rexionais ou minoritarias nos diferentes países e rexións de Europa representan unha contribución importante á construción dunha Europa fundada nos principios da democracia e da diversidade cultural, no marco da soberanía nacional e da integridade territorial;

Tendo en conta as condicións específicas e as tradicións históricas propias de cada rexión dos países de Europa;

Acordan:

PARTE I *Disposicións xerais*

Artigo 1º.—Definicións.

Segundo a presente Carta:

- a) pola expresión «linguas rexionais ou minoritarias» enténdese as linguas
 - I- empregadas tradicionalmente nun territorio dun estado polos súbditos deste estado que constitúen un grupo numericamente inferior ó resto da poboación do estado;
 - II- diferentes da(s) lingua(s) oficial(is) deste estado; non inclúe nin os dialectos da(s) lingua(s) oficial(is) do estado nin as linguas dos emigrantes;

- b) por «territorio no que unha lingua rexional ou minoritaria é utilizada» enténdese a área xeográfica na que esta lingua é o modo de expresión dun número de persoas que xustifica a adopción das diferentes medidas de protección e de promoción previstas pola presente Carta;
- c) por «linguas desprovistas de territorio», enténdese as linguas utilizadas polos súbditos do estado que son diferentes da(das) lingua(s) utilizada(s) polo resto da poboación do estado, pero que, aínda sendo utilizadas no territorio do estado, non poden ser ligadas a unha área xeográfica particular deste.

Artigo 2º.—Compromisos.

- 1. Cada parte comprométese a aplica-las disposicións da parte II ó conxunto das linguas rexionais ou minoritarias utilizadas no seu territorio, que responden ás definicións do artigo 1.
- 2. No que se refire á lingua indicada no momento da ratificación, aceptación ou aprobación, conforme ó artigo 3, cada parte comprométese a aplicar un mínimo de trinta e cinco parágrafos ou alíneas escollidos entre as disposicións da parte III da presente Carta, dos cales tres polo menos serán escollidos en cada un dos artigos 8 e 12 e un en cada un dos artigos 9, 10, 11 e 13.

Artigo 3º.—Modalidades.

- 1. Cada estado contratante debe especificar no seu instrumento de ratificación, de aceptación ou de aprobación cada lingua rexional ou minoritaria, ou cada lingua oficial menos estendida no conxunto ou unha parte do seu territorio, á que se aplican os parágrafos escollidos conforme ó parágrafo 2 do artigo 2.
- 2. Toda parte pode, en todo momento ulterior, notificar ó Secretario Xeral que acepta as obrigas que se derivan das disposicións doutros parágrafos da Carta non especificados no seu instrumento de ratificación, de aceptación ou de aprobación, ou que aplicará o parágrafo 1 do presente artigo a outras linguas rexionais ou minoritarias, ou a outras linguas oficiais menos estendidas no conxunto ou unha parte do seu territorio.
- 3. Os compromisos previstos no parágrafo precedente serán considerados parte integrante da ratificación, da aceptación ou da aprobación e producirán os mesmos efectos desde a data da súa notificación.

Artigo 4º.—Status de protección existentes.

- 1. Ningunha das disposicións da presente Carta pode ser interpretada como limitadora ou derogadora dos dereitos garantidos pola Convención Europea dos Dereitos do Home.
- 2. As disposicións da presente Carta enténdese sen prexuízo das disposicións máis favorables que regulan a situación das linguas rexionais ou

minoritarias, ou o status xurídico das persoas pertencentes ás minorías, que existen xa nunha parte ou están previstas por acordos internacionais bilaterais ou multilaterais pertinentes.

Artigo 5º.—Obrigas existentes.

Nada na presente Carta pode ser interpretado de maneira que implique o dereito de emprender calquera actividade ou cumprir calquera acción que contraveña os fins da Carta das Nacións Unidas ou a outras obrigas do dereito internacional, incluído o principio da soberanía e da integridade territorial dos estados.

Artigo 6º.—Información.

As partes comprométese a garantir que as autoridades, organizacións e persoas afectadas sexan informadas dos dereitos e deberes establecidos pola presente Carta.

PARTE II

Obxectivos e principios perseguidos conforme ó parágrafo 1 do artigo 2

Artigo 7º.—Obxectivos e principios.

1. En materia de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios nos que estas linguas son utilizadas e segundo a situación de cada lingua, as partes fundamentan a súa política, a súa lexislación e a súa práctica nos obxectivos e principios seguintes:
 - a) o recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias en canto expresión da riqueza cultural;
 - b) o respecto da área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria, procedendo de xeito que as divisións administrativas existentes ou novas non constitúan un obstáculo á promoción desta lingua rexional ou minoritaria;
 - c) a necesidade dunha acción decidida de promoción das linguas rexionais ou minoritarias co fin de salvagardalas;
 - d) a facilitación e/ou fomento do uso oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada;
 - e) o mantemento e desenvolvemento de relacións nos dominios cubertos pola presente Carta, entre os grupos que empregan unha lingua rexional ou minoritaria e outros grupos do mesmo estado que falan unha lingua utilizada nunha forma idéntica ou próxima, así como o establecemento de relacións culturais con outros grupos do estado que utilizan linguas diferentes;

- f) a posta a disposición de formas e medios adecuados de ensino e de estudio das linguas rexionais ou minoritarias a tódolos niveis apropiados;
 - g) a posta a disposición dos medios que permitan ós non falantes dunha lingua rexional ou minoritaria que habitan na área xeográfica onde esta lingua é utilizada e aprendela se o desexan;
 - h) a promoción dos estudos e da investigación sobre as linguas rexionais ou minoritarias nas universidades ou establecementos equivalentes;
 - i) a promoción das formas apropiadas dos intercambios transnacionais, nos dominios cubertos pola presente Carta, para as linguas rexionais ou minoritarias utilizadas baixo unha forma idéntica ou próxima en dous ou máis estados.
2. As partes comprométense a eliminar, se non o fixeron aínda, toda distinción, exclusión, restricción ou preferencia inxustificadas referentes á utilización dunha lingua rexional ou minoritaria e que se propoña desmotivar ou poñer en perigo o mantemento ou o desenvolvemento desta. A adopción de medidas especiais en favor das linguas rexionais ou minoritarias, destinadas a promover unha igualdade entre os falantes destas linguas e o resto da poboación ou tendentes a ter en conta as súas situacións particulares, non está considerado como un acto de discriminación para os falantes das linguas máis estendidas.
 3. As partes comprométense a promover, por medio de medidas apropiadas, a comprensión mutua entre tódolos grupos lingüísticos do país, obrando principalmente de tal xeito que o respecto, a comprensión e a tolerancia en relación ás linguas rexionais ou minoritarias figuren entre os obxectivos da educación e da formación dispensadas no país, e a alenta-los medios de comunicación de masas a persegui-lo mesmo obxectivo.
 4. Ó defini-la súa política a respecto das linguas rexionais ou minoritarias, as partes comprométense a tomar en consideración as necesidades e os desexos expresados polos grupos que utilizan estas linguas. As mesmas son alentadas a crear, se for mester, os órganos encargados de aconsella-las autoridades sobre tódalas cuestións referentes ás linguas rexionais ou minoritarias.
 5. As partes comprométense a aplicar *mutatis mutandis* os principios enumerados nos parágrafos 1 a 4 anteriormente expostos ás linguas desprovistas de territorio. Non obstante, no caso destas linguas, a natureza e alcance das medidas a tomar para dar cumprimento á presente Carta serán determinadas de maneira flexible, tendo en conta as necesidades e desexos, e respectando as tradicións e as características dos grupos que utilizan as linguas en cuestión.

PARTE III

Medidas a favor do emprego das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública, de conformidade cos compromisos subscritos en virtude do parágrafo 2 do artigo 2

Artigo 8º.—Ensin.

1. En materia de ensino, as partes comprométense, no referente ó territorio onde se falan estas linguas, segundo a situación de cada unha delas e sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficial(is) do estado:
 - a) I- a prever unha educación preescolar asegurada nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou
II- a prever que unha parte substancial da educación preescolar sexa asegurada nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou
III- a aplicar unha das medidas apuntadas nos parágrafos I e II anteriores polo menos ós alumnos dos que as familias o desexan e dos cales o número se xulga suficiente; ou
IV- se os poderes públicos non teñen competencia directa no dominio da educación preescolar, a favorecer e/ou a incentiva-la aplicación de medidas apuntadas baixo os apartados I a III;
 - b) I- a prever un ensino primario asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou
II- a prever que unha parte substancial do ensino primario sexa asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou
III- a prever, no marco da educación primaria, que o ensino das linguas rexionais ou minoritarias afectadas faga parte integrante do currículo; ou
IV- a aplicar unha das medidas apuntadas so as alíneas I a III ós alumnos dos que as familias o desexen e dos cales o número é xulgado suficiente;
 - c) I- a prever un ensino secundario asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou
II- a prever que unha parte substancial do ensino secundario sexa asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
III- a prever, no marco do ensino secundario, o ensino das linguas rexionais ou minoritarias como parte integrante do currículo; ou
IV- a aplicar unha das medidas apuntadas nos parágrafos I a III ós alumnos que o desexen ou, dado o caso, dos cales as familias o desexan en número suficiente;

- d) I- a prever un ensino técnico e profesional que estea asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou
- II- a prever que unha parte substancial do ensino técnico e profesional estea asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou
- III- a prever, no marco da educación técnica e profesional, o ensino das linguas rexionais ou minoritarias afectadas como parte integrante do currículo; ou
- IV- a aplicar unha das medidas apuntadas nos apartados I a III ós alumnos que o desexen ou, dado o caso, dos que as familias o desexen en número suficiente;
- e) I- a prever un ensino universitario e outras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
- II- a preve-lo estudio destas linguas como materias de ensino universitario e superior; ou
- III- se, en razón da función do estado a respecto dos establecementos de ensino superior, as alíneas I e II non poden ser aplicadas, a alentar e/ou autoriza-la posta en práctica dun ensino universitario ou doutras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias, ou de medios que permitan estudar estas linguas na universidade ou noutros establecementos de ensino superior;
- f) I- a adopta-las disposicións para que se dean cursos de educación de adultos ou de educación permanente asegurados, principalmente ou totalmente, nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
- II- a propor estas linguas como disciplinas da educación dos adultos e do ensino permanente; ou
- III- se os poderes públicos non teñen competencia directa no dominio da educación dos adultos, a favorecer e/ou alenta-lo ensino destas linguas no marco da educación dos adultos e da educación permanente;
- g) a toma-las disposicións para asegura-lo ensino da historia e da cultura das cales a lingua rexional é a expresión;
- h) a asegura-la formación inicial e permanente dos docentes necesarios para a posta en práctica dos parágrafos a) a g) aceptados pola parte;
- i) a crear un ou varios órganos de control encargados de segui-las medidas tomadas e os progresos realizados no establecemento ou o desenvolvemento do ensino das linguas rexionais ou minoritarias, e a establecer sobre estes puntos informes periódicos que serán feitos públicos.

2. En materia de ensino e no referente ós territorios distintos de aqueles nos que as linguas rexionais ou minoritarias son tradicionalmente usadas, as partes comprométense a autorizar, a fomentar ou a poñer en práctica, se o número de falantes dunha lingua rexional ou minoritaria o xustifica, un ensino na ou da lingua rexional ou minoritaria nos niveis apropiados de ensino.

Artigo 9º.—Xustiza.

1. As partes comprométense, no que respecta ás circunscricións das autoridades xudiciais nas que reside un número de persoas que practican linguas rexionais ou minoritarias que xustifica as medidas especificadas a seguir, segundo a situación de cada unha destas linguas e coa condición de que a utilización das posibilidades ofrecidas polo presente parágrafo non sexa considerada polo xuíz como un obstáculo á boa administración da xustiza:

- a) nos procedementos penais:

I- a prever que os poderes xudiciais, a demanda dunha das partes, conduzan o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

II- a garantir ó acusado o dereito de expresarse na súa lingua rexional ou minoritaria; e/ou

III- a prever que as demandas e as probas, escritas ou orais, non sexan consideradas como inadmisibles polo só motivo de que estean formuladas na lingua rexional ou minoritaria; e/ou

IV- a establecer nestas linguas rexionais ou minoritarias, a pedimento, os actos ligados a un procedemento xudicial, a través de intérpretes e a traducións que non ocasionarán gastos adicionais para os interesados se for necesario;

- b) nos procedementos civís:

I- a prever que os poderes xudiciais, a pedimento dunha das partes, conduzan o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

II- a permitir, cando unha parte nun litixio debe comparecer en persoa diante dun tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen incorrer en gastos adicionais; e/ou

III- a permiti-la produción de documentos e de probas nas linguas rexionais ou minoritarias, se for mester recorrendo a intérpretes e a traducións;

- c) nos procedementos diante dos poderes xudiciais competentes en materia administrativa:

I- a prever que os poderes xudiciais, a pedimento dunha das partes, conduzan o procedemento nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou

II- a permitir, cando unha parte nun litixio debe comparecer en persoa diante dun tribunal, que se exprese na súa lingua rexional ou minoritaria sen incorrer por isto en gastos adicionais; e/ou

III- a permiti-la produción de documentos e de probas nas linguas rexionais ou minoritarias, se for necesario recorrendo a intérpretes e a traducións;

d) a toma-las medidas co fin de que a aplicación das alíneas I e III dos parágrafos b) e c) e o emprego eventual de intérpretes e de traducións non supoñan gastos adicionais para os interesados.

2. As partes comprométense:

a) a non recusa-la validez dos actos xurídicos establecidos no estado polo simple feito de que están redactados na lingua rexional ou minoritaria; ou

b) a non recusa-la validez, entre as partes, dos actos xurídicos establecidos no estado polo feito de que están redactados nunha lingua rexional ou minoritaria, e a prever que serán opondibles ós terceiros interesados non falantes destas linguas, a condición de que o contido do acto sexa posto no seu coñecemento por aquel que o fai valer; ou

c) a non recusa-la validez, entre as partes, dos actos xurídicos establecidos no estado polo só feito de que están redactados nunha lingua rexional ou minoritaria.

3. As partes comprométense a facer accesibles, nas linguas rexionais ou minoritarias, os textos legislativos nacionais máis importantes e os que afectan principalmente ós que empregan estas linguas, a menos que estes textos estean xa dispoñibles doutro xeito.

Artigo 10º.—Autoridades administrativas e servicios públicos.

1. Nas circunscricións das autoridades administrativas do estado nas que reside un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifica as medidas a seguir e segundo a situación de cada lingua, as partes comprométense, na medida en que isto é razoablemente posible:

a) I- a procurar que as autoridades administrativas utilicen as linguas rexionais ou minoritarias; ou

II- a procurar que os seus axentes que están en contacto co público empreguen as linguas rexionais ou minoritarias nas súas relacións coas persoas que se dirixen a elas nestas linguas; ou

III- a procurar que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar demandas orais ou escritas e recibir unha resposta nestas linguas; ou

IV- a vixiar que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan presentar demandas orais ou escritas nestas linguas; ou

V- a vixiar que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan someter a consideración validamente un documento redactado nestas linguas;

- b) a poñer ó dispor formularios e textos administrativos de uso corrente pola poboación nas linguas rexionais ou minoritarias, ou en versións bilingües;
 - c) a permitir ás autoridades administrativas redactar documentos nunha lingua rexional ou minoritaria.
2. No que afecta ás autoridades locais e rexionais dos territorios nos que reside un número de falantes de linguas rexionais ou minoritarias que xustifica as medidas a seguir, as partes comprométense a permitir e/ou a fomentar:
- a) o emprego de linguas rexionais ou minoritarias no marco da administración rexional ou local;
 - b) a posibilidade para os falantes de linguas rexionais ou minoritarias de presentar demandas orais ou escritas nestas linguas;
 - c) a publicación polas colectividades rexionais dos textos oficiais que están orixinariamente nas linguas rexionais ou minoritarias;
 - d) a publicación polas colectividades locais dos seus textos oficiais igualmente nas linguas rexionais ou minoritarias;
 - e) o emprego polas colectividades rexionais das linguas rexionais ou minoritarias nos debates das súas asembleas, sen excluír, non obstante, o emprego da(s) lingua(s) oficial(is) do estado;
 - f) o emprego polas comunidades locais de linguas rexionais ou minoritarias nos debates das súas asembleas, sen excluír non obstante, o emprego da(s) lingua(s) oficial(ais) do estado;
 - g) o emprego ou a adopción, no seu caso conxuntamente coa denominación na(s) lingua(s) oficial(is), das formas tradicionais e correctas da toponimia nas linguas rexionais ou minoritarias.
3. No que afecta ós servizos públicos asegurados polas autoridades administrativas ou por outras persoas que operan por conta delas, as partes contratantes comprométense, nos territorios nos que as linguas rexionais ou minoritarias son utilizadas, en función da situación de cada lingua e na medida en que isto é razoablemente posible:

- a) a procurar que as linguas rexionais ou minoritarias sexan empregadas con ocasión da prestación do servizo; ou
 - b) a permitir ós falantes de linguas rexionais ou minoritarias formular unha pedimento ou recibir unha resposta nestas linguas; ou
 - c) a permitir ós falantes de linguas rexionais ou minoritarias formular unha pedimento nestas.
4. Co fin da posta en práctica das disposicións dos parágrafos 1, 2 e 3 que estas aceptaron, as partes comprométense a toma-las medidas seguintes:
- a) a tradución ou interpretación que eventualmente se requiran;
 - b) o recrutamento e, dado o caso, a formación dos funcionarios e outros axentes públicos en número suficiente;
 - c) a satisfacción, na medida do posible, das demandas dos axentes públicos coñecedores dunha lingua rexional ou minoritaria de ser destinados ó territorio no que esta lingua é utilizada.
5. As partes comprométense a permitir, a pedimento dos interesados, o emprego ou a adopción de patronímicos nas linguas rexionais ou minoritarias.

Artigo 11º.—Medios de comunicación.

1. As partes comprométense cos falantes de linguas rexionais ou minoritarias, nos territorios onde estas linguas son utilizadas segundo a situación de cada lingua, na medida en que as autoridades públicas teñen, de forma directa ou indirecta, competencia, poderes ou funcións neste dominio, respectando os principios de independencia e de autonomía dos medios de comunicación:
- a) na medida en que a radio e a televisión teñen unha misión de servizo público:
 - I- a asegura-la creación de polo menos unha estación de radio e unha cadea de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
 - II- a fomentar e/ou facilita-la creación de polo menos unha estación de radio e unha cadea de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
 - III- a toma-las disposicións apropiadas para que os medios de difusión programen emisións nas linguas rexionais ou minoritarias;
 - b) I- a fomentar e/ou facilita-la creación de polo menos unha estación de radio nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
 - II- a fomentar e/ou facilita-la emisión de programas de radio nas linguas rexionais ou minoritarias de maneira regular;

- c) I- a fomentar e/ou facilita-la creación de polo menos unha cadea de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
II- a fomentar e/ou facilita-la difusión de programas de televisión nas linguas rexionais ou minoritarias de maneira regular;
 - d) a fomentar e/ou facilita-la produción e a difusión de obras audiovisuais nas linguas rexionais ou minoritarias;
 - e) I- a fomentar e/ou facilita-la creación e/ou mantemento de polo menos un órgano de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias; ou
II- a fomentar e/ou facilita-la publicación de artigos de prensa nas linguas rexionais ou minoritarias, de maneira regular;
 - f) I- a cubri-los custos suplementarios dos medios de comunicación que empregan linguas rexionais ou minoritarias, cando a lei prevé unha asistencia financeira en xeral para estes medios; ou
II- a estende-las medidas existentes de asistencia financeira ás producións audiovisuais en linguas rexionais ou minoritarias;
 - g) a soste-la formación de xornalistas e outro persoal para os medios de comunicación que empregan as linguas rexionais ou minoritarias.
2. As partes comprométense a garanti-la liberdade de recepción directa das emisións de radio e televisión dos países veciños nunha lingua utilizada baixo unha forma idéntica ou próxima dunha lingua rexional ou minoritaria, e a non oporse á retransmisión de emisión de radio e de televisión dos países veciños nesa lingua. Comprométense ademais a vixiar para que ningunha restricción á liberdade de expresión e á libre circulación da información nunha lingua utilizada nunha forma idéntica ou próxima dunha lingua rexional ou minoritaria sexa imposta á prensa escrita. O exercicio das liberdades mencionadas enriba, que comporta deberes e responsabilidades, pode estar sometido a certas formalidades, condicións, restriccións ou sancións previstas pola lei, que constitúen medidas necesarias, nunha sociedade democrática, á seguranza nacional, á integridade territorial ou á seguridade pública, á defensa da orde e á prevención do crime, á protección da saúde ou da moral, á protección da reputación ou dos dereitos doutro, para impedi-la divulgación de informacións confidenciais, ou para garanti-la autoridade e a imparcialidade do poder xudicial.
3. As partes comprométense a procurar que os intereses dos falantes de linguas rexionais ou minoritarias sexan representados ou tomados en consideración no marco das estruturas creadas eventualmente conforme á lei, que teñen por misión garanti-la liberdade e a pluralidade dos medios de comunicación.

Artigo 12º.—Actividades e equipamentos culturais.

1. En materia de equipamentos culturais -en particular de bibliotecas, videotecas, centros culturais, museos, arquivos, academias, teatros e cinemas, así como de traballos literarios e de produción cinematográfica, de expresión cultural popular, festivais, industrias culturais, que inclúen principalmente a utilización de tecnoloxías novas- as partes comprométense, no que afecta ó territorio no que se practican tales linguas e na medida en que as autoridades públicas teñen competencia, poderes ou funcións neste ámbito:
 - a) a fomenta-la expresión e as iniciativas propias das linguas rexionais ou minoritarias, e a favorece-los diferentes medios de accesos ás obras producidas nestas linguas;
 - b) a favorece-los diferentes medios de acceso noutras linguas ás obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias, axudando e desenvolvendo as actividades de traducción, dobraxe, post-sincronización e subtitulado;
 - c) e favorece-lo acceso nas linguas rexionais ou minoritarias ás obras producidas noutras linguas, axudando e desenvolvendo as actividades de traducción, de dobraxe, de post-sincronización e de subtitulado;
 - d) a procurar que os organismos encargados de emprender ou de soste diversas formas de actividades culturais integren nunha medida apropiada o coñecemento e a práctica das linguas e culturas rexionais ou minoritarias nas operacións en que teñen a iniciativa ou ás que dan o seu apoio;
 - e) a favorece-la posta a disposición dos organismos encargados de emprender ou soste actividades culturais persoal que domine a lingua rexional ou minoritaria, alén da(s) lingua(s) do resto da poboación;
 - f) a favorece-la participación directa, respecto ós equipamentos e programas de actividades culturais, de representantes dos que utilizan a lingua rexional ou minoritaria;
 - g) a fomentar e/ou facilita-la creación dun ou varios organismos encargados de reunir, recibir depósito e presentar ou publica-las obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias;
 - h) dado o caso, a crear e/ou a promover e financiar servicios de traducción e de investigación terminolóxica en vista, principalmente, de manter e desenvolver en cada lingua rexional ou minoritaria unha terminoloxía administrativa, comercial, económica, social, tecnolóxica ou xurídica adecuada.
2. No que respecta ós territorios distintos de aqueles nos que as linguas rexionais ou minoritarias son tradicionalmente usadas, as partes

comprométense a autorizar, fomentar e/ou prever, se o número de falantes dunha lingua rexional ou minoritaria o xustifica, actividades ou equipamentos culturais apropiados, conforme ó parágrafo precedente.

3. As partes comprométense, na súa política cultural exterior, a dar un lugar apropiado ás linguas rexionais ou minoritarias e á cultura da que elas son a expresión.

Artigo 13º.—Vida económica e social.

1. No que se refire ás actividades económicas e sociais, as partes comprométense, para o conxunto do país:
 - a) a excluír da súa lexislación toda disposición que prohiba ou limite sen razóns xustificables o recurso ás linguas rexionais ou minoritarias nos documentos relativos á vida económica ou social, e principalmente nos contratos de traballo e nos documentos técnicos tales como as prescricións de produtos ou equipos;
 - b) a prohibi-la inserción, nos regulamentos internos das empresas e nos actos privados, de cláusulas que exclúan ou limiten o uso das linguas rexionais ou minoritarias, polo menos entre os falantes da mesma lingua;
 - c) a oporse ás prácticas que tendan a desmotiva-lo uso das linguas rexionais ou minoritarias na marco das actividades económicas ou sociais;
 - d) a facilitar e/ou a fomentar por outros medios distintos dos apuntados nas alíneas anteriores o uso das linguas rexionais ou minoritarias.
2. En materia de actividades económicas e sociais, as partes comprométense, na medida en que as autoridades públicas son competentes, no territorio en que as linguas rexionais ou minoritarias son usadas, e na medida en que isto é razoablemente posible:
 - a) a definir, nas súas regulamentacións financeiras e bancarias, modalidades que permitan, en condicións compatibles cos usos comerciais, o emprego das linguas rexionais ou minoritarias na redacción de ordes de pagamento (cheques, xiros, etc.) ou outros documentos financeiros, ou, dado o caso, procura-la posta en práctica de tal proceso;
 - b) nos sectores económicos e sociais que dependen directamente do seu control (sector público), a realizar accións que fomenten o emprego das linguas rexionais ou minoritarias;
 - c) procurar que os equipamentos sociais tales como os hospitais, as casas de xubilados e os centros de acollida ofrezan a posibilidade de recibir e atender na súa lingua ós falantes dunha lingua rexional ou minoritaria que necesitan coidados por razón de saúde, idade ou por outras razóns;

- d) a procurar, segundo as modalidades apropiadas, que as consignas de seguridade sexan tamén redactadas nas linguas rexionais ou minoritarias;
- e) a facer accesibles nas linguas rexionais ou minoritarias as informacións subministradas polas autoridades competentes referentes ós dereitos dos consumidores.

Artigo 14º.—Intercambios transfronteirizos.

As partes comprométense:

- a) a aplica-los acordos bilaterais e multilaterais existentes que os ligan ós estados onde a mesma lingua, usada de xeito idéntico ou próximo; ou a esforzarse en concertalos, se for preciso, co obxectivo de favorecer-los contactos entre os falantes da mesma lingua nos estados afectados, nos dominios da cultura, do ensino, da información, da formación profesional e da educación permanente;
- b) no interese das linguas rexionais ou minoritarias, a facilitar e/ou a promove-la cooperación a través das fronteiras, principalmente entre colectividades rexionais ou locais no territorio das cales se fala a mesma lingua de maneira idéntica ou próxima.

PARTE IV *Aplicación da Carta*

Artigo 15º.—Informes periódicos.

1. As partes presentarán periodicamente ó secretario xeral do Consello de Europa, baixo unha forma a determinar polo Comité de Ministros, un informe sobre a política seguida, conforme á parte II da presente Carta, e sobre as medidas tomadas en aplicación das disposicións da parte III que elas aceptaron. O primeiro informe debe ser presentado no ano que segue á entrada en vigor da Carta a respecto da parte en cuestión, os outros informes a intervalos de tres meses despois do primeiro informe.
2. As partes farán os seus informes públicos.

Artigo 16º.—Exame dos informes.

1. Os informes presentados ó secretario xeral do Consello de Europa en aplicación do artigo 15 serán examinados por un Comité de Expertos constituído consonte o artigo 17.
2. Os organismos e asociacións legalmente establecidos nunha parte poderán chama-la atención do Comité de Expertos sobre as cuestións relativas ós compromisos tomados por esta parte en virtude da parte III da presente Carta. Despois de ter consultado a parte interesada, o Comité de

Expertos poderá ter en conta estas informacións na preparación do informe apuntado no parágrafo 3 do presente artigo. Estes organismos ou asociacións poderán ademais someter a consideración as declaracións encanto á política seguida por unha parte, consonte a parte II.

3. Sobre a base dos informes apuntados no parágrafo 1 e das informacións apuntadas no parágrafo 2, o Comité de Expertos preparará un informe á atención do Comité de Ministros. Este informe será acompañado das observacións que as partes serán convidadas a formular e poderá ser feito público polo Comité de Ministros.
4. O informe apuntado ó parágrafo 3 conterá en particular as propostas do Comité de Expertos ó Comité de Ministros en vista da preparación, dado o caso, de toda recomendación deste último a unha ou varias partes.
5. O secretario xeral do Consello de Europa fará un informe bienal detallado á Asemblea parlamentaria sobre a aplicación da Carta.

Artigo 17º.—Comité de expertos.

1. O Comité de Expertos estará composto dun membro por cada parte, designado polo Comité de Ministros nunha lista de persoas da máis alta integridade, dunha competencia recoñecida nas materias tratadas pola Carta, que serán propostas pola parte afectada.
2. Os membros do comité serán nomeados para un período de seis anos e o seu mandato será renovable. Se un membro non pode cumpri-lo seu mandato, será substituído conforme o procedemento previsto no parágrafo 1, e o membro nomeado en substitución rematará o período de mandato do seu predecesor.
3. O Comité de Expertos adoptará o seu regulamento interior. O seu Secretariado será asegurado polo secretario xeral do Consello de Europa.

PARTE V *Disposicións finais*

Artigo 18º.

A presente Carta está aberta á sinatura dos estados membros do Consello de Europa. Será sometida a ratificación, aceptación ou aprobación. O secretario xeral do Consello de Europa será o seu depositario.

Artigo 19º.

1. A presente Carta entrará en vigor o primeiro día do mes que segue á expiración dun período de tres meses despois do cal cinco estados membros do Consello de Europa terán expresado o seu consentimento a seren vinculados pola Carta, conforme as disposicións do artigo 18.

2. Para todo estado membro que exprese anteriormente o seu consentimento a estar ligado pola Carta, esta entrará en vigor o primeiro día do mes que segue á expiración dun período de tres meses despois da data de depósito do instrumento de ratificación, aceptación ou aprobación.

Artigo 20º.

1. Despois da entrada en vigor da presente Carta, o Comité de Ministros do Consello de Europa poderá convidar a todo estado non membro do Consello de Europa a adherirse á Carta.
2. Para todo estado adherente, a Carta entrará en vigor o primeiro día do mes que segue a expiración dun período de tres meses despois da data de depósito do instrumento de adhesión perante o Secretario Xeral do Consello de Europa.

Artigo 21º.

1. Todo estado pode, no momento da sinatura ou no momento do depósito do seu instrumento de ratificación, de aceptación, de aprobación ou de adhesión, formular unha ou varias reservas ós parágrafos 2 a 5 do artigo 7 da presente Carta. Non se admite ningunha outra reserva.
2. Todo estado contratante que formulou unha reserva en virtude do parágrafo precedente pode retirala en todo ou en parte dirixindo unha notificación ó secretario xeral do Consello de Europa. A retirada producirá efecto na data de recepción da notificación polo secretario xeral.

Artigo 22º.

1. Toda parte pode, en todo momento, denuncia-la presente Carta dirixindo unha notificación ó Secretario Xeral do Consello de Europa.
2. A denuncia producirá efecto o primeiro día do mes que segue a expiración dun período de seis meses despois da data de recepción da notificación polo secretario xeral.

Artigo 23º.

O secretario xeral do Consello de Europa notificará ós estados membros do Consello e a todo estado que se teña adherido á presente Carta:

- a) toda sinatura;
- b) o depósito de todo instrumento de ratificación, de aceptación, de aprobación ou de adhesión;
- c) toda data de entrada en vigor da presente Carta, consonte os artigos 19 e 20;

- d) toda notificación recibida en aplicación das disposicións do artigo 3, parágrafo 2;
- e) calquera outro acto, notificación ou comunicación referente á presente Carta.

En constancia do cal, os abaixo asinantes debidamente autorizados a este efecto, asinaron a presente Carta.

Feito en Estrasburgo, o 5 de novembro de 1992, en francés e en inglés, os dous textos dan igualmente fe, nun só exemplar que será depositado nos arquivos do Consello de Europa.

O secretario xeral do Consello de Europa comunicará copia certificada conforme a cada un dos estados membros do Consello de Europa e a todo estado convidado a adherirse á presente Carta.

68 Branca

III. EDUCACIÓN

A. NORMAS XERAIS

10. NORMATIVIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:

Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre a normativización da Lingua Galega. (DOG do 20 de abril).

A lingua galega, despois dunha permanencia secular de lingua puramente oral, recuperou desde hai xa máis de cen anos a súa vella condición de lingua escrita. Pero esta recuperación, sen outra base que a vontade espontánea dos seus cultivadores, non tiña máis referencia orientadora que a da fala, co inevitable polimorfismo dialectal que lles é propio a tódalas falas. Con todo, ó ir afianzándose a recuperación tamén foi aparecendo a conciencia da súa necesidade de unificación formal.

Co tempo, o propio desenvolvemento da nosa cultura facía necesaria a regulación normativa da lingua. A Real Academia Galega inicialmente, e o Instituto da Lingua Galega inmediateamente de se constituír, afrontaron esa necesidade publicando sendas normativas, que por seren basicamente coincidentes lograron en conxunto unha aceptación xeneralizada.

Dentro desta situación evolutiva do galego escrito, a entrada en vigor do Estatuto de Autonomía veu abrir unha nova etapa histórica ó establecer no seu artigo quinto que «a lingua propia de Galicia é o galego», que ten tamén carácter oficial en Galicia. As derivacións inmediatas que este feito ten en relación coas necesidades da Administración autónoma e moi principalmente co Ensino, danlle unha urxencia imperativa á normativización oficial da lingua.

Nesta situación considerouse que as «Normas ortográficas e morfolóxicas do Idioma Galego», elaboradas conxuntamente pola Real Academia Galega e máis polo Instituto da Lingua Galega, son as que mellor se axeitan as necesidades presentes da nosa lingua.

Polo tanto, a proposta do conselleiro, Adxunto ó presidente, para a Cultura, previa deliberación da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de novembro de mil novecentos oitenta e dous,

Dispoño:

Artigo 1º.

O Acordo da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega, aprobado na sesión conxunta de ambas Institucións celebrada o día tres de xullo mil novecentos oitenta e dous, que nas súas grandes liñas é recollido no Anexo do presente Decreto, queda aprobado como norma básica para a unidade ortográfica e morfolóxica da Lingua Galega.

Artigo 2º.

De conformidade co traballo realizado, a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega poderán, previo acordo conxunto, elevar á Xunta de Galicia cantas melloras estimen conveniente incorporar ás normas básicas.

Artigo 3º.

O Instituto da Lingua Galega queda autorizado para elabora-lo Vocabulario Ortográfico Básico da Lingua Galega, que terá o carácter de inventario das palabras básicas do idioma e de prontuario da ortografía adoptada polo presente Decreto.

Para ter carácter oficial o Vocabulario citado non precisará da autorización do Goberno de Galicia sempre e cando sexa publicado no prazo máximo de dous anos.

Artigo 4º.

As normas aprobadas polo presente Decreto son de ensino obrigado en tódolos centros escolares de Galicia sobre os que teña competencia a Comunidade Autónoma e esténdense a tódalas áreas e actividades.

Artigo 5º.

Os libros e material didáctico que deban ser autorizados conforme á normativa vixente deberán axustarse ás normas aprobadas polo presente Decreto.

Artigo 6º.

O Conselleiro da Presidencia, a proposta dos Conselleiros Adxunto ó Presidente para a Cultura e de Educación fixará por orde os prazos nos que se deberán axustar á nova normativa os textos que á entrada en vigor do presente Decreto estean aprobados e publicados.

Artigo 7º.

A Xunta de Galicia poderá autorizar aquelas publicacións que total ou parcialmente se aparten da normativa aprobada, tendo en conta razóns de índole histórica, didáctica, ou outras semellantes, e sempre que obedezan ó criterio de respectar textos literarios ou de outra natureza que foron publicados antes da entrada en vigor da presente norma.

Disposicións finais

Primeira. Quedan derogadas as normas anteriores ás contidas no Anexo do presente Decreto.

Segunda. A Xunta de Galicia disporá os medios precisos para o cumprimento do presente Decreto.

Terceira. O presente Decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, pero no que se refire ós textos presentados para a súa aprobación, conforme ó artigo quinto, poderá ser respectada a normativa anterior para evitar prexuízos graves ós editores.

Santiago de Compostela, dezasete de novembro de mil novecentos oitenta e dous.

JOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE
Conselleiro, Adxunto ó Presidente para a Cultura.

11. NORMALIZACIÓN DO GALEGO NO SISTEMA EDUCATIVO

Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios. (DOG do 15). Modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo. (DOG do 3 de abril).

1. A lingua constitúe unha das bases esenciais da identidade do pobo e o máis forte vencello de unión entre as súas xentes. A lingua propia de Galicia é o galego (Art. 5 do Estatuto de autonomía). Como un eido privilexiado da aprendizaxe da lingua é o ensino, cómpre arbitrar mandatos que garantan esa aprendizaxe e axuden a unha implantación de hábitos lingüísticos a prol do idioma galego, idioma que, co castelán, é oficial na Comunidade Autónoma, de acordo co estatuto (Art. 3 da Constitución).
2. O Parlamento de Galicia, con data do 15 de xuño de 1983, aprobou a Lei 3/1983, de normalización lingüística. A devandita norma revela o afán de xeneralizar no seo da Comunidade galega o uso do galego como idioma propio de Galicia, cooficial co castelán.

O artigo 1 da lei citada establece o dereito dos galegos a coñecer e usaren a súa propia lingua. O artigo 2 declara a cooficialidade, para a Comunidade Autónoma, do galego e do castelán. O título III establece os principios xerais do ensino en lingua galega e determina (artigo 12) que o galego é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis e que a Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino. Así mesmo o artigo 13 asegura o dereito de tódolos nenos e nenas a recibiren o primeiro ensino na súa lingua materna.

3. Os decretos 426/1991, do 12 de decembro, 245/1992, do 30 de xullo, 78/1993, do 25 de febreiro, e 275/1994, do 29 de xullo, polos que se establecen os currícula da educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, determinan como unha das finalidades de cada nivel educativo a utilización, de xeito apropiado, das linguas oficiais no ensino.

É necesario adapta-la normativa da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, ó novo marco de aplicación da Lei 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e seguir contribuindo a que sexan realidade os obxectivos fixados na citada Lei de normalización lingüística, salientando o que dispón o artigo 14.3º: as autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Por todo o anterior, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo do dictame do Consello Escolar de Galicia e de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa sesión do catorce de setembro de mil novecentos noventa e cinco,

Dispoño:

CAPÍTULO I

O galego, lingua oficial da Administración educativa en Galicia

Artigo 1º.

1. *Apartado redactado conforme ó establecido no artigo 1º do Decreto 66/1997, do 21 de marzo, (DOG do 3 de abril).* «A Administración educativa de Galicia e os centros de ensino dela utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso tanto nas súas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia».
2. *Apartado redactado conforme ó establecido no artigo 1º do Decreto 66/1997, do 21 de marzo, (DOG do 3 de abril).* «Os documentos administrativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das súas delegacións e dos centros de ensino dependentes dela redactaranse, con carácter xeral, en galego, e neles constará o nome do centro e o topónimo do concello ou entidade de poboación na súa forma oficial».
3. *Apartado redactado conforme ó establecido no artigo 1º do Decreto 66/1997, do 21 de marzo, (DOG do 3 de abril).* «As actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, tales como actas, comunicados e anuncios, redactaranse, con carácter xeral, en galego. Tamén se redactarán en galego as actuacións administrativas que se realicen por solicitude de persoa interesada, agás nos casos en que ela pida que se fagan en castelán».
4. A documentación que teña que producir efecto fóra da Comunidade Autónoma traducirase ó castelán, segundo se establece no artigo 36 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2º.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, é o departamento administrativo competente para organizar, coa colaboración -se é o caso- doutras institucións, especialmente da Escola Galega de Administración Pública, cursos de galego tanto para o persoal docente como non docente da Administración educativa, co fin de que acaden un grao de dominio da

lingua galega que facilite o exercicio do dereito a usala, así como para facer un uso correcto dela dentro do ámbito académico e ademais para lles garantir satisfactoriamente ese dereito ás persoas que teñen relación coa Administración educativa.

CAPÍTULO II

As linguas oficiais en Galicia como materia de ensino é o ensino en lingua galega

Artigo 3º.

1. Nas ensinanzas de réxime xeral e de educación das persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, se asignará globalmente o mesmo número de horas ó ensino da lingua galega e da lingua castelá.
2. Nas clases de lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura, usarase respectivamente o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

Artigo 4º.

1. Na etapa de educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria os profesores e profesoras usarán na clase a lingua materna predominante entre alumnos e alumnas, terán en conta a lingua ambiental e coidarán que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo.
2. Atenderase de xeito individualizado a aqueles alumnos e alumnas do grupo que non teñan coñecemento suficiente da lingua materna predominante, segundo se sinala no punto anterior.
3. No segundo e no terceiro ciclos de educación primaria impartiranse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

Artigo 5º.

1. Na educación secundaria obrigatoria se impartirá en galego a área de ciencias sociais (xeografía e historia) e a área de ciencias da natureza.
2. Das materias optativas impartiranse en galego as de ciencias medioambientais e da saúde e, se é o caso, a optativa ofertada polo centro.

Artigo 6º.

1. No primeiro curso de bacharelato se impartirá en lingua galega como materia común a filosofía e como materias específicas de modalidade as

seguintes: tecnoloxía industrial I (bacharelato de tecnoloxía); bioloxía e xeoloxía (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde); historia do mundo contemporáneo (bacharelato de humanidades e ciencias sociais); debuxo técnico (bacharelato de artes).

2. No segundo curso de bacharelato o alumnado recibirá o ensino en galego de historia, como materia común, e como materias específicas de modalidade: debuxo técnico, tecnoloxía industrial (bacharelato de tecnoloxía); ciencias da terra e medioambientais, debuxo técnico (bacharelato de ciencias da natureza e da saúde); xeografía, historia da arte, historia da filosofía (bacharelato de humanidades e ciencias sociais); historia da arte (bacharelato de artes).
3. Así mesmo serán impartidas en galego as seguintes materias optativas: ética e filosofía do dereito, introducción ás ciencias políticas e socioloxía e historia e xeografía de Galicia.
4. Na formación profesional específica de grao medio e superior o alumnado recibirá ensino en galego nas áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración socio-laboral.

Artigo 7º.

Segundo o disposto no artigo 13.3º da Lei de normalización lingüística, os alumnos e as alumnas non poderán ser separados en centros nin aulas diferentes por razón da lingua.

Artigo 8º.

1. Nas áreas ou materias impartidas en lingua galega débese procurar que os alumnos e as alumnas a utilicen nas manifestacións oral e escrita.
2. Os materiais que se empreguen nas áreas ou materias ás que se refire o parágrafo anterior estarán escritos normalmente en galego, terán a calidade científica e pedagóxica adecuada e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fomentará a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes.

Artigo 9º.

Nas áreas ou materias -distintas as sinaladas nos artigos 4º.3, 5º e 6º- se empregará a lingua que se teña establecida no proxecto educativo de centro aprobado polo claustro e o consello escolar. En todo caso, no proxecto educativo do centro se coidará e respectarase o equilibrio entre as dúas linguas oficiais e nel constarán as oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo co fin de acadalo obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística (Art. 14.3º).

Artigo 10º.

Apartado redactado conforme ó establecido no artigo 2º do Decreto 66/1997, do 21 de marzo, (DOG do 3 de abril). «En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación, os profesores e profesoras adoptarán as medidas oportunas co fin de que os alumnos que non teñan o suficiente dominio da lingua galega poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que nesta lingua lles impartan.

Terase en conta o establecido no Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio, así como, na orde que o desenvolve».

Artigo 11º.

A inspección educativa velará polo cumprimento do establecido no presente decreto. Con tal fin os centros docentes públicos e privados que impartan ensinanzas de réxime xeral non universitarios remitirán á inspección educativa os horarios, áreas e materias impartidas en lingua galega, así como a relación dos materiais curriculares empregados nestas materias.

Disposicións transitorias

Primeira. En canto non se extingan as ensinanzas de 7º e 8º de educación xeral básica, bacharelato unificado e polivalente, curso de orientación universitaria e formación profesional de primeiro e segundo grao, impartiranse en galego as áreas ou materias que se establecen no Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino, a Lei 3/1983, de normalización lingüística e a orde do 1 de marzo de 1988 pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Segunda. Cando por razóns de organización do persoal docente dos centros existan dificultades xustificadas no curso académico 1995-1996, para a aplicación inmediata do establecido nos artigos 4º.3, 5º e 6º do presente decreto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá conceder-lle o prazo de ata un ano para facer efectivo o disposto nos citados artigos.

Disposición derogatoria

Única. Queda derogado o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística; a Orde do 1 de marzo de 1988, pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, do 8 de setembro, sobre aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste decreto, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria deste mesmo decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las disposicións necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Segunda. O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catorce de setembro de mil novecentos noventa e cinco.

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente

JUAN PIÑEIRO PERMUY
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

12. EXENCIÓN DA MATERIA DA LINGUA GALEGA:

12.1. O Decreto 79/1994, do 8 de abril

Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio. (DOG, 15/04/94).

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, aprobada polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño de 1983, garante, de acordo co establecido no artigo 3 da Constitución e no 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, a igualdade do galego co castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

Despois de establecer que o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino, determina no seu artigo 14 a obrigatoriedade do estudo da materia de lingua galega en tódolos niveis educativos non universitarios. Nese mesmo artigo ordénaselle ó Goberno galego a regulamentación das circunstancias excepcionais en que un alumno pode ser dispensado do estudo obrigatorio desa materia.

O Decreto 135/1983¹, do 8 de setembro, polo que se desenvolvía para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística, recollía, entre outros aspectos, as situacións nas que un alumno podería ter dereito a que se lle concedese exención da materia de lingua galega.

1 Derogado polo Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15).

Con data do 23 de marzo de 1994 déuselle cumprimento ó trámite de consulta previa ó Consello Escolar de Galicia, en execución das sentencias números 801 e 803, de 1993, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co dictame do Consello Escolar de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día oito de abril de mil novecentos noventa e catro,

Dispoño:

Artigo 1º.

1. Os alumnos que se incorporen ó sistema educativo de Galicia procedentes do doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro poderán obter a exención das probas de avaliación da materia de lingua galega durante o período de tempo que se fixa neste decreto, co fin de que, cun esforzo especial pola súa parte, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua dos seus profesores, poidan, ó remate de tal prazo, seguir as ensinanzas propias do nivel no que estean en igualdade de condicións cós demais compañeiros de clase.
2. A exención suporá unicamente a consignación de «exento» no libro de cualificacións e mais no expediente do alumno.
3. O alumno, sen embargo, terá que asistir obrigatoriamente ás clases como medio de integración lingüística.
4. O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, tralos informes pertinentes, segundo proceda, do profesor, do departamento ou do seminario de galego e mais da dirección do centro, con audiencia do Consello Escolar e oído o interesado ou, se é o caso, o representante legal, a revogación da concesión da exención.
5. Tanto a revogación coma a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumno de ser cualificado nas avaliacións parciais e na final do curso no que se atopa.
6. No respectivo libro de escolaridade e mais no expediente do alumno farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

Artigo 2º.

1. Terán dereito a que se lles conceda a exención aqueles alumnos que realicen os seus estudos inmediatamente anteriores, básicos ou medios, en centros docentes doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro.
2. As solicitudes de exención presentaranse no rexistro das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as cales resolverán sobre a súa concesión ou denegación no prazo máximo de

un mes, contado a partir da presentación da documentación completa; contra estas resolucións poderase recorrer perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

3. As exencións solicitaranse para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ó citado ano, sen que se poidan conceder en máis de tres consecutivos.
4. Malia o establecido no punto anterior, o alumno poderá ter dereito a unha nova exención se cumpren as dúas condicións seguintes:
 - a) Acreditación documental, ó comezo dese cuarto ano académico, do traslado de residencia, seu e dos pais ou titores, para fóra da Comunidade Autónoma.
 - b) Informe positivo da dirección do centro, logo de audiencia do profesor, do departamento ou do seminario de galego, e do interesado ou do seu representante legal.

Artigo 3º

Os alumnos que cursasen os estudos básicos ou medios en Galicia antes da incorporación da materia de lingua galega ó sistema educativo, e que queiran proseguilos, terán a obriga de cursar esta materia e serán cualificados a partir do curso en que retomen os seus estudos.

Artigo 4º

1. Poderán obter tamén a exención da materia de lingua galega aqueles alumnos con deficiencias, especialmente auditivas, que acrediten o grao de deficiencia, segundo o establece a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e declaren estar instalados na outra lingua oficial de Galicia.
2. Nos casos establecidos no punto anterior, e non obstante o determinado no punto 3 do artigo 2, as exencións producirán os seus efectos no nivel educativo que cursa nese momento a persoa interesada. Se ó remate do citado nivel persisten as deficiencias alegadas, poderase proceder, logo de solicitude do interesado ou do seu representante legal, á concesión dunha nova exención.
3. En todo caso seralles de aplicación a estes alumnos o disposto nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 do artigo 1 deste decreto.

Disposicións adicionais

Primeira. Na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se desenvolva o disposto no presente decreto regularanse con precisión os contidos e metodoloxías que se van utilizar, así como as gradacións de obxectivos parciais para conseguir nas clases de galego

as que teñan que asisti-los alumnos que, en virtude do disposto no artigo 1 do presente decreto, sexan declarados exentos da avaliación final, coa finalidade de que poidan acadar, ó cabo do período da súa exención, un nivel de aproveitamento o máis semellante posible ó dos demais alumnos.

Segunda. Na mesma orde establecerase explicitamente a gradación concreta da hipoacusia que dea dereito á exención de galego.

Disposición derogatoria

Quedan derogados os artigos 7 e 8 do Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las ordes necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda. O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de abril de mil novecentos noventa e catro.

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente

JUAN PIÑEIRO PERMUY
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

12.2. A Orde do 30 de xuño de 1994

Orde do 30 de xuño de 1994 pola que se desenvolve o Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre a exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio. (DOG, 04/08/94).

O Decreto 79/1994, do 8 de abril, cumprindo o establecido no artigo 14.2º da Lei 3/1983, de normalización lingüística, establece dun xeito xenérico as circunstancias excepcionais polas que un alumno pode obter a exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio.

A disposición derradeira primeira dese decreto faculta a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las ordes necesarias para o seu desenvolvemento. Cómpre, entón, concretar tanto esas circunstancias excepcionais coma todo o relativo ó procedemento da solicitude da exención. Por todo iso,

Dispoño:

Artigo 1º.

De acordo co que establece a Lei de normalización lingüística, os alumnos que realizasen en Galicia tódolos estudos correspondentes ós niveis inferiores a aqueles nos que están matriculados, deben cursar e supera-la materia de lingua galega e non teñen dereito a que se lles conceda exención.

Artigo 2º.

Para os efectos do establecido nos artigos 1.1º e 2.1º do Decreto 79/1994, serán considerados como integrados lingüisticamente, e polo tanto terán que supera-la materia de lingua galega:

1. Aqueles alumnos que, logo de cursaren anteriormente estudos en Galicia, acrediten unha estadia no sistema educativo doutra Comunidade Autónoma ou do estranxeiro inferior a catro anos académicos consecutivos.
2. Os alumnos do primeiro ciclo da educación primaria.
3. Os alumnos de COU que elixan como optativa a materia de literatura galega. Para estes efectos, o director do centro, consultados o profesor e o titor do alumno e mailo seminario de galego do centro terá que facer constar no informe preceptivo que presenta canda a solicitude de exención a situación de cada un dos alumnos de COU en canto a este aspecto.

Artigo 3º.

Considerarase tamén como integrados lingüisticamente aqueles alumnos que, tendo dereito a que se lles conceda a exención, non a soliciten ou non o fagan en tempo e forma e, consecuentemente, sexan cualificados na materia de lingua galega nas avaliacións parciais e final. Polo tanto nos anos académicos seguintes terán que superar esa materia.

Artigo 4º.

1. Para posibilita-la integración lingüística da que fala o artigo 1 do Decreto 79/1994, o profesor, en colaboración co seminario ou departamento de galego do centro, deseñará unha adaptación curricular gradual que conte coas seguintes fases:
 - a) O primeiro ano, iniciación ó coñecemento da lingua e da cultura galegas.
 - b) O segundo ano, potenciación do dominio tanto do léxico e das estruturas morfosintácticas como do coñecemento do contorno.
 - c) O terceiro ano, afianzamento dos coñecementos da lingua e da cultura galegas, ata acadar un nivel semellante ó dos demais compañeiros da aula.

2. Do mesmo xeito, o profesor, en colaboración co seminario ou departamento de galego indicará ou elaborará e porá a disposición do alumno os materiais necesarios para a consecución dos obxectivos especificados no apartado anterior.
3. O alumno, ademais de asistir obrigatoriamente ás clases, terá que acreditarlo aproveitamento e a adquisición progresiva de coñecemento de acordo coa gradación antes mencionada. Tanto a asistencia coma o aproveitamento e a adquisición progresiva de coñecementos faranse constar no informe da dirección do centro que acompaña a solicitude de exención para o ano académico seguinte (anexo II).

Artigo 5°.

1. O incumprimento por parte do alumno do contemplado no apartado terceiro do artigo anterior, xustificado debidamente no informe da dirección do centro, será causa de denegación da exención.
2. No caso do disposto nos apartados 4º, 5º e 6º do artigo 1 do Decreto 79/1994, será o director do centro, por proposta do departamento ou seminario de galego, informado polo profesor da demostrada ausencia ás clases ou escaso aproveitamento, logo da audiencia do consello escolar e oído o interesado ou, se é o caso, o representante legal, que lle comunique á delegación provincial o incumprimento por parte do alumno do establecido no citado artigo. Recibida a comunicación, a inspección educativa presentarlle o correspondente informe ó delegado provincial, o cal resolverá.

Artigo 6°.

1. Para solicita-la exención da materia de lingua galega utilizarase o formulario que figura como anexo I desta Orde. Irá asinado polo alumno ou polo seu representante legal, se é menor de idade, e nel expóranse as razóns polas que se solicita a exención.
2. As solicitudes presentaranse no centro onde o alumno cursa os seus estudos.

O prazo de presentación das solicitudes empezará o 1 de setembro e rematará o 5 de outubro para os alumnos dos centros de educación primaria, xeral básica, especial e permanente de adultos, e o 20 de outubro para os dos centros de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional.

3. Se se trata dun alumno, con matrícula viva, procedente dun centro doutra Comunidade Autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación da solicitude será dos vinte días seguintes á incorporación do interesado ó novo centro.

4. Para os alumnos de matrícula libre (probas de ensinanzas non escolarizadas, probas para a obtención do graduado escolar...), o prazo de presentación das solicitudes será o mesmo có de matriculación para esas probas.

Artigo 7º.

Canda a solicitude o alumno ou o seu representante legal poderá presenta-la documentación que considere oportuna para xustifica-lo dereito a que se lle conceda a exención.

Artigo 8º.

A cada unha das solicitudes a dirección do centro terá que lle engadir:

1. Fotocopia compulsada do expediente académico, ou do libro de escolaridade, do alumno correspondente ós catro últimos anos académicos nos que estivo matriculado. No caso dos alumnos do ensino medio, se nalgún deses anos académicos cursaron estudos de EXB, copia compulsada das cualificacións correspondentes a eses estudos básicos teraa que aportalo-lo propio solicitante. Caso de que durante o prazo de presentación da solicitude de exención o expediente ou o libro de escolaridade non tivese aínda en poder do centro, a dirección redactará un informe no que se explique a situación do alumno durante os últimos catro anos académicos nos que realizou estudos.
2. Fotocopia compulsada das páxinas do libro de escolaridade onde constan as altas e as baixas nos diferentes centros nos catro últimos anos académicos cursados (de non estar aínda en posesión do citado libro, informe da dirección do centro que acredite tal aspecto).
3. Informe da dirección do centro, oídos o profesor e o titor do grupo no que se integra o alumno, e o seminario ou departamento de galego, no que se faga consta-la súa opinión sobre a procedencia ou a improcedencia da concesión da exención, tendo en conta tanto a situación na que se atopa o alumno coma o establecido no Decreto 79/1994 e mais nesta Orde. No caso dos alumnos ós que se lles concedeu exención o ano anterior, a dirección do centro deberá informar tamén sobre a asistencia ás clases e o aproveitamento e a adquisición progresiva de coñecementos ós que se refire o artigo 3º desta Orde, durante o último ano académico.

Artigo 9º.

A dirección do centro terá que enviar cada unha das solicitudes, coa súa pertinente documentación, á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria antes do 30 de outubro (no caso dos centros de educación primaria, xeral básica, especial e permanente de adultos), ou do 15 de novembro (para os centros de bacharelato, formación profesional e de educación secundaria e profesional). Cando se trate de

alumnos con matrícula viva ou libre, o centro disporá de vinte días, contados desde o final do prazo de presentación das solicitudes, para tramitalas á correspondente delegación provincial.

Artigo 10º.

Os defectos documentais que aprecie a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terá que emendalos o solicitante no prazo de dez días, de acordo co que dispón o artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido ese prazo sen que a emenda fose efectuada, a solicitude arquivarase sen máis trámite.

Artigo 11º.

A delegación provincial deberá resolver no prazo máximo de un mes, contado a partir do día do recibimento da documentación completa. A resolución enviaráselle por triplicado ó director do centro. O director comunicarlle ó alumno, ou ó seu representante legal se é menor de idade, o cal terá que asinar un xustificante do seu recibimento e recibirá un exemplar dela. O segundo exemplar engadiráselle ó expediente do alumno e o terceiro terá que devolverlo o centro á delegación provincial, xunto co xustificante do recibimento, no prazo máximo de dez días.

Contra esta resolución da delegación provincial poderase recorrer perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria nos prazos establecidos legalmente.

Artigo 12º.

Este artigo foi anulado e deixado sen efecto, por resultar contrario a dereito, segundo sentenza nº 786/1997, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictada no recurso nº 01/0001082/1994.

Artigo 13º.

Os alumnos que se acollan ó disposto no artigo 4 do Decreto 79/1994 terán que solicita-la exención ó comezo dos estudos obrigatorios. Rematado o nivel educativo para o que se lles concedeu a dispensa, poderán solicita-la súa renovación.

Disposición transitoria

Tódalas exencións concedidas ó abeiro do establecido no artigo 4º do Decreto 253/1990 deberán ser solicitadas de novo para o ano académico 1994/1995.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 23 de setembro de 1983, sobre aplicación da Lei de normalización lingüística no ensino.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase a Dirección Xeral de Política Lingüística para dictar as instrucións precisas para o desenvolvemento desta Orde.

Segunda. Esta Orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 1994.

JUAN PIÑEIRO PERMUY
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Modelo de solicitude

(Non se insire. Ve-lo DOG de referencia).

ANEXO II

Documentación complementaria

Documentación que se achega cando a solicitude de exención do alumno, don/dona, especificada na Orde do 30 de xuño de 1994 *:

a) Por parte do centro:

Fotocopia compulsada do expediente académico ou do libro de escolaridade correspondente ós catro últimos anos académicos cursados, ou informe da dirección do centro no que se explique a situación do alumno durante ese período (Art. 8º 1).

Fotocopia compulsada das páxinas do libro de escolaridade onde constan as altas e as baixas do alumno nos diferentes centros nos catro últimos anos académicos cursados, ou informe da dirección do centro que acredite tal aspecto (art. 8º.2).

* Risque a documentación que se achega.

Informe da dirección do centro no que consten a procedencia ou a improcedencia da concesión da exención e, caso de que ó alumno se lle concedese exención o ano académico anterior, a constancia da asistencia ás clases e do aproveitamento e da adquisición progresiva de coñecementos segundo se establece no artigo 4º.1 (art. 8º.3 e 4º.3). Se se trata dun alumno de COU, cómpre indicar se elixe ou non como optativa a materia de literatura galega (art. 2º.3).

b) Por parte do solicitante:

Copia do libro de escolaridade correspondente ós estudos básicos, no caso de que o solicitante sexa alumno de ensinanzas medias e estea na situación prevista no artigo 8º.1.

Acreditación do traslado de residencia, do alumno e dos seus padres ou titores, para fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, se a solicitude se basea no establecido no art. 2º.4 do Decreto 79/1994.

Certificación do organismo oficial correspondente na que se acredite o grao de deficiencia do alumno, se a solicitude se basea no disposto no artigo 4º do Decreto 79/1994 (art. 12º.1).

12.3. Delegación de competencias na exención da materia de lingua galega

a) *Decreto 239/1997, do 10 de setembro, sobre desconcentración e delegación de competencias en determinados procedementos para a implantación do Servicio de Resposta Inmediata. (DOG do 12 de setembro).*

Por Decreto 216/1997, do 30 de xullo, da Xunta de Galicia procedeuse á creación e regulación do funcionamento do Servicio de Resposta Inmediata (SERI).

O dito decreto, no seu artigo 2º establecía que o SERI se implantaría nas unidades administrativas que sexan competentes para a tramitación e resolución dos procedementos recollidos no anexo do dito decreto.

Tendo en conta a finalidade e características do Servicio de Resposta Inmediata, resulta necesario proceder a unha reordenación das competencias administrativas, que permita que a tramitación e resolución dos procedementos que na actualidade corresponden ós órganos centrais da Xunta de Galicia e con competencia en todo o territorio da Comunidade Autónoma, sexa exercitada, no sucesivo, polos órganos periféricos, máis próximos ó cidadán.

Nos procedementos ós que se refire esta disposición considerouse conveniente acudir, en primeiro lugar e sen prexuízo da súa posterior delegación,

á desconcentración de competencias nos delegados provinciais da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Igualmente e coa mesma finalidade de adoptar cantas medidas sexan precisas para o adecuado funcionamento do Servicio de Resposta Inmediata, apreciouse a necesidade de que as competencias dos delegados provinciais de Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en relación cos procedementos para a exención da materia de lingua galega se deleguen nos directores dos centros públicos de ensino primario e secundario.

En consecuencia, por iniciativa do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do dez de setembro de mil novecentos noventa e sete,

Dispoño:

Disposicións adicionais

Primeira. Para a implantación do Servicio de Resposta Inmediata en relación co procedemento para a exención da materia de lingua galega no ensino primario e secundario, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria disporá a delegación das competencias que actualmente posúen os delegados provinciais da dita consellería, en virtude do disposto no artigo 2.2º do Decreto 79/1994, en favor dos directores dos centros públicos de ensino primario e secundario, e para que as exerzan en relación cos alumnos matriculados nos seus centros ou dependentes deles.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dez de setembro de mil novecentos noventa e sete.

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente

DOSÍTEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

b) *Resolucións do 12 de setembro de 1997, das catro delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polas que se delega nos directores de tódolos centros públicos que impartan ensino primario e/ou secundario a competencia para entender acerca dos procedementos para a exención da materia de lingua galega. (DOG do 15 de setembro).*

Mediante o Decreto 216/1997, do 30 de xullo, procedeuse á creación e regulación do funcionamento do Servicio de Resposta Inmediata (Seri) para determinados procedementos tramitados por instancia de parte ante a Administración Autonómica de Galicia, de acordo cos principios informadores ós que debe someterse a actuación administrativa para conseguir unha maior axilidade e eficacia no seu servizo ó cidadán.

O Decreto 239/1997, do 10 de setembro, sobre desconcentración e delegación de competencias en determinados procedementos para a súa implantación do Servicio de Resposta Inmediata, prevé na súa disposición adicional primeira que para a súa implantación no procedemento para a exención da materia de lingua galega no ensino primario e secundario, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria disporá a delegación das competencias que nesta materia ostentan na actualidade os delegados provinciais da propia Consellería en favor dos directores dos centros públicos de ensino primario e/ou secundario, para que as exerzan en relación cos alumnos matriculados nos seus centros ou naqueles dependentes ou adscritos a eles.

En virtude diso, facendo uso das atribucións que me confire o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

Dispoño:

Primeiro. Delegar nos directores dos centros públicos de ensino primario e/ou secundario radicados na provincia de... a competencia para entender e resolver os procedementos para a exención da materia de lingua galega promovidos polos alumnos matriculados nos seus centros ou naqueles dependentes ou adscritos a eles.

Segundo. As resolucións administrativas que se adopten facendo uso da delegación contida na presente resolución farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse dictadas pola autoridade que a conferiu.

Terceiro. En calquera momento, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá reclama-lo exercicio das competencias que se deleguen mediante esta resolución, de acordo co establecido no artigo 14 da antes citada lei.

..., 12 de setembro de 1997

Asdo.: ...
Delegado Provincial de ...

13. REGULAMENTOS ORGÁNICOS DOS CENTROS EDUCATIVOS

13.1. Educación Infantil e Primaria

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG do 21 de outubro).

Disposicións xerais

Artigo 8º.

1. As escolas de educación infantil e os colexios de educación primaria de titularidade pública dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria ou Colexio de Educación Infantil e Primaria e a denominación específica que aprobe a dita consellería por proposta do consello escolar do centro e con informe favorable do concello.
2. Non poderán existir no mesmo concello escolas de educación infantil ou colexios de educación primaria coa mesma denominación específica.
3. Tódolos centros utilizarán a denominación xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e selos e, en xeral, sempre que se utilice o nome do centro.
4. En tódolos centros figurará na fachada do edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as expresións: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a denominación do centro.
Tamén poderá figura-lo escudo e o nome do concello no que estea situado.

Artigo 12º.

1. Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e a *configuración dun auténtico ensino galego*, con total respecto ós principios básicos da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

Competencias do director

Artigo 27º. —É competencia do director:

- e) Designar, de se-lo caso, o xefe de estudos e o secretario, e propoñe-lo seu nomeamento e destitución. Nomea-los coordinadores de ciclo, o *coordinador de normalización lingüística* e ós titores, de acordo co procedemento establecido neste regulamento.

...

- o) Xestiona-los medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo directivo e coordinadores de ciclo e *normalización lingüística*, canalizando aportacións e intereses e buscando canles de comunicación e colaboración.

Órganos de coordinación docente

Artigo 53º.

1. Nas escolas de educación infantil e nos colexios de educación primaria con seis ou máis unidades existirán os seguintes órganos de coordinación docente:
 - c) Equipo de normalización lingüística.
2. Nos centros con menos de seis unidades as funcións da comisión de coordinación pedagóxica, *equipo de normalización lingüística* e equipo de actividades complementarias e extraescolares serán asumidas polo claustro.

Comisión de coordinación pedagóxica

Artigo 61º.

A comisión de coordinación pedagóxica estará integrada polo director, como presidente; nos centros onde exista, o xefe de estudos; os coordinadores de ciclo; o profesor de apoio á atención de alumnos con necesidades educativas especiais e o *coordinador do equipo de normalización lingüística*; actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director, oídos os restantes membros.

Artigo 62º.

A comisión de coordinación pedagóxica terá, en relación co réxime de funcionamento regulado no título IV deste regulamento, as seguintes competencias:

- i) Propoñe-los profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

Equipo de normalización lingüística

Artigo 63°.

1. Para potencia-lo uso da lingua galega constituirase nos centros un equipo de normalización lingüística, constituído por:
 - a) (*Apartado redactado conforme a corrección de erros do DOG do 6 de novembro de 1996*). Un profesor de cada ciclo, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.
2. Os membros do equipo serán nomeados polo director.
3. Poderán incorporarse ó traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

Artigo 64°.—É competencia do equipo de normalización lingüística:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a melloral a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes a consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

Artigo 65°.

1. A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor del, preferentemente con destino definitivo no centro.
2. Nos centros con tres, catro ou cinco unidades asumirá as funcións de coordinación dos plans de normalización lingüística o director.

Artigo 66°.

O coordinador, que será nomeado polo director por proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante dous anos, renovables, se é o caso, e cesará ó final deles ou cando se dea algunha das causas previstas no artigo 59°.

Artigo 67°.

Cando cese o coordinador do equipo de normalización lingüística antes de finaliza-lo prazo para o que foi designado, o director nomeará, de acordo co procedemento sinalado no artigo 66°, un profesor ata 30 de xuño.

Artigo 68°.—Son competencia do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidi-las reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

Proxecto educativo do centro

Artigo 87°.

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos, das características do contorno escolar e das do centro, o proxecto educativo fixará obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluírá:

- c) Os obxectivos do centro tendentes a logra-la normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

Proxecto curricular de etapa

Artigo 91º.—Os proxectos curriculares de etapa incluírán:

1. As directrices xerais e as decisións seguintes:
 - a) A adecuación dos obxectivos xerais da educación infantil e primaria ó contexto socioeconómico e cultural do centro e as características dos alumnos, tendo en conta o establecido no Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se regula o uso do galego no ensino e na administración educativa, así como o establecido no proxecto educativo do centro.

Regulamento de réxime interior

Artigo 94º.—Deberá concretar, tendo en conta os recursos e características propias do centro, entre outros, os seguintes aspectos:

- c) Canles de coordinación entre os órganos de goberno e coordinadores de ciclo, titores, equipo de normalización lingüística e xefe de equipo actividades complementarias e extraescolares.

13.2. Educación Secundaria

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (DOG do 9 de agosto).

Disposicións xerais

Artigo 3º.

1. Os institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terán a denominación xenérica de «institutos de educación secundaria» e a específica que aprobe a dita consellería por proposta do Consello Escolar.
2. Non poderán existir, na mesma localidade, institutos de educación secundaria coa mesma denominación específica.
3. Tódolos institutos utilizarán a denominación xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e selos, e, en xeral, sempre que se utilice o nome do centro.
4. En tódolos institutos figurará na fachada do edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as expresións: «Xunta de Galicia»,

«Consellería de Educación e Ordenación Universitaria» e a denominación do instituto.

Tamén poderá figura-lo escudo e o nome do concello no que estea situado o centro.

Artigo 6º.

1. Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e a configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto ós principios e valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

Departamentos e outros órganos

Artigo 53º.—Nos institutos de educación secundaria existirán os seguintes órganos de coordinación docente:

1. Departamentos:
 - c) Departamentos didácticos. Segundo as ensinanzas impartidas no centro, poderanse constituír: artes plásticas, ciencias naturais, economía, educación física e deportiva, filosofía, física e química, formación e orientación laboral, francés, grego, inglés, latín, lingua castelá e literatura, *lingua galega e literatura*, matemáticas, música, relixión, tecnoloxía, e xeografía e historia.
2. Outros órganos:
 - c) Equipo de normalización lingüística.

Comisión de coordinación pedagóxica

Artigo 77º.

1. Nos institutos de educación secundaria existira unha comisión de coordinación pedagóxica, que estará integrada polo director ou directora, que será o seu presidente, o xefe ou xefa de estudos e, se é o caso, o xefe ou xefa de estudos de nocturno, os xefes de departamento, *o coordinador do equipo de normalización lingüística*, o profesor ou profesora de apoio a alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e, de se-lo caso, o coordinador de formación en centros de traballo; actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director ou directora, oídos os restantes membros.
2. A comisión de coordinación pedagóxica terá, en relación co réxime de funcionamento regulado no título IV deste regulamento, as seguintes competencias:
 - k) Propoñe-los profesores e profesoras que han formar parte do equipo de normalización lingüística

Equipo de normalización lingüista

Artigo 82°.

1. Para potencia-lo uso da lingua galega constituirase nos centros un equipo de normalización lingüística, constituído por:
 - a) Tres profesores, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.
 - b) Tres alumnos, por proposta da xunta de delegados.
 - c) Un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.
2. Os membros do equipo serán nomeados polo director ou directora.

Artigo 83°.—É competencia do equipo de normalización lingüista:

1. Presentar a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüista que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer a comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deba especificar, cando menos:
 - a) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüista dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñer a comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes a consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica.

Artigo 84°.

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor ou profesora do mesmo, preferentemente con destino definitivo no centro.

Artigo 85°.

O coordinador, que será nomeado polo director ou directora por proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante catro anos, renovables, se é o caso, e cesará ó final dos mesmos ou cando se dea algunha das causas contempladas no artigo 76.

Artigo 86°.

Cando cese o coordinador do equipo de normalización lingüista antes de finaliza-lo prazo para o que foi designado, o director ou directora nomeará de acordo co procedemento sinalado no artigo 85 un profesor ou profesora para o tempo que resta de mandato.

Artigo 87°.—Son competencia do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos a comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidi-las reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

Proxecto educativo do instituto

Artigo 90°.

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas, das características do contorno escolar e das do instituto, o proxecto educativo fixara obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluírá:

- c) Os obxectivos do instituto tendentes a logra-la normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

Reglamento de réxime interior

Artigo 100º.—Deberá concretar, tendo en conta os recursos e características propias do centro, entre outros, os seguintes aspectos:

- c) Canles de coordinación entre os órganos de goberno e xefes de departamento, titores, equipo de normalización lingüística, coordinador de formación en centros de traballo, etc.

13.3. Centros Públicos Integrados

Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias. (DOG do 26 de xaneiro).

Artigo 1º.—Denominación.

1. A denominación xenérica destes centros será a de centro público integrado, acompañada da correspondente ás ensinanzas que imparta o centro.
2. A denominación específica será a aprobada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta formulada polo Consello Escolar do Centro, con informe favorable do concello onde radique o centro.
Os centros públicos integrados que se constitúan por transformación dun colexio de educación primaria ou de educación infantil e primaria manterán o mesmo código e denominación específica, se a teñen, sen prexuízo das modificacións que puidesen producirse segundo o procedemento establecido.
3. Os centros públicos integrados non poderán tela mesma denominación específica que os centros de educación infantil, educación primaria, educación infantil e primaria ou de educación secundaria do mesmo concello.
4. Todos estes centros empregarán a denominación xenérica en lingua galega nos seus letreiros, impresos e selos e, en xeral, sempre que se utilice o nome do centro.
5. En tódolos centros públicos integrados figurarán na fachada do edificio, en lugar visible, un letreiro co escudo de Galicia e as expresións: Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a denominación do centro. Tamén poderá figura-lo escudo e o nome do concello no que estea situado o centro.
6. Para determina-lo número de unidades dos centros públicos integrados computaranse tódalas unidades creadas de educación básica ás que se agregarán, se é o caso, as unidades de educación infantil creadas e/ou os grupos de alumnos doutras ensinanzas.

Órganos de goberno

Artigo 2º.—Principios.

2. Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e pola configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto ós principios e valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

Comisión de coordinación pedagóxica

Artigo 29º.—Composición.

Estará integrada:

- d) O coordinador do equipo de normalización lingüística.

Departamentos didácticos

Artigo 22º.—Estructura.

Segundo as ensinanzas impartidas no centro, poderanse constituír:

- Artes plásticas, ciencias naturais, economía, educación física e deportiva, filosofía, física e química, formación e orientación laboral, francés, grego, inglés, latín, lingua castelá e literatura, *lingua galega e literatura*, matemáticas, música, relixión, tecnoloxía e xeografía e historia.

Artigo 30º.—Competencias.

Son as seguintes:

- k) Propoñe-los profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

Equipo de normalización lingüística

Artigo 33º.—Definición, composición e nomeamento.

O equipo de normalización lingüística constitúese para potencia-lo uso da lingua galega, que estará formado, alomenos, polos seguintes membros:

- a) Un profesor ou profesora que imparta docencia na educación primaria, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Un profesor ou profesora do nivel de educación infantil, se é o caso, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Un profesor ou profesora que imparta docencia na educación secundaria, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.

- d) Tres alumnos ou alumnas, por proposta da xunta de delegados.
- e) Un membro do persoal non docente, por proposta deles.

Os membros do equipo serán nomeados polo director do centro.

Poderán incorporarse ó traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

Artigo 34º.—Competencias do equipo.

Serán as seguintes:

- a) Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- b) Proponer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - b.1) Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b.2) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorala competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- c) Proponer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potencia-la presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
- d) Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- e) Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- f) Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica.

Artigo 35º.—Coordinación.

Será desempeñada por un profesor ou profesora do equipo, preferentemente con destino definitivo no centro.

Artigo 36º.—Nomeamento, duración e cesamento do coordinador.

O coordinador, que será nomeado polo director por proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante catro anos, renovables, se é o caso, e cesará ó remate deles ou cando se dea algunha das causas recollidas no artigo 26º deste regulamento.

Cando cese o coordinador do equipo de normalización lingüística antes de finaliza-lo prazo para o que foi designado, o director nomeará, de acordo co procedemento sinalado nese artigo, un profesor para o tempo que resta de mandato.

Artigo 37º.—Competencias do coordinador.

Serán as seguintes:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidi-las reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións relacionados coa realidade galega.

Proxecto educativo do centro

Artigo 59º.—Contidos.

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas e do contorno, así como dos principios de identidade do centro, incluírá:

- c) Os obxectivos do centro tendentes a logra-la normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

Proxecto curricular

Artigo 66º.—Contido.

Os proxectos curriculares de etapa incluírán:

1. As directrices xerais e as decisións seguintes:
 - a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas educativas que se impartan no centro ó contexto socioeconómico e cultural do centro, e ás características dos alumnos e alumnas, tendo en conta o establecido no Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se regula o uso do galego no ensino e na administración educativa, así como o establecido no proxecto educativo do centro.

Reglamento de réxime interior

Artigo 70º.—Contidos.

- c) Canles de coordinación entre os órganos de goberno e os distintos coordinadores, titores, equipo de normalización lingüística e o xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

14. DESENVOLVEMENTO DOS REGULAMENTOS ORGÁNICOS

14.1. Educación Infantil e Primaria

Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG do 2 de setembro).

CAPÍTULO I

Proxectos de xestión do centro educativo

3. Programación xeral anual

3.4. A programación xeral anual incluirá o seguinte:

- O plan de potenciación da lingua galega.

CAPÍTULO III

Réxime de funcionamento do centro escolar

4. Libros de texto e outros materiais curriculares.

- 4.1. Os centros deberán aterse ás normas fixadas no Decreto 89/1993, do 19 de abril (DOG do 27 de abril), polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral, e mais no Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15 de setembro), modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo (DOG do 3 de abril), polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega, que no artigo 8.2 establece que os materiais que se empreguen nas áreas ou materias que se deben impartir na lingua propia de Galicia terán que estar normalmente en galego.

CAPÍTULO IV
Alumnado

7. Uso e ensino da Lingua galega

- 7.1. Para o ensino e exención da lingua galega estarase ó disposto no Decreto 247/1995, do 14 de setembro, (DOG do 15 de setembro), modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo (DOG do 3 de abril), polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística en todo o que se refire ó ensino da Lingua Galega nos diferentes niveis educativos non universitarios.
- 7.2. Na educación infantil e no primeiro ciclo de educación primaria os profesores usarán no ensino a lingua materna predominante entre os alumnos, tendo en conta a lingua ambiental. No segundo e terceiro ciclos de educación primaria, impartirase en galego, alomenos, dúas áreas de coñecementos, unha das cales será coñecemento do medio natural social e cultural.
- 7.3. A exención da área de lingua galega poderá ser solicitada polos pais dos alumnos procedentes do estranxeiro ou doutra comunidade para cada un dos cursos, cun máximo de tres consecutivos, de acordo co disposto no Decreto 79/1994, do 8 de abril, (DOG do 15 de abril), que regulamenta a exención da materia de lingua galega e a Orde do 30 de xuño de 1994, (DOG do 4 de agosto), que a desenvolve.
- 7.4. Aqueles alumnos que procedentes dunha Comunidade Autónoma con lingua propia non teñan cualificación positiva na dita área, non se lle computará tal circunstancia para os efectos de promoción de ciclo ou etapa, e o secretario do centro receptor estenderá unha dilixencia no libro de escolaridade facendo constar tal extremo.

CAPÍTULO V
Profesorado

- 2.1.13. Aplicarase o desconto horario lectivo semanal que se especifica para cada un dos seguintes supostos:
 - b) Os coordinadores dos equipos de normalización lingüística e de actividades complementarias e extraescolares:
 - Centros de 18 unidades ou máis: 2 horas
 - Centros de menos de 18 unidades: 1 hora

CAPÍTULO VI
Coordinación docente

3. Equipo de normalización lingüística
 - 3.1. De acordo co disposto no artigo 63 do Regulamento dos centros de primaria e infantil, co obxecto de potencia-lo uso da lingua galega, constituirase en cada centro un equipo de normalización lingüística.
 - 3.2. Este equipo estará formado por un profesor de cada ciclo, nomeado polo director por proposta da comisión de coordinación pedagóxica, podendo incorporarse ó traballo do equipo, para temas puntuais, outros membros da comunidade escolar.
 - 3.3. No artigo 64 e seguintes do devandito regulamento fixéanse a súas competencias, así como as do coordinador, que será nomeado polo director, por proposta dos membros do equipo por un período de dous anos renovables.
 - 3.4. O equipo de normalización lingüística reunirse cunha periodicidade mensual e realizará unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias. As actividades que se van realizar polo equipo de normalización lingüística incluíranse na programación xeral anual.

14.2. Educación Secundaria

Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento. (DOG do 2 de setembro).

*Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega
(documento n° 8)*

27. Segundo o establecido no punto 4 do artigo 83 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, o plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega será elaborado polo equipo de normalización lingüística. Da súa redacción encargarase o coordinador do equipo de normalización lingüística. Nel recollerase a relación, secuenciada e temporalizada, de actividades programadas para o curso nas que se concretan os obxectivos previstos tanto no plan xeral para o uso do idioma como no plan específico para potencia-la presenza da realidade galega que forman parte do proxecto curricular do instituto.

28. Os aspectos económicos do plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega serán recollidos polo coordinador do equipo de normalización lingüística nun anteproxecto económico, que constará de dúas partes. A primeira fará referencia ó período inicial do curso ata o mes de decembro, nela terase en conta o orzamento anual xa aprobado. A segunda parte, que será sometida á consideración da dirección co fin de que a inclúa, se procede, no seu anteproxecto de orzamento do centro, recollerá as actividades previstas desde xaneiro ó final de curso e terá en conta a estimación económica que o equipo directivo estableza en base as previsións económicas do orzamento do ano seguinte.

Horario dos profesores

84. En virtude do establecido no punto cuarto da citada Orde do 1 de setembro de 1987, os profesores con responsabilidades directivas ou de coordinación docente terán, como máximo, segundo as disponibilidades de profesorado do centro, as reducións horarias semanais que se indican a continuación.

O coordinador do equipo de normalización lingüística poderá ter unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo.

14.3. Centros Públicos Integrados

Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias. (DOG do 2 de novembro).

Documento nº 6: plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega

29. Segundo o establecido no punto d) do artigo 34 do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados, o plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega será elaborado polo equipo de normalización lingüística. Nel recollerase a relación, secuenciada e temporalizada, de actividades programadas para o curso nas que se concretan os obxectivos previstos tanto no plan xeral para o uso do idioma como no plan específico para potencia-la presenza da realidade galega que forman parte do proxecto curricular do centro.
30. Os aspectos económicos do plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega serán recollidos polo coordinador do equipo de

normalización lingüística, nun anteproxecto económico, que constará de dúas partes. A primeira fará referencia ó período inicial do curso ata o mes de decembro, nela terase en conta o orzamento anual xa aprobado. A segunda parte, que será sometida á consideración da dirección co fin de que a inclúa, se procede, no seu anteproxecto de orzamento do centro, considerará as actividades previstas desde xaneiro ó final de curso e terá en conta a estimación económica que o equipo directivo estableza con base nas previsións económicas do orzamento do ano seguinte.

Equipo de normalización lingüística

71. A composición, organización e as competencias do equipo de normalización lingüística son as que establece o capítulo VI do título II do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados.
72. O equipo de normalización lingüística reunirse unha vez ó mes e sempre que o convoque o coordinador ou por petición dun tercio, cando menos, dos seus membros. En calquera caso, haberá unha reunión ó principio do curso e outra ó remate del.
73. O coordinador do equipo de normalización lingüística, oído o equipo, presentará á dirección a proposta de gastos de acordo co orzamento aprobado polo consello escolar e as achegas, se as houbese, específicas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
74. A memoria, que incluírá os aspectos económicos, redactada polo coordinador, será entregada ó secretario no prazo que estableza a dirección do centro de acordo co calendario previsto para face-la avaliación da programación xeral anual prevista no punto 43 destas instrucións.

Horario dos profesores

105. En virtude do establecido no punto cuarto da citada Orde do 1 de setembro de 1987, os profesores con responsabilidades directivas ou de coordinación docente terán, como máximo, segundo as disponibilidades de profesorado do centro, as reducións horarias semanais que se indican a continuación:
O coordinador do equipo de normalización lingüística poderá ter unha redución de ata tres períodos lectivos como máximo.

14.4. Conservatorios e centros autorizados de ensinanzas musicais

Circular 7/2000, do 20 de setembro, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa pola que se dictan instrucións para a organización e funcionamento dos conservatorios e dos centros autorizados de ensinanzas musicais.

12. Segundo o establecido no punto 4 do artigo 8.3 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, o plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega será elaborado polo equipo de normalización lingüística. Da súa redacción encargarase o coordinador do equipo de normalización lingüística. Nel recollerase a relación secuenciada e temporalizada, de actividades programadas para o curso nas que se concretan os obxectivos previstos tanto na plan xeral para o uso do idioma como no plan específico para potencia-la presenza da realidade galega que forman parte do proxecto curricular do conservatorio.
13. Os aspectos económicos do plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega serán recollidos polo coordinador do equipo de normalización lingüística, nun anteproxecto económico, que constará de dúas partes. A primeira fará referencia ó período inicial do curso ata o mes de decembro, nela terase en conta o orzamento anual xa aprobado. As segunda parte, que será sometida á consideración da dirección co fin de que a inclúa, se procede, no seu anteproxecto de orzamento do centro, recollerá as actividades prevista dende xaneiro ó final de curso e terá en conta a estimación económica que o equipo directivo estableza en base ás presións económicas do orzamento do ano seguinte.

B. LEIS EDUCATIVAS

15. LEIS DE ÁMBITO ESTATAL

15.1. LODE

Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación. (BOE do 4 de xullo).

Artigo 2º.

A actividade educativa, orientada polos principios e declaracións da Constitución, terá, nos centros docentes a que se refire a presente Lei, as seguintes fins:

- e) A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España.

15.2. LOXSE

Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. (BOE do 4 de outubro).

Artigo 1º.

1. O sistema educativo español, configurado de acordo cos principios e valores da Constitución, e asentado no respecto ós dereitos e liberdades recoñecidos nela e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, orientarase á consecución dos seguintes fins previstos na dita lei:

- e) A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España.

Artigo 13º.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos as seguintes capacidades:

- a) Utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma.

Artigo 14º.

2. As áreas deste nivel educativo serán as seguintes:

- d) Lingua castelá, lingua oficial propia da correspondente Comunidade Autónoma e Literatura.

Artigo 19º.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- a) Comprender e expresar correctamente a lingua castelá e, na lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, orais e escritos.

Artigo 20º.

2. Serán áreas de coñecemento obrigatorias nesta etapa as seguintes:

- e) Lingua castelá, lingua oficial propia da correspondente Comunidade Autónoma e Literatura.

Artigo 26º.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- a) Domina-la lingua castelá e a lingua oficial propia da Comunidade Autónoma.

Artigo 27º.

4. Serán materias comúns do bacharelato as seguintes:
Lingua castelá, lingua oficial propia da correspondente Comunidade Autónoma e Literatura.

Artigo 50º.

4. Nas Escolas Oficiais de Idiomas fomentarase especialmente o estudo dos idiomas europeos, así como o das linguas cooficiais do Estado.

15.3. LOPAG

Lei Orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes. (BOE do 21 de novembro).

Artigo 38º.—Requisitos para o acceso ó Corpo de Inspectores de Educación.

2. Os aspirantes deberán estar, ademais, en posesión do título de Doutor, Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto e poder acreditar o coñecemento requirido por cada Administración educativa autonómica da lingua oficial distinta ó castelá nos seus respectivos ámbitos territoriais.

16. LEIS DE ÁMBITO AUTONÓMICO

16.1. A Lei galega de adultos

Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos. (DOG do 6 de agosto).

Artigo 2º.—A educación e promoción de adultos abarca os seguintes campos fundamentais de actuación:

- c) A formación e actualización cultural, con especial incidencia no coñecemento do idioma e da cultura galegas.

C. ETAPAS EDUCATIVAS

17. DECRETOS CURRICULARES E ORDES DE IMPLANTACIÓN

17.1. Educación infantil

Decreto 426/1991, do 12 de decembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 14 de xaneiro).

A normalización lingüística do noso sistema educativo é un obxectivo imprescindible de acordo coa lexislación vixente, expresada fundamentalmente na Constitución, no Estatuto de autonomía e na Lei de normalización lingüística.

En cada centro existe unha situación sociolóxica específica que hai que considerar. Revisarase anualmente o estudio sociolingüístico do colexio ó incorpora novo alumnado. A estratexia de cada centro hai que entendela enmarcada non só nas grandes liñas definidas polo modelo de normalización aplicado, senón tamén polos grandes principios de carácter psicopedagóxico nos que se fundamente. O conxunto de opcións recomendadas detállanse no DCB de educación infantil, no seu apartado 4.1.1. (Fonte sociolóxica: comunidade e lingua).

Artigo 7º.

A distribución horaria organizarase dentro dunha perspectiva globalizada e incluírá actividades que permitan respectar ritmos de actividade, xogo e descanso dos nenos e das nenas.

Artigo 9º.

Co fin de contribuír á normalización lingüística do noso sistema educativo en cumprimento da normativa vixente, o centro deberá considera-la súa situación sociolingüística específica e actuar nos termos recomendados nos distintos proxectos da consellería e no deseño curricular base de educación infantil.

ANEXO

O Estatuto de autonomía de Galicia determina no artigo 5.1. «A lingua propia de Galicia é o galego», e o artigo 31 establece que «é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades...» Xa que logo, tendo en conta esta especificidade en canto á lingua, por un lado, e á idade das criaturas, polo outro, cómpre unha toma de conciencia por parte dos equipos docentes

dos centros coa finalidade es establece-la estratexia didáctica axeitada cara á consecución do determinado no artigo 13.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística que di «As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán».

O profesorado dos centros xunto co equipo de potenciación do galego farán unha valoración da situación na que se atopan co fin de dar cumprimento ó preceptuado no artigo 2º.2 do Decreto 135/1983 ², do 8 de setembro, que establece: «No nivel de preescolar (educación infantil) e no ciclo inicial de educación xeral básica, os profesores usarán na clase a lingua materna predominante entre os alumnos, coidando que estes adquiren de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios do correspondente nivel...».

A importancia de que nesta valoración se deba implicar todo o equipo docente radica na significatividade que para as nenas e nenos teñen as actitudes do adulta cara á lingua.

Os criterios nos que se funda tal elección deberán ser de carácter pedagóxico e non responderán unicamente a opinións individuais.

En principio, garantiráselles ós nenos e ás nenas o seu ensino na lingua materna. En calquera caso a decisión será recollida no proxecto educativo do centro. Á hora de inicialos nas actividades dunha ou doutra lingua, haberá que coida-la metodoloxía pois a educación infantil debe ter un carácter eminentemente global.

Non é conveniente o emprego indistinto das dúas linguas, mentres o pequeno e a pequena non presenten certa competencia na súa lingua de referencia, pois iso dificulta a aprendizaxe.

A familia será informada acerca das vantaxes de conseguir un bilingüismo equilibrado e enriquecedor coa finalidade de que participen na toma de decisións.

A escola debe ser material con debuxos e palabras ou textos curtos nas linguas na que se está a educar co fin de que non se produzan desaxustes entre o que os picariños e as picariñas ven e o que oen.

2 Derrogado polo Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15).

Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do 2º ciclo da educación infantil. (DOG do 21 de maio).

- 10º.** Cada centro fará un estudio sociolingüístico sobre o contexto social onde estea o colexio e no que se constate a lingua materna dos alumnos. A partir deste estudio buscará a estratexia didáctica máis axeitada, enmarcándoa nas grandes liñas definidas polo traballo dos equipos e polos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta. En todo caso, darase cumprimento ó preceptuado no Decreto 135/1983³, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística. A opción lingüística e as estratexias didácticas elixidas serán recollidas no proxecto educativo do centro.
1. Os pais serán informados das vantaxes de conseguir un bilingüismo equilibrado e enriquecedor, coa finalidade de que participen na toma de decisións.
- 21º.** A distribución do tempo dentro da aula estará en función das decisións tomadas no proxecto curricular de ciclo así como nas programacións. En calquera caso o horario será flexible e non contemplará a distribución por áreas, dado o carácter globalizado do modelo curricular para esta etapa.

17.2. Educación Primaria

- a) *Real Decreto 1006/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Primaria (BOE do 26 de xuño).*

Artigo 2º.

Co fin de desenvolver as capacidades ás que se refire o artigo 13 da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, os alumnos deberán alcanzar os seguintes obxectivos ó longo da Educación Primaria:

- a) Comprender e producir mensaxes orais e escritos en castelán e, no seu caso, na lingua propia da Comunidade Autónoma, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación, así como comprender e producir mensaxes orais e escritos sinxelos e contextualizados nunha lingua estranxeira.

3 Derogado polo Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15).

Artigo 3º.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, as áreas da Educación primaria serán as seguintes:

d) Lingua Castelá, Lingua oficial propia da correspondente Comunidade Autónoma e Literatura.

b) *Decreto 245/1992, do 30 de xullo, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 14 de agosto).*

Artigo 1º.

O currículo para a Educación Primaria nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria será o que recolle o Anexo do presente decreto.

Artigo 5º.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades seguintes:

a) Utilizar, de xeito apropiado, a lingua galega e a lingua castelá.

Artigo 6º.

A fin de desenvolve-las capacidades citadas, os alumnos deberán alcanzar ó longo da Educación Primaria os obxectivos seguintes:

a) Comprender e producir mensaxes orais e escritas en lingua galega e lingua castelá, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación, así como comprender e producir mensaxes orais e escritas sinxelas e contextualizadas nunha lingua estranxeira.

Artigo 7º.

1. A Educación Primaria organizarase nas áreas que se sinalan, que serán obrigatorias e terán un carácter global integrador:

a) Lingua e Literatura Galegas.

Artigo 8º.

Sen prexuízo do carácter global e integrador das áreas nas que se organiza a Educación Primaria, establécese a seguinte distribución horaria:

A. Primeiro ciclo:

- Lingua e Literatura Galega, 4.
- Lingua Castelá e Literatura, 4.
- Aspectos comúns das linguas, 0'5.

- Educación Artística, 2'5.
- Educación Física, 2'5.
- Matemáticas, 5.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural, 5.
- Relixión Católica/Actividade de estudio, 1'5.

B. Segundo e Terceiro ciclos:

- Lingua e Literatura Galega, 4.
- Lingua Castelá e Literatura, 4.
- Lingua Estranxeira, 3
- Educación Artística, 2.
- Educación Física, 2.
- Matemáticas, 4.
- Coñecemento do medio natural, social e cultural, 4'5.
- Relixión Católica/Actividade de estudio, 1'5.

Artigo 10º.

Co fin de contribuír á normalización lingüística da comunidade educativa, o centro deberá considera-la súa situación sociolingüística específica e actuar de acordo coa normativa vixente.

c) *Orde do 17 de agosto de 1992 pola que se regula a implantación da educación primaria. (DOG, 26/08/92).*

14. Cada centro fará un estudio sociolingüístico sobre o contexto social onde estea situado o colexio e no que se constate a lingua materna dos alumnos. A partir deste estudio buscará a estratexia didáctica máis axeitada, enmarcándoa nas grandes liñas definidas polo traballo dos equipos e polos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta. En todo caso, darase cumprimento ó preceptuado no Decreto 135/1983 ⁴, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística.

A opción lingüística e as estratexias didácticas elixidas serán recollidas no proxecto educativo de centro.

1. Os pais serán informados das vantaxes de conseguir un bilingüismo equilibrado e enriquecedor, coa finalidade de que participen na toma de decisións.
2. Cada ano os centros deberán revisa-lo estudio sociolingüístico ó incorporar novos alumnos.

4 Derrogado polo Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15).

17.3. Educación Secundaria Obligatoria

- a) *Real Decreto 1007/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obligatoria. (BOE do 26 de xuño). Modificado polo Real Decreto 894/95, do 2 de xuño (BOE do 24) e polo Real Decreto 3473/2000, do 29 de decembro (BOE do 16 de xaneiro de 2001).*

Artigo 2º.

«Co fin de desenvolver as capacidades ás que se refire o artigo 19 da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, os alumnos deberán alcanza-los seguintes obxectivos ó largo da educación secundaria obrigatoria:

- a) Comprender e producir mensaxes orais e escritos con propiedade, autonomía e creatividade en castelán e, no seu caso, na lingua propia da Comunidade Autónoma e reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe e a contribución deste á organización dos propios pensamentos.
- l) Coñecer e aprecia-lo patrimonio cultural e lingüístico e contribuír a súa conservación e mellora, desenvolvendo unha actitude de interese respecto cara a dimensión pluricultural e plurilingüística entendida como un dereito dos pobos e dos individuos».

Artigo 3º.

1. De acordo co establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, as áreas da Educación Secundaria Obligatoria serán as seguintes:
- e) Lingua Castelá, Lingua oficial propia da correspondente comunidade autónoma e Literatura.

ANEXO II

(Real Decreto 3473/2000, do 29 de decembro)

De acordo coo establecido no artigo 4º da LOXSE, as Comunidades Autónomas con lingua oficial distinta do castelá, en relación cos horarios das ensinanzas mínimas das áreas do ámbito lingüístico, dispoñerán do 10 por 100 do horario escolar total que se deriva do presente anexo, para a organización das ensinanzas da mencionada lingua propia. En todo caso, garantirán unha distribución proporcional de dita porcentaxe entre as diferentes áreas lingüísticas, respectando para estas os aspectos básicos do currículo establecidos no anexo I.

- b) *Decreto 78/1993, do 25 de febreiro polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 4 de abril).*

O currículo debe partir da nosa propia realidade e incorpora-los novos saberes desde as nosas raíces culturais e orixinarias, de xeito que a lingua e a cultura galega sexan un elemento integrador en interrelación coas outras culturas.

Desde este punto de vista a escola convértese nun ámbito privilexiado de conciencia lingüística e cultural e, ó mesmo tempo, en instrumento fundamental para o cambio dentro da sociedade.

Artigo 1º.

O currículo para a Educación Secundaria Obrigatoria nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria será o que recolle o Anexo do presente decreto.

Artigo 3º.

Co fin de desenvolve-las capacidades propias desta etapa, os alumnos e as alumnas deberán acadar, ó longo da Educación Secundaria Obrigatoria, os seguintes obxectivos:

- a) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e, polo menos, nunha lingua estranxeira; utilizándoas para comunicarse e organiza-los propios pensamentos e para reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe.
- m) Coñecer e aprecia-lo patrimonio natural e cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, entende-la diversidade lingüística e cultural coma un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenrolar unha actitude de interese e respecto de cara ó exercicio deste dereito.

Artigo 5º.

1. As áreas da Educación Secundaria Obrigatoria serán as seguintes:
 - f) Lingua Galega e Literatura.

- c) *Orde do 19 de xuño de 1996 pola que se regula a implantación da educación secundaria obrigatoria. (DOG do 11 de xullo).*

Artigo 6º.

O horario semanal⁵ para cada un dos cursos desta etapa será de trinta períodos lectivos no primeiro ciclo e de trinta e dous no segundo ciclo, segundo a distribución que con carácter xeral figura no anexo I da presente orde.

Independentemente da distribución horaria establecida con carácter xeral no devandito anexo, os centros terán autonomía para decidi-la distribución por cursos dos períodos lectivos establecidos para o primeiro ciclo, en función das súas necesidades organizativas e de carácter educativo. Esta decisión deberá constar no proxecto curricular do centro. En ningún caso unha área ou materia poderá ter menos de dous períodos lectivos en cada curso.

5 A Orde do 31 de maio de 2001 (DOG do 27 de xuño) modifica para o curso 2001-2002 o horario semanal da educación secundaria obrigatoria establecido na Orde do 19 de xuño de 1996, dispoñendo no seu artigo único o seguinte:

No curso 2001-2002, os centros educativos engadirán ós seus horarios lectivos semanais, elaborados conforme a Orde do 19 de xuño de 1996, no primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria os períodos semanais que se relacionan a continuación:

- a) En primeiro curso, un período semanal na área de lingua galega e literatura, que se destinará á realización de actividades de lectura dirixida.
- b) En segundo curso, un período semanal na área de lingua castelá e literatura, que se destinará á realización de actividades de lectura dirixida.
- c) En primeiro e segundo curso, un período semanal na área de matemáticas.

Como consecuencia destas modificacións, o número total de períodos semanais en primeiro e segundo curso de educación secundaria obrigatoria será de 32.

ANEXO I

Áreas e materias	Períodos lectivos semanais					
	1º ciclo			2º ciclo		
	1º	2º	Total	3º	4º	Total
Lingua galega e literatura	4	2	6	3	3	6
Lingua castelá e literatura	4	2	6	3	3	6
Lingua estranxeira	3	3	6	3	3	6
Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3	6	3	4	7
Matemáticas	3	3	6	3	3	6
Educación física	2	2	4	2	2	4
Ciencias da natureza *	3	3	6	3	3	6
Educación plástica e visual *	3	-	3	2	3	5
Tecnoloxía *	-	4	4	3	3	6
Música *	-	3	3	2	3	5
Optativa I	2	2	4	2	3	5
Optativa II	-	-	-	-	3	3
Relixión	2	2	4	2	1	3
Titoría	1	1	2	1	1	2
Períodos lectivos totais:	30	30		32	32	

No 4º curso os alumnos deberán escoller entre as catro áreas troncais que figuran cun asterisco (*), segundo o establecido na presente orde. A elección pola que se opte deberá ter un cómputo de 6 períodos lectivos semanais.

Artigo 11º.

6. Os programas de diversificación curricular incluírán tres áreas de coñecemento con tratamento de contidos globalizador:

- Unha área de lingua estranxeira que tomará como referencia o currículo do idioma correspondente e que terá dous períodos lectivos semanais.
- Unha área do ámbito lingüístico e social que tomará como referencia o currículo das áreas seguintes: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, e ciencias sociais, xeografía e historia; e que terá dez períodos lectivos semanais.

- Unha área do ámbito científico que tomará como referencia o currículo das áreas de matemáticas e ciencias da natureza e que terá sete períodos lectivos semanais.
7. Os alumnos completarán este programa con tres áreas do currículo común: tecnoloxía, educación física e educación plástica e visual no terceiro curso, e tecnoloxía, educación física e música no cuarto curso. Estas áreas serán cursadas por estes alumnos co seu grupo de referencia.

17.4. Bacharelato

- a) *Real Decreto 1178/1992, do 2 de outubro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do Bacharelato. (BOE do 21). Modificado polo Real Decreto 3474/2000, do 29 de decembro. (BOE, 16 de xaneiro de 2001).*

Artigo 2º.

O currículo do Bacharelato terá como obxectivo desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- a) Domina-la lingua castelá e, no seu caso, a lingua propia da Comunidade Autónoma.

ANEXO II (Real Decreto 3474/2000, do 29 de decembro)

De acordo coo establecido no artigo 4 da LOXSE, as Comunidades Autónomas con lingua oficial distinta do castelán, en relación cos horarios das ensinanzas mínimas das materias do ámbito lingüístico, dispoñerán do 10 por 100 do horario escolar total que se deriva do presente anexo, para a organización das ensinanzas da mencionada lingua propia. En todo caso, garantirán unha distribución proporcional de dita porcentaxe entre as diferentes materias lingüísticas, respectando para estas os aspectos básicos do currículo establecido no anexo I.

- b) *Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 31 de agosto). Modificado e completado polo Decreto 235/95, do 20 de xullo (DOG do 10 de agosto).*

Artigo 2º.

O currículo para o bacharelato nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria será o que recolle o anexo do presente decreto.

Artigo 7º.

O currículo do bacharelato terá como obxectivo desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

- a) Domina-la lingua galega e a castelá.

Artigo 9º.

1. Son materias comúns do bacharelato:

- Lingua galega e literatura.

2. Cada unha das materias comúns cursaranse nos dous anos do bacharelato ou en un só deles, segundo determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Disposicións adicionais

Primeira.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as pautas xerais para logra-la integración lingüística daqueles alumnos e alumnas exentos da materia de lingua galega ó abeiro do Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre a exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio.

- c) *Orde do 18 de maio de 2000 pola que se regula a implantación do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 01/06/00).*

Artigo 5º.—Distribución das materias nas modalidades de bacharelato.

1. A distribución das materias das modalidades de bacharelato para os dous cursos da etapa, e o horario asignado a cada unha delas, establécense nos anexos I e II desta orde respectivamente.

2. Os centros ofertarán ó alumnado tódalas materias comúns, así como tódalas materias propias das modalidades que teñan autorizadas.

3. Os alumnos matriculados nas diferentes modalidades de bacharelato que se impartan no centro, con carácter xeral, agruparanse nas diferentes materias sempre que o número de alumnos non sexa superior a 35.

ANEXO I
Distribución das materias do Bacharelato

CURSO	MATERIAIS	MODALIDADES			
		CIENCIAS DA NATURALIDADE DA	TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
1º	Comúns	Educación física - Filosofía - Lingua castelá e literatura - Lingua galega e literatura Lingua estranxeira - Relixión			
	Propias de modalidade	-Matemáticas I -Física e química -Bioloxía e xeoloxía	-Matemáticas I -Física e química -Tecnoloxía industrial I	-Historia do mundo contemporáneo -Latín I -Grego	-Debuxo artístico I -Volume -Debuxo técnico
				-Matemáticas aplicadas -Ciencias sociais -Economía	
	Oprativas	- Segunda lingua estranxeira I - Ética e filosofía do dereito - Literatura universal contemporánea - Música I - Taller artístico I - Xeometría da arte			

CURSO	MATERIAIS	MODALIDADES						ARTES	
		CIENCIAS DA NATURALEZA E DA SAÚDE		TECNOLOXÍA		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS			
		Opción A	Opción B	Opción A	Opción B	Opción A	Opción B		
2º	Comúns	Historia - Lingua castelá e literatura - Lingua galega e literatura - Lingua estranxeira							
	Propias de modalidade	-Matemáticas II -Física -Debuxo técnico/Bioloxía	-Ciencias da terra e do medio ambiente -Química -Bioloxía	-Matemáticas II -Física -Debuxo técnico	-Tecnoloxía Industrial II -Electrotecnia -Mecánica -Debuxo técnico	-Latín II -Historia da filosofía -Historia da arte	-Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II -Xeografía -Economía e organización de empresas	-Debuxo artístico II -Imaxe -Fundamentos de deseño -Técnicas de expresión gráfico-plástica -Historia da arte	
	Oprativas	<ul style="list-style-type: none"> - Segunda lingua estranxeira II - Filosofía da ciencia e da tecnoloxía - Grego II - Historia e xeografía de Galicia - Introducción ás ciencias políticas e socioloxía - Literatura galega do século XX 						<ul style="list-style-type: none"> - Literaturas hispánicas - Métodos estatísticos e numéricos - Música II - Taller artístico II - Volume II - Xeoloxía 	

ANEXO II
Cadro Horario

Curso	Materias comúns	Horas	Materias propias de modalidade	Horas	Materias optativas	Horas	Total horas
1º	Educación Física	233332	1ª materia propia de modalidade 2ª materia propia de modalidade 3ª materia propia de modalidade	444	Materia optativa	4	
	Filosofía Lingua galega e literatura Lingua castelá e literatura Lingua estranxeira Relixión Suman						
2º	Historia de España	3333	1ª materia propia de modalidade 2ª materia propia de modalidade 3ª materia propia de modalidade	444	1ª materia optativa 2ª materia optativa	44	
	Lingua galega e literatura Lingua castelá e literatura Lingua estranxeira Suman.....						
		16	Suman	12	Suman	4	32
		12	Suman	12	Suman	8	32

ANEXO III
(Redactado conforme ó establecido na corrección de erros publicada
no DOG do 23 de xuño de 2000)

Materias de bacharelato	Especialidades
Métodos estatísticos e numéricos	Matemáticas
Filosofía da ciencia e da tecnoloxía	Filosofía
Introducción ás ciencias políticas e socioloxía	Filosofía
Ética e filosofía do dereito	Filosofía
Historia e xeografía de Galicia	Xeografía e historia
Literatura galega do século XX	Lingua e literatura galega
Literatura universal contemporánea	Lingua castelá e literatura Lingua e literatura galega Linguas estranxeiras
Literaturas hispánicas	Lingua castelá e literatura Lingua e literatura galega
Economía	Economía (1)
Economía e organización de empresas	Economía (1)
Electrotecnia	Tecnoloxía
Mecánica	Tecnoloxía
Volume	Debuxo
Fundamento de deseño	Debuxo
Imaxe	Debuxo
Taller artístico	Debuxo
Xeometría da arte	Debuxo

18. AVALIACIÓN

18.1. Libros de Escolaridade

Orde do 30 de outubro de 1992 pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación, das ensinanzas de Réxime Xeral reguladas pola LOXSE, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos. (BOE do 11 de novembro). Modificada pola Orde do 2 de abril de 1993. (BOE do 15).

Na súa virtude, e previo informe do Consello Escolar do Estado e dos órganos competentes das Comunidades Autónomas que dispoñen de competencias plenas en materia de educación, este Ministerio dispón:

Segundo.

2. *(Apartado redactado conforme ó establecido na Orde do 2 de abril de 1993; BOE do 15).* Nas Comunidades Autónomas nas que as linguas teñan estatutariamente atribuído carácter oficial, os Libros de Escolaridade e de Cualificacións poderán ser redactados na correspondente lingua, debendo ser expedidos, en todo caso, en forma bilingüe cando o pidan os alumnos e debendo figurar sempre o texto castelá cando o Libro haxa de producir efectos fora do ámbito da Comunidade.

19. MATERIAIS CURRICULARES

19.1. Libros de texto

Decreto 89/1993, do 16 de abril, polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para as ensinanzas de réxime xeral. (DOG, 27/04/93).

Artigo 2º.

Coa finalidade de acada-la autorización prevista no apartado anterior, as empresas editoriais enviarán á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os proxectos dos libros de texto e outros materiais que teñan previsto editar, e que deberán incluír, polo menos:

- h) Tódolos proxectos de libros de texto e demais materiais que se teñan previsto editar en galego deberanse ater ó disposto no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre normativización da lingua galega e a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

D. MODALIDADES EDUCATIVAS

20. EDUCACIÓN DE ADULTOS

20.1. Regulación, estructura e currículo

Orde do 26 de maio de 1997 pola que se regula o ensino básico para as persoas adultas, se establece a súa estrutura e o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, 15/07/97).

As ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria

Artigo 6º.—Organización.

4. O ámbito da Comunicación recolle ensinanzas correspondentes á lingua galega e literatura, á lingua castelá e literatura, ás linguas estranxeiras, á educación plástica e visual e á música.

ANEXO IV

Currículo do ensino básico para as persoas adultas

I. Ensinanzas correspondentes ós coñecementos básicos iniciais.

Enténdese, xa que logo, que no nivel II se deben afianzar e consolidar aquelas capacidades e técnicas instrumentais acadadas no nivel I. En todo caso, o ámbito de Comunicación corresponderanlle as capacidades lingüísticas tanto orais como escritas de lingua galega e de lingua castelá. O ámbito de Matemáticas corresponderanlle o estudo e a representación do espazo, os números, as medidas e as gráficas, e a iniciación á estatística. O ámbito da Natureza e Sociedade corresponderanlle as ensinanzas que se refiran ó ser humano e á saúde, ó medio físico e ós seres vivos, ás paisaxes do mundo, á poboación e ás actividades humanas, á organización da sociedade, á vida no pasado, ós transportes e ás comunicacións, ás máquinas e ós aparellos, e á humanidade e á enerxía.

O tratamento destas temáticas atenderá ás características e necesidades das persoas adultas, polo que a súa concreción e desenvolvemento deberá plasmarse no proxecto curricular de cada centro.

Ámbito da comunicación

Introducción. Obxectivos xerais.

Co fin de desenvolve-las capacidades ligadas ós coñecementos correspondentes ó ámbito da Comunicación, as persoas adultas deberán acadar los seguintes obxectivos establecidos para este ámbito:

- Valorar positivamente as dúas linguas da nosa comunidade e afirma-la lingua galega como propia de Galicia.
- Comprender diferentes tipos de discursos orais e escritos nas linguas galega e castelá, así como aqueles nos que se integre a linguaxe verbal e non verbal, e analiza-lo seu uso nos diferentes contextos e situacións.
- Expresarse oralmente e por escrito nas linguas galega e castelá con-coherencia, corrección, creatividade e adecuación, e integrar harmonicamente tódolos recursos expresivos, tanto lingüísticos como non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas, evitando os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas, sexistas, etc.
- Reflexionar sobre os mecanismos da lingua e os seus elementos formais para a mellora e o perfeccionamento da capacidade comunicativa.
- Utilizar técnicas de documentación e recollida de información sobre temas de interese, contrastando distintas fontes, e organizar esta información a través da linguaxe verbal.
- Analizar e interpreta-las linguaxes específicas e as funcións sociais dos medios de comunicación, e amosar unha actitude crítica ante o seu poder para influír na opinión pública e ante os intereses que poden representar.
- Ler obras claves das literaturas galega e castelá, valorando a lectura como fonte de pracer, ampliación de experiencias, coñecemento do patrimonio cultural e estímulo para unha práctica literaria propia.

20.2. Ordenación xeral das ensinanzas de adultos

- b) *Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros. (DOG, 13/04/99).*

Artigo 3º.

1. As ensinanzas de educación de persoas adultas terán como finalidade:
 - c) A formación e actualización cultural, con especial incidencia no coñecemento do idioma e da cultura galegos.

Artigo 5º.

2. Ensinanzas non regradas.
 1. Formación para a aprendizaxe de idiomas:
 - a) Cursos de iniciación e perfeccionamento de galego.

20.3. Horarios (Bacharelato)

Orde do 14 de abril de 1999 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 29. Modificada pola Orde do 17 de xuño de 1999 (DOG do 12 de xullo).

CAPÍTULO II

Organización académica das ensinanzas de bacharelato para persoas adultas

Artigo 4º.

1. As ensinanzas do bacharelato para as persoas adultas configúranse coa ordenación establecida con carácter xeral para o réxime ordinario no Decreto 275/1994, do 29 de xullo. En consecuencia, estas ensinanzas comprenderán dous anos académicos e organizaranse en modalidades.
2. *(Apartado redactado conforme o establecido na Orde do 17 de xuño de 1999; DOG do 12 de xullo).* Dadas as condicións, necesidades e intereses das persoas adultas, as ensinanzas do bacharelato poderán impartirse, con carácter xeral, entre as dezaseis horas e as vintedúas trinta horas, de luns a venres. En todo caso, o horario deberá adaptarse ó establecido no anexo I desta Orde e os períodos lectivos non poderán ser inferiores a cincuenta minutos.
3. Para o establecemento do horario teranse en conta as necesidades específicas dos alumnos e alumnas que desexen cursar estas ensinanzas.

ANEXO I
Cadro horario

Curso	Materias comúns	Horas	Materias propias de modalidade	Horas	Materias optativas	Horas	Total horas
1º	Educación Física	2e+05	1ª materia propia de modalidade	444	Materia optativa	4	
	Filosofía		2ª materia propia de modalidade				
	Lingua galega e literatura		3ª materia propia de modalidade				
	Lingua castelá e literatura						
	Lingua estranxeira						
	Relixión						
	Suman	16	Suman	12	Suman	4	32
2º	Historia	3333	1ª materia propia de modalidade	444	1ª materia optativa	44	
	Lingua galega e literatura		2ª materia propia de modalidade				
	Lingua castelá e literatura		3ª materia propia de modalidade				
	Lingua estranxeira						
	Suman.....	12	Suman	12	Suman	8	32
Para titoría establecerase un espacío horario con tal fin.							

CAPÍTULO V
Matrícula

2.2. O alumnado poderá conformalo seu propio itinerario académico, que poderá resultar diferente dos establecidos no anexo II para cada modalidade. En todo caso, respectarase a modalidade elixida.

CURSO	MATERIAIS	MODALIDADES			
		CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE	TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
1º	Comúns	Filosofía - Lingua castelá e literatura - Lingua galega e literatura - Lingua estranxeira - Educación Física - Religión			
	Propias de modalidade	-Matemáticas I -Física e química -Biología e xeoloxía	-Matemáticas I -Física e química -Tecnoloxía industrial I	-Historia do mundo contemporáneo -Latín/Matemáticas aplicadas ás CC.SS. -Grego/Economía	-Debuxo artístico I -Volume -Debuxo técnico
	Optativas		-2ª Lingua estranxeira I -Música I	-Literatura universal contemporánea -Ética e filosofía do dereito	-Xeometría da arte -Taller artístico

ANEXO II
Modalidades de bacharelato

CURSO	MATERIAIS	MODALIDADES						ARTES
		CIENCIAS DA NATUREZA E DA SAÚDE		TECNOLOXÍA		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		
		Opción A	Opción B	Opción A	Opción B	Opción A	Opción B	
2º	Comúns	Historia - Lingua castelá e literatura - Lingua galega e literatura - Lingua estranxeira		-Lingua galega e literatura - Lingua estranxeira				
	Propias de modalidade	-Matemáticas II -Física -Debuxo técnico/Bioloxía	-CC. Terra e Ambiente -Química -Bioloxía	-Matemáticas II -Física -Debuxo técnico	-Tecnoloxía Industrial II -Electrónica -Mecánica	-Latín II -Historia da filosofía -Historia da arte	-Matemáticas aplicadas ás CCSSII -Xeografía -Economía e organización de empresas	-Debuxo artístico II -Imaxe -Fundamentos de deseño -Técnicas de expresión gráfico-plástica -Historia da arte
	Oprativas			-2ª lingua estranxeira -Música II				
		-Xeoloxía -Métodos estadísticos e numéricos -Filosofía da ciencia e da tecnoloxía				-Literatura galega -Historia e xeografía de Galicia -Literaturas hispánicas -Grago II -Introduc. ás CC. Políticas e socioloxía	-Taller artístico II -Volume	

21. ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

21.1. Contidos mínimos do primeiro nivel das ensinanzas de galego

Decreto 392/1990, do 19 de xullo, polo que se aproban os contidos mínimos do primeiro nivel das ensinanzas especializadas do idioma galego nas escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia (DOG do 28).

Polo Real decreto 96711988, do 2 de setembro, regulamentanse nas escolas oficiais de idiomas as ensinanzas correspondentes ó primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas, articulándose en dous ciclos: o ciclo elemental, de tres cursos de duración e o ciclo superior de dous cursos de duración.

Establecidos os obxectivos destas ensinanzas nos artigos 4º e 5º do citado real decreto resulta necesario establece-los contidos mínimos dos dous ciclos nos que se estrutura o dito nivel para o idioma galego.

Na súa virtude, por proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezanove de xullo de mil novecentos noventa,

Dispoño:

Artigo 1º.

Apróbanse os contidos mínimos das ensinanzas especializadas de idiomas do primeiro nivel do idioma galego que figuran no anexo do presente decreto para impartir nas escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.

As ensinanzas correspondentes ós ciclos elemental e superior terán unha duración mínima de 360 e 240 horas, respectivamente, que se distribuirán equilibradamente entre os distintos cursos de cada ciclo.

Disposición derradeira

Autorízase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto. Santiago de Compostela, dezanove de xullo de mil novecentos noventa.

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente

JUAN PIÑEIRO PERMUY
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

CONTIDOS DO 1º NIVEL
PRIMEIRO CICLO - CICLO ELEMENTAL

(3 cursos)

1º CURSO:

1. Fonética.
 - O alfabeto galego. Nomes das letras.
 - Fonemas vocálicos. Abertos e pechados. Ditongos e tritongos.
 - Fonemas consonánticos.
 - A ortografía. Uso dos grafemas máis elementais.
 - O acento. O til. Os seus usos.
 - A diérese. O guión. Signos de puntuación elementais.
2. O Substantivo.
 - O xénero e a formación do feminino.
 - Substantivos femininos e masculinos de especial interese.
 - O xénero das árbores froiteiras.
 - Os terminados en -axe e en -se (grego -sis).
 - Os procedentes de -anu/-ana e -ane.
 - O número. Singular e plural.
 - A formación do plural.
 - O plural dos terminados en -l e -n. Os terminados en vocal ou ditongo.
3. O adxectivo.
 - Xénero e número.
 - Gradación do adxectivo: igualdade, inferioridade e superioridade.
 - Posición.
4. O artigo. O artigo determinado. Formas reducidas e segunda forma.
 - Formas contractas do determinado.
 - O artigo indeterminado. Formas contractas.
 - Principais usos do artigo determinado e indeterminado.
5. O pronome persoal.
 - Formas tónicas e átonas.
 - Concorrenza de formas átonas.

Uso de te e che.

Emprego das formas oblicuas no segundo termo da comparación.

Posición do pronome átono na frase dependendo dunha forma verbal finita.

6. O demostrativo.

Formas. Masculino, feminino e neutro.

Contraccións coa preposición

Usos e valores especiais.

7. O posesivo.

Formas. Masculino e feminino. Un e varios posuidores.

Posesivo precedido de artigo.

Posición.

8. Os indefinidos e numerais.

Formas variables e invariables dos indefinidos.

Algunhas contraccións.

Numerais. Cardinais e ordinais.

9. Relativos, interrogativos e exclamativos.

Formas e usos dos máis importantes.

Construcións especiais,

10. O verbo.

Conxugación dos verbos regulares.

Verbos con alternancia vocálica de 2ª e 3ª.

Conxugación dos verbos irregulares.

Perifrases. Uso das seguintes: Ter que + infinitivo, xerundio, estar a + infinitivo, ir + xerundio, andar + xerundio, e andar a + infinitivo.

11. O adverbio.

Formas dos adverbios de lugar, modo e tempo máis usuais.

12. A preposición. Preposicións e locucións prepositivas máis frecuentes.

2º CURSO:

1. Fonética.

Valor significativo do timbre. Oposicións fonolóxicas.

A sílaba. Estructura.

Agrupacións vocálicas e consonánticas.

Signos de puntuación. Profundar e ampliación. O seu uso.

Entoación. Pautas de entoación básicas: ascendente, descendente...

Estructuras entoativas: enunciativas, interrogativas, exclamativas, afectivas-emotivas, dubitativas...

Contraste entre «n» velar e «n» alveolar.

Ortografía. Grupos consonánticos máis frecuentes e dubidosos.

Asentamento de palabras cultas e semicultas. Familias léxicas irregulares.

2. Substantivo.

Aumentativo, despectivo e diminutivo.

Casos especiais na formación do plural. Palabras compostas. Adaptación de nomes novos.

O significado do xénero.

Casos especiais na formación do feminino.

3. O adxectivo.

Clases e posición.

Apócope.

Concordancia. Casos especiais.

A gradación. Formas analíticas e sintéticas. O superlativo.

4. O artigo.

Usos cos nomes propios, alcumes, nomes xeográficos e en expresión temporais.

A forma el.

Secuencias nas que non contrae a preposición co artigo.

5. O pronome persoal.

Secuencias de pronomes átonos.

Os reflexivos. Usos con verbos transitivos.

Profundamento da posición do pronome átono na frase con formas perifrásticas e formas infinitas. Casos especiais da posición do pronome átono (con adverbios, indefinidos...).

6. Os demostrativos.
Profundamento no estudio dos demostrativos.
Uso de: estoutro, esoutro e aqueloutro.
7. Os posesivos.
Uso e significación.
As formas de respecto. O caso de MI.
Formas que expresan propiedade exclusiva e o distributivo. Outras.
O posesivo como substantivo.
8. Os indefinidos e os numerais.
Formas de multiplicativos, partitivos e colectivos.
Profundamento no uso dos indefinidos e numerais.
9. O verbo.
Profundamento no estudio dos verbos da 2ª e 3ª con alternancia vocálica.
Usos e valores dos distintos tempos.
Formas infinitas: infinitivo, xerundio e participio. Participios dobres.
Uso do infinitivo conxugado.
Profundamento no estudio dos verbos irregulares.
Perífrases.
Formas, valores e usos.
Grupo de verbos que se mantiveron na segunda (tipo rexer, ocorrer).
10. O adverbio.
Clases.
Formas do adverbio de lugar, modo, tempo, cantidade e precisión.
Outros adverbios. Locucións adverbiais.
Tratamento dos casos especiais.
A afirmación, negación e dúbida.
11. A preposición.
Ampliación do estudio da preposición e locucións prepositivas.
12. A conxunción.
Estudio das formas. O seu significado e usos.

3º CURSO:

1. Fonética.
Fenómenos especiais que afectan ó vocalismo: aférese, epéntese, parágoxe, prótese, síncope e apócope.
Vacilación vocálica.
Fenómenos consonánticos: gheada, seseo, yeísmo, rotacismo, despalatalización...
Ortografía. Outros grupos cultos.
Profundamento no uso dos signos de puntuación.
2. O pronome persoal.
O desprazamento de significación. O maxestático.
Os reflexivos: ampliación. Uso cos verbos pronominais. Pasiva. O se da pasiva.
A interpolación.
Verbos que admiten dobre construción (te, o/lle-lles).
3. O verbo.
Vocais abortas e pechadas nos verbos regulares e irregulares.
Profundamente no uso do infinitivo conxugado.
Verbos en construción: copulativa, transitiva, pronominais e reflexivos.
A concordancia co suxeito. Construcións impersoais máis frecuentes.
4. Modalidades oracionais.
Oracións enunciativas, interrogativas, exhortativas, imperativas e desiderativas.
Oracións exclamativas e dubitativas.
Afirmativas e negativas.
A interxección.
5. Sintaxe.
A comparación.
Cláusulas temporais. Construcións posibles en nexos utilizados.
Cláusulas de lugar, causais, de relativo e completivas.
6. Historia externa da lingua.
O nacemento do galego.
O galego na Idade Media. Situación social da lingua.
Séculos escuros. Causas da decadencia da lingua a nivel da escrita.
Do rexurdimento á actualidade. Século XIX. Século XX. Situación de pre e posguerra.

7. Situación actual da lingua.
Linguas en contacto.
O conflito lingüístico.
Bilingüismo e diglosia.
Distribución social da lingua.
Normalización e normativización.
8. A lingua estándar.
A desviación da norma.
Interferencias lingüísticas, Castelanismos (fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos).
Fenómenos deferencialistas. O hipergaleguismo.
Arcaísmo e lusismos.
Vulgarismos e dialectalismos.

*LÉXICO PARA O 1º CICLO OU CICLO ELEMENTAL
DO 1º NIVEL*

PARA O 1º CURSO:

1. O tempo cronolóxico.
2. O corpo humano.
3. A saúde e as enfermidades.
4. A casa.
5. Utensilios e obxectos da casa-cociña.
6. A cidade.
7. A roupa e calzado.
8. As comidas.
9. As bebidas.
10. A cafetería e o restaurante.
11. Relacións de parentesco.
12. O mercado. A compra. O supermercado.

PARA O 2º CURSO:

1. As diversións.
2. Os deportes.
3. Os xogos.

4. A paisaxe. O medio.
5. As árbores froiteiras.
6. Outras árbores e plantas.
7. Os animais.
8. Fenómenos meteorolóxicos.
9. Oficios e profesións.
10. Estados psíquicos, sensacións o sentidos.
11. O ensino.
12. Pesas e medidas.

PARA O 3º CURSO:

1. O universo e a natureza.
2. O medio agrícola. Labores, produtos, ferramentas o máquinas.
3. O medio industrial.
4. A xeografía. Nomes xeográficos (a toponimia).
6. A antroponimia. Nomes de persoas.
7. Medios de comunicación,
8. A informática.

2º CICLO - CICLO SUPERIOR

1º CURSO:

1. Revisión e fundamentos dos contidos do 1º ciclo (elemental).
 - a) Nivel fonético-fonolóxico. Ortografía.
 - b) Morfolóxico.
 - c) Sintáctico.
 - d) Léxico-semántico.
2. Sintaxe.

Cláusulas copulativas e disxuntivas.
Adversativas, concesivas, modais, finais, consecutivas e condicionais.
3. Variedades sociais o contextuais.

Rexistros.
Estilos ou niveis.
Variedades especiais: xergas (barallete, arxinas), sectoriais (científico-técnico, medicina...).

4. Variedades xeográficas.
Fonéticas, morfolóxicas e léxicas.
Distribución dos distintos fenómenos.
Bloques, áreas e subáreas lingüísticas.
5. O galego na península.
Caracterización do galego fronte ás outras linguas romances da península.
Trazos conservadores e innovadores.
Constitución da lingua. O latín traído á Gallaecia.
Achegas de substrata Significado do léxico e o seu uso.
Achegas de superestrato. Significado do léxico e o seu uso.
Préstamos.
Voces patrimoniais, semicultas e cultas.
6. A lingua na Idade Media.
Características da lingua medieval: gráficas, fonéticas, morfolóxicas e léxicas.
Textos en verso e prosa.
7. A recuperación da lingua galega na escrita.
Primeiras manifestacións nos séculos XVII-XVIII.
Intentos para establecer unha lingua estándar.
Dicionarios e gramáticas.
8. O traballo creador da xeración Nós no eido lingüístico.
O labor ou o intento por establecer unha lingua válida para tódolos usos.
Características lingüísticas en textos da época.

3º CURSO:

1. O léxico.
A formación de palabras.
Familias léxicas regulares e irregulares.
Palabras derivadas. Prefixos máis frecuentes.
Sufixos diminutivos, aumentativos e despectivos.
Sufixos derivativos máis usuais.
2. A semántica. Campos semánticos: descrición de campos semánticos de interese.
Sinonimia, polisemia e homonimia.

Antónimos e inversos.

Tabú e eufemismo.

3. Estado actual da situación lingüística.
A recuperación lingüística de posguerra.
A investigación e divulgación da lingua galega. Léxicos, gramáticas e dicionarios.
A modernización do léxico e a creación de léxicos específicos.
4. O uso do galego en distintos ámbitos.
O galego na literatura actual.
O galego nos medios de comunicación.
O galego na administración.
O galego na produción científica.
5. Expresións e modismos.
Frases feitas e usos.
Expresións populares.
Refráns, ditos e adiviñas.
Insistencia no estudo e uso de locucións nominais, verbais, adverbiais, prepositivas e conxuntivas.
6. Particularidades da sintaxe galega.
Posición do pronome átono. A interpolación.
Usos especiais do pronome el.
Casos con dificultada na comparativa.
Outros.
7. Comentarios lingüísticos de textos.
Comentario fonético, morfolóxico, sintáctico e léxico-semántico de textos en prosa, verso ou outros de interese.
8. Revisión e profundamento xeral do 1º nivel e a traducción.
 - a) Do primeiro ciclo.
 - b) Do segundo ciclo.
 - c) A traducción. Dificultades.

21.2. Potenciación do uso do galego

Circular 17/1995, do 10 de novembro, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros, pola que se regula a organización e funcionamento das escolas oficiais de idioma, dependentes da Consellería de Educación.

1.1. Potenciación do uso do galego nos centros de ensino:

O establecemento na Constitución Española (artigo 3.3), e o preceptuado no Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 5.3) e no título III da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, lévanos á potenciación do uso do galego nos centros de ensino coa actuación seguinte:

Cada Centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará un plan para seguir a impulsar tanto o uso do galego coma a competencia lingüística da comunidade escolar. O devandito plan, elaborado a partir da realidade de cada centro, incluirá:

- Medidas que potencien o uso do galego nas actividades do centro: actas, anuncios, comunicados, letreiros, oficios, etc.
- Capacitación e proxectos de formación para o máis amplo uso do idioma por parte dos profesores, alumnos e persoal da Administración.
- Fixación de obxectivos que se propón acadar para potencia-la competencia lingüística, incluído os sistemas de comprobación - avaliación deles.

Para coordinar esta plan en cada centro constituirase un equipo dirixido por un profesor del, nomeado polo director do centro, por proposta do claustro de profesores e integrado por:

- Tres profesores, designados por proposta do claustro.
- Tres alumnos, designados por proposta da xunta de delegados ou, se é o caso, dos delegados de curso.
- Un representante do persoal non docente, por proposta del.

Este equipo coordinador pode acolle-las persoas que queiran colaborar nos asuntos da súa competencia.

Os gabinetes de normalización lingüística das delegacións provinciais asesorarán e a Inspección Educativa supervisará os plans de potenciación do uso do galego; os coordinadores docentes de galego estarán a disposición da dinamización dos equipos.

Así mesmo o centro, dentro das súas disponibilidades, fará unha liberación de tres horas lectivas semanais, para que o profesor dirixa o equipo citado.

Correspóndelle deseña-lo plan ó equipo coordinador que o someterá ó claustro de profesores e ó consello escolar. Unha copia do plan quedará no centro incluída na Programación Xeral Anual, que estará a disposición (para consulta) da comunidade escolar

3. Elaboración da Memoria Anual.

A memoria anual será remitida á Delegación Provincial para a súa análise pola Inspección Educativa, antes do día 15 de xullo.

A memoria anual recollerá alomenos os seguintes puntos:

- Avaliación da programación xeral anual
- Conclusións derivadas da aplicación da programación xeral.
- Avaliación do plan de potenciación do uso do galego.
- Grao de consecución dos obxectivos do plan de potenciación do galego.
- Memoria final dos departamentos na que conste unha avaliación: sobre os obxectivos, distribución dos contidos, as materias didácticas empregadas, a idoneidade da metodoloxía utilizada, e a adecuación dos criterios de avaliación.

E. REQUISITOS QUE DEBEN POSUÍ-LOS PROFESORES DOS CENTROS PRIVADOS

22. PARA IMPARTI-LA ÁREA DE LINGUA GALEGA

Orde do 25 de novembro de 1997 pola que se regulan os requisitos que deben, posuí-los profesores dos centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia para impartir-la área de lingua galega e literatura e as materias optativas da educación secundaria obrigatoria e bacharelato; determínanse os coñecementos necesarios de lingua galega dos profesores e o procedemento de habilitación para exercer-la docencia na educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. (DOG do 22 de decembro).

Dispoño:

Primeiro.

Regúlanse os requisitos que deben posuí-los profesores de centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia para impartir-la área de lingua galega e literatura e as materias optativas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato; determínanse os coñecementos necesarios de lingua galega dos profesores e o procedemento de habilitación para exercer-la docencia na educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Segundo.

Deberán solicita-la habilitación para exercer-la docencia nos centros privados tódolos profesores, agás os que reúnan os requisitos de titulación do anexo I.

Terceiro.

Os profesores para seren habilitados, seren reúnen os requisitos previstos na Orde do 11 de outubro de 1994, na Orde do 24 de xullo de 1995 ou na presente orde, deberán segui-lo procedemento establecido nesta disposición.

Cuarto.

Os profesores para exercer-la docencia nos centros pertencentes ó ámbito de aplicación desta orde deberán ter superado, co fin de facer efectivo o disposto no Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15), polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, o curso de perfeccionamento de lingua galega ou outros estudos declarados equivalentes pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Quinto.

1. As titulacións requiridas para impartir-la área de lingua galega e literatura da educación secundaria obrigatoria e no bacharelato serán as que se recollen no anexo II e anexo III desta orde.
2. As titulacións requiridas para impartir-las materias optativas da educación secundaria obrigatoria e bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo Orde do 1 de febreiro de 1995 (DOG do 30 de marzo), orde do 30 de abril de 1996 (DOG do 29 de maio) e Orde do 2 de maio de 1996 (DOG do 30), serán as que se recollen para cada unha delas no anexo IV desta orde.

Sexto.

1. Ademais dos profesores ós que se refire o punto quinto e os anexos II e III desta orde poderán impartir-la área de lingua galega no primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria os mestres, e/ou outros profesores que reúnan os requisitos establecidos no anexo V desta orde, sempre que comezasen a impartir-lo dito ciclo antes de finalizar-lo ano 1997.
2. Ademais dos profesores ós que se refire o punto quinto e o anexo IV desta orde poderán impartir, no primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria as materias optativas que se indican, os mestres e outros profesores que reúnan os requisitos establecidos no anexo VI desta orde, sempre que comezasen a impartir-lo dito ciclo antes de finalizar-lo ano 1997.

Disposicións transitorias

Primeira

1. Os profesores que, á entrada en vigor da presente orde, estean desempeñando postos de traballo nos centros privados e non teñan superados os cursos de formación previstos no punto cuarto desta orde, disporán ata o 31 de agosto do ano 2000 para a realización destes.

2. A partir da entrada en vigor da presente orde, os profesores que non reunindo os requisitos de formación previstos no punto cuarto se incorporen a un posto de traballo en centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia, disporán de dous anos, desde a súa incorporación, para acreditar a formación necesaria en lingua galega.

3. A Consellería de Educación e ordenación Universitaria, para facer efectivo o establecido nos dous apartados anteriores, convocará os cursos de formación que considere necesarios.

Segunda.

Os profesores ós que fai referencia o apartado 1 do punto sexto, se non posúen a especialidade prevista no anexo V, disporán dun prazo tres anos, a partir da entrada en vigor desta orde, para obtela. Durante este período poderán continuar impartindo lingua galega e literatura no primeiro ciclo da ESO.

ANEXO I

c) Para lingua galega e literatura, da ESO e do bacharelato, non terán que solicitar habilitación os licenciados en Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica (sección Galego-Portugués).

ANEXO II

Titulacións para impartir a área de lingua galega e literatura na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.

1. Licenciado en Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica (sección Galego-Portugués).

2. Calquera titulación universitaria superior e acreditación de ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención dos títulos do apartado anterior.

ANEXO III

Titulacións dos profesores de formación profesional e BUP-COU para impartir-la lingua galega na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.

Os profesores que, á entrada en vigor desta orde, estivesen impartindo as materias de lingua galega, literatura galega e lingua e literatura galega en centros autorizados para ensinanzas de BUP-COU ou FP da Lei 14/1970, e non posúan a titulación prevista no anexo II desta orde, poderán continuar impartindo esta materia na ESO e no bacharelato se teñen titulación universitaria superior da área de humanidades ou da área de ciencias sociais ou xurídicas e acrediten formación suficiente na materia ou ben acrediten que contan con autorización expresa da Consellería de Educación e ordenación Universitaria para impartir-las ditas materias.

ANEXO V

Os mestres, diplomados en EXB, mestres de primeira ensinanza e profesores que posúan un título que sancione ensinanzas universitarias dunha duración superior ou igual á de mestre poderán impartir-la área de lingua galega e literatura no primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- a) Diploma de especialización de lingua galega nos cursos convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- b) Teñan superados os tres primeiros cursos de Filoloxía Galega o Filoloxía Hispánica (sección Galego-Portugués).
- c) Certificado de aptitude de galego da Escola Oficial de Idiomas.
- d) Autorización expresa da Consellería de Educación e ordenación Universitaria para impartir-la materia.

ANEXO VII

Correspondencia, para a súa impartición, entre materias de BUP-COU, formación profesional de primeiro e segundo grao e áreas ou materias de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Materias de BUP-COU-FP	Correspondencia con materias optativas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato
Lingua galega e literatura. Lingua galega. Literatura galega.	Área de lingua galega e literatura. Lingua galega e literatura.

23. TITULACIÓNS MÍNIMAS E AS CONDICIÓN S QUE DEBEN POSUÍ-LOS PROFESORES

Orde do 30 de setembro de 1998 pola que se regulan as titulacións mínimas e as condicións que deben posuí-los profesores para impartir formación profesional específica e a área de tecnoloxía da educación secundaria obrigatoria en centros privados e en determinados centros educativos de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 29 de outubro).

Segundo.

1. Para poder impartilos módulos profesionais, definidos nos decretos polos que se establecen os títulos de técnico e técnico superior, incluídos na columna B do anexo I da Orde do 23 de febreiro de 1998 (BOE do 27) nos centros incluídos no ámbito de aplicación desta Orde, os interesados deberán reuni-los seguintes requisitos:
 - a) Posuí-las titulacións correspondentes contidas na columna C do citado anexo, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda desta Orde en relación coas titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia.
 - b) Acreditar, co fin de facer efectivo o disposto no Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15), polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, que superaron o curso de perfeccionamento de lingua galega ou outros estudos declarados equivalentes pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
2. As persoas que reúnan o requisito a) citados no punto anterior, poderán exercer-la docencia nos módulos profesionais correspondentes á súa titulación sen necesidade de seren habilitadas polo procedemento previsto nesta Orde.
3. As persoas que non teñan o requisito b) e se incorporen a un posto de traballo nos centros incluídos no ámbito de aplicación desta Orde disporán de dous anos, desde a data da súa incorporación, para acreditaren a formación necesaria en lingua galega.

Disposicións transitorias

2. A partir da entrada en vigor da presente Orde, os profesores que, non reunindo os requisitos de formación previstos na alínea b) do seu punto segundo.1, se incorporen a un posto de traballo en centros privados da Comunidade Autónoma de Galicia, disporán de dous anos, desde a súa incorporación, para acreditaren a formación necesaria en lingua galega.

F. ACCESO Á FUNCIÓN DOCENTE

24. CORPO DE MESTRES: ASPECTOS LINGÜÍSTICOS DA CONVOCATORIA

Orde do 8 marzo de 2001 pola que se convoca concurso-oposición para ingreso no corpo de mestres en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma así como a adquisición de novas especialidades. (DOG do 12).

SECCIÓN SEXTA

Comezo e desenvolvemento do concurso-oposición

36. Comezo. O proceso establecido nesta orde de convocatoria dará comezo coa proba de coñecementos da lingua castelá para os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e coa proba de coñecementos da lingua galega para o resto dos aspirantes sempre que non estean exentos da súa realización.

39. Proba de coñecementos da lingua galega.

Esta proba, que se levará a cabo de forma escrita, consistirá na resposta a varias cuestións sobre o temario de lingua galega que figura no anexo IV e unha tradución do castelán para o galego. Non terá carácter eliminatorio, agás no caso das especialidades de educación infantil, educación especial-pedagogía terapéutica, educación especial-audición e linguaxe e educación musical. A dita proba que lles será facilitada ós tribunais pola Dirección Xeral de Persoal, deberá realizala a totalidade dos aspirantes que non estean exentos da súa realización.

A valoración da proba de coñecementos da lingua galega farase con carácter previo á realización da fase de oposición establecida no punto 40.2 nas especialidades de educación infantil, educación especial-pedagogía terapéutica, educación especial-audición e linguaxe e educación musical, dado o carácter eliminatorio daquela.

Ó remate da fase de oposición prevista no punto 40.2 desta convocatoria, valoraráselle-la proba de lingua galega ós aspirantes das demais especialidades que resulten seleccionados, segundo o establecido no punto 48 desta convocatoria.

Quedan exentos da realización desta proba os aspirantes que teñan superado, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, o curso de perfeccionamento en lingua galega ou contén coa súa

validación, feita pola Dirección Xeral de Política Lingüística ou órgano competente, os licenciados en filloxía galaico-portuguesa e os que teñan superado o curso de especialización en lingua galega, sempre que o acrediten no prazo de presentación de solicitudes.

O tempo para a realización da proba será dunha hora e non se poderá utilizar diccionario. A súa cualificación será apto ou non apto.

Os aspirantes, para os que a proba non sexa eliminatória, declarados non apto deberán ter acreditados os cursos de iniciación e perfeccionamento do galego que para tal fin se convoquen, nun prazo máximo de dous anos.

45. Os aspirantes das especialidades de educación infantil, educación especial-pedagogía terapéutica, educación especial-audición e linguaxe e educación musical deberán, ademais, supera-la proba de coñecementos da lingua galega, agás que estean exentos da súa realización.

NOTAS:

Cuarta.—De conformidade co artigo 6º da Orde do 11 de novembro de 1998 as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e perfeccionamento.

ANEXO IV

Programa de lingua galega nas oposicións de primaria

Tema 1. Formación da lingua galega. Niveis de lingua e tratamento escolar.

Tema 2. A realidade actual da lingua: estatus legal e escolar. A normalización lingüística no ensino.

Tema 3. Particularidades fonéticas, morfosintácticas e léxicas do galego en relación coas linguas limítrofes. Tratamento escolar das interferencias.

Tema 4. Vocalismo e consonantismo.

Tema 5. O texto. Temas e subtemas. Esquema oracional. Oración simple e composta. Coordinación e subordinación.

Tema 6. O substantivo e o adxectivo. Oracións subordinadas substantivas. Oracións subordinadas adxectivas.

Tema 7. Pronomes persoais. Formas, funcións e colocación con respecto ó verbo.

Tema 8. Artigos, posesivos, demostrativos, numerais, indefinidos e interrogativos.

Tema 9. O verbo. Verbos irregulares. A perífrase.

Tema 10. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. As oracións subordinadas adverbiais.

25. CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO

25.1. Temario

Orde do 1 de marzo de 1995 pola que se aproba o temario que rexerá nos procedementos de ingreso, adquisición de novas especialidades e mobilidade para a especialidade de lingua galega e literatura do corpo de profesores de ensinanza, secundaria. (DOG do 21).

O Real decreto 850/1993, do 4 de xuño, polo que se regula o ingreso e a adquisición de especialidades nos corpos de funcionarios docentes a que se refire a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación, xeral do sistema educativo, establece un novo sistema de acceso que pon fin ó procedemento previsto na disposición transitoria quinta da mesma lei para as tres primeiras convocatorias posteriores á súa promulgación.

A fase da oposición regulada no artigo 22 do citado real decreto articúlase sobre os correspondentes temarios que deberán incluír dúas partes que comprendan, respectivamente, os contidos propios e específicos do ámbito científico correspondente e os coñecementos de carácter didáctico e educativo en xeral.

Resultando necesario aproba-lo temario da especialidade de lingua galega e literatura do corpo de profesores de ensino secundario, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dispón:

Primeiro.

O cuestionario específico que constitúe a parte A do temario, á que se refiren os artigos 24 e 41.3 do Real decreto 850/1993, do 4 de xuño, para as convocatorias de ingreso, adquisición de novas especialidades e mobilidade no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade lingua galega e literatura será o que se establece na presente orde e que figura no anexo I.

Segundo.

O cuestionario de carácter didáctico e de contido educativo xeral que constitúe a parte B, a que se refire o artigo 24 do real decreto antes citado, é o que se establece na presente orde o que figura no anexo II.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1995.

JUAN PIÑEIRO PEMUY
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I
Temario de lingua e literatura galegas

1. A comunicación e as súas variedades. A comunicación humana. A linguaxe e as súas funcións.
2. A lingua como sistema. O signo lingüístico. Lingua e fala. Sincronía e diacronía.
3. As variedades e rexistros de lingua.
4. Os medios de comunicación de masas. Os medios impresos e os medios audiovisuais. Imaxe e texto.
5. Orixe do galego. A romanización. Influencia doutras linguas na conformación do idioma. Voces patrimoniais, cultas e semicultas. Os préstamos.
6. A lingua na Idade Media. Os primeiros textos. O galego, lingua de cultura. Características da lingua medieval.
7. A lingua do século XVI ó XIX. Os séculos XVI e XVII. O século XVIII: a Ilustración. O século XIX: o Rexurdimento. Características da lingua nesta etapa.
8. A lingua no século XX ata 1975. A etapa das Irmandades da Fala e da Xeración Nós. A etapa da posguerra. A normativización.
9. A lingua na actualidade. O marco legal. Estandarización e normalización.
10. A situación lingüística mundial. As familias lingüísticas. As linguas de Europa. As linguas oficiais.
11. Lingua e sociedade. Actitudes e normas de uso lingüístico. Bilingüismo e diglosia.
12. Linguas en contacto. A asimilación lingüística. As interferencias lingüísticas e as alternancias de código.

13. Fonemática. As vocais. As consoantes.
14. A sílaba. O acento na palabra e no grupo tonal. Encontros de fonemas na palabra e no sintagma. A entoación.
15. A palabra e os seus constituíntes. Formación de palabras. A derivación: prefixación, sufixación e parasíntese. A composición.
16. O significado da palabra. Denotación e connotación. O campo semántico. Sinonimia e antonimia; homonimia e polisemia. O eufemismo.
17. O substantivo e o adxectivo.
18. O verbo. Estructura xeral. A raíz: verbos regulares e irregulares; as alternancias vocálicas e consonánticas. A vocal temática e as conxugacións.
19. O verbo. Estructura xeral. O tempo e o modo. O número e a persoa. O aspecto. A voz.
20. As formas non finitas do verbo e o infinitivo conxugado. As perífrases verbais.
21. O persoal.
22. O demostrativo. O posesivo. O artigo. Os identificativos.
23. Os indefinidos, numerais, relativos, interrogativos e exclamativos.
24. O adverbio. A preposición e a conxunción. A interxección.
25. O modo da enunciación oracional. A afirmación. A negación. A dúbida. A interrogación. A exclamación.
26. As funcións do esquema oracional. O predicado. Clases de oración segundo a natureza do predicado.
27. As funcións do esquema oracional. O suxeito. Os complementos. Outras funcións.
28. A oración composta. As oracións coordinadas. As oracións subordinadas.
29. Os esquemas sintácticos non predicativos. A frase. A comparación.
30. Estratexias para a análise, a síntese e o resumo de textos.
31. O texto e as súas partes. Temas e subtemas. Tipos de textos.
32. A narración. Estructura. A expresión temporal. Características
33. A descrición. Estructura. A expresión da situación. Características.
34. A explicación. Estructura. Características e argumentación. As definicións. Os dicionarios.

35. A literatura como produto lingüístico, estético e social. Características da lingua literaria.
36. Literatura e sociedade. Autor e sociedade. A función social da literatura. Especificidade da literatura en contextos bilingües.
37. A literatura e a súa relación con outras manifestacións culturais: cine, música, arquitectura e pintura...
38. A literatura popular. Características. Influencia na literatura culta. Recompilacións.
39. O xénero lírico. Características e desenvolvemento.
40. O xénero narrativo. Características e desenvolvemento.
41. O xénero dramático. Características e desenvolvemento.
42. A literatura na Idade Media. Contexto sociocultural. Autores. Códices. Periodización. Características da lírica trobadoresca.
43. A cantiga de amigo.
44. A cantiga de amor.
45. A cantiga de escarnio e maldicir.
46. Os xéneros poéticos menores.
47. As cantigas de Santa María. A prosa medieval.
48. A decadencia da lírica galego-portuguesa. A escola galego-castelá.
49. A decadencia da literatura culta na Idade Moderna. A dialectalización da lingua. As manifestacións cultas e populares nos séculos XVI, XVII e XVIII.
50. A literatura no século XIX. Contexto político e sociocultural. Os precursores. O Rexurdimento.
51. Rosalía de Castro.
52. Eduardo Pondal.
53. Manuel Curros.
54. Os epígonos do Rexurdimento.
55. O século XX. Contexto sociocultural O nacionalismo galego. As Irmandades da Fala. O Grupo Nós.
56. Ramón Cabanillas.
57. Ramón Otero Pedrayo.
58. Vicente Risco.
59. Alfonso R. Castelao.

60. As vangardas en Galicia. Manuel Antonio e Amado Carballo. A escola neotrobadoresca.
61. Rafael Dieste. Outros prosistas e dramaturgos de preguerra.
62. Galicia na inmediata posguerra. A literatura no exilio. A actividade editorial e cultural no interior desde os anos 50. A diversificación do xénero ensaístico.
63. Alvaro Cunqueiro. O poeta. O narrador. O dramaturgo.
64. Eduardo Blanco Amor e Anxel Fole. Outros narradores desta etapa.
65. A poesía de postguerra. Caracterización e tendencias. Luís Pimentel. Aquilino Iglesia Alvariño. Xosé María Díaz Castro.
66. Celso Emilio Ferreiro e Antón Tovar. Tendencias poéticas. Outros poetas desta etapa.
67. A promoción de poetas dos 50. Das Festas Minervais ó grupo Brais Pinto. Principais autores e tendencias.
68. Últimas premocións poéticas. Constitución de grupos. Pluralidade de voces e tendencias.
69. A renovación da prosa. Caracterización. Principais cultivadores da novela e da narrativa breve.
70. Autores e orientacións narrativas a partir de 1975.
71. O teatro actual. Situación e perspectivas.
72. Ensaio e artigo xornalístico: conexións literarias.

ANEXO II

1. A educación secundaria na Lei Orgánica de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE): educación secundaria obrigatoria, bacharelato, finalidades e estrutura.
2. A formación profesional na LOXSE. Os seus compoñentes. Formación profesional específica de grao medio e grao superior. Vinculación da formación profesional cos demais niveis educativos.
3. Desenvolvemento curricular da LOXSE. Fontes e funcións do currículo. Análise dos elementos curriculares na área e as materias da especialidade correspondente.
4. Características básicas do desenvolvemento psicolóxico dos adolescentes. Aspectos cognitivos, motrices, afectivos e sociais. Implicacións no proceso de ensinanza e aprendizaxe da área e materias da especialidade pola que se opta.

5. A organización dos centros. Os órganos de goberno e de coordinación didáctica. Normativa sobre o funcionamento dos centros. Traballo en equipo e colaboración docente.
6. Programación das intencións educativas no centro. Funcións e decisións propias dos proxectos curriculares da secundaria obrigatoria e bacharelato. Estratexias de elaboración.
7. Presencia, nas diferentes áreas do currículo da educación secundaria, de contidos (transversais) relativos á educación moral e cívica, á educación para a paz, á cooperación internacional, á igualdade entre os sexos e á educación ambiental.
8. Fundamentación da área e materias da especialidade pola que se opta e as súas aportacións ás obxectivos xerais da etapa correspondente. Análise dos enfoques didácticos e as súas implicacións na ensinanza da área e materiais.
9. A programación: principios psicopedagóxicos e didácticos; vinculación co proxecto curricular. Estructura e elementos das unidades didácticas: concreción e aplicación na área e materiais da especialidade correspondente.
10. A avaliación na educación secundaria. Avaliación do proceso de aprendizaxe e do proceso de ensinanza. Función dos criterios de avaliación. Procedementos e instrumentos de avaliación. A promoción na etapa de ensinanza secundaria obrigatoria.
11. Materiais curriculares e recursos didácticos: recursos materiais e impresos, medios audiovisuais e informáticos. Criterios para a súa selección e utilización.
12. A acción titorial na educación secundaria. Funcións e actividades titoriais. O titor e a súa relación co equipo docente, cos alumnos e coas familias.
13. A diversidade de intereses, motivacións e capacidades do alumnado. Medidas metodolóxicas, curriculares e organizativas no centro e na aula. A integración de alumnos con necesidades educativas especiais na educación secundaria obrigatoria.
14. A educación permanente como principio básico do sistema educativo. Metodoloxía e avaliación do proceso de ensinanza e aprendizaxe de persoas adultas.

Nota.—As referencias que se fan á lexislación en materia educativa en determinados temas deste cuestionario inclúen, xunto coa normativa de carácter básico, as disposicións lexislativas que a desenvolven no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

25.2. Aspectos lingüísticos da convocatoria

Orde do 8 de marzo de 2001 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ó corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 12).

3.1.2. Os aspirantes que aleguen estar exentos de realiza-la proba de coñecementos da lingua galega presentarán o correspondente documento xustificativo debidamente cotexado.

7.3. Proba de coñecementos da lingua galega.

Esta proba, que se levará a cabo de forma escrita, consistirá na resposta a varias cuestións sobre o temario de lingua galega que figura no anexo VIII e unha tradución do castelán para o galego. Non terá carácter eliminatorio, agás no caso das especialidades de bioloxía e xeoloxía e tecnoloxía e tódalas correspondentes á formación profesional específica do corpo de profesores de ensino secundario. Así mesmo, será eliminatoria en tódalas especialidades correspondentes ó corpo de profesores técnicos de formación profesional. A dita proba, que será facilitada ós tribunais pola Dirección Xeral de Persoal, deberán realiza-la a totalidade de aspirantes que non estean exentos e será a segunda que se realizará dentro do proceso selectivo.

Quedan exentos da realización desta proba os aspirantes que se presenten á disciplina de lingua e literatura galega, os que teñan superado, con anterioridade ó peche do prazo de presentación de solicitudes, o curso de perfeccionamento en lingua galega ou contén coa súa validación feita pola Dirección Xeral de Política Lingüística ou órgano competente, os licenciados en filoloxía galaico-portuguesa e os que teñan superado o curso de especialización en lingua galega e o xustifiquen no prazo de presentación de solicitudes.

O tempo para a realización da proba será dunha hora e non se poderá utilizar dicionario. A súa cualificación será apto ou non apto.

Esta proba valorarase, para os aspirantes que concorran polas especialidades nas que teña carácter eliminatorio, antes da realización da proba establecida no punto seguinte.

Para os aspirantes das demais especialidades, poderase valorar unicamente os que resulten seleccionados segundo a base común 9 desta convocatoria, ó final do proceso selectivo.

Os aspirantes que superaron o proceso selectivo nalgunha das especialidades nas que a proba de comprensión oral e escrita de lingua galega non teña carácter eliminatorio e non obtivesen na mesma a cualificación de apto, deberán

acreditar que superaron un curso de iniciación e outro de perfeccionamento de lingua galega dos convocados pola Dirección Xeral de Política Lingüística, no prazo máximo de dous anos.

NOTAS:

Sétima.—De conformidade co artigo 6º da Orde do 11 de novembro de 1998, as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e perfeccionamento.

ANEXO VIII *Lingua galega*

Tema 1. Formación da lingua galega. Niveis de lingua e tratamento escolar.

Tema 2. A realidade actual da lingua: estatus legal e escolar. A normalización lingüística no ensino.

Tema 3. Particularidades fonéticas, morfosintácticas e léxicas do galego en relación coas linguas limítrofes. Tratamento escolar das interferencias.

Tema 4. Vocalismo e consonantismo.

Tema 5. O texto. Temas e subtemas. Esquema oracional. Oración simple e composta. Coordinación e subordinación.

Tema 6. O substantivo e o adxectivo. Oracións subordinadas substantivas. Oracións subordinadas adxectivas.

Tema 7. Pronomes persoais. Formas, funcións e colocación con respecto ó verbo.

Tema 8. Artigos, posesivos, demostrativos, numerais, indefinidos e interrogativos.

Tema 9. O verbo. Verbos irregulares. A perífrase.

Tema 10. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. As oracións subordinadas adverbiais.

G. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E VALIDACIÓN DE CURSOS

26. REGULACIÓN DE CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMIENTO

Orde do 1 de marzo de 1989 pola que se regulan os cursos de iniciación e perfeccionamento. (DOG do 18 de abril).

O Estatuto de Galicia, no seu artigo 5º, despois de establecer que a lingua propia de Galicia é o galego e que é idioma oficial no noso país xunto co castelán, determina que os poderes públicos de Galicia garantiran o uso normal dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, incide, entre outros, nos seus artigos 11.1, 17.2, 18, 19, 22 e 25, na obriga que ten o goberno galego de difundir-lo coñecemento oral e escrito da lingua galega entre os cidadáns de Galicia. Para iso a Consellería de Educación vén convocando cursos de Lingua Galega dirixidos a tódolos colectivos da nosa sociedade, cursos que cómpre harmonizar tanto na súa estruturación coma nos seus niveis, duración e contidos que se impartan.

En virtude de todo isto,

Dispoño:

Artigo 1º.

- a) Os cursos de Galego para os diversos colectivos profesionais e sociais constan de dous niveis: iniciación e perfeccionamento.
- b) Para acceder ó nivel de perfeccionamento é requisito imprescindible ter aprobado ou validado o de iniciación.

Artigo 2º.

Tanto o curso de iniciación coma o de perfeccionamento terán unha duración de 75 horas, distribuídas do seguinte xeito:

- Estructuras morfosintácticas comúns: 45 horas.
- Contidos e actividades específicas para cada un dos diversos colectivos: 15 horas.
- Actividades prácticas: 15 horas.

Artigo 3º.

Os programas de cada un destes dous niveis figuran como anexo I desta Orde.

Artigo 4º.

A modalidade de cada un destes cursos será presencial e implica a asistencia obrigatoria ás clases e a superación das probas e avaliacións establecidas polo profesor ou profesores. Ós alumnos que as superen expediránselle-los correspondentes diplomas acreditativos de que superaron o curso respectivo.

Disposición transitoria

Os programas dos contidos e actividades específicas para os diversos colectivos publicaranse en ordes sucesivas.

Disposicións derradeiras

1ª. Autorízase á Dirección Xeral de Política Lingüística para dicta-las instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento desta Orde.

2ª. Esta Orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1989.

ANICETO NÚÑEZ GARCÍA
*Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
Ilmo. Sr. Director Xeral de Política Lingüística*

ANEXO I

Estructuras morfosintácticas comúns iniciación

TEMA 1

Elementos gramaticais

- Presente de indicativo e subxuntivo dos verbos ser, estar e ir.
- O abecedario.
- Os números ata vinte.
- Locucións para expresar proximidade.
- Perífrase ir + infinitivo.

Léxico

- O tempo atmosférico.
- A expresión da identidade e lugar de nacemento.
- A expresión da situación dunha persoa ou dun obxecto con respecto a outro.

TEMA 2

Elementos gramaticais

- Presente de indicativo e subxuntivo dos verbos facer, dicir e haber.
- As contraccións de artigo máis preposición.
- Os números de vinte en diante.
- Os adverbios de tempo.
- Perífrase haber (de) + infinitivo.

Léxico

- Os oficios.
- A división do tempo.

TEMA 3

Elementos gramaticais

- Presente de indicativo e subxuntivo dos verbos vir, ver e ter.
- O timbre das vocais medias tónicas e, o.
- As locucións prepositivas cabo de, xunta, onda, en cas de, canda.
- Os adverbios de lugar.
- As contraccións dos demostrativos coas preposicións de e en
- Os valores da partícula daquela.
- A perífrase ter que + infinitivo.

Léxico

- Os nomes de parentesco.
- A comida.

TEMA 4

Elementos gramaticais

- Presente de indicativo e de subxuntivo dos verbos poñer (ou pór), dar e saber.
- As preposicións deica e ata.
- As contraccións dos indefinidos coas preposicións de e en.
- A perífrase dar + participio.

Léxico

- A cociña.
- A cidade.
- Dobletes: segredo/secreto.

TEMA 5

Elementos gramaticais

- Presente de indicativo e subxuntivo dos verbos valer, poder e querer.
- Locucións adverbiais de modo I: ás presas, ás carreiras, a escape, a modo, de vagan
- As preposicións segundo e cara a.
- A perífrase poder + infinitivo.

Léxico

- Os valores de «xeito».
- A roupa.
- As cores.

TEMA 6

Elementos gramaticais

- O pronome de solidariedade.
- As terminacións dos verbos regulares.
- Os tempos de perfecto do verbo andar.
- O artigo e o posesivo.
- A construción de meu, de seu, etc.
- As perífrases estar + xerundio e andar + xerundio e estar - andar a / para + infinitivo.

Léxico

- O diálogo por teléfono,
- O enderezo.

TEMA 7

Elementos gramaticais

- Os tempos de pasado dos verbos ir, ser e estar.
- Os adverbios de lugar.
- Locucións adverbiais de modo II: ás toas, a feito, ó chou, etc.
- Contraccións do pronome tónico el/ela coas preposicións de e en.
- Contraccións de todos, ambos, entrambos, mais e tras co artigo determinado.
- A perífrase botar(se) + a + infinitivo.

Léxico

- Vocabulario referente ó corpo humano: a cabeza.

TEMA 8

Elementos gramaticais

- Tempos de pasado dos verbos dicir, facer e haber.
- Os pronomes átonos de segunda persoa: te e che.
- Adverbios de dúbida.
- As segundas formas de artigo.
- A perífrase haber (en pasado) + (de) + infinitivo.

Léxico

- A expresión da incerteza e da dúbida.
- Dobletes: luar / lunar; xeral / xeneral.

TEMA 9

Elementos gramaticais

- O adverbio interrogativo u.
- Os adverbios de lugar.
- Tempos de pasado dos verbos vir, ver e ter.
- Os pronomes átonos de terceira persoa I: o(s), a(s).
- As partículas ben e mesmo.
- A perífrase ter + participio.

Léxico

- Vocabulario referente ó corpo humano.
- Adxectivos e substantivos aplicados a persoas.
- Dobletes: sé / sede.

TEMA 10

Elementos gramaticais

- Tempos de pasado dos verbos poñer, saber e dar.
- Os pronomes átonos de terceira persoa II: o(s), a(s).
- Locucións adverbiais de tempo: a miúdo, de cando en vez, etc.
- Palabras que teñen os ditongos ie e ue.
- Grupos consonánticos con r.
- A interrogación e a exclamación.
- A perífrase verse + participio.

Léxico

- Vocabulario sobre o material de clase.

TEMA 11

Elementos gramaticais

- O xénero dos nomes.
- Tempos de pasado dos verbos poder, querer e caber
- O pronome átono de terceira persoa III: o(s), a(s).
- A partícula mais.
- O obxecto directo introducido polas preposicións por, con e en.
- A perífrase ser a + infinitivo.

Léxico

- Os significados de coller e recoller.
- Maneiras para pedir algo.
- Dobletes: artigo / artículo / artello; regra / regular / rella / reixa.

TEMA 12

Elementos gramaticais

- O participio,
- Substantivos derivados de verbos.
- O pronome che en función de obxecto indirecto.
- A formación do futuro e do futuro hipotético.
- A formación do plural.
- Adverbios e locucións adverbiais de modo III: adrede, a mantenta, asemade, etc.
- A construción perifrástica coller, agarrar, in(se) + e + verbo no mesmo tempo có anterior.

Léxico

- A praza de abastos.

TEMA 13

Elementos gramaticais

- Os morfemas de xénero para a expresión doutros valores.
- Os pronomes átonos de terceira persoa: ¡le e ¡les.
- Verbos que acaban en -aer, -aír, -oer e -oír.
- Preposicións e locucións prepositivas: por causa de, por mor de, salvo, agás, etc.
- A perífrase volver + (a) + infinitivo.

Léxico

- A fauna e a flora.

TEMA 14

Elementos gramaticais

- A comparación.
- Verbos como sentir e durmir.
- Locucións prepositivas: en troques, en vez de, no canto de, en lugar de.
- Os sufixos -án / -á, -án / -ana e -ano, -ana.
- A colocación dos pronomes cos indefinidos.
- A perífrase dar en + infinitivo.

Léxico

- Os xentilicios.

TEMA 15

Elementos gramaticais

- O infinitivo conxugado
- As locucións prepositivas: amais de, ademais de, á parte de.
- Verbos que rematan en -uí e -cer, -cir.
- A reflexividade de certos verbos,
- A perífrase chegar a + infinitivo.

Léxico

- A expresión da necesidade

TEMA 16

Elementos gramaticais

- As regras de acentuación.
- Os sufixos -tade, -dade e -de.
- O sufixo -mento.
- A terminación -ón / -ona, -oa.
- Os sufixos gregos -sis e -tis.
- As preposicións preto, encol e perante.
- Os verbos crer, ler e rir.
- Verbos da segunda conxugación: bater, verter, discorrer, etc.

- Os verbos como advertir.
- A construción en + xerundio.

Léxico

- As palabras cultas e os substantivos abstractos.

Perfeccionamento

TEMA 1

Elementos gramaticais

- O sistema vocálico.
- O acento diacrítico.
- O pronome de solidariedade.
- O pronome posesivo.
- Conxugación dos verbos como durmir.
- Verbos reflexivos que perden a reflexividade cando aparece o obxecto directo.
- Verbos con dobre participio: regular e irregular.

Léxico

- Os xentilicios.
- Os oficios e as profesións.

TEMA 2

Elementos gramaticais

- O sistema consonántico.
- As regras de acentuación.
- Os números cardinais.
- Locucións prepositivas que expresan relación de proximidade: xunto a, cabo de, á beira de, etc.
- Os pronomes átonos de terceira persoa: o(s), a(s), lle(s).
- Perífrases que indican o comezo inmediato dunha acción: comezar - empezar - poñerse a + infinitivo e dar en + infinitivo,

Léxico

- O servizo para comer.
- A comida.

TEMA 3

Elementos gramaticais

- As contraccións coas preposicións de, en, con, por e a.
- As contraccións de todos, ambos, entrambos, mais e tras co artigo determinado.
- Conxugación dos verbos como sentir.
- A construción colle, agarra, ir + e + outro verbo que concorda cos anteriores en tempo, número e persoa.
- Os pronomes átonos de primeira e segunda persoas: me, nos, te, che e vos.
- Perífrases que indican duración e futuridade: estar + xerundio e ir + infinitivo.

Léxico

- O piso e a cidade.

TEMA 4

Elementos gramaticais

- A reflexión nominal I: nomes de dous xéneros con flexión.
- O verbo I: o presente de indicativo e de subxuntivo e o imperativo.
- Os pronomes reflexivos.
- Verbos que introducen o obxecto directo coa preposición con.
- A reflexividade como causante do cambio de significado en certos verbos.
- Perífrases verbais: a expresión da posibilidade: deber(de) + infinitivo, e a expresión da acción recentemente acabada: acabar de + infinitivo.

Léxico

- Os espectáculos.
- Os enredos.

TEMA 5

Elementos gramaticais

- A flexión nominal II: nomes de dous xéneros con flexión (continuación).
- O verbo II: o pretérito perfecto e o imperfecto.
- Contracción de pronomes
- A segunda forma de artigo.

- Valores do adverbio logo.
- Perífrases verbais que indican obrigaón: ter + que + infinitivo, deber + (de) + infinitivo, haber + (de) + infinitivo, haber + que + infinitivo.

Léxico

- A roupa.
- A persoa.

TEMA 6

Elementos gramaticais

- A flexión nominal III: valores non sexuais dos modernas de xénero.
- O verbo III: o futuro e o futuro de pretérito.
- O pronomes átonos de terceira persoa coas formas verbais que acaban en ditongo decrecente e en -n.
- Verbos que introducen o obxecto directo coa preposición en.
- O uso do artigo coas construcións de posesivo máis nome de parentesco.
- As construcións detrás miña - detrás de min.
- Perífrases verbais: a continuación dun proceso anterior: seguir + xerundio, e a expresión de que o proceso chegue ou non ó seu fin: dar + infinitivo,

Léxico

- Os labores do campo.
- Os accidentes topográficos.

TEMA 7

Elementos gramaticais

- A flexión nominal IV: substantivos de dous xéneros sen flexión.
- O verbo IV: o infinitivo conxugado.
- As formas oblicuas dos pronomes persoais.
- As conxuncións distributivas e disxuntivas.
- A construción de meu, de teu
- Perífrases verbais: a expresión da acción realizada: ter + participio, e expresión da reiteración: volver (a) + infinitivo.

Léxico

- A fauna e a flora.

TEMA 8

Elementos gramaticais

- A flexión nominal V: o xénero inmotivado.
- O verbo V: o xerundio e o participio.
- Os pronomes demostrativos.
- As preposicións segundo, agás, salvo, sobre, e as locucións prepositivas por causa de, por culpa de, por mor de.

Léxico

- Os transportes.
- Rotas turísticas.

TEMA 9

Elementos gramaticais

- A flexión nominal VI: a gradación
- Adverbios e locucións adverbiais de dúbida e tempo.
- Os pronomes indefinidos.
- As locucións prepositivas en vez de, no canto de, en lugar de, no sitio de.
- Valores de sufixo -iño/-a.

Léxico

- As viaxes turísticas.

TEMA 10

Elementos gramaticais

- A flexión nominal VII: o número.
- Os adverbios de lugar e os adverbios e locucións adverbiais de modo e cantidade.
- Os pronomes relativos, interrogativos e exclamativos.
- A conxugación de verbos como conferir.
- A preposición cara a seguida dun adverbio que empece por a-.

Léxico

- Obxectos da clase.
- O ensino.

*Programa dos contidos e actividades específicas para os cursos de adultos,
amas de casa, asociacións culturais e colectivos de veciños*

Iniciación

Introducción.

Propostas para o uso oral.

Recolla e espallamento.

- Adiviñas.
- Refrás.
- Copias.
- Contos populares.

Diccionario.

Historieta.

A instancia.

A denuncia.

A declaración xurada.

Convite.

A tarxeta postal.

Carta familiar.

Carta amigable.

Cartas ó director (I).

Cartas ó director (II).

Convite para un casamento (I).

Convite para un casamento (II).

Menú de casamento.

Recordatorio (I) . Nacemento.

Recordatorio (II) Primeira Comuñón.

Recordatorio (III) Enterro.

Recordatorio (IV) Cabodano.

Nota necrolóxica.

Esquela de cabodano.

Xogos.

A nosa flora.

A nosa fauna.

O telegrama.

Unha solicitude.

Perfeccionamento

Introducción.

Propostas para o uso oral.

Recolla e espallamento.

- Lendas.
- Cántigas.
- Ditos e expresións.
- Maios.

Historieta.

Inicio á investigación histórica.

Análise do medio.

De costura e corte

O currículum vitae.

O recurso.

Convocatoria a sesións.

A acta.

O saúdo.

A cada comercial (1).

A carta comercial (2).

A carta comercial (3).

A instancia para solicita-lo cambio de nome no Rexistro Civil.

A instancia para solicita-lo cambio de nome dunha filla no Rexistro Civil.

A instancia para cambia-lo nome do D.N.I.

Receitas de cociña (1).

Receitas de cociña (2).

Receitas de cociña (3).

Receitas de cociña (4).

Programa dunha festa popular.

Anuncios para xornal (1).

Anuncios para xornal (2).

Anuncios para murais. O castelo de Soutomaior.

Campo Lameiro: capital da arte rupestre.

27. CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE LINGUA GALEGA PARA MESTRES E PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para mestres e profesores de primaria, secundaria, ensinanzas especiais e formación profesional dos centros públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 13).

Tanto a Lei 3/1983, de normalización lingüística, coma o Decreto 247/1995, que a desenvolve no tocante ó ensino non universitario, buscan, por unha parte, que os alumnos vaian acabando cada unha das etapas do ensino cun dominio semellante do galego e do castelán, e, por outra, que o galego sexa a lingua de uso habitual non só da Administración educativa, senón tamén das actividades relacionais, organizativas e culturais dos centros educativos.

Para axudar a isto cómpre contar cun profesorado que coñeza e domine o galego dun xeito suficiente non só para impartir as clases no idioma propio de Galicia, senón tamén para facelo coa calidade que axude a mellora-lo dominio que desa lingua teñen os alumnos.

A promoción e o ensino da lingua galega correspóndenlle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tal e como o determinan o Decreto 213/1998, polo que se establece a estrutura orgánica da propia consellería, e o 247/1995, antes citado. Consecuentemente, é labor desa consellería a organización dos cursos e das actividades formativas precisas para que o persoal ó seu servizo acade o necesario dominio oral e escrito do idioma galego.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dispón:

Artigo 1º.

1. Anúncianse cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega para mestres e profesores de primaria, secundaria, de ensinanzas especiais e de formación profesional, dos centros públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia, que terán lugar naquelas localidades que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, segundo as solicitudes presentadas e a súa distribución xeográfica.
2. O gasto ocasionado pola realización destes cursos financiarase con cargo á partida 07.06.353E.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía máxima de 6.750.000 (seis millóns setecentas cincuenta mil) pesetas.

Artigo 2º.

1. Os cursos impartiranse durante o ano 2001. A data de comezo, o lugar de realización e o horario determinaraos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística.
2. Os cursos terán unha duración de 75 horas e responderán ós contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento.
3. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.
4. A avaliación que se realice nestes cursos deberá responder ós principios de formativa e continua e terá en conta o dominio oral e escrito do idioma, efectuándose as probas necesarias. Ó remate de cada curso, ós asistentes que teñan superadas as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de «apto».

Artigo 3º.

1. As solicitudes presentaranse, utilizando o modelo de formulario que figura como anexo a esta orde, no rexistro das respectivas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben por calquera dos medios que recolle o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. O prazo de presentación será de vinte días hábiles seguintes ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.
3. Sobre a admisión das solicitudes resolverá a correspondente delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

De non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados desde a publicación desta convocatoria no DOG, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Artigo 4º.

1. O número de asistentes a cada curso será de 35 como máximo e de 20 como mínimo.

2. Para acceder ó curso de perfeccionamento será requisito indispensable ter aprobado o curso de iniciación (ou telo validado segundo o establecen as respectivas ordes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria). Ó formulario de solicitude unirase unha copia compulsada da correspondente certificación ou validación.

Artigo 5º.

Tódalas actividades que se realicen nos cursos faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ó uso correcto do idioma (tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística), ó establecido pola Real Academia Galega.

Disposicións derradeiras

Primeira. Autorízase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

28. ENCONTROS, ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DE INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian encontros e actividades de formación e de intercambios de experiencias para os responsables e os compoñentes dos equipos de normalización lingüística, e para o profesorado en xeral, dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 13).

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, encoméndalles ás autoridades educativas que tomen as medidas oportunas para promover o uso progresivo do galego no ensino. Ese uso debe contribuír a que os alumnos do ensino non universitario vaian acabando os distintos ciclos cun dominio similar de galego e de castelán.

Entre as medidas que a Administración educativa está levando a cabo figuran a formación do profesorado en lingua galega e a constitución dos equipos de normalización lingüística nos centros educativos. Estes equipos, actualmente

regulados polo disposto nos Decretos 324/1996, do 26 de xullo, e 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 9 de agosto e do 21 de outubro, respectivamente), teñen como función principal a de potencia-lo uso da lingua galega nos centros de ensino non universitario, e son os encargados de elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos establecidos polo centro en relación coa normalización do idioma e a cultura de Galicia.

Cómpre entón dinamiza-las actuacións deses equipos, promovendo a formación dos seus membros e o intercambio e a difusión das experiencias dos distintos centros.

Por outra banda, e dado que o labor de promoción lingüística é tarefa xeral de todo o profesorado, é preciso mellora-la formación, especialmente lingüística, non só dos membros deses equipos senón tamén de todo o profesorado en xeral.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dispón:

Artigo 1º.

1. Anúncianse encontros e actividades de formación e de intercambios de experiencias para os responsables e os compoñentes dos equipos de normalización lingüística constituídos nos centros educativos non universitarios públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia, e para o profesorado en xeral deses mesmos centros.
2. O gasto ocasionado pola realización destes encontros e actividades financiaranse con cargo á partida 07.06.353E.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2001, por unha contía máxima de dezanove millóns (19.000.000) de pesetas.

Artigo 2º.

1. A finalidade destes encontros e actividades é a formación lingüística do profesorado, co fin de consegui-la progresiva utilización da lingua galega no ensino e, en consecuencia, mellora-lo dominio que os alumnos teñen do idioma galego.
2. O contido destes encontros e actividades centrarase fundamentalmente nas competencias que nos Decretos 324/1996 e 374/1996 se lles encomenda ós equipos de normalización lingüística, e mais no establecido no Decreto 247/1995.
3. Tódalas actividades que se realicen faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ó uso correcto do idioma (tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística), ó establecido pola Real Academia Galega.

Artigo 3º.

1. As localidades de celebración, as datas de comezo e mailos horarios dos encontros determinaraos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, segundo as solicitudes presentadas e a súa distribución xeográfica.
2. Canto ás actividades, tanto o contido concreto de cada unha delas coma todo o referente á súa organización, anunciaraos a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no segundo trimestre de 2001.

Artigo 4º.

1. A duración de cada encontro ou actividade poderá variar segundo a programación que se dispoña por parte da Dirección Xeral de Política Lingüística.
2. A asistencia a tódalas sesións destes encontros e actividades será obrigatoria.
3. Ás persoas que participen nos encontros e actividades outorgaráselles un certificado de asistencia.
4. En cada anuncio de actividades determinarase a priorización dos asistentes e a temporalización daquelas.

Artigo 5º.

1. As solicitudes presentaranse, utilizando os formularios que figuran como modelos nos anexos desta orde, no rexistro das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou tramitaranse por calquera dos medios que recolle o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. O prazo de presentación das solicitudes para calquera actividade será o dos vinte días hábiles seguintes ó do anuncio de cada actividade.
3. Sobre a admisión das solicitudes resolverá a correspondente delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

De non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados desde a publicación desta convocatoria no DOG, as solicitudes entenderanse desestimadas.

4. O número de asistentes a cada encontro ou actividade será de 20 persoas como mínimo.

Artigo 6º.

Os módulos económicos que se fixen para cada encontro e actividade poderán comprender:

- Retribución ós relatores ou conferenciantes, no caso de que os haxa, polas súas conferencias ou relatorios.
- Retribución ó coordinador ou coordinadora e mais ó persoal subalterno, cando sexan necesarios.
- Dotación específica para material.

Disposicións derradeiras

Primeira. Autorízase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

29. VALIDACIÓN DE CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO

29.1. Para profesores de EXB

Orde do 6 de abril de 1983, que establece o procedemento para a concesión da validación de cursos de Iniciación, Perfeccionamento e Especialidade realizados para Profesores de Preescolar e Educación Básica. (DOG, 23/04/83).

En conformidade co Decreto 81/1982, do 29 de abril de 1982 (DOG do 14 de maio), esta Consellería.

Dispón:

Artigo 1º.—Validación total.

Outórgase o título de «Profesor Especialista en Galego» ós Profesores de EXB que teñan como mínimo aprobadas tres materias de Galego dunha licenciatura de Filoloxía.

Artigo 2º.—Validación de cursos específicos.

1. Profesores de EXB que fixeron os Cursos seguintes convocados pola Xunta de Galicia:
 - Iniciación.
 - Perfeccionamento.
 - Lingua III.
 - Dúas especialidades entre estas: Xeografía e Historia, Literatura, Medio Natural Galego, Didáctica.

Os incluídos neste apartado, para obter a validación haberán de presentar na Consellería de Educación unha Memoria sobre unha programación razoada de preescolar ou calquera dos ciclos de EXB, cunha extensión non inferior a 50 folios.

2. Profesores de EXB que fixeron os Cursos seguintes convocados pola Xunta de Galicia:
 - Iniciación.
 - Perfeccionamento.
 - Lingua III
 - Unha especialidade das citadas no apartado 1.

Os incluídos neste apartado terán que facer unha proba escrita, segundo o programa que figura no Anexo I da presente Orde e unha Memoria sobre

unha programación razoada de Preescolar ou calquera dos Ciclos de EXB, cunha extensión non inferior a 50 folios.

3. Validaranse os cursos de iniciación e perfeccionamento feitos a través do I.C.E. da Universidade de Santiago, do Instituto de Idiomas da Universidade de Santiago e da Xunta de Galicia.

Así mesmo unha materia de Galego aprobada nas Escolas Universitarias de Formación do Profesorado validarase polo curso de iniciación e dúas materias de Galego polo curso de perfeccionamento.

4. Ós profesores que fixeron cursos das Escolas de Idiomas, validaránselle-los dous primeiros cursos aprobados polo curso de Iniciación e o terceiro e cuarto polo curso de perfeccionamento.

5. Os profesores habilitados de galego quedarán exentos do Curso de Iniciación.

6. Os profesores galego-falantes que demostren teren, a través dunha proba escrita, que se convocará oportunamente, un nivel similar ó esixido no curso de iniciación poderán pasar directamente ó curso de perfeccionamento.

Artigo 3º.

Para obte-la validación dos cursos reseñados nos artigos anteriores haberán de solicitala a través dunha instancia, dirixida á Consellería de Educación.

Disposición final.

Esta Orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 1983

29.2. Por cursar galego no ensino básico e medio

Orde do 25 de abril de 1989 pola que se validan os estudos de Galego feitos no Ensino Básico e Medio, equiparándoos cos correspondentes certificados de iniciación e perfeccionamento de Lingua Galega. (DOG do 29 de maio).

Incorporado o ensino-da Lingua Galega ós plans de estudos de Educación Preescolar, Educación Xeral Básica, Formación profesional e Bacharelato, a partir do curso 1979/1980, e rematado o ciclo completo; introducida a través do Real Decreto 1056/1987, do 17 de xullo, por primeira vez a Lingua Galega nas probas de aptitude para acceso ás Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Colexios Universitarios de Galicia,

Demostrada a competencia dos alumnos no dominio da Lingua Galega nos niveis respectivos correspondentes ós estudos cursados, o principio de igualdade e non discriminación aconsella facer este recoñecemento. En consecuencia,

Dispoño:

Artigo 1º.

Validaráselle-lo curso de iniciación á Lingua Galega:

- a) Ós alumnos que cursasen o ciclo completo de EXB a partir do curso académico 1979/1980 e acadasen o título de graduado escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando superasen a materia de Lingua Galega, polo menos no ciclo superior.
- b) Ós alumnos que superasen as probas libres de madurez para a obtención do título de graduado escolar desde a incorporación da materia de Lingua Galega ás mesmas sempre e cando cursasen e superasen esa materia.
- c) Ós alumnos que acadasen o título de graduado escolar en centros de Educación Permanente de Adultos na modalidade presencial ou a distancia, sempre e cando cursasen e superasen a materia de Lingua Galega.
- d) Ós alumnos que cursasen e superasen a materia de Lingua Galega, polo menos, en un curso de Formación Profesional.
- e) Ós alumnos que cursasen e superasen a materia de Lingua Galega nas probas de ensinanzas non escolarizadas.
- f) Ós alumnos que cursasen e superasen a materia de Lingua Galega, polo menos, nun curso de BUP ou en COU.

Artigo 2º.

Validaráselle-lo curso de perfeccionamento de Lingua Galega:

- a) Ós alumnos que cursasen e superasen a materia de Lingua Galega, cando menos, en tres cursos de Formación Profesional.
- b) Ós alumnos que cursasen e superasen a materia de Lingua Galega no curso complementario para o acceso ó segundo grao de F.P.
- c) Ós alumnos que cursasen e superasen a materia de Lingua Galega, cando menos, en dous cursos de BUP ou en un curso de BUP e en COU.

Artigo 3º.

As validacións serán expedidas, logo de solicitude do interesado, polo centro onde o alumno cursou os seus estudos, segundo o modelo oficial que figura no anexo desta Orde, agás no caso dos alumnos que superasen as probas libres de madurez para a obtención do título de graduado escolar. Estes solicitarán a

validación na Inspección de Educación Básica, que será a encargada de expedila mesma.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas a Orde do 19 de xaneiro de 1989 (DOG nº 27, do 8 de febreiro) e a Orde do 28 de febreiro de 1989, de corrección de erros a esta orde (DOG nº 74, do 18 de abril).

Santiago de Compostela, 25 de abril de 1989.

ANICETO NÚÑEZ GARCÍA
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

O/a secretario/a do, en virtude da Orde do de de 1989 (DOG nº, do de de 1989) que establece o procedemento para a avaliación de cursos de Lingua Galega.

Outorga a

A validación do(s) curso(s) de da Lingua Galega segundo a documentación que consta nesta Secretaría.

....., de de 19

O/a secretario/a do centro

Asdo.:

V.º e Prace

O/a director/a do centro

Asdo.:

29.3. Validación dos estudos de galego feitos nas Escolas Oficiais de Idiomas

Orde do 26 de novembro de 1993 pola que se validan os estudos de lingua galega feitos nas escolas oficiais de idiomas. (DOG do 23 de decembro).

Polo Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, regulábanse nas escolas oficiais de idiomas as ensinanzas correspondentes ó primeiro nivel de ensinanzas especializadas de idiomas, articulándose en dous ciclos: o ciclo elemental, de tres cursos de duración e o ciclo superior de dous cursos de duración.

En consonancia co anterior, o Decreto 392/1990, do 19 de xullo, polo que se aproban os contidos mínimos do primeiro nivel das ensinanzas especializadas do idioma galego nas escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 2 que as ensinanzas correspondentes ós ciclos elemental e superior terán unha duración mínima de 340 e 240 horas, respectivamente, que se distribuirán equilibradamente entre os distintos cursos de cada ciclo.

Analizados os contidos e niveis de cada ciclo e de conformidade co disposto no Decreto 317/1990 (artigo 14.a), esta consellería, consonte o disposto nos artigos 27 e 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, e co previsto no Decreto 135/1983⁷, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística,

Dispón:

Artigo 1º.

Validaráselle-las cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega a aquelas persoas que estean en posesión do certificado do ciclo elemental de galego (tres cursos académicos) expedido polas escolas oficiais de idiomas.

Artigo 2º.

Validaráselle-lo curso de especialización en lingua galega ós licenciados en filoloxía e ós diplomados en EXB, polas escolas universitarias de formación do profesorado de EXB que posúan os certificados do ciclo elemental (tres cursos académicos) e do ciclo superior de galego (dous cursos académicos).

Artigo 3º.

1. As validacións dos cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para aquelas persoas que posúan o certificado do ciclo elemental de galego, expediraas, a pedimento do interesado ou interesada, a escola oficial de idiomas onde cursase os seus estudos, utilizando o modelo oficial que figura no anexo desta orde.

2. Cada escola oficial de idiomas enviará á Dirección Xeral de Política Lingüística unha relación trimestral das validacións dos cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega que realizou.
3. Para obter a validación do curso de especialización en lingua galega, os interesados terán que lla solicitar á Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, achegando á solicitude a seguinte documentación:
 - Título de licenciado en filoloxía ou de profesor de EXB.
 - Certificación da escola oficial de idiomas na que conste que superou os ciclos elemental e superior das ensinanzas de galego.
 - Fotocopia do DNI.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria

Queda derogado o disposto na Orde do 28 de marzo de 1989 (DOG nº 101, do 29-5-1989), e tódalas disposicións que contraveñan o disposto nesta orde.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 1993.

JUAN PIÑEIRO PERMUY
Conselleiro de Educación e ordenación Universitaria

ANEXO

O/a secretario/a da Escola Oficial de Idiomas de... en virtude da Orde do 26 de novembro de 1993 pola que se validan os estudos de galego, correspondentes ó ciclo elemental, feitos nas escolas oficiais de idiomas, polos cursos de iniciación e perfeccionamento,

Outórgalle a don/dona... a validación do/s curso/s de... de lingua galega, de acordo coa documentación que consta nesta secretaría.

..., ... de... de 199...

O/A secretario/a do centro O/A director/a do centro

Asdo. Asdo.

29.4. Por cursar galego na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato

Orde do 13 de outubro de 1998 pola que se validan os estudos de lingua galega feitos no ensino secundario obrigatorio e no bacharelato polos correspondentes certificados dos cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega. (DOG do 10 de novembro).

Coa implantación da nova estrutura das ensinanzas primaria e secundaria, segundo o establecido na Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), faise necesaria unha adaptación normativa que permita a validación dos estudos de lingua galega feitos nos diferentes ciclos destas ensinanzas polos cursos de iniciación ou perfeccionamento, segundo corresponda, e que veña complementala lexislación anterior que non se adapta á actual estrutura do ensino. En consecuencia,

Dispoño

Artigo 1º.

Validaráselle-lo curso de iniciación en lingua galega ós alumnos que teñan superado a área de lingua galega e literatura do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria (ESO).

Artigo 2º.

Validaráselle-lo curso de perfeccionamento:

- a) Ós alumnos que teñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria coa área de lingua galega e literatura avaliada positivamente.
- b) Ós alumnos que superasen as probas para a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria coa avaliación positiva da área de lingua galega e literatura.
- c) Ós alumnos que superasen, polo menos, a materia de lingua galega e literatura dun curso do bacharelato.

Artigo 3º.

Os correspondentes certificados de validación serán expedidos, logo da solicitude do/a interesado/a, polo secretario/a do centro onde o alumno cursou os seus estudos, co visto e prace do/a director/a, segundo o modelo que figura no anexo desta orde. No caso de alumnos que superen as probas para a obtención do graduado en educación secundaria obrigatoria, a correspondente validación expediraa a Inspección de Educación.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1998.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

O/A secretario/a de ..., en virtude da orde do 13 de outubro de 1998 (DOG nº... do ... de ... de 1998) que establece o procedemento para a validación de cursos de lingua galega, outorga a ... a validación do curso de (*)... de lingua galega, segundo a documentación arquivada nesta secretaría.

Visto e Prace

O/A director/a

(*) Iniciación ou perfeccionamento.

29.5. Para alumnos universitarios e licenciados

Orde do 19 de xaneiro de 1989, pola que se establece o procedemento para a concesión da validación dos cursos de iniciación e perfeccionamento da Lingua Galega para alumnos universitarios e licenciados. (DOG do 8 de febreiro).

De conformidade co contemplado na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, esta Consellería

Dispón:

Artigo 1º.

Validaráselle-lo curso de iniciación de Lingua Galega ós alumnos e licenciados que cursasen un ano de Lingua Galega na súa carreira.

Artigo 2º.

Validaráselle-lo curso de perfeccionamento da Lingua Galega ós alumnos e licenciados que cursase, cando menos, dous anos de Lingua Galega na súa carreira.

Artigo 3º.

Para obter a validación dos cursos reseñados nos artigos anteriores, os interesados deberán facer a solicitude dirixida á Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, xuntando a correspondente certificación académica.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 1989.

ANICETO NÚÑEZ GARCÍA
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

30. VALIDACIÓN DO CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN LINGUA GALEGA

Artigos 2º e 3º.3 da Orde do 26 de novembro de 1993 xa citada. (DOG do 23 de decembro).

Artigo 2º.

Validaráselle-lo curso de especialización en lingua galega ós licenciados en filoloxía e ós diplomados en EXB, polas escolas universitarias de formación do profesorado de EXB que posúan os certificados do ciclo elemental (tres cursos académicos) e do ciclo superior de galego (dous cursos académicos).

Artigo 3º.

3. Para obter a validación do curso de especialización en lingua galega, os interesados terán que lla solicitar á Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, achegando á solicitude a seguinte documentación:
 - Título de licenciado en filoloxía ou de profesor de EXB.
 - Certificación da escola oficial de idiomas na que conste que superou os ciclos elemental e superior das ensinanzas de galego.
 - Fotocopia do DNI.

31. EQUIVALENCIAS ENTRE OS DISTINTOS CURSOS E PROBAS DE LINGUA GALEGA

Orde do 11 de novembro de 1998 pola que se declaran as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega. (DOG, 14/12/98).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece a oficialidade do galego nas administracións autonómica, local e de xustiza; recoñécelles ós cidadáns o dereito de usalo, oralmente e por escrito, nas súas relacións coas administracións dentro do ámbito da Comunidade Autónoma; e ordénalles ós poderes públicos que promovan o uso normal da lingua galega nas súas relacións cos cidadáns.

Co fin de garanti-lo cumprimento deses dereitos dos cidadáns, esa mesma lei indícalles ós poderes autonómicos que vaian capacitando progresivamente todo o seu persoal e os cidadáns en xeral no uso e no coñecemento do galego.

Os cursos de coñecemento do idioma galego para os cidadáns en xeral estruturáronse nos niveis de iniciación e de perfeccionamento a través da Orde do 1 de marzo de 1989 (Diario Oficial de Galicia nº 74, do 18 de abril).

Diversas disposicións normativas foron posibilitando actividades de formación ou regulando as correspondentes validacións, posteriores ou paralelas en canto á graduación dos contidos, con respecto a eses cursos de iniciación e de perfeccionamento. Entre esas actividades pódense cita-los cursos de especialidade de lingua galega (ordes do 6 de abril de 1983 e do 26 de novembro de 1993), e os ciclos de formación específicos para os funcionarios das administracións de xustiza e local, estruturados cada un deles nos niveis básico, medio e superior (ordes do 30 e do 31 de xaneiro de 1991, respectivamente).

Ó mesmo tempo, foise regulando tamén a validación dos cursos de iniciación e de perfeccionamento a partir da superación de diversas actividades de formación, a través das ordes do 6 de abril de 1983; do 19 de xaneiro, do 28 de marzo e do 25 de abril de 1989; do 26 de novembro de 1993; e do 13 de outubro de 1998.

Por último, o coñecemento do idioma galego nos niveis de iniciación e de perfeccionamento foise acreditando igualmente mediante a superación de probas libres e mais de cursos celebrados especificamente para estranxeiros.

Por todo iso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

Dispón:

Artigo 1º.

Consideraranse como equivalentes ó certificado acreditativo de ter superado o curso de iniciación de lingua galega:

- a) Os certificados ou diplomas nos que conste a superación de:
 - Unha proba libre de iniciación.
 - Un curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros.
- b) A validación do curso de iniciación.

Artigo 2º.

Consideraranse como equivalentes ó certificado acreditativo de ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega:

- a) Os certificados ou diplomas nos que conste a superación de:
 - Unha proba libre de perfeccionamento.
 - Un curso básico de linguaxe administrativa local galega.
 - Un curso básico de linguaxe xurídica galega.
 - Un curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros.
- b) A validación do curso de perfeccionamento.

Artigo 3º.

Consideraranse como equivalentes ó certificado acreditativo de ter superado o nivel medio de linguaxe administrativa local galega ou de linguaxe xurídica galega:

- a) Os certificados ou diplomas nos que conste a superación de:
 - Un curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.
 - Os ciclos elemental e superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas.
- b) A validación do curso de especialización para mestres ou profesores de EXB.

Artigo 4º.

Considerarase como equivalentes ó certificado acreditativo de ter superado os niveis superior de linguaxe administrativa local galega ou de linguaxe xurídica galega:

- A acreditación de ter rematado os estudos correspondentes ás licenciaturas de filoloxía hispánica (subsección galego-portugués) ou filoloxía galega.

Artigo 5º.

As persoas que reúnan as condicións para obter as equivalencias establecidas nos artigos 3º e 4º desta orde considerarase que teñen superado, para tódolos efectos, os cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega.

Artigo 6º.

Estas equivalencias terán, para calquera trámite administrativo (convocatoria de concursos de traslados, oposicións, etc.), a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e de perfeccionamento de galego.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 1998.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

H. UNIVERSIDADES

32. A LINGUA GALEGA NAS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

- a) *Real Decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que se regula a proba de acceso a estudos universitarios. (BOE do 27).*

Artigo 3º.—Obxectivos da proba.

1. A proba de acceso deberá basearse nos obxectivos xerais do Bacharelato e nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación das materias comúns e de modalidade, establecidas nos Reais Decretos 1700/1991, do 29 de novembro, de estrutura do Bacharelato e de ensinanzas mínimas do mesmo, e nas correspondentes normas que establecen o currículo de Bacharelato nos ámbitos de xestión do Ministerio de Educación e Cultura ou das Comunidades Autónomas que se encontren no pleno exercicio das súas competencias educativas.
2. Cando os alumnos se presenten á proba nunha Comunidade Autónoma con lingua cooficial deberán realizar tamén o exercicio correspondente a esta, de acordo co que ó efecto se dispoña na normativa autonómica.

Artigo 6º.—Estructura xeral da proba de acceso.

1. A proba de acceso ós estudos universitarios constará de dúas partes. A primeira, de carácter xeral, versará sobre as materias comúns do Bacharelato e constará de tres exercicios. No caso de que a proba se celebre en Comunidades Autónomas con outra lingua cooficial, poderá establecerse pola Comunidade Autónoma competente a obrigatoriedade dun exercicio referido á lingua cooficial. A segunda parte, de carácter específico, versará sobre as materias de modalidade establecidas no Real Decreto 1700/1991, do 29 de novembro, e o estudante realizará exame de tres destas materias.
2. A proba de acceso, para cada estudante, terá unha duración de tres días, cun máximo de catro horas e media diarias. Esta duración deberá ampliarse cando sexa preciso por acceder o estudante por una segunda vía ou cando pola especial natureza de algún exercicio se acorde facilitar ós alumnos que a realicen un tempo superior ó establecido con carácter xeral.
3. Para a realización dos exercicios, os alumnos poderán utilizar, a súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma na que se encontre o centro no que se examinan. Non obstante, os exercicios correspondentes a lingua castelá, lingua cooficial propia da Comunidade Autónoma e idioma estranxeiro deberán desenvolverse nas respectivas linguas.

Artigo 7º.—Primeira parte da proba.

1. Terán como obxectivo apreciar a madurez e a formación xeral do estudante e estará concibida para avaliar destrezas académicas básicas, como a comprensión de conceptos, o uso da linguaxe, as capacidades para analizar, relacionar, sintetizar, expresar ideas e o coñecemento dunha lingua estranxeira. Comprenderá tres exercicios, ou catro no caso de que deba incluírse a lingua cooficial propia da Comunidade Autónoma, e en cada un deles entregarase ós estudantes unha soa proposta.
5. No seu caso, un cuarto exercicio sobre a lingua cooficial no que o seu contido será establecido pola Administración educativa competente.

b) *Orde do 23 de febreiro de 2000 pola que se regulan as probas de acceso á universidade para os alumnos e as alumnas que cursaron as ensinanzas de bacharelato previstas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. (DOG, 14/03/00).*

Artigo 5º.

1. As probas de acceso á universidade constarán de dúas partes.
2. A primeira parte, de carácter xeral, versará sobre as materias comúns do bacharelato, apreciará a formación xeral do alumno e estará concibida para

avaliar destrezas académicas básicas, como a comprensión de conceptos, o manexo da linguaxe e as capacidades para analizar, relacionar e sintetizar, expresar ideas e así mesmo o coñecemento dunha lingua estranxeira. Esta parte constará de catro exercicios dunha hora e media de duración.

d) Análise e comprensión dun texto de lingua galega e literatura. A proposta, que consistirá en dúas probas das que o alumno elixirá unha, constará de tres partes, nas que se medirá: a capacidade de análise e síntese do contido do texto mediante a elaboración dun resumo e/ou esquema do mesmo; o comentario crítico sobre o contido do texto e as respostas a un cuestionario de lingua galega e literatura relacionadas co texto. Os alumnos e as alumnas que teñan exención en lingua galega non terán que facer este exercicio.

33. ESTATUTOS UNIVERSITARIOS

a) *Universidade de Santiago de Compostela*

Decreto 473/1997, do 28 de novembro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela. (DOG do 29 de decembro).

Artigo 3º.

1. A lingua galega é a lingua propia e oficial da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén é oficial a lingua castelá como lingua oficial do Estado.
2. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ó desenvolvemento da lingua galega.

b) *Universidade de A Coruña*

Decreto 253/1992 do 10 de setembro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de A Coruña (DOG do 17), modificado polo Decreto 245/1998 do 30 de xullo, (DOG do 28 de agosto) e polo Decreto 41/2000, do 25 de febreiro (DOG do 2 de marzo).

Artigo 7º.

A Universidade da Coruña, vinculada á realidade histórica de Galicia, dedicará especial atención ó estudio e desenvolvemento da identidade cultural do noso País e dos diversos aspectos da sociedade galega, a través de programas específicos de investigación e de docencia que analicen feitos, problemas e necesidades concretos.

Artigo 8º.

Na Universidade da Coruña serán linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas.

Contribuír á normalización da lingua propia de Galicia é un obxectivo fundamental da Universidade da Coruña. Para isto, será labor desta Universidade o estudo da realidade lingüística no seu seo e a elaboración de programas de normalización dirixidos a potencia-lo seu pleno uso en tódolos ámbitos da actividade universitaria.

A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión.

Artigo 181º.

Para cumpri-lo disposto no artigo 8.2 dos presentes Estatutos, o Servicio de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña asumirá as seguintes funcións:

Promove-la progresiva capacitación dos membros da comunidade universitaria no uso do galego, arbitrando as medidas necesarias para facer normal a utilización do galego en tódolos ámbitos da vida universitaria.

Informar e asesorar permanentemente a tódolos órganos da Universidade no referente ó uso do galego.

Promove-las actuacións que consideren máis axeitadas para o proceso de normalización do galego na Universidade, a partir dos estudos previos que se entendan necesarios.

Traducir para o galego os documentos e escritos que a Universidade considere necesarios.

Canaliza-las relacións con entidades extrauniversitarias relacionadas coa lingua galega.

Fomenta-lo coñecemento e o estudo da lingua galega noutras Universidades e centros de Investigación.

Orienta-lo labor normalizador do Servicio de Publicacións.

O Servicio de Normalización Lingüística terá un director, nomeado polo rector, logo de concurso público, segundo procedemento legalmente establecido.

c) *Universidade de Vigo*

Resolución do 16 de setembro de 1993 pola que se dá cumprimento ó acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de agosto de 1993 sobre os estatutos da Universidade de Vigo. (DOG do 22 de outubro).

Artigo 3º.

A Universidade de Vigo, vencellada á realidade histórica, social e económica de Galicia, dedica especial atención ó estudio e desenvolvemento da súa cultura e proxéctase dun xeito activo sobre os problemas galegos mediante programas específicos de docencia, investigación e desenvolvemento e difusión establecidos a partir de necesidades concretas. Con estes obxectivos procurará a cooperación coas outras Universidades galegas.

Artigo 4º.

1. O galego é a lingua da Universidade de Vigo.
2. Ademais da lingua propia de Galicia, o castelán é lingua de uso nesta Institución Universitaria, tal como recoñecen o Estatuto de Galicia e a Constitución Española.
3. Tódolos membros da Comunidade Universitaria teñen dereito a se expresaren, oralmente e por escrito, na lingua da súa preferencia.
4. A Universidade de Vigo desenvolverá un labor de fomento da lingua galega en tódolos campos da súa competencia.
5. A ese efecto a Universidade de Vigo utilizará o galego nas súas relacións coa cidadanía galega, coas entidades territoriais e locais galegas, así como cos seus organismos dependentes. Así mesmo, o galego usarase oralmente e por escrito en tódolos procesos xudiciais relacionados coa comunidade universitaria ademais de nos textos legais, contratos, informes e comunicacións que xurdan do funcionamento cotián da Universidade.
6. A fin de facer efectivo o punto 4, promoverase a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Universidade de Vigo, arbitrando as medidas necesarias para facer normal a utilización do galego en tódolos ámbitos da vida universitaria.
7. Para dar cumprimento ós puntos 4, 5 e 6, posibilitando a súa posta en práctica, crearase un servizo de Normalización Lingüística, organismo encargado do apoio e execución –no seu caso– do explicitado nos epígrafes anteriores.
8. A Universidade de Vigo fomentará o coñecemento e o estudio da lingua galega noutras Universidades.

I. EXPEDICIÓN E HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS

34. EXPEDICIÓN DE TÍTULOS NON UNIVERSITARIOS

- a) *Orde do 15 de xaneiro de 1986 pola que se aproban os modelos dos títulos de Graduado Escolar, Bacharelato e Formación Profesional de primeiro e segundo graos, e dos Certificados de Escolaridade. (BOE do 24).*

Quinto.

Os títulos e certificados bilingües a que se refire o punto oito da Orde do 17 de novembro de 1982 terán idéntico formato e colorido cos aprobados no punto primeiro desta Orde, se ben o texto irá redactado en castelán na parte esquerda do documento, e na lingua oficial da Comunidade Autónoma na parte dereita do mesmo.

- b) *Real decreto 104/1988, do 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria. (BOE do 17 de febreiro).*

Artigo 16º.

Os centros docentes ós que se incorporen alumnos que cursaran estudos estranxeiros prestarán especial atención á aprendizaxe, por parte dos mesmos, da lingua castelá e, no seu caso, dentro do que prevexa ó respecto a normativa vixente, da lingua propia da Comunidade Autónoma na que estea situado o centro.

- c) *Orde do 19 de maio de 1988 pola que se regula o recoñecemento dos estudos realizados en centros estranxeiros situados en España e a expedición, no seu caso, dos títulos de Graduado Escolar e de Bacharelato. (BOE do 25).*

Décimo.

1. As solicitudes de recoñecemento do curso estranxeiro equivalente ó Curso de Orientación Universitaria, serán formuladas polos Institutos de Bacharelato ós que estean adscritos os Centros estranxeiros respectivos e deberán ir acompañados da documentación seguinte:

- d) Certificación individual, expedida polo Director técnico da Sección española, na que conste que o alumno obtivo avaliación positiva na lingua española do COU e, no seu caso, na outra lingua oficial da Comunidade Autónoma.

- d) *Orde do 24 de agosto de 1988 pola que se regula o procedemento de expedición dos títulos, diplomas e certificados correspondentes ós estudos de Educación Xeral Básica, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas Artísticas. (BOE do 30).*

Noveno.

Os títulos, diplomas e certificados obtidos nas Comunidades Autónomas nas que a lingua propia sexa cooficial co castelán poderanse expedir en ámbalas dúas linguas, a instancias das autoridades correspondentes a ditas Comunidades Autónomas. Actuarase de igual xeito no caso das zonas bilingües da Comunidade Foral de Navarra establecidas na Lei Foral do Vascuence.

Disposicións transitorias

Segunda. Co obxecto de facer posible a adopción, por parte das autoridades respectivas das Comunidades Autónomas, da decisión relativa á expedición de títulos, diplomas e certificados en texto bilingüe, a que se refire o número noveno da presente Orde, e co obxecto así mesmo de permitir-la introducción das modificacións precisas no procedemento informático e a concreción do texto que deba fixarse para os mesmos, a expedición de títulos, diplomas e certificados en texto bilingüe comezará a producirse con respecto ós que se obteñan ó termo do curso académico 1988-1989.

- e) *Orde do 22 de marzo de 1995 pola que se adecúa a denominación dos títulos académicos oficiais á condición masculina ou feminina de aqueles que os obteñan. (BOE do 28).*

Primeiro.—Un.

As denominacións e demais mencións contidas nos títulos, certificados ou diplomas de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional que conforme a súa lexislación específica, corresponde expedir en nome do Rei, ó Ministro de Educación e Ciencia e ós Rectores das Universidades, deberán expresarse en atención á condición masculina ou feminina dos que os obtiveron.

Tal condición haberá de ser así mesmo tida en conta na expresión dos títulos que, conforme á normativa vixente, haxan de expedirse en texto bilingüe por corresponder ós que finalizan os seus estudos en centros radicados en Comunidades Autónomas con lingua cooficial distinta do castelán.

Dous.

Ós efectos previstos no número anterior, a denominación en lingua castelá será a determinada no anexo á presente disposición, en tanto que a correspondente ás restantes linguas cooficiais será a que, para cada caso, determine a Comunidade Autónoma competente.

- f) *Real Decreto 733/1995, do 5 de maio, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. (BOE do 2 de xuño).*

Artigo 2º.—Modelo xeral de título.

2. Os títulos expediranse en castelán coas especificacións e dilixencias que sobre o seu texto se establecen no anexo II e na cartolina soporte das que as características mínimas se determinan no anexo III. As Comunidades Autónomas con lingua cooficial distinta do castelán poderán expedir os títulos en castelán ou en texto bilingüe. Neste caso expediranse nun só documento redactado en castelán e na outra lingua oficial da Comunidade Autónoma, en tipos de letra de igual rango.

- g) *Decreto 57/1997, do 6 de marzo, polo que se crea o rexistro de títulos académicos e profesionais non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o procedemento de expedición dos títulos correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. (DOG do 20).*

Artigo 4º.—Modelo xeral do texto do título.

1. Os títulos expediranse en nome de El-Rei polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, nun único documento, redactado en castelán e galego, con letras do mesmo rango e de acordo co modelo, especificacións, soportes, dilixencias e demais características detalladas nos anexos I, II, III e IV deste decreto.

- h) *Orde do 25 de abril de 1997 pola que se regulan o procedemento de expedición e a organización e funcionamento do Rexistro de Títulos Académicos e Profesionais correspondentes as ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. (DOG de 20 de maio).*
5. Nos duplicados que se expidan deberase facer consta-la causa que motivou a súa expedición, mediante a impresión, na parte inferior do anverso do título, da dilixencia que corresponda das que figuran no anexo IV do Decreto 57/1997, do 6 de marzo, en galego e castelán. Así mesmo, deberá figurar impresa a mesma clave rexistral ca no orixinal respectivo.
- i) *Orde do 22 de abril de 1997 pola que se establece a proba libre para a obtención do título de graduado en educación secundaria para persoas maiores de 18 anos. (DOG do 19 de maio).*

Artigo 5º.—Características da proba.

1. A proba libre estará conformada por diversas probas ou exames que versarán sobre as áreas de coñecemento seguintes: lingua castelá e literatura; lingua galega e literatura; lingua estranxeira; ciencias da natureza; ciencias sociais, xeografía e historia; matemáticas; e tecnoloxía.
- Os contidos de referencia das devanditas áreas serán os establecidos no Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, agás a área de ciencias sociais, xeografía e historia da que se establece o seu currículo no Decreto 331/1996, do 26 de xullo.

35. EXPEDICIÓN E HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS UNIVERSITARIOS

- a) *Real Decreto 1496/1987, do 6 de novembro, polo que se regulan as condicións de obtención, expedición e homologación de Títulos Universitarios. (BOE do 14 de decembro).*

Artigo 3.2.

Os títulos oficiais expediranse en castelán. As Universidades radicadas nas Comunidades Autónomas con lingua oficial propia distinta da oficial do Estado expediran, no seu caso, os títulos en texto bilingüe nun só documento redactado en castelá e na outra lingua oficial da Comunidade Autónoma correspondente.

- b) Orde do 8 de xullo de 1988 pola que se regula a expedición de títulos universitarios oficiais, en desenvolvemento dos Reais Decretos 185/1985, do 23 de xaneiro, e 1496/1987, do 6 de novembro. (BOE do 13).

Décimo cuarto.

En caso de títulos bilingües, dita dilixencia poderá imprimirse en castelá e na outra lingua oficial da Comunidade Autónoma respectiva.

IV. ACCIÓNS DE FORMACIÓN E DE EXTENSIÓN DA LINGUA

36. EQUIVALENCIA DE CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA

Orde do 7 marzo de 2001 pola que se publica a equivalencia dos cursos de linguaxe administrativa galega feitos na Escola Galega de Administración Pública antes do ano 2000. (DOG do 2 de abril).

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Escola Galega de Administración Pública asinaron o 28 de xuño de 1999 un convenio de colaboración para a realización conxunta de actividades formativas nas administracións públicas de Galicia, e o recoñecemento mutuo dos certificados que acrediten o coñecemento da linguaxe administrativa ou xurídica galegas. Este convenio foi modificado en decembro de 1999.

Co obxecto de darlle a axeitada publicidade ó devandito recoñecemento e ante as dúbidas que se lles presenta ós posuidores de certificacións expedidas pola Escola Galega de Administración Pública ata decembro de 1999, cómpre publica-lo recoñecemento expreso destas certificacións e a equivalencia cos deseñados pola Dirección Xeral de Política Lingüística. En consecuencia,

Dispoño:

Artigo único

Declarar como equivalentes ó curso medio de linguaxe administrativa galega, deseñado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, os seguintes cursos realizados na Escola Galega de Administración Pública con anterioridade ó ano 2000, e dirixidos ós diferentes grupos de persoal ó servizo das administracións públicas:

Cursos de linguaxe administrativa, cursos de linguaxe administrativa galega, cursos de linguaxe xurídica galega e cursos de linguaxe xurídica galega para asesores xurídicos da Xunta.

37. CONVOCATORIA DE CURSOS BÁSICOS E MEDIOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian cursos básicos e medios de linguaxe administrativa galega para o persoal das administracións públicas de Galicia. (DOG do 13).

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con isto, recoñécelles ós cidadáns o dereito de usalo, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Ademais, para facer efectivo ese dereito, mándalles ós poderes públicos autonómicos que vaian capacitando progresivamente no uso do galego o persoal que traballa ó servizo da Administración pública e das empresas de carácter público en Galicia.

Entre as funcións e competencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, determinadas polo Decreto 213/1998, figura a promoción e o ensino da lingua galega, concretados, ademais de noutros campos, na coordinación de cursos de formación de lingua galega dirixidos, entre outros colectivos, ós funcionarios públicos. A capacitación lingüística en galego do persoal ó servizo das administracións públicas de Galicia tamén é un dos fins da Escola Galega de Administración Pública, segundo establece a Lei 10/1989.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dispón:

Artigo 1º.

1. Anúncianse, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, 24 cursos (básicos e medios) de linguaxe administrativa galega que se van realizar nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela.

A distribución dos tipos de cursos (básico, medio) e das edicións de cada un dependerá do número de solicitudes para cada localidade. O número de prazas por curso oscilará entre 35 como máximo e 20 como mínimo.

Os cursos impartiranse en dúas quendas: a primeira comezará no mes de marzo das 8 ás 9.30 e das 13.30 ás 15 horas e a segunda en outubro, coa mesma distribución horaria.

2. O gasto ocasionado pola realización destes cursos financiarase con cargo á partida 07.06.353E.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía máxima de 10.000.000 de pesetas (dez millóns de pesetas).
3. As retribucións correspondentes ó persoal que imparta estes cursos son, por analogía, as establecidas na Orde do 18 de xuño de 1990 (DOG do 4-7-1990).

Artigo 2º.

Os cursos van dirixidos ó persoal que realiza funcións administrativas nas diferentes administracións públicas de Galicia. Reservarase o 75% das prazas para o persoal da Administración autonómica galega.

Artigo 3º.

1. As solicitudes, utilizando o modelo de instancia que figura como anexo a esta orde, presentaranse no rexistro da Escola Galega de Administración Pública, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, ou en calquera das dependencias ás que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. Só se poderá presentar unha única solicitude para as dúas quendas. No caso de que un candidato non sexa seleccionado para a primeira quenda, a solicitude terase en conta tamén para a segunda. Só se deberá indica-lo horario na solicitude cando non se poida participar noutra distinto.
3. Os que aspiren a participar no curso básico de linguaxe administrativa engadiranlle ó modelo de solicitude unha copia compulsada da certificación que acredite que teñen superado ou validado o curso de iniciación de lingua galega.
4. Os que aspiren a participar no curso medio de linguaxe administrativa engadiranlle ó modelo de solicitude unha copia compulsada da certificación que acredite que teñen superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa galega ou o de perfeccionamento de lingua galega.
5. O prazo de presentación das solicitudes será:
 - Para os cursos que se inicien en marzo, vinte días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.
 - Para os cursos que comecen en outubro, ata o 1 de setembro. Os solicitantes que non fosen seleccionados na primeira quenda, non precisan presentar unha nova solicitude para participaren na selección da segunda.

Artigo 4º.

1. Os criterios de selección, de conformidade co establecido nas letras c) e d) do epígrafe C) da resolución da Escola Galega de Administración Pública do 27 de xuño de 1994, modificada pola Resolución do 5 de xaneiro de 2001 (DOG nº 14, do 19 de xaneiro), serán os seguintes:

a) *Para os cursos básicos de linguaxe administrativa galega, e por esta orde:*

1º. A antigüidade na finalización do curso de iniciación á lingua galega. No caso de que na certificación de validación do curso de iniciación de lingua galega non figure a data exacta de remate, terase en conta a data de expedición da certificación.

2º. O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos de Administración pública.

3º. Antigüidade na Administración.

Quedarán excluídas aquelas persoas que estean en posesión da certificación de perfeccionamento de lingua galega ou de calquera dos certificados equivalentes, segundo o establecido na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 11 de novembro de 1998, pola que se declaran as equivalencias entre os distintos cursos e probas de lingua galega (DOG nº 240, do 14 de decembro).

b) *Para os cursos medios de linguaxe administrativa galega, e por esta orde:*

1º. A antigüidade na finalización do curso básico de linguaxe administrativa galega ou o de perfeccionamento de lingua galega. No caso de que na certificación de validación do curso de perfeccionamento de lingua galega non figure a data exacta de terminación, terase en conta a data de expedición da certificación.

2º. O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos de Administración pública.

3º. Antigüidade na Administración.

Quedarán excluídas aquelas persoas que estean en posesión da certificación ou diploma dos cursos de linguaxe administrativa, cursos de linguaxe xurídica galega e cursos de linguaxe xurídica galega para asesores xurídicos da Xunta, expedidos pola Escola Galega de Administración Pública, ou homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou por calquera dos certificados ós que se refire o artigo 3 da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 11 de novembro de 1998.

2. As listas de seleccionados para participar nos cursos faranse públicas nos taboleiros de anuncios da Escola Galega de Administración Pública, da

Oficina de Información Administrativa e Atención ó Cidadán da Consellería da Presidencia e Administración Pública e nas delegacións provinciais desa mesma consellería.

3. A data exacta de comezo notificaráselles directamente ós seleccionados.
4. Os cursos que teñan lugar en Santiago de Compostela impartiranse nos locais da Escola Galega de Administración Pública. Os das demais localidades especificadas no artigo 1º impartiranse nos lugares que determine o Gabinete de Normalización Lingüística de cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
5. Sobre a admisión de solicitudes resolverá a Escola Galega de Administración Pública. Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

De non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados desde a publicación desta convocatoria no DOG, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Artigo 5º.

1. Os cursos terán unha duración de 75 horas.
2. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.
3. A avaliación que se efectúe nestes cursos deberá responder ós principios de progresiva e continua, e terá en conta, entre outros elementos, o dominio da materia, o traballo diario na aula, os traballos teóricos e prácticos e a asistencia. Ó remate de cada curso, ós asistentes que superaron as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de «apto».

Artigo 6º.

Tódalas actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ó uso correcto do idioma (tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística), ó establecido pola Real Academia Galega.

Disposicións derradeiras

Primeira. Autorízase o director xeral de Política Lingüística para dicta-las instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

38. CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE LINGUA GALEGA PARA ADULTOS E COLECTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 13).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con iso, recoñécelles ós cidadáns o dereito de coñecelo e de usalo. Mais non estaría garantido ese dereito se os cidadáns non tivesen a posibilidade de aumentar -ou iniciar, segundo o caso- o coñecemento e o dominio dos distintos rexistros da lingua propia de Galicia.

Entre as competencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, recollidas no Decreto 213/1998, figura a promoción e o ensino da lingua galega, competencia que exerce, entre outros medios, a través da organización de cursos do idioma propio de Galicia. A estrutura e o contido destes cursos regularaos xa a propia consellería mediante unha Orde do 1 de marzo de 1989.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dispón:

Artigo 1º.

1. Anúncianse cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega, que se realizarán nas localidades que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, segundo as solicitudes presentadas e a súa distribución xeográfica.
2. O gasto ocasionado pola realización destes cursos financiarase con cargo á partida 07.06.353E.640.2 do orzamento xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía máxima de 125.000.000 (cento vintecinco millóns de pesetas).

3. As retribucións correspondentes son, por analogía ou similitude, as establecidas na Orde do 18 de xuño de 1990 (DOG do 4 de xullo).

Artigo 2º.

1. Poderán asistir a estes cursos tódalas persoas maiores de idade que o desexen, ben individualmente ou ben agrupadas por colectivos.
2. Para acceder ó curso de perfeccionamento é requisito indispensable ter aprobado ou validado o curso de iniciación.
3. O número de asistentes a cada curso será de 20 persoas como mínimo e de 35 como máximo.

Artigo 3º.

1. Os cursos terán unha duración de 75 horas e neles impartiranse os contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento.
2. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.
3. A avaliación que se efectúe nestes cursos deberá responder ós principios de formativa e continua, e terá en conta o dominio oral e escrito do idioma, para o que se aplicarán as probas necesarias. Ó remate de cada curso, ós asistentes que superaron as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de «apto».

Artigo 4º.

1. O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días hábiles seguintes ó da publicación deste anuncio no DOG.
2. Para a presentación das solicitudes utilizaranse os modelos de formularios que figuran como anexos I e II a esta orde de convocatoria.

As persoas e os colectivos que desexen realiza-los cursos presentarán a solicitude no rexistro da delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da provincia á que pertenza a localidade onde queiran realiza-lo curso, sendo de aplicación o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).

3. Os solicitantes do curso de perfeccionamento deberán presentar, canda o formulario de solicitude, a fotocopia compulsada da certificación que acredite que teñen superado o curso de iniciación, ou ben da correspondente validación.

Artigo 5º.

1. Sobre a admisión das solicitudes resolverá a correspondente delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

De non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados desde a publicación desta convocatoria no DOG, as solicitudes entenderanse desestimadas.

2. As listas de admitidos faranse públicas nos taboleiros de anuncios do Gabinete de Normalización Lingüística da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente.

Artigo 6º.

1. O horario, o lugar de realización e a data de comezo de cada curso determinaraos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística.
2. Tódalas actividades que se realicen nestes cursos ateranse ó que se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e máis no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre a normativización da lingua galega.

Disposicións derradeiras

Primeira. Autorízase o director xeral de Política Lingüística para dictar no ámbito das súas competencias as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

V. ADMINISTRACIÓN E FUNCIÓN PÚBLICA

39. A LEI REGULADORA DO PROCESO AUTONÓMICO

Lei 12/1983, do 14 de outubro, regulamentadora do proceso autonómico (BOE do 14 e 15 de outubro).

Artigo 25.1.a.

A Comunidade Autónoma deberá comunica-la existencia das vacantes á Administración do Estado, a fin de que esta atenda a súa provisión, na forma que dispón o artigo anterior. Na provisión das devanditas vacantes, nas Comunidades Autónomas onde exista, ademais da lingua oficial do Estado, outra lingua oficial, a Administración do Estado deberá ter en conta este feito.

40. A LEI DE MEDIDAS PARA A REFORMA DA FUNCIÓN PÚBLICA

Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública. (BOE, 03/08/84).

Artigo 19º.—Selección do persoal.

1. Nas convocatorias para acceso á función pública, as Administracións Públicas no respectivo ámbito das súas competencias deberán preve-la selección de funcionarios debidamente capacitados para cubri-los postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais.

Artigo 31º.—Réxime disciplinario.

1. Consideraranse como faltas moi graves:

- b) Toda actuación que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento ou vecindade, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

41. A LEI DA FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA

*Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública en Galicia. (DOG, 01/06/88).
Modificada pola Lei 4/1991, do 8 de marzo, (DOG do 13), pola Lei 8/1992, do
24 de xullo (DOG do 6 de agosto) e pola la Lei 3/1995, do 10 de abril (DOG
do 20).*

Artigo 12º.—*(Redactado conforme ó establecido no artigo 4 da Lei 3/1995, do 10 de abril; DOG do 20).* Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia:

14. Aproba-lo plan de normalización lingüística da Administración pública da Comunidade Autónoma.

Artigo 33º.

(Redactado conforme ó establecido no artigo único da Lei 8/1992, do 24 de xullo; DOG do 6 de agosto). «Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego no eido da Administración pública en Galicia e para garanti-lo dereito dos administrados ó uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma e maila promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6,3 da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autonómica terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega».

42. CREACIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Lei 10/1989, de modificación da lei 4/1987, do 21 de maio, de creación da escola galega de administración pública exposición de motivos. (DOG do 24 de xullo).

Artigo único

Os artigos 3 e 7 da Lei 4/87, do 27 de maio, quedarán redactados do seguinte xeito:

Artigo 3

1. Son fins da EGAP:

- i) A difusión e a normalización do idioma galego na Administración Pública, a capacitación lingüística do persoal e maila participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

43. NORMAS PARA A PROVISIÓN DE DETERMINADOS POSTOS DE TRABALLO

Orde do 20 de xullo de 1990 pola que se dictan normas para a provisión de determinados postos de traballo de funcionarios na administración periférica do estado, en relación co coñecemento das linguas oficiais propias das comunidades autónomas. (BOE do 24).

Primeiro.

Na provisión de postos por funcionarios na Administración Periférica do Estado no País Vasco, Cataluña, Galicia, Comunidade Valenciana, Comunidade Foral de Navarra e Comunidade Autónoma das ilas Baleares, terase en conta o coñecemento da lingua oficial propia de cada Comunidade Autónoma nos termos establecidos nestas normas.

Segundo.

Os Departamentos ministeriais a iniciativa das delegacións do Goberno, determinarán os postos para os que, en función do seu sentido resulte preceptivo o coñecemento da lingua oficial propia de cada Comunidade Autónoma, polo que este se incorporará como requisito ás correspondentes relacións de postos de traballo.

Terceiro.

O coñecemento da lingua oficial propia de cada Comunidade Autónoma valorarase como mérito para a provisión por concurso dos postos de traballo que teñan dentro do seu sentido relación directa con:

- a) Información ó público.
- b) Recepción e rexistro de documentos.
- c) Actividades de xestión con significativos graos de proximidade co público e de frecuencia nas súas relacións.
- d) Actividades para as que o coñecemento da lingua constituía un factor relevante.

Para estes efectos, as Delegacións do Goberno emitirán anualmente un informe sobre o grao de implantación na Administración periférica do Estado da lingua oficial propia de cada Comunidade Autónoma, que será obxecto de consideración polos Departamentos ministeriais en canto á concreción dos postos a que se refire este punto.

Cuarto.

As convocatorias dos concursantes para a provisión de postos ós que se refire o punto terceiro das presentes normas, conterán a valoración do coñecemento da lingua oficial en canto mérito específico.

No suposto de concorrencia con outros méritos específicos, a súa valoración deberá aterse, en conxunto, ós límites sinalados con carácter xeral.

A acreditación do coñecemento da lingua efectuarase mediante fotocopia do título, diploma ou certificación expedido por Centro público competente ou por institución privada oficialmente homologada, con indicación do grao de coñecemento. No caso de seren provistos os referidos postos a través da fase de concurso específico, prevista no artigo 15 do Real Decreto 28/1990, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración do Estado, a acreditación do coñecemento da lingua poderá efectuarse mediante a celebración dunha entrevista.

Quinto.

De acordo cos Departamentos ministeriais, as Delegacións do Goberno, tendo en conta o grao de implantación lingüística reflectido no informe anual que se contempla no punto terceiro destas normas e en colaboración no seu caso co Instituto Nacional de Administración Pública ou cos Centros Competentes en materia de formación de funcionarios, programarán e desenvolverán coordinadamente para tódolos Servizos Periféricos da Administración do Estado en cada unha das Comunidades enunciadas no punto primeiro das presentes normas, os cursos necesarios para a ensinanza das súas linguas oficiais, con prioridade para os funcionarios que desenvolvan postos que teñan como función o desenvolvemento das actividades previstas no punto terceiro destas normas.

Esa formación poderá impartirse mediante convenios coas Institucións docentes públicas competentes ou con Institucións privadas homologadas.

Sexto.

O persoal docente e investigador, sanitario e dos servizos postais e de telecomunicacións, rexerase nesta materia polas normas específicas que lle sexan de aplicación.

Madrid, 20 de xullo de 1990

44. O REGULAMENTO DE RÉXIME DISCIPLINARIO DOS FUNCIONARIOS

Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 25).

Artigo 3º.—Son fallas moi graves:

- b) Toda actuación que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición o circunstancia persoal o social.

45. A LEI 30/1992 DE RÉXIME XURÍDICO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN

Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (BOE do 27), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14).

Artigo 35º.—Dereitos dos cidadáns.

- d) A utiliza-las linguas oficiais no territorio da súa Comunidade Autónoma, de acordo coo previsto nesta Lei e no resto do Ordenamento Xurídico.

Artigo 36º.—Lingua dos procedementos

(Artigo redactado conforme ó establecido no artigo 1º da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

- «1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será castelá. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan ós órganos da Administración Xeral do Estado con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. Se concorreran varios interesados no procedemento e existira discrepancia en canto á lingua, o procedemento tramitarase en castelá, se ben os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida polos mesmos.

- 2. Nos procedementos tramitados polas Administracións das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais, o uso da lingua axustarase ó previsto na lexislación autonómica correspondente.

3. A Administración pública instructora deberá traducir ó castelá os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban producir efecto fora do territorio da Comunidade Autónoma e os documentos dirixidos ós interesados que así o soliciten expresamente. Se deberan producir efectos no territorio dunha Comunidade Autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelá, non será precisa a súa traducción».

46. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS ANTE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Real Decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración Xeral do Estado, a expedición de copias e documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro. (BOE do 22 de maio).

Artigo 10º.—Solicitudes, escritos, comunicacións e documentos en linguas cooficiais.

1. As solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos a órganos radicados no ámbito territorial dunha Comunidade Autónoma con lingua cooficial poderán estar redactados en dita lingua ou en castelán; debendo en ámbolos casos ser admitida a súa presentación en calquera oficina de rexistro da Administración Xeral do Estado e dos seus Organismos públicos. Cando a oficina de rexistro en que se presenten estea situada fora do ámbito territorial de vixencia da lingua cooficial, expedirase en todo caso unha copia da solicitude, escrito ou comunicación como recibo acreditativo da súa presentación de acordo co disposto no artigo 6 deste Real Decreto.
2. Para a expedición de copias seladas ou cotexadas de documentos redactados en linguas cooficiais aportados ou presentados xunto cunha solicitude, escrito ou comunicación, as oficinas de rexistro situadas fora do ámbito territorial de vixencia da lingua cooficial realizarán sempre a copia cos seus propios medios.

VI. ADMINISTRACIÓN LOCAL

47. A LEI DO USO DO GALEGO COMO LINGUA OFICIAL POLAS ENTIDADES LOCAIS

Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. (DOG do 30).

A lingua galega constitúe o principal patrimonio cultural da nosa Comunidade, como sinal de identificación e diferenciación de Galicia. O estatuto de Autonomía, no artigo 5º, recoñécea como lingua propia dos galegos, e o artigo 4.1 da Lei de Normalización Lingüística declara o galego como lingua oficial da Administración local.

Polas razóns expostas, e en coherencia cos mandatos estatutarios e legais, é preciso impulsa-la normalización lingüística na Administración local, e para este efecto a Xunta de Galicia, no marco da súa política de promoción da normalización lingüística, debe colaborar na medida do necesario cos esforzos das entidades locais a prol do uso normalizado da lingua galega na súa documentación oficial, sen prexuízo de empregar ademais a outra lingua oficial, se así o decide, neste caso, a respectiva entidade.

A finalidade da presente Lei é a de establecer un criterio normativo impulsor do progresivo proceso de normalización do galego na Administración local, na procura dun clima social e político que multiplique os esforzos que se veñen realizando para a recuperación do uso normal da nosa lingua.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.º 2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 111983, do 23 de febreiro, regulamentadora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

Artigo 1º.v

1. As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das Comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia redactaranse en lingua galega.
2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as devanditas entidades poden facelo, ademais, na outra lingua oficial.

Artigo 2º.

1. Correspóndelle á Xunta de Galicia o impulso do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega.
2. Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega.

Disposición transitoria

1. As entidades locais que non estean en condicións de incorporar de contado o galego como lingua normal nos actos escritos da Administración dispoñerán dun prazo de dous anos a partir da publicación desta Lei para adoptar acordo sobre a realización material do disposto nela e darlle cumprimento.

2. A Xunta de Galicia elaborará un programa de actuacións co obxecto de garantir que, ó cabo do prazo sinalado no parágrafo anterior, tódalas entidades locais de Galicia estean en condicións de cumpri-lo preceptuado nesta Lei.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 1988.

FERNANDO IGNACIO GONZÁLEZ LAXE
Presidente

48. A LEI REGULADORA DAS BASES DO RÉXIME LOCAL

Lei 7/1985 do 2 de abril, regulamentadora das bases do réxime local (BOE do 3). Modificada pola Lei 11/1999 do 21 de abril de 1999. (BOE do 22).

Artigo 14º.

1. Os cambios de denominación dos Concellos só terán carácter oficial cando, logo de seren anotados nun Rexistro creado pola Administración do Estado para a inscrición de tódalas Entidades a que se refire a presente Lei, se publiquen no «Boletín Oficial do Estado».

2. A denominación dos Concellos poderá ser a tódolos efectos, en castelán, en calquera outra lingua española oficial na respectiva Comunidade Autónoma, ou en ámbalas dúas.

49. REGULAMENTO DE POBOACIÓN E DEMARCACIÓN TERRITORIAL

Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais (BOE do 14 de agosto). Modificado polo Real Decreto 2612/1996, do 20 de decembro. (BOE do 16 de xaneiro de 1997).

Artigo 30º.

2. A denominación dos Concellos poderá ser, a tódolos efectos en castelán, en calquera outra lingua española oficial na respectiva Comunidade Autónoma ou en ámbalas dúas.
3. Os Concellos non poderán usar nomes que no foran autorizados segundo ós trámites regulamentarios.

50. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME XURÍDICO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. (BOE do 22 de decembro e corrección de erros, BOE do 14 de xaneiro de 1987).

Artigo 86º.

1. As convocatorias das sesións, as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo e dictames das comisións informativas redactaranse en lingua castelá ou na lingua oficial da Comunidade Autónoma á que pertenza a entidade, de acordo coa lexislación aplicable e cos acordos adoptados respecto a iso pola correspondente Corporación.
2. Nos debates poderanse utilizar, indistintamente, a lingua castelá ou a cooficial da Comunidade Autónoma respectiva.

Artigo 110º.

1. Seralle aplicable á redacción das actas o disposto no artigo 86.1., en canto á utilización das linguas.
2. A acta, unha vez aprobada polo Pleno, transcribírase no libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas do Alcalde ou Presidente e do Secretario.

Artigo 201º.

As actas e resolucións en versión bilingüe transcribírase ós libros correspondentes mediante o sistema de dobre columna, nunha para cada lingua, co fin de facilita-lo seu cotexo e uso.

51. PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, polo que se regula a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional. (BOE do 9 de agosto).

Artigo 21º.—Valoración de méritos e resolución del concurso.

2. De acordo coas previsións da convocatoria, o tribunal comprobará, no seu caso, o coñecemento da lingua da Comunidade Autónoma e valorará os méritos determinados pola mesma e os específicos da Corporación local.

Artigo 26º.—Procedemento.

Os concursos unitarios rexíranse polas bases que aprobe o Ministerio para as Administracións Públicas, en función dos méritos xerais a que se refire o artigo 15 do presente Real Decreto, de acordo coas Comunidades Autónomas, no seu caso, respecto ó requisito do coñecemento da lingua propia e dos méritos determinados por estas. A acreditación documental do requisito e méritos de determinación autonómica efectuarase conforme ó que establece as Comunidades Autónomas.

En canto á participación estarase ó previsto no artigo 18 do presente Real Decreto.

As solicitudes, con especificación da orde de prelación das prazas, dirixíranse á Dirección Xeral da Función Pública, acompañadas da documentación acreditativa, no seu caso, dos méritos determinados polas Comunidades Autónomas e do coñecemento da lingua, dentro dos quince días naturais seguintes á publicación da convocatoria no «Boletín Oficial do Estado».

Artigo 28º.—Procedemento.

1. As bases da convocatoria para cubri-los postos de libre designación serán aprobadas polo Pleno da Corporación e deberán de conte-los seguintes datos:
 - f) Referencia ó coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma correspondente conforme a súa normativa específica.

Artigo 38º.—Permutas.

De acordo coas Corporacións locais afectadas e os funcionarios interesados, os órganos competentes das Comunidades Autónomas, dentro do seu ámbito territorial, e en outro caso a Dirección Xeral da Función Pública, poderán autorizar permutas, atendendo ó disposto na normativa aplicable ós funcionarios civís do Estado, sen prexuízo do esixido na lexislación da Comunidade Autónoma respectiva en canto ó coñecemento da súa lingua propia.

52. NORMAS SOBRE CONCURSOS DE PROVISIÓN DE POSTOS RESERVADOS

- a) *Orde do 10 de agosto de 1994 pola que se dictan normas sobre concursos de provisión de postos reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter xeral. (BOE do 12).*

Artigo 6º.—Bases específicas.

2. Tamén incluírán, se foran aprobados polo órgano ou Administración competente:

Baremo de méritos específicos e concreción de medios para a súa acreditación e valoración.

Coñecementos da lingua propia da Comunidade Autónoma nos termos previstos pola súa lexislación e medios de acreditación.

Baremo de méritos de determinación autonómica e medios para a súa acreditación.

Artigo 14º.—Procedemento e resolución.

1. A solicitude para tomar parte no concurso dirixirase á Dirección Xeral da Función Pública, coa especificación da orde de prelación de prazas solicitadas, acompañada, no seu caso, da documentación acreditativa de coñecemento da lingua e méritos de determinación autonómica, dentro dos quince días naturais seguintes á publicación da convocatoria no «Boletín Oficial do Estado».
3. O Tribunal efectuará as exclusións que procedan en relación co coñecemento da lingua propia de cada Comunidade Autónoma, para o que estas poderán propoñer a incorporación de expertos que en calidade de asesores actuarán con voz pero sen voto. A continuación valorará os méritos de determinación autonómica. A dita puntuación sumarase a acreditada por méritos xerais.

Disposicións adicionais

Segunda. Requisito e méritos autonómicos

A inclusión nos concursos do requisito do coñecemento da lingua e dos méritos de determinación autonómica operará respecto das convocatorias que se produzan con posterioridade a súa determinación.

- b) *Orde do 8 de setembro de 1994 pola que se aproba o modelo de convocatoria conxunta e bases comúns polas que se teñen que rexe-los concursos ordinarios para provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional. (BOE do 9).*

Segunda. Documentación para participar.

Documentación acreditativa de reuni-lo requisito do coñecemento da lingua da Comunidade Autónoma respectiva, no seu caso, dos méritos específicos do posto de traballo e dos de determinación autonómica.

53. O REXISTRO DAS ENTIDADES LOCAIS

Orde do 3 de xuño de 1986, pola que se desenvolve o Real Decreto 382/1986, do 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o funcionamento do rexistro de entidades locais. (BOE do 15 de xullo).

Artigo 3º.

A) *Concellos*

Denominación: Nos concellos de nova creación consignarase a que figure como tal na disposición que autorice a creación. Nos concellos existentes consignarase a actual denominación recoñecida oficialmente.

54. REGULACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Orde do 5 de outubro de 2000 pola que se regula a concesión de subvencións ós concellos de Galicia para a normalización da lingua galega. (DOG do 13).

Dentro dos obxectivos da normalización lingüística no ámbito da Administración local comprendidos na Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, están os mencionados nos seus artigos:

Artigo 1º: «As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega»;

Artigo 2º.1: «Correspóndelle á Xunta de Galicia o pulo do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega»; e no punto 2º.2: «Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega».

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, nos seus números 1º e 3º do artigo 7, dispón, respectivamente: «O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.

As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega».

«A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega».

Co fin de acadar estes obxectivos a Xunta de Galicia elaborou un plan integral de estudos dedicado ós funcionarios que presten os seus servizos nas corporacións locais galegas, do que forman parte os cursos básico, medio e de especialización, obténdose, ó remate destes, o título de traductor oficial de linguaxe administrativa galega, título que habilita os que o obteñan para encargárense da tradución da documentación á que se refire o artigo 1º da Lei 5/1988, do 21 de xuño.

Os funcionarios que se formen nos devanditos cursos serán a base duns gabinetes de tradución para o idioma galego que deberán estar implantados en tódolos municipios de Galicia co fin de cumprilos mandados contidos nas leis 5/1988, do 21 de xuño, e 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Mentres os devanditos gabinetes de tradución non poidan estar integrados por funcionarios en activo da correspondente corporación local e co fin de aceleralo cumprimento por parte dos municipios da legalidade vixente,

Dispoño:

Artigo 1º.

A Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais convoca axudas destinadas a sufragar los custos de contratación de persoa alleo polos concellos, mentres estes non dispoñan do persoa funcionario —preciso e suficientemente formado—, para encargarse da tradución para o galego dos documentos ós que se refire o artigo 1.1º da Lei 5/1988, do 21 de xuño.

Artigo 2º.

As axudas ás que se refire o artigo anterior faranse efectivas, no seu día, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.760.0, Programa 353.E, dos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega, ata un límite de vinte e cinco millóns de pesetas (25.000.000 de ptas.).

Artigo 3º.

As subvencións serán solicitadas polo alcalde de cada concello, utilizando o modelo que figura como anexo I desta orde e concederanse para as modalidades que a continuación se relacionan:

1. Mantemento dos servizos municipais de normalización lingüística xa existentes.
2. Creación de novos servizos municipais de normalización lingüística, debidamente xustificadas e sempre que exista crédito suficiente.
3. Organización de campañas co obxecto de lograr a normalización lingüística no concello.

Artigo 4º.

Os servizos municipais de normalización lingüística contarán, polo menos, cun especialista titulado en lingua galega (licenciado en filoloxía galego-portuguesa, en filoloxía galega ou mestre de EXB, co diploma de especialista en lingua galega).

Artigo 5º.

Os gabinetes municipais de normalización lingüística deberán cumprir a seguinte misión:

- a) Velar porque sexa aplicada a Lei de normalización lingüística de Galicia, no ámbito de actuación do concello correspondente, así como a Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. As accións máis importantes serán: confección en galego das actas, edictos, convocatorias de sesións, ordes do día, dictames das comisións informativas, mocións e traducións de tódolos impresos oficiais en lingua galega.
- b) Ofrecerlle ó público asesoramento lingüístico para a corrección de textos galegos e para a súa tradución, se fose posible.
- c) Impulsar a normalización do galego nos diferentes ámbitos da vida pública.

Artigo 6º.

Xunto coa petición remitirase a seguinte documentación:

En tódolos casos,

- a) Breve memoria descritiva da modalidade para a que se solicita a subvención, na que consten tódolos datos referidos a ela.
- b) Orzamento de gastos, total e desagregado por capítulos, para a realización da actividade para a que se solicita a axuda.
- c) Certificación do secretario da corporación de que para o dito cometido non gozan de ningunha outra subvención.
- d) Transcrición certificada do acordo municipal, en pleno ou comisión de goberno, da solicitude de subvención.
- e) Certificación bancaria (orixinal) da conta corrente na que desexen que se lles ingrese o importe da subvención.
- f) Fotocopia do NIF do concello.
- g) Nome e titulación, cando proceda, do/os especialista/s en lingua galega que a corporación local vaia contratar para o servizo de normalización lingüística.
- h) Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas, para a mesma programación, das distintas administracións públicas competentes.

Artigo 7º.

1. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.
2. As peticións entregaranse no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, ou nas súas delegacións provinciais e será de aplicación o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. O defecto na solicitude seralles notificado ós interesados e daráselles un prazo de 10 días para que emenden erros ou omisións. Transcorrido o dito prazo, se non se producise a dita emenda, as peticións serán arquivadas de conformidade co disposto na devandita Lei 30/1992, trala súa modificación pola Lei 4/1999, do 6 de xaneiro.

Artigo 8º.

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán analizadas polos servicios competentes da Dirección Xeral de Administración Local, e o director xeral elevará a correspondente proposta ó conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, quen resolverá no prazo máximo dun mes.

Artigo 9º.

Os beneficiarios da subvención, unha vez concedida esta, quedarán obrigados a destinaren os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos. A Dirección Xeral de Administración Local poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Artigo 10º.

Para recibir a subvención, os concellos seleccionados deberán remitir á Dirección Xeral de Administración Local (Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais), antes do día 30 de novembro de 2000, os seguintes xustificantes dos gastos realizados:

1º No caso de que a subvención se concedese para o mantemento dos servicios de normalización lingüística xa existentes ou para a creación de novos servicios municipais de normalización lingüística:

- a) Copia compulsada do contrato vixente que o concello formalice co/os especialista/as e,
- b) Mandamento de pagamento ou certificación do pagamento das retribucións especificadas no contrato sinalado conformada polo interventor do concello.
- c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para unha mesma programación das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2º No caso de que a subvención se concedera para a organización de campañas co obxecto de lograr a normalización lingüística no concello: facturas orixinais do gasto realizado ou copias compulsadas, acompañadas de certificación expedida polo secretario xeral da corporación relativa ó acordo da súa aprobación.

Artigo 11º.

Conforme o disposto no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 6 de xaneiro, de non

notificarse resolución no prazo de tres meses contados desde a publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Administración local para dicta-las resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2000.

ANTONIO PILLADO MONTERO
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

55. CONVOCATORIA DE CURSOS BÁSICO, MEDIO E SUPERIOR DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA

Orde do 5 de outubro de 2000 pola que se convocan os cursos básico, medio e superior de linguaxe administrativa galega para o cadro de persoal das corporacións locais. (DOG do 13).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5.1º dispón que a lingua propia de Galicia é o galego.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 4.1º, establece que: «O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma...».

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, no seu artigo 1, dispón: «As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega».

«E no seu artigo 2, punto 2.1, di: «Correspóndelle á Xunta de Galicia o pulo do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega».

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia nos puntos 1 e 3 do seu artigo 7, dispón respectivamente: «O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local».

«As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega».

«A Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, especialmente a través de programas de formación de funcionarios das entidades locais en lingua galega».

A Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, co fin de dar cumprimento a estas disposicións e recomendacións, proseguindo coa súa liña de cooperación coas corporacións locais, coa finalidade de impulsar a normalización lingüística na Administración local, e como continuación ó Plan Integral de Estudos iniciado en 1990, mediante o que se pretende que en tódalas corporacións locais exista, polo menos, un funcionario que se responsabilice da tradución dos documentos sinalados no artigo 1 da devandita Lei 5/1988, convoca cursos de linguaxe administrativa galega para o persoal das corporacións locais galegas, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Por todo iso, en uso das atribucións que teño conferidas,

Dispoño:

Artigo 1º.

1. A Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais convoca para o ano 2000, para persoal das corporacións locais de Galicia:
 - a) Cursos de nivel básico. Para acceder ós cursos de linguaxe administrativa galega de nivel básico é requisito indispensable ter aprobado ou validado o curso de iniciación.
 - b) Cursos de nivel medio. Para participar neste curso haberá que acreditar ter realizado o curso de nivel básico ou outro equivalente.
 - c) Curso de nivel superior en linguaxe administrativa galega. Para poder solicitalo haberá que acreditar ter realizado satisfactoriamente o curso de nivel medio.
2. Para a realización de cada curso establécese un mínimo de 20 persoas e un máximo de 35. De haber un maior número de solicitudes que de prazas existentes, para selección dos alumnos utilizaranse os seguintes criterios preferentes:

Seleccionarase un funcionario por cada corporación local, en municipios con menos de 10.000 habitantes; dous funcionarios en municipios entre 10.000 e 50.000 habitantes; e catro funcionarios, en municipios con máis

de 50.000 habitantes de todo o territorio da Comunidade Autónoma galega.

Por razóns de eficacia administrativa, daráselles preferencia ás solicitudes formuladas polos secretarios das corporacións correspondentes.

3. Os cursos comezarán a partir do mes de outubro de 2000.
4. Os cursos realizaranse, en principio e en función das solicitudes que haxa, nas seguintes localidades:

A Coruña.
Ferrol.
Lugo.
Ourense.
Pontevedra.
Santiago de Compostela.
Vigo.

Realizada a selección dos posibles asistentes, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais poderá decidi-lo desdoblamento dos cursos segundo o número de alumnos e, igualmente, a súa organización noutra localidade. A asignación ós distintos cursos farase en función das peticións recibidas.

5. Durante a súa realización terán lugar, ademais das sesións docentes ordinarias, sesións conxuntas, seminarios e conferencias nas que intervirán expertos en linguaxe administrativa.

Artigo 2º.

O financiamento destes cursos será por conta da aplicación orzamentaria 13.02.353E 640.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000, ata un límite de catro millóns cincocentas mil pesetas (4.500.000 ptas.).

Artigo 3º.

1. Os cursos básico e medio terán unha duración de 75 horas, nas que se inclúen: fase teórica, fase práctica e seminarios.

O curso superior terá unha duración de 100 horas, distribuídas do seguinte xeito:

- 75 horas lectivas.
- 10 horas de exames.
- 15 horas de elaboración e defensa de traballos.

2. Os cursos realizaranse en xornadas de tarde. A inasistencia do dez por cento das horas lectivas programadas, sexa cal for a causa, impedirá a emisión do diploma.

Artigo 4º.

Os programas destes cursos serán os aprobados pola Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística.

Artigo 5º.

Ó remata-lo curso realizaranse as probas oportunas. Ó persoal que as supere, tendo en conta ademais o rendemento ó longo do curso, outorgaráselle unha certificación coa cualificación de apto, expedida, conxuntamente, pola Dirección Xeral de Política Lingüística (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) e pola Dirección Xeral de Administración Local (Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais).

Artigo 6º.

As instancias, segundo o modelo que figura como anexo I a esta disposición, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, na correspondente delegación provincial, ou nalgunha das formas a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.

O prazo de presentación de instancias será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Administración local para dicta-las resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2000.

ANTONIO PILLADO MONTERO
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

VII. XUSTIZA

56. CERTIFICACIÓNS LITERAIS

Circular do 1 de marzo de 1984, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre expedición por fotocopia de certificacións literais do Rexistro Civil. (BOE do 8 de marzo de 1984).

Primeira.

As certificacións literais expedidas por fotocopiadora ou procedementos análogos de reprodución expresarán antes da sinatura a seguinte fórmula: «Rexistro Civil de... Certifico que a presente certificación literal, expedida coa autorización prevista no artigo 26 do Regulamento do Rexistro Civil, contén a reprodución íntegra do asento correspondente obrante en ... da Sección ... deste Rexistro Civil.

Segunda.

A continuación desta fórmula figurarán a data, o nome, o cargo e a sinatura de quen certifique, e o selo da oficina. Se a certificación ten varias follas asinaranse e selaranse todas.

Terceira.

A fórmula indicada na norma primeira, así como a data e o cargo, ós que se refire a norma segunda, poderán tamén consignarse por decisión do encargado, ou se así o pide o solicitante, no idioma oficial da Comunidade Autónoma á que corresponda o Rexistro que expida a certificación.

En todo caso esta fórmula de expedición bilingüe quedará limitada ás certificacións literais ás que alude o artigo 26 do Regulamento do Rexistro Civil. En tódalas demais actuacións do Rexistro Civil seguirase utilizando exclusivamente o idioma castelán.

57. NORMATIVA REGULADORA DO DNI

- a) *Real Decreto 1245/1985, do 17 de xullo, polo que se modifica e completa a normativa reguladora do documento nacional de identidade. (BOE do 27 de xullo).*

Artigo único

Quedan redactados, na forma que se determina a continuación, os preceptos que en cada caso se mencionan do Decreto 196/1976, do 6 de febreiro, polo que se regula o documento nacional de identidade.

...

«Artigo 5º

Segundo. Os datos persoais a que se refire o artigo 4º deste decreto comprenderán as seguintes circunstancias referidas ó titular: nome e apelidos e nomes dos pais, expresados na lingua en que figuren consignados no Rexistro Civil, así como sexo, data e lugar de nacemento».

- b) *Orde do 18 de abril de 1985, sobre renovación do documento nacional de identidade para substitución do nome propio do seu titular polo seu equivalente en calquera das linguas españolas. (BOE do 27 de abril).*

Primeiro.

1. A renovación do Documento Nacional de Identidade, para substituí-lo nome propio do titular pola súa tradución a calquera das linguas españolas, farase gratuitamente.

Segundo.

Para efectua-la dita renovación, os interesados ó formula-la solicitude, deberán xustifica-lo cambio, acompañando unha certificación do Rexistro Civil en que conste a substitución, ou por medio do Libro de Familia, caso no que presentarán, xunto con este, unha fotocopia da páxina onde o Rexistro Civil estamparase a dilixencia de substitución do nome, para que, unha vez cotexada, quede arquivada no equipo do documento nacional de identidade, para constancia nel.

58. A LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL

Lei Orgánica 16/1994, do 8 de novembro pola que se modifica a lei orgánica 6/1985, do 5 de xullo do poder xudicial. (BOE do 9 de novembro).

Artigo 1º.

Selección de Xuíces e Maxistrados.

Trece. O Artigo 313 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, queda redactado da forma seguinte:

- «1. Para resolve-los concursos entre xuristas de recoñecida competencia a que se refiren os apartados 1, 3 e 4 do artigo 311 o Consello Xeral do Poder Xudicial aprobará regulamentariamente as correspondentes bases, nas que se graduará a puntuación dos méritos que puideran concorrer nos solicitantes de acordo co baremo que se fixa no seguinte apartado. A convocatoria, axustada ás bases aprobadas, será efectuada alomenos unha vez cada dous anos polo Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio de Xustiza ou, no seu caso, as Comunidades Autónomas con competencias, serán oídos con anterioridade á aprobación das bases e das convocatorias.
2. No baremo establecerase a valoración dos seguintes méritos:
 - g) Nas Comunidades Autónomas con lingua e dereitos propios, o seu coñecemento considerárase como mérito a valorar en concorrencia cos anteriores».

Artigo 4º.

Catorce. Os apartados 1 e 2 do artigo 431 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, quedan redactados da forma seguinte:

- «1. Cando se autorizare este réxime de provisión, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza anunciará concurso de tódalas vacantes a cubrir por este medio dentro da Comunidade Autónoma, no que só poderán tomar parte aqueles licenciados en Dereito que soliciten unha, varias ou tódalas prazas convocadas e que reúnan os demais requisitos esixidos para o ingreso na Carreira Xudicial, excepto os derivados da xubilación por idade. Non poderá ser proposto nin actuar como Xuíz en réxime de provisión temporal quen acadara a idade de setenta e dous anos.
2. Terán preferencia aqueles nos que concorran máis méritos de acordo ó baremo seguinte, sempre que non concorran outras circunstancias que comporten a súa falta de idoneidade:
 - f) Nas Comunidades Autónomas con dereito ou con lingua e dereito propios o seu coñecemento considerárase como mérito».

Artigo 8º.

Engádesse o artigo 216 bis 3 á Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

1. As Salas de Goberno que proxecten o establecemento de medidas de apoio mediante comisión de servizo terán que dar a adecuada publicidade a seu propósito para que os Xuíces e Maxistrados que puideran estar interesados no nomeamento teñan oportunidade de deducir a correspondente petición.
2. No suposto de que existan varios peticionarios para o outorgamento da mesma comisión de servizo, a Sala de Goberno correspondente, ó propoñer con preferencia a aquel que estime máis idóneo, terá que valorar as seguintes circunstancias:
 - d) O coñecemento do dereito ou da lingua e o dereito substantivo propios da Comunidade Autónoma na que vaia a ter lugar a comisión.

Tres. Artigo 231.4

«4. As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade Autónoma terán, sen necesidade de tradución ó castelán, plena validez e eficacia. De oficio procederase a súa tradución cando deban producir efecto fóra da xurisdicción dos órganos xudiciais sitos na Comunidade Autónoma, salvo se se trata de Comunidades Autónomas con lingua oficial propia coincidente. Tamén se procederá a súa tradución cando así o dispoñan as leis ou a instancia de parte que alegue indefensión».

Artigo 10º.

Potestade regulamentaria do Consello Xeral do Poder Xudicial.

1. O artigo 110 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, queda redactado da forma seguinte:
2. O Consello Xeral do Poder Xudicial, no ámbito da súa competencia e con subordinación ás leis, poderá dictar Regulamentos de desenvolvemento desta Lei para establecer regulacións de carácter secundario e auxiliar. Estes Regulamentos poderán regular condicións accesorias para o exercicio dos dereitos e deberes que conforman o estatuto xudicial sen innovar aqueles nin alterar este no seu conxunto. Poderán aprobarse nos casos en que sexan necesarios para a execución ou aplicación desta Lei, naqueles nos que así se preveña nesta ou noutra Lei e, especialmente, nas seguintes materias:
 - h) Valoración como mérito preferente do coñecemento da lingua e dereito propios das Comunidades Autónomas na provisión de prazas xudiciais no territorio da Comunidade respectiva.

59. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO REXISTRO CIVIL

Real Decreto 1917/1986 do 29 de agosto, de modificación de determinados artigos do regulamento do rexistro civil. (BOE do 19 de setembro).

Artigo 86°.

Cos documentos non redactados en castelán ou escritos en lingua antiga ou pouco intelixibles, acompañarase traducción ou copia suficiente feita por Notario, Cónsul, traductor ou outro órgano ou funcionario competentes.

Non é necesaria a traducción se ó encargado lle consta o seu contido.

Artigo 205°.

O Ministerio de Xustiza pode autorizar cambios de nome e de apelido, logo de expediente instituído de forma regulamentaria.

Artigo 206°.

Os cambios poden consistir en segregación de palabras, agregación, trasposición ou supresión de letras ou acentos, supresión de artigos ou partículas, traducción ou adaptación gráfica ou fonética ás linguas españolas, e en substitución, anteposición ou agregación doutros nomes ou apelidos ou parte de apelidos ou outros semellantes, dentro dos límites legais.

As unións non poderán exceder de dúas palabras, sen contar artigos nin partículas.

O cambio de nome propio require xusta causa e que non prexudique a terceiro.

Artigo 209°.

O Xuíz de Primeira Instancia, encargado do Rexistro, pode autorizar, logo de expediente:

5. A traducción de nome estranxeiro ou o axeitamento gráfico ás linguas españolas da fonética de apelido tamén estranxeiro.

Artigo 258°.

Na inscrición de matrimonio constarán a hora, data e sitio no que se celebre, as mencións de identidade dos contraentes, nome, apelidos e calidade do autorizante e, no seu caso, a certificación relixiosa ou a acta civil de celebración.

Na inscrición de matrimonio por poder expresarase quen é o poderdante, mencións de identidade do apoderado e data e autorizante do poder; na do contraído con intérprete, as súas mencións de identidade, idioma no que se celebra e contraente a quen se traduce.

Artigo 220º.

Na solicitude de carta de natureza, de habilitación do Goberno para recupera-la nacionalidade española ou de concesión da nacionalidade por residencia, indícarase especialmente:

5. As circunstancias que reducen o tempo esixido; se fala castelán ou outra lingua española; calquera circunstancia de adaptación á cultura e estilo de vida españois, como estudos, actividades benéficas ou sociais, e as demais que estime conveniente.

60. PROVISIÓN DE VACANTES NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Real Decreto 249/1996, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Corpos de Oficiais, Auxiliares e Axentes da Administración de Xustiza. (BOE do 1 de marzo).

Artigo 5º.—Promoción interna en quenda restrinxida.

2. Os méritos alegados valoraranse de acordo co seguinte baremo:

- 2.1. Historial académico:

- e) Coñecemento de idiomas estranxeiros documentados mediante estudos de especialización, realizados en Centros ou Institucións nacionais, autonómicos ou internacionais recoñecidos oficialmente, ou coñecemento de linguas oficiais propias das Comunidades Autónomas, acreditado de acordo cos certificados recollidos na disposición adicional segunda deste Regulamento: un punto e medio por cada un, cun máximo de tres.

- 2.2. Historial profesional:

4. Nas convocatorias territorializadas naquelas Comunidades Autónomas que teñan lingua oficial propia e que recibiran os trasposos de medios persoais para o funcionamento da Administración de Xustiza, o coñecemento da mesma valorarase ata seis puntos, dependendo do nivel do mesmo, nos termos establecidos na disposición adicional segunda deste Regulamento.
5. Os méritos aducidos serán suficientemente acreditados coa presentación dos correspondentes documentos ou informes.

O tempo de servizos así como as notas desfavorables que constasen no expediente xustificaranse de oficio polo Ministerio de Xustiza e Interior ou, no seu caso, polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

As equivalencias dos títulos alegados que non teñan carácter xeneral, deberán xustificarse mediante certificación do Ministerio de Educación e Ciencia aportada polo interesado. O coñecemento das linguas oficiais das Comunidades Autónomas acreditarase mediante presentación do certificado oportuno expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos na disposición adicional segunda deste Regulamento.

Artigo 11º.—Promoción interna en concurso restrinxido.

2.1. Historial académico:

e) Coñecemento de idiomas estranxeiros documentados mediante estudos de especialización, realizados en Centros ou Institucións nacionais, autonómicos ou internacionais recoñecidos oficialmente, ou coñecemento de linguas oficiais propias das Comunidades Autónomas, acreditado de acordo cos certificados recollidos na disposición adicional segunda deste Regulamento: un punto por cada un, cun máximo de dous.

4. Nas convocatorias territorializadas naquelas Comunidades Autónomas que teñan lingua oficial propia, o coñecemento da mesma valorarase ata seis puntos, dependendo do nivel do mesmo, nos termos establecidos na disposición adicional segunda deste Regulamento.
5. Os méritos aducidos serán suficientemente acreditados coa presentación dos correspondentes documentos ou informes.

O tempo de servicios así como as notas desfavorables que constasen no expediente xustificaranse de oficio polo Ministerio de Xustiza e Interior ou, no seu caso, polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

As equivalencias dos títulos alegados que non teñan carácter xeral, deberán xustificarse mediante certificación do Ministerio de Educación e Ciencia aportada polo interesado. O coñecemento das linguas oficiais das Comunidades Autónomas, acreditaranse mediante presentación do certificado oportuno expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos na disposición adicional segunda deste Regulamento.

Artigo 20º.—Principios de selección aplicables no ámbito das Comunidades Autónomas que recibiran os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de Xustiza.

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, os principios que rexerán a selección respecto ás Comunidades Autónomas que recibiran os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de Xustiza, serán os seguintes:

4. O coñecemento das linguas oficiais das Comunidades Autónomas, será valorado conforme ós seguintes criterios:
 - a) Na quenda libre, poderase establecer a realización dunha proba optativa de coñecemento da lingua que en ningún caso terá carácter eliminatorio. Quedarán eximidos da realización de dita proba aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua de acordo cos niveis de coñecemento establecidos na disposición adicional segunda do presente Regulamento. En ambos casos, as bases da convocatoria establecerán a correspondente puntuación, que só se terá en conta para a adxudicación de destino dentro da Comunidade Autónoma correspondente.
 - b) Na quenda de promoción interna en concurso restrinxido, o coñecemento da lingua será valorado como mérito de acordo co baremo establecido nos artigos 5.4, 11.4 e disposición adicional segunda deste Regulamento, e só será aplicable no ámbito da Comunidade Autónoma.
5. O curso selectivo a que fai referencia o apartado sétimo do artigo anterior poderá desenvolverse nos centros, institutos ou servicios de formación dependentes das Comunidades Autónomas. Neste caso, o curso terá que ser previamente homologado polo Centro de Estudos Xurídicos da Administración de Xustiza, de maneira que se asegure a homoxeneidade do proceso de formación inicial.

Artigo 54º.—Provisión de vacantes.

9. Non obstante o disposto no apartado anterior, nos concursos para a provisión de prazas no territorio daquelas Comunidades Autónomas que teñan unha lingua oficial propia, o coñecemento oral e escrito desta debidamente acreditado por medio de certificación oficial, suporá o recoñecemento, a estes sós efectos, de ata seis puntos, dependendo do nivel de coñecemento da lingua nos termos establecidos na disposición adicional segunda deste Regulamento.

Artigo 84º.—Faltas moi graves.

Considéranse faltas moi graves:

- f) Toda actuación que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión; lingua, opinión, lugar de nacemento ou vecindade, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Disposicións adicionais

Segunda. Acreditación do coñecemento das linguas oficiais das Comunidades Autónomas

A acreditación do coñecemento oral e escrito das linguas oficiais das Comunidades Autónomas, a efectos do ingreso nos Corpos de Oficiais e Auxiliares da Administración de Xustiza mediante promoción interna, así como dos concursos de traslado para a provisión de postos, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

3. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - 1º. Curso de Iniciación e perfeccionamento ou curso Básico de linguaxe xurídico galego: dous puntos.
 - 2º. Curso Medio de linguaxe xurídico galego: catro puntos.
 - 3º. Curso Superior de linguaxe xurídico galego: seis puntos.
8. Nas convocatorias de procesos selectivos ou de provisión de postos nas que se valoren as linguas oficiais das Comunidades Autónomas conforme ó disposto na presente disposición adicional, recollerase a necesidade de certificación por parte das Comunidades Autónomas da homologación e do nivel ó que correspondan os títulos aportados.

61. MODIFICACIÓN DO REXISTRO CIVIL

Real Decreto 628/1987, do 8 de marzo, polo que se modifican os artigos 86 e 225 do regulamento do rexistro civil. (BOE do 15 de maio).

Artigo único

O artigo 86 do Regulamento do Rexistro Civil quedará no sucesivo redactado do modo seguinte:

«Cos documentos non redactados en castelán nin en ningunha das demais linguas oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas, ou escritos en letra antiga ou pouco intelixible, achegarase tradución ou copia suficiente feita por notario, cónsul, traductor ou outro órgano ou funcionario competentes. Non será necesaria a tradución se ó encargado lle consta o seu contido».

62. MODELOS DE REXISTRO CIVIL

- a) *Orde do 26 de maio de 1988 (ministerio de xustiza) sobre certos modelos do rexistro civil. (BOE do 6 de xuño).*

O tempo transcorrido (desde a promulgación da Orde do 24 de decembro de 1958) explica por si mesmo a necesidade de poñer ó día tales modelos, coa finalidade de recoller neles as reformas substantivas e rexistrais operadas desde entón na materia relacionada co estado civil da persoa. É ademais imprescindible

que a redacción figure non só en castelán, senón nas demais linguas españolas que gozan de cooficialidade constitucional con aquel en certas Comunidades Autónomas, como así foi recoñecido polo artigo 86 do Regulamento do Rexistro Civil, na súa redacción polo Real Decreto 628/1987, do 8 de maio.

Artigo 2º.

Nos territorios españois con idiomas oficial propio, ademais do castelán, utilizaranse modelos bilingües, conforme ás traducións que figuran como anexo a esta Orde.

- b) *Orde do 15 de novembro de 1996 de modificación do modelo oficial de cuestionario para a declaración de nacemento no Rexistro Civil. (BOE do 26 de novembro).*

... A Orde do 26 de maio de 1988 (BOE do 6 de xuño) aprobou, entre outros modelos oficiais, os monolingües do cuestionario para a declaración de nacemento no Rexistro Civil. Tendo en conta que algunha comunidade autónoma, en uso das súas competencias exclusivas en materia de sanidade, estableceu xa para os nacementos acaecidos en centros hospitalarios un documento de identidade infantil que recolle as marcas dactilares no neonato, pareceu oportuno que, se é o caso, estas mesmas marcas figuren no cuestionario para o Rexistro Civil, que se arquiva e custodia no mazo correspondente. Disposición que será aplicable cando calquera norma xeral do Estado ou autonómica así o impoña.

Na súa consecuencia, este Ministerio, a proposta da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, dispuxo:

1. O modelo oficial de cuestionario para a declaración de nacemento no Rexistro Civil conterá na súa parte final un cadro para recoller dúas marcas da man do nacido.
2. Este cadro cubrirase en tanto que unha lei autonómica ou estatal obrigue a recolle-las marcas dactilares do neonato nun centro hospitalario do respectivo territorio.
3. Apróbanse os modelos de cuestionario que constan no anexo adxunto.

63. A LEI DE DEMARCACIÓN E PLANTA XUDICIAL

Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial (BOE do 23 de maio de 1990), modificada pola Lei 37/1999, do 28 de outubro. (BOE do 29 de outubro).

CAPÍTULO II
Constitución e establecemento da planta dos Tribunais Superiores de Xustiza

Artigo 32°.

5. Na provisión de praza de Presidente do Tribunal Superior de Xustiza naquelas Comunidades Autónomas que gocen de Dereito Civil especial ou foral, así como de idioma oficial propio, o Consello Xeral do Poder Xudicial valorará como mérito a especialización neste Dereito Civil especial ou foral e o coñecemento do idioma propio da Comunidade.

64. O LIBRO DE FAMILIA

Orde do 20 de xullo de 1989 sobre determinados modelos de fe de vida e estado, e certificacións en extracto e literais das actas do Rexistro. (BOE do 13 de setembro).

Artigo 4°.

Nos territorios españois con idioma oficial propio, ademais do castelán, utilizaranse modelos bilingües, segundo as traducións que figuran como anexo a esta Orde. Os modelos bilingües do Libro de Familia constarán de 32 páxinas o galego, 32 páxinas o catalán e 32 o vasco.

65. PROVISIÓN DE VACANTES DE XUÍCES E MAXISTRADOS

Acordo do pleno do consello xeral do poder xudicial, do 23 de outubro de 1991, polo que se aproba o desenvolvemento regulamentario do artigo 341.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Artigo 3°.

Ó Xuíz ou Maxistrado que concurse a unha praza do territorio dunha Comunidade Autónoma que teña unha lingua oficial propia, sempre que obtivese o recoñecemento do mérito correspondente por telo solicitado con dous meses de anterioridade como mínimo á data de convocatoria do concurso, asignaráselle, para os únicos efectos do concurso de traslado, o posto na escala que lle podería corresponder se se lle engadisen seis anos de antigüidade á propia da súa situación na escala.

66. O CÓDIGO PENAL

Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do código penal. (BOE do 24).

TÍTULO XV

Dos delitos contra os dereitos dos traballadores

Artigo 314º.

Os que produzan unha grave discriminación no emprego, público ou privado, contra algunha persoa por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, enfermidade ou minusvalía, por ostentar a representación legal ou sindical dos traballadores, polo parentesco con outros traballadores da empresa ou polo uso de algunha das linguas oficiais dentro do Estado español, e non restablezan a situación de igualdade ante a Lei tras requirimento ou sanción administrativa, reparando os danos económicos que se derivaran, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de seis a doce meses.

67. CERTIFICADO DE NACIONALIDADE ESPAÑOLA

Instrucción do 14 de abril de 1999, da Dirección xeral dos Rexistros e do Notariado, pola que se dictan normas sobre certificado de nacionalidade española. (BOE do 30 de abril).

Na súa virtude, esta Dirección Xeral tivo a ben acordar:

Primeiro. Cando o Encargado do Rexistro Civil do domicilio declare en expediente con valor de simple presunción que determinada persoa ten a nacionalidade española, a favor desta o mesmo Encargado poderá expedir un certificado de nacionalidade.

Segundo. O certificado fará fe salvo proba en contrario de que no día da data determinada persoa, identificada suficientemente polo seu nome, apelidos, data e lugar de nacemento, ten a nacionalidade española.

Terceiro. O certificado expresará o lugar da súa expedición e a firma, nome e calidade do Encargado do Rexistro Civil do domicilio que o expida, así como o selo da oficina.

Cuarto. O certificado poderá ser bilingüe nas Comunidades Autónomas con idioma oficial propio, ademais do castelán.

68. SOBRE O NOME E APELIDOS E ORDE DESTES

- a) *Lei 40/1999, do 5 de novembro, sobre nome e apelidos e orde dos mesmos. (BOE do 6 de novembro).*

Artigo segundo

O artigo 54 da Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, queda redactado nos seguintes termos:

...Non pode impoñerse ó nado o nome que teña un de seus irmáns, a non ser que este falecese, así como tampouco a súa tradución usual a outra lingua.

A petición do interesado ou do seu representante legal, o encargado do Rexistro substituirá o nome propio de aquel polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas españolas.

Artigo terceiro

O artigo 55 da Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, queda redactado nos seguintes termos:

A filiación determina os apelidos

...Acadada a maioría de idade, poderase solicita-la alteración da orde dos apelidos.

O encargado do Rexistro, a petición do interesado ou do seu representante legal, regularizará ortograficamente os apelidos cando a forma inscrita no Rexistro non se adecúe á gramática e fonética da lingua española correspondente.

...

- b) *Real Decreto 193/2000, do 11 de febreiro, de modificación de determinados artigos do Regulamento do Rexistro Civil en materia relativa ó nome e apelidos e orde dos mesmos. (BOE do 26 de febreiro).*

Artigo único

Os artigos do Regulamento do rexistro civil, aprobado polo Decreto do 14 de novembro de 1958, que se relacionan a continuación, terán a seguinte redacción:

«Artigo 192.

Non se poderán impoñer máis de dous nomes simples ou dun composto. Cando se impoñan dous nomes, uniranse por un guión e escribiranse con maiúscula inicial.

Considerase que prexudican obxectivamente á persoa os nomes propios que, de seu ou en combinación cos apelidos, resultan contrarios ó decoro.

A substitución do nome propio polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas españolas requirirá, se non fose notorio, que se acredite polos medios oportunos esta equivalencia e a grafía correcta do nome solicitado».

...

«Artigo 198.

A inversión de apelidos dos maiores de idade poderase formalizar mediante simple declaración ante o encargado do Rexistro Civil do domicilio e non produce efecto mentres non se inscriba.

O mesmo réxime rexe para a regularización ortográfica dos apelidos para adecualos á gramática e fonética da lingua española correspondente. Cando non fose un feito notorio, deberase de acreditar polos medios oportunos que o apelido pertence a unha lingua vernácula e a súa grafía exacta neste idioma».

VIII. ADMINISTRACIÓN MILITAR

69. USO DAS LINGUAS NA ADMINISTRACIÓN MILITAR

Orde 35/1987, do 17 de xuño, pola que se regula o uso das linguas oficiais das comunidades autónomas na Administración Militar. (BOE do 19).

O artigo 3º da Constitución española declara que, ademais do castelán, as outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.

Co fin de regular o uso das distintas linguas propias das Comunidades Autónomas nas relacións entre os particulares, Corporacións públicas ou Institucións de autogoberno daquelas e a Administración Militar, dítase a presente Orde, que recolle os distintos supostos de utilización das mesmas e os seus efectos.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1º.

En toda relación nominal ou notificación persoal que efectúe a Administración Militar deberán figurar os nomes e apelidos que ostentan no Rexistro Civil os interesados. Cando o nome usado por estes non coincida co rexistrado, por terse utilizado lingua distinta para a súa inscrición, e corresponda a algunha das linguas propias das Comunidades Autónomas, consignarase na devandita lingua, se así o solicitase o interesado. Igualmente terase en conta a toponimia oficialmente establecida, na lingua oficial da respectiva Comunidade.

Artigo 2º.

Os escritos redactados na lingua oficial e propia dunha Comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas, ou Institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.

No caso de escritos que se refiran a cuestións que deban resolverse fóra do ámbito da Comunidade Autónoma, pero que ó abeiro da Lei de Procedemento Administrativo se presenten dentro do seu propio territorio, procederáse de oficio á súa tradución.

Artigo 3º.

Os documentos ou certificacións que redacten na lingua propia e oficial dunha Comunidade Autónoma as autoridades e os Organismos radicados na mesma, serán admitidos pola Administración Militar nos expedientes administrativos incoados de oficio ou a instancia de parte, que deban de resolverse dentro do ámbito territorial propio da devandita Comunidade u doutra Comunidade que disfrute de lingua oficial coincidente. De oficio procederáse á súa tradución cando deban producir efectos fóra do ámbito lingüístico, se foron presentados ó abeiro da Lei de Procedemento Administrativo no propio territorio.

Artigo 4º.

No caso de relacións verbais entre particulares e Centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos, á súa elección, en castelán ou na lingua da Comunidade.

Excepcionalmente tendo en conta o grao de dificultade da consulta, o representante da Administración Militar, poderalle solicitar a quen a realice, a súa colaboración para formulala por escrito, poñendo á súa disposición os medios que cumpran.

Artigo 5º.

En tódolos actos e relacións de servizo no seo das Forzas Armadas utilizarase sempre o Castelán, calquera que sexa destinatario das ordes, comunicacións ou notificacións e a Comunidade Autónoma na cal se realicen.

Madrid, 17 de xuño de 1987.

SERRA I SERRA

70. REAIS ORDENANZAS DAS FORZAS ARMADAS

Lei 85/1978 do 28 de decembro, reais Ordenanzas das forzas armadas. (BOE do 12 de xaneiro de 1179).

Artigo 187º.

Nos actos e relacións de servicio os compoñentes das Forzas Armadas empregarán o castelán, idioma oficial do Estado. Nas actividades militares combinadas ou por necesidades técnicas poderanse empregar outros idiomas.

71. LEI PROCESUAL MILITAR

Lei Orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar. (BOE do 18 de abril).

Artigo 71º.

En tódalas actuacións xudiciais, os membros dos órganos xudiciais militares e os da Fiscalía Xurídico Militar usarán o castelán, lingua oficial do Estado.

As partes, os seus representantes e quen os dirixa, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar, ademais do castelán, a lingua oficial da Comunidade Autónoma no territorio da cal teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais coma escritas. Se algún dos intervenientes nas actuacións mencionadas alega non coñecer a lingua propia da Comunidade Autónoma, advertirao previamente para efectos de que o órgano xudicial habilite como intérprete calquera persoa coñecedora da lingua empregada, logo de xuramento ou promesa daquela.

As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade Autónoma dentro do seu territorio, terán plena validez e eficacia. Non obstante, procederase de oficio á súa traducción ó castelán.

242 Branca

IX. RÉXIME ELECTORAL

72. A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978

Constitución Española do 27 de decembro de 1978. (BOE do 29 de decembro).

Artigo 91º.

1. Os textos que figuren nas papeletas, sobres de votación e demais documentación electoral imprimíranse nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
2. As papeletas electorais deberán expresa-las indicacións seguintes.
 - a) A denominación, siglas e símbolo da candidatura.
 - b) Os nomes dos candidatos segundo a orde de colocación establecido na candidatura sen incluí-los suplentes.

73. NORMAS DE REGULACIÓN COMPLEMENTARIA DOS PROCESOS ELECTORAIS

Real Decreto 605/1999, do 16 de abril, polo que se dictan as normas de regulación complementaria dos procesos electorais. (BOE do 17 de abril).

Artigo 4º.—Papeletas e sobres.

6. Naquelas Comunidades Autónomas que teñan estatutariamente recoñecida a cooficialidade dunha lingua distinta ó castelán, e no caso concreto de Navarra nas súas zonas vascoparlantes establecidas pola Lei

Foral 18/1986, do 15 de decembro, as papeletas e sobres para todo tipo de eleccións confeccionaranse con carácter bilingüe, coas características e condicións de impresión, sinaladas nos anexos 3 e 4.

74. XUNTA ELECTORAL XERAL

Resolución do 1 de outubro de 1987, pola que se acorda que nas Comunidades Autónomas con dúas linguas oficiais se tomen as medidas necesarias para posibilita-lo uso das dúas linguas nas eleccións das administracións públicas. (BOE do 9 de outubro).

75. NORMAS SOBRE URNAS, CABINAS, PAPELETAS... QUE SE UTILICEN NAS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO DE GALICIA

Decreto 226/1997, do 25 de agosto, polo que se establecen normas sobre urnas, cabinas, papeletas, sobres e documentación que se utilizará nas eleccións ó Parlamento de Galicia. (DOG do 26 de agosto).

X. COMUNICACIONES

76. CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978

Constitución Española do 27 de decembro de 1978. (BOE do 29 de decembro).

Artigo 20º.

1. Recoñécense e protexen os dereitos:
 - a) A expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución.
 - b) Á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
 - c) Á liberdade de cátedra.
 - d) A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión. A lei regulará o dereito á cláusula de conciencia e ó secreto profesional no exercicio destas liberdades.
2. O exercicio destes dereitos non se pode restrinxir mediante ningún tipo de censura previa.
3. A lei regulará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso a ditos medios dos grupos sociais e políticos significativos, respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

77. ESTATUTO DE RTVE

Lei 4/1980 do 10 de xaneiro, sobre o estatuto da radio e a televisión. (BOE do 12).

Artigo 4º.

A actividade dos medios de comunicación social do Estado inspíranse nos seguintes puntos:

- c) O respecto ó pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico.

78. REGULAMENTO DA TERCEIRA CANLE DE TELEVISIÓN

Lei 46/1983 do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión (BOE do 5 de xaneiro). Modificada pola Lei 37/1995, do 12 de decembro, de Telecomunicacións por Satélite (BOE do 13 de decembro).

1. O artigo 15 da Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora do Terceiro Canal de Televisión, queda redactado da forma seguinte:

«1. Coa finalidade de ordena-la concorrencia entre as distintas sociedades de xestión do servicio público de televisión na adquisición de programas no exterior, poderase constituír polo Goberno unha Comisión coordinadora, composta por representantes de tódalas sociedades concesionarias do terceiro canal e do ente público Radio Televisión Española. Dita Comisión coñecerá as condicións de adquisición de programas, ordenando e resolvendo os posibles conflitos, na forma e cos efectos que regulamentariamente se determinen.

2. Cando exista concorrencia para a adquisición dun mesmo programa entre unha sociedade concesionaria dun terceiro canal, dunha Comunidade Autónoma con lingua propia e o ente público Radio Televisión Española, aquela poderá, en calquera caso, adquiri-lo mesmo programa para emisión exclusivamente na lingua propia da Comunidade».

2. O artigo 16 da mesma Lei queda redactado da forma seguinte:

«1. As sociedades concesionarias do terceiro canal non poderán adquirir en exclusiva programas que impidan a súa proxección nun ámbito territorial distinto do da súa propia Comunidade.

2. As sociedades concesionarias do terceiro canal no poderán contratar en exclusiva a retransmisión de acontecementos de interese nacional ou a retransmisión en directo de acontecementos deportivos de ámbito internacional».

79. DIRECTIVA 89/552/CEE

- a) *Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros da Comunidade Europea relativas ó exercicio de actividades de radiodifusión televisiva. (BOE do 13 de xullo).*

Artigo 5º.—Obras europeas.

1. As entidades que presten directa ou indirectamente o servizo público de televisión deberán reserva-lo 51 por 100 do seu tempo de emisión anual á difusión de obras europeas.
 2. Máis do 50 por 100 do tempo de reserva a que se refire o número anterior, dedicárase, a súa vez, á emisión de obras europeas en expresión orixinaria en calquera lingua española.
- b) *Lei 22/1999, do 7 de xuño, (BOE do 8 de xuño) pola que se modifica a Lei 25/1994, do 12 de xullo (BOE do 13 de xullo).*

Artigo único

Dous. Modifícase o artigo 2, da Lei 25/1994, do 12 de xullo, nos seguintes termos:

4. Engádesse un novo apartado, co número 5, e o seguinte texto:

«5. O capítulo II desta Lei non será de aplicación ás emisións de televisión de cobertura local que non formen parte dunha rede nacional.

Non obstante o anterior, as Comunidades Autónomas poderán introducir normas de contido equivalente ó das previstas nese capítulo, co obxecto de promover a produción audiovisual na súa lingua propia, nos servizos de televisión local baixo a súa competencia».

80. CREACIÓN DA COMPAÑÍA DE RTVG

Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da compañía de radio televisión de Galicia. (DOG do 3 de agosto).

Artigo 16º.

Os principios que han de inspirar a programación dos medios xestionados pola Comunidade Autónoma de Galicia son os seguintes:

- a) O respecto á Constitución e ó Estatuto de Autonomía de Galicia e a promoción e difusión da Cultura Galega, así como a defensa da identidade da nacionalidade galega.
- d) O respecto ó pluralismo político, relixioso, social, cultural e lingüístico.

81. XIROS POSTAIS E TELEGRÁFICOS

Real Decreto 2872/1983, do 28 de setembro, polo que se modifica o artigo 7º do Real Decreto 3155/1979, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do xiro nacional. (BOE do 17 de novembro).

Artigo único

O artigo 7º, «Admisión e formalización de xiros», do Real Decreto 3155/1979, do 21 de decembro, como segue:

Artigo 7º.

Admisión e formalización. Os expedidores ou os seus mandatarios estenderán os xiros nos modelos oficiais que se determinen redactados en castelán. Se os expedidores o desexan e sempre que a orixe e o destino do xiro estean ubicados dentro do territorio da mesma Comunidade Autónoma, poderanse redactar tamén na lingua oficial da respectiva Comunidade Autónoma.

82. TELÉGRAFOS

Orde do 28 de marzo de 1977 polo que se modifican os artigos do 729 ó 732 do Regulamento para o réxime e servizo interior do Corpo de Telégrafos. (BOE, do 5 de maio).

Artigo 730º.

- 1.2. Admítense o idioma oficial e as linguas rexionais da nación española, así como os idiomas estranxeiros autorizados ou que autorice a Dirección Xeral.

83. PRODUCTOS SEMICONDUCTORES

Lei 11/1988, do 3 de maio, de protección xurídica das topografías dos produtos semiconductores. (BOE do 5 de maio).

Artigo 4º.

Rexistro

Tanto a solicitude do rexistro coma os restantes documentos que teñan que ser presentados no Rexistro da Propiedade Industrial deberán estar redactados en castelán. Nas Comunidades Autónomas onde exista tamén outra lingua oficial, os devanditos documentos poderán redactarse na devandita lingua, debendo ir acompañados da correspondente traducción en castelán, que se considerará auténtica no caso de dúbidas entre ámbalas dúas.

250 Branca

XI. ACTIVIDADES COMERCIAIS, MERCANTÍS E OUTRAS

84. LEI DE MARCAS

Lei 32/1988, do 10 de novembro, de marcas. (BOE do 12).

Artigo 16º.

3. Tanto a solicitude coma os restantes documentos que haxa que presentar nos Rexistros da Propiedade Industrial deberán estar redactados en castelán. Nas Comunidades Autónomas onde exista tamén outra lingua oficial, os devanditos documentos ademais do castelán poderán redactarse na devandita lingua.

85. LEI CAMBIARIA E DO CHEQUE

Lei 19/1985 do 16 de xullo, cambiaria e do cheque. (BOE do 19).

Artigo 1º.

A letra de cambio deberá conter:

Primeiro. A denominación de letra de cambio inserida no texto mesmo do título, expresada no idioma empregado para a súa redacción.

Artigo 94º.

A obriga de pagamento deberá conter:

Primeiro. A denominación da obriga de pagamento inserida no texto mesmo do título e expresada no idioma empregado para a redacción do devandito título.

Artigo 106º.

O cheque deberá conter:

Primeiro. A denominación do cheque inserida no mesmo texto do título, expresada no idioma empregado para redacción do devandito título.

86. REGULAMENTO DO SEGURO PRIVADO

Real decreto 1348/1985 que aproba o regulamento do seguro privado. (BOE do 12 de xullo).

Artigo 8º.

5. A solicitude e documentos que lle acompañen, así como a contabilidade e os seus xustificantes redactaranse en castelán. Se se trata de Entidades domiciliada na Comunidade Autónoma na que exista lingua oficial distinta do castelán, poderá empregarse aquela acompañando traducción oficial a esta derradeira. Cando se trate de delegacións de Entidades estranxeiras, a solicitude e documentación que se acompañe poderá estar redactada no idioma oficial do seu país, sempre que se acompañe traducción ó castelán pola Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio español de Asuntos Exteriores.

87. ESTATUTO GALEGO DO CONSUMIDOR E DO USUARIO

Lei 125/1984, do 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor e usuario. (DOG do 1 de febreiro de 1985).

Artigo 23º.

Para garanti-lo dereito dos consumidores e usuarios a unha correcta información sobre os diversos bens e servizos que se ofrecen no mercado, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia esixirá o estricto cumprimento da normativa vixente, común ou específica de cada produto ou servizo, relativa á fabricación, composición e etiquetado, presentación e publicidade dos produtos e servizos postos á venda.

Arbitraranse as medidas oportunas para que a información sobre os bens e servizos, contida no etiquetado, facilitada nos establecementos mercantís, ou difundida mediante anuncios publicitarios, sexa rigorosamente veraz e obxectiva, e, particularmente, sobre os seguintes extremos: orixe empresarial e procedencia xeográfica; natureza e composición; calidade, cantidade e

categoría comercial; condicións de idoneidade para o consumo e advertencias sobre riscos previsibles; condicións dos servizos, prezos e demais características relevantes.

En todo caso, a Administración da Comunidade Autónoma fomentará a oportuna información sobre o xeito de utilización, as contraindicacións e as garantías dos produtos.

Para estes efectos, e no ámbito da Comunidade Autónoma Galega, propiciarase o emprego do galego.

88. ETIQUETAXE E PUBLICIDADE

Decreto 101/1985, do 23 de maio, sobre a utilización do idioma galego no etiquetado e publicidade dos produtos que se comercializan en Galicia. (DOG do 14 de xuño).

Artigo 1º.

Os datos obrigatorios de conformidade coas disposicións vixentes, e aqueles outros que se consignen de modo facultativo, que figuren no etiquetado dos envases ou na rotulación das embalaxes dos produtos que se comercialicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, poderanse expresar nos idiomas galego ou castelán, ou ben en ámbolos dous idiomas.

Artigo 2º.

Cando no etiquetado ou rotulación dun produto figuren textos en ámbolos dous idiomas, deberanse utilizar neles, letras do mesmo tamaño e caracteres.

Artigo 3º.

Co fin de fomenta-la utilización do idioma galego nas actividades mercantís, a Consellería de Sanidade e Consumo outorgará coas condicións que se determinen regulamentariamente:

- a) Subvencións ás empresas que utilicen o idioma galego no etiquetado e rotulación dos seus produtos que vaian comercializarse no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Premios e mencións honoríficas ás empresas que se distingan de modo especial no emprego do galego no etiquetado e rotulación dos seus produtos, tanto pola orixinalidade e estética do deseño, como pola difusión de ideas ou valores propios de Galicia.
- c) Premios e mencións honoríficas ás empresas que na publicidade dos seus produtos ou servizos, realizada empregando o idioma galego, reflectan os mesmos valores sinalados no apartado anterior.

89. LEI DA PROPIEDAD INTELECTUAL

Lei 22/1987 do 11 de novembro, de propiedade intelectual. (BOE do 17).

Artigo 62º.

1. Cando se trate da edición dunha obra en forma de libro, o contrato deberá expresar, ademais os seguintes extremos:
 - a) A lingua ou linguas nas que se publicará a obra.
2. A falta de expresión da lingua ou linguas nas que se teña que publica-la obra só dará dereito ó editor a publicala no idioma orixinal da mesma.
3. Cando o contrato estableza a edición dunha obra en varias linguas españolas oficiais, a publicación nunha delas non exime ó editor da obriga da súa publicación nas demais.

Se transcorridos cinco anos dende que o autor entregue a obra, o editor non a publicara en tódalas linguas previstas no contrato, o autor poderá resolvelo respecto das linguas nas que non lora publicada.
4. O disposto no apartado anterior aplicarase tamén para as traducións das obras estranxeiras en España.

Artigo 107º.

Será precisa a autorización expresa do artista para a dobraxe da súa actuación na súa propia lingua.

90. LEI DE CARTOGRAFÍA

Lei 7/86 do 24 de xaneiro, de cartografía. (BOE do 18 e 29).

Cuarto.

No Rexistro Central de Cartografía inscribíranse, igualmente as delimitacións territoriais establecidas e as súas variacións, acordadas polas Administracións competentes. Correspóndelle así mesmo ó Rexistro Central de Cartografía a formación e conservación do Nomenclátor Xeográfico Nacional no que se rexistrarán as denominacións oficiais das Comunidades Autónomas, as provincias, as illas, os municipios, as entidades de poboación e formacións xeográficas, así como as súas variacións, debidamente aprobadas.

91. ESTATUTO DOS TRABALLADORES

Lei 8/1980 do 10 de marzo, do estatuto dos traballadores. (BOE do 14).

Artigo 4º.

- c) A non ser discriminados para o emprego ou unha vez empregados por razóns de sexo, estado civil, pala idade dentro dos límites en marcados por esta Lei, raza, condición social, idea, así como por razón de lingua, dentro do Estado español.

92. LEI XERAL DE SANIDADE

Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade. (BOE do 29).

Artigo 84º.

- 4. Nas Comunidades Autónomas con lingua oficial propia, no proceso de selección de persoal e de provisión de postos de traballo da Administración Sanitaria Pública, terase en conta o coñecemento de ámbalas dúas linguas oficiais por parte do devandito persoal, nos termos do artigo 19 da Lei 30/1984.

93. CONTAS ANUAIS QUE CÓMPRE PRESENTAR NOS REXISTROS MERCANTÍS PARA O SEU DEPÓSITO

- a) *Resolución do 8 de maio de 1996, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, pola que se aproban as traducións ás demais linguas oficiais dos modelos obrigatorios de contas anuais a presentar nos Rexistros Mercantís para o seu depósito. (BOE do 29 de maio).*

A Orde do Ministerio de Xustiza do 14 de xaneiro de 1994 (BOE do 28), aprobou no seu anexo certos modelos redactados en castelán das contas anuais que se deben depositar nos Rexistros Mercantís de acordo coas disposicións vixentes.

En harmonía coa cooficialidade constitucional co castelán das demais linguas españolas, dentro dos respectivos territorios de certas Comunidades Autónomas, é necesario que os citados modelos sexan bilingües e con este fin esta Dirección Xeral acordou dar publicidade ás traducións que se inclúen en seis anexos: do Balance e Contas de Perdas e Ganancias en castelán/catalán; castelán/euskera e castelán/galego e das Memorias abreviadas en castelán/catalán; castelán/euskera e castelán/galego.

94. LEI DO CONTRATO DO SEGURO

Lei 18/1997, do 13 de maio, de modificación do artigo 8 da Lei do contrato do seguro para garanti-la plena utilización de tódalas linguas oficiais na redacción dos contratos. (BOE do 14 de maio).

Artigo único

O parágrafo inicial do artigo 8 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, do contrato de seguro, na súa redacción dada pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, queda redactado da forma seguinte:

«A póliza do contrato deberá de redactarse, a elección do tomador do seguro, en calquera das linguas españolas oficiais no lugar onde aquela se formalice. Se o tomador o solicita, deberá de redactarse noutra lingua distinta, de conformidade coa Directiva 92/1996, do Consello da Unión Europea, do 10 de novembro de 1992. Conterá, como mínimo, as indicacións seguintes»:

95. PUBLICACIÓN DAS LEIS DAS LINGUAS COOFICIAIS DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Real Decreto 489/1997, do 14 de abril, sobre publicación das Leis das linguas cooficiais das Comunidades Autónomas. (BOE do 17 de abril).

Artigo 1º.

1. As Leis, os Reais Decretos-leis e os Reais Decretos legislativos, unha vez sancionados polo Rei, serán publicados en castelán no «Boletín Oficial do Estado», a efectos do previsto no artigo 2.1 do Código Civil, derivándose, en consecuencia, de dita publicación a súa plena eficacia, a tenor do previsto no título preliminar do Código Civil.
2. As disposicións xerais a que se refire o apartado anterior poderán ser tamén publicadas nas demais linguas oficiais das diferentes Comunidades Autónomas, de acordo co disposto no artigo seguinte do presente Real Decreto, se así o decidiran os órganos competentes das respectivas Comunidades.

Artigo 2º.

1. No marco do establecido no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o Goberno da Nación e os Órganos de Goberno das Comunidades Autónomas poderán suscribir convenios de

colaboración a fin de cooperar na traducción, edición e distribución das publicacións a que se refire o apartado 2 do artigo 1 do presente Real Decreto.

2. A publicación de ditas disposicións xerais poderá efectuarse no «Boletín Oficial do Estado» ou no Boletín propio da Comunidade Autónoma, nos termos e prazos que se establezan no convenio de colaboración ó que fai referencia o apartado 1 deste artigo.

96. NORMA XERAL DE ETIQUETADO, PRESENTACIÓN E PUBLICIDADE DOS PRODUCTOS ALIMENTICIOS

Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetado, presentación e publicidade dos produtos alimenticios. (BOE do 24 de agosto).

Artigo 18º.—Lingua no etiquetado.

As indicacións obrigatorias do etiquetado dos produtos alimenticios que se comercialicen en España expresaranse, alomenos, na lingua española oficial do Estado.

O disposto no apartado anterior non será de aplicación ós produtos tradicionais elaborados e distribuídos exclusivamente no ámbito dunha Comunidade Autónoma con lingua oficial propia

258 Branca

XII. EXTERIOR

97. A LEI DE RECOÑECIMENTO DA GALEGUIDADE

Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade. (DOG do 16 de xullo).

Son Comunidades Galegas as entidades asociativas sen ánimo de lucro, validamente constituídas e con personalidade xurídica no territorio en que se atopen asentadas, que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura, e ás que lles fose recoñecida a súa galeguidade de acordo coa presente Lei.

Artigo 6º.

O recoñecemento da galeguidade das Comunidades Galegas implica na orde cultural, na forma que regulamentariamente se determine:

- c) O dereito a colaboraren no impulso das actividades culturais e espectáculos orientados a preservar e fomenta-lo goce da lingua, cultura e tradicións galegas.

Artigo 7º.

1. A Comunidade Autónoma organizará, a través das Comunidades Galegas, e coa colaboración de institucións especializadas, servicios didácticos e audiovisuais que faciliten o coñecemento da lingua, cultura e tradicións de Galicia.
2. Facilitarase ás Comunidades Galegas a organización de cursos de lingua e cultura galegas.

Artigo 10º.

A Comunidade Autónoma garante a adquisición con destino ás Comunidades Galegas dun fondo editorial tendente a facilita-lo coñecemento da historia, a arte, a lingua e a realidade social de Galicia.

Artigo 11º.

No marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, en cooperación coas Comunidades Galegas, cursos ou ciclos especiais sobre lingua, historia e cultura galegas, tanto na Universidade e Institucións docentes e culturais de Galicia, coma nas dos países de asentamento destas Comunidades.

98. CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE LINGUA E EXTENSIÓN CULTURAL GALEGA

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua e extensión cultural galega, para galegos residentes no exterior e persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia. (DOG do 13).

O Estatuto de autonomía de Galicia confírelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en relación coa lingua e coa cultura galegas.

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, ordénalle ó Goberno galego que faga uso dos recursos necesarios para que os galegos residentes no exterior poidan dispor de servizos culturais e lingüísticos no idioma propio de Galicia.

Por outra banda, a Lei 4/1983, de recoñecemento da galegitude, dispón que se lles debe facilitar ás comunidades galegas a organización de cursos de lingua e extensión cultural galegas.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dispón:

Artigo 1º.

Convócanse cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua e de extensión cultural galega, que terán lugar nas localidades e para os centros galegos, asociacións de galegos residentes no exterior e grupos de persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia, que determine a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración coa Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, segundo se dispón nos seus programas, tendo en conta as solicitudes recibidas e a dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 2º.

1. Poderán asistir a estes cursos os galegos residentes no exterior e os seus descendentes, os membros dos citados centros e asociacións, e outras persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia.
2. Para acceder ó curso de perfeccionamento é requisito indispensable ter aprobado ou validado o curso de iniciación.
3. O número de asistentes a cada curso será de 20 persoas como mínimo e de 35 como máximo.

Artigo 3º.

1. Os cursos terán unha duración de 75 horas e realizaranse con carácter intensivo. Responderán ós contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento, e complementaranse cunha visión da historia e da actualidade de Galicia, nos seus aspectos socioeconómicos e culturais.
2. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.
3. A avaliación que se efectúe nestes cursos deberá responder ós principios de formativa e continua, e terá en conta o dominio oral e escrito do idioma, aplicándose as probas necesarias. Ó remate de cada curso, ós asistentes que superaron as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de «apto».

Artigo 4º.

1. As persoas que desexen asistir a estes cursos presentarán a solicitude nos locais dos centros ou asociacións ós que se alude no artigo 1º, nos prazos que determinen esas propias entidades e tendo en conta o disposto no programa da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.
2. Os solicitantes do curso de perfeccionamento deberán presentar canda a solicitude unha fotocopia compulsada da certificación que acredite que teñen superado ou validado o curso de iniciación, ou da correspondente validación.

Artigo 5º.

A relación de admitidos será aprobada polos centros, asociacións ou grupos de persoas referidos no artigo 1º desta orde.

O horario, o lugar de realización e a data de comezo de cada curso determinaraos a Dirección Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas e máis coas asociacións, centros ou grupos respectivos, tal e como se establece no programa da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.

Artigo 6º.

1. O profesorado destes cursos nomearao o director xeral de Política Lingüística tendo en conta os límites establecidos tanto na Lei 53/1984 e o Real decreto 598/1985, sobre incompatibilidades, así como no Decreto 156/1988, polo que se declara de interese público a impartición de cursos e actividades de formación de lingua galega, no que respecta ó persoal docente que impartirá estes cursos, feito que se acreditará enviando declaración xurada na que de xeito expreso se poña de manifesto que non incorre nos casos previstos nas disposicións anteriores, considerando, así mesmo, que, ó abeiro do disposto no artigo 201 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, se van designar profesores docentes, tendo en conta a súa solvencia técnica e científica para impartir as actividades referidas.

O seu pagamento será por conta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo da comprobación da realización do curso. O gasto que este pagamento ocasione financiarase con cargo á partida 07.06.353E.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía máxima de 30.000.000 (trinta millóns) de pesetas.

2. As retribucións do persoal docente que imparte estes cursos son as establecidas, por analoxía, na Orde do 18 de xuño de 1990 (DOG do 4 de xullo).

Artigo 7º.

Tódalas actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ó uso correcto do idioma (tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística), ó establecido pola Real Academia Galega.

Disposicións derradeiras

Primeira. Autorízase a Dirección Xeral de Política Lingüística para dictar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

XIII. SUBVENCIONES

99. CONVOCATORIA A EMPRESAS EDITORIAIS PARA APOIA-LA EDICIÓN DO LIBRO EN GALEGO

Orde do 25 de xaneiro de 2001, da Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, pola que se convocan subvencions a empresas editoriais para apoia-la edición do libro en galego, a traducción ó galego e a edición noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego. (DOG do 9 de febreiro).

O libro editado en galego acadou niveis de normalización comparables ós do resto do Estado, non só en presentación, deseño e tiraxes, senón tamén no que respecta ós contidos. Por outra banda, a completa normalización da nosa industria editorial precisa do esforzo das empresas do sector e da axuda da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo en razón da súa responsabilidade no desenvolvemento da cultura escrita. Pero a iniciativa privada por si soa non é capaz de abranguer temas nos que temos considerables carencias. Ó mesmo tempo, o reducido mercado, a competencia doutras linguas e os elevados prezos de produción fan difícil a publicación en galego de libros dalgunhas materias.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, consciente da capacidade da nosa lingua para ser portadora de calquera mensaxe, considera importante para os galegos ter acceso ás obras de creación escritas noutras linguas. Ademais, tendo en conta a calidade que a literatura galega ten acadado nos últimos anos, considera fundamental que as obras escritas en galego poidan ser lidas por outros pobos con lingua de seu para dar a coñece-la nosa literatura fóra de Galicia.

Por todo isto,

Dispoño:

Artigo 1º.

Convócanse subvencións a empresas editoriais para apoiar a edición en galego, a tradución ó galego, e a tradución e edición noutras linguas de obras escritas orixinariamente en galego.

As subvencións concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 10.02.352.A.770.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por un importe de cento vinte e un millóns seiscentas noventa e nove mil (121.699.000) pesetas, e a cantidade de trinta e oito millóns (38.000.000) de pesetas para o ano 2002.

Artigo 2º.

1. Poderán optar a estas subvencións as empresas que acrediten a súa condición de editores e que cumpran os requisitos esixidos nesta orde, establecidos nas bases específicas para a concesión das subvencións.
2. Non as poderán solicitar aqueles editores que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e non xustificasen o seu investimento.
3. As publicacións que reciban subvención a través desta convocatoria non poderán optar a ningunha outra de calquera das administracións públicas.

Artigo 3º.

Os editores que desexen acollerse ós beneficios desta orde elevarán petición dentro dos prazos establecidos nas correspondentes bases específicas, por medio de instancia dirixida ó conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, segundo os modelos que figuran como anexos desta orde, e presentaranas no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou nas delegacións provinciais desta, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Presentarase unha solicitude por cada libro, á que se xuntará a seguinte documentación en orixinal ou fotocopia compulsada:

1. Declaración xurada, asinada polo presidente ou director da empresa, especificando o número de contratos da empresa acollidos ó réxime xeral da Seguridade Social. A esta declaración xuntaranse fotocopias dos correspondentes documentos TC1 e TC2 da última cotización á Seguridade Social.
2. Se o solicitante é unha persoa xurídica, acreditación da personalidade e da súa representación, mediante fotocopia compulsada da escritura pública de constitución ou modificación, de se-lo caso, da sociedade, e do poder notarial correspondente, ámbolos dous documentos debidamente inscritos no Rexistro Mercantil.

3. Se o solicitante é unha persoa física, deberá acreditar a súa constitución como editor, así como fotocopia da cédula de identificación fiscal ou do número de identificación fiscal.
4. Certificación da conta bancaria onde conste como titular a empresa solicitante.
5. Fotocopia do último recibo do imposto de actividades económicas.
6. Catálogo da produción realizada pola editorial, así como a documentación acreditativa dunha actividade editorial ininterrompida mínima de dous anos.
7. Acreditación de ter publicados un mínimo de 10 títulos en galego durante o ano anterior. Quedan excluídas desta obriga as empresas que editan grandes obras.
8. Os beneficiarios das subvencións terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

A documentación relacionada nos puntos 1 a 6 deste artigo presentárase unha soa vez no caso de presentar varias solicitudes, e a esta engadírase a documentación considerada nas bases específicas para a concesión das subvencións.

Artigo 4º.

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán analizadas e valoradas polos servizos competentes da Dirección Xeral de Promoción Cultural segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 5º, e o director xeral de Promoción Cultural elevará a correspondente proposta ó conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias.

No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sentido do silencio será negativo.

Artigo 5º.

Na valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes aspectos:

- Importancia do fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia do editor solicitante.
- Calidade das obras contidas no catálogo.

- Esfuerzo que supón para o editor a incidencia da obra en ámbitos de especial importancia cultural pero de pouca demanda comercial.
- Importancia do investimento realizado en capital e en persoal pola empresa ó redor do libro galego.
- Calidade da obra.
- Continuidade dentro dunha colección.
- Interese da obra para as bibliotecas públicas.
- Importancia da obra dentro do panorama literario.

Artigo 6º.

1. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos, e non poderán solicitar cambios para outros proxectos. A Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.
2. A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo comunicará a resolución do conselleiro ós solicitantes, que quedarán obrigados a xustificar as subvencións concedidas, debendo comunicarlle a súa aceptación por escrito no prazo de 10 días hábiles.
3. Os beneficiarios farán constar na páxina de créditos de cada un dos exemplares da tiraxe o seguinte texto: «Esta obra foi subvencionada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Promoción Cultural, na convocatoria de subvencións para o ano 2001», utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.
4. Recibidos os exemplares e a documentación á que se fai referencia nas bases específicas para a concesión das subvencións, a Dirección Xeral de Promoción Cultural, de atopalos conformes, propondrá o libramento dos fondos, de acordo co calendario sinalado nas ditas bases e a normativa orzamentaria vixente.
5. O libramento do importe da subvención, mesmo nos dous prazos das plurianualidades, realizarase de acordo coa normativa orzamentaria aplicable, esixíndose certificacións expresas orixinais e actualizadas de non ter contraída ningunha débeda, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia, e de estar ó corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

Artigo 7º.

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo instruirá expediente sancionador, conforme o previsto na vixente Lei 30/1992 e, se procede, anulará os beneficios concedidos e

solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houber, segundo o procedemento que establece o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 8º.—Resolución.

Contra os ditos actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición perante o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Bases específicas para a concesión das subvencións.

A) Subvencións a obras xa editadas en lingua galega:

- A-1) As obras deberán estar publicadas en galego segundo a lexislación vixente (Lei 3/1983, do 15 de xuño, disposición adicional, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).
- A-2) Os editores deberán comercializar nas librerías un mínimo de 600 exemplares.
- A-3) A contía de cada subvención non poderá supera-la cantidade de 450.000 (catrocentas cincuenta mil) pesetas por libro, e consistirá no equivalente ó 75% do prezo de venda ó público (sen IVE) dun máximo do 10% dos exemplares editados, ata un límite de 300 exemplares. Os libros de lectura infantil e xuvenil, un máximo do 20% dos exemplares editados, ata un límite de 500 exemplares.
- A-4) As solicitudes deberán presentarse desde o 15 de abril ata o 15 de maio do 2001.
- A-5) Ademais da documentación solicitada no artigo 3º desta orde, deberase presentar en orixinal ou fotocopia compulsada:
 - Constancia documental da existencia dun contrato debidamente asinado co autor que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.
 - Un exemplar da obra editada para a que se solicita subvención.
 - Certificado de tiraxe expedido polo impresor.
- A-6) Para que un libro poida optar a estas subvencións, terá que cumprilas seguintes condicións:
 - Ter como mínimo 50 (cincuenta) páxinas, agás os libros infantís.
 - Posuí-lo número de ISBN e o do depósito legal definitivo, debendo estar feito o depósito de exemplares considerado no Decreto 36/1991. O depósito legal terá data posterior ó 16 de maio de 2000.

- A-7) Non poderán acollerse ás subvencións desta orde:
- As publicacións destinadas a uso escolar, ben como libro de texto, ben como material complementario.
 - As que non sexan primeiras edicións, a non ser que estas conteñan estudos que acheguen novidades substanciais.
 - As publicacións de difusión gratuíta.
 - As que carezan de contrato de dereitos de autor.
 - As que teñan un prezo de venda ó público (incluído IVE) superior a 4.200 pesetas.
- A-8) Para xustificar as subvencións deberán entregarse, nun prazo de quince días hábiles contados a partir da comunicación da resolución, os exemplares equivalentes á subvención concedida.
- B) Subvencións para editar en lingua galega obras de carácter non literario, obras orixinais galegas ilustradas en cor e grandes proxectos editoriais.
- B-1) Estas subvencións terán carácter plurianual, pagándose o 20% no ano 2001 e o 80% restante no 2002, segundo o disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, podendo a consellería comprometer outras fases do proxecto editorial, de acordo coas súas disponibilidades orzamentarias.
- B-2) As obras para subvencionar publicaranse en galego segundo a lexislación vixente (Lei 3/1983, do 15 de xuño, disposición adicional, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).
- B-3) As solicitudes deberán presentarse no prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.
- B-4) Ademais da documentación solicitada no artigo 3º desta orde, presentarase:
- Calendario de investimentos e plan de traballo para desenvolver cada proxecto editorial.
 - Número de espazos mecanografados ou matrices de que constará a obra proxectada, características técnicas do proxecto de edición e maqueta da obra.
 - Modelo de contrato que a editorial asinaría co autor ou autores da obra e que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.
 - Un exemplar completo da obra para a que se solicita subvención.
 - Previsión de tiraxe e prezo de venda ó público.

- B-5) O importe de cada subvención establecerase, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, ata un máximo de 10.000.000 de pesetas, nunha cantidade equivalente ó 75% do prezo de venda ó público para un número de exemplares que oscilará entre o 20% e o 40% da tiraxe prevista, cun máximo de 1.000 exemplares. A contía fixada na resolución poderá ser revisada á baixa polo órgano responsable da concesión da axuda, se o prezo de venda ó público e a tiraxe definitiva certificada non concordasen cos inicialmente declarados na solicitude.
- B-6) A contía que hai que pagar para cada anualidade librarase trala xustificación previa, antes do 1 de novembro de cada exercicio, do investimento realizado. Para o cobramento da segunda anualidade presentárase tamén certificación da tiraxe realizada e a copia do contrato definitivo co autor ou autores, debidamente asinado por ámbalas dúas partes, así como o correspondente número de exemplares da obra subvencionada.
- C) Subvencións para a tradución de obras escritas e publicadas orixinariamente en lingua distinta do galego.
- C-1) Estas subvencións terán carácter plurianual, pagándose o 20% da subvención no ano 2001 e o 80% restante no ano 2002, segundo o disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, podendo a consellería comprometer outras fases do proxecto editorial, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias.
- C-2) As obras publicaranse en galego segundo a lexislación vixente (Lei 3/1983, do 15 de xuño, disposición adicional, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).
- C-3) As solicitudes deberán presentarse no prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.
- C-4) Ademais da documentación solicitada no artigo 3º desta orde, deberá presentar en orixinal ou fotocopia compulsada:
- Calendario de investimentos e plan de traballo que hai que desenvolver para cada proxecto editorial.
 - Modelo de contrato que a editorial asinaría co tradutor da obra e que respectará o establecido na Lei da propiedade intelectual.
 - Un exemplar completo da obra para a que se solicita subvención.
 - Xustificante, se houber lugar, de te-los dereitos precisos para a publicación da obra.

- C-5) A subvención consistirá no pagamento dunha porcentaxe da tradución que pode ir do 50% ó 75%, segundo as tarifas da Asociación de Tradutores Galegos, ata un máximo de 1.000.000 de pesetas.
- C-6) A contía que correspondese a cada anualidade librarase trala xustificación previa do investimento realizado nesta, antes do 1 de novembro de cada exercicio. No último ano presentarase tamén o xustificante do pagamento realizado ó traductor, se este non fose presentado xa no primeiro ano, así como 5 exemplares da tradución editada.
- D) Subvencións para editar noutras linguas obras publicadas orixinariamente en galego.
- D-1) Estas subvencións terán carácter plurianual, pagándose o 20% da subvención no ano 2001 e o 80% restante no ano 2002, segundo o disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, podendo a consellería comprometer outras fases do proxecto editorial, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias.
- D-2) A contía de cada subvención será de 3.000 a 4.000 (tres mil a catro mil) pesetas por páxina para as obras que se vaian editar en linguas da Península Ibérica, e de 4.000 a 7.000 (catro mil a sete mil) pesetas por páxina para as obras que se editen nas outras linguas do mundo, ata un máximo, en tódolos casos, de 950.000 (novecentas cincuenta mil) pesetas por obra. Tómase como páxina tipo a de 1.800 caracteres, e para a realización do cómputo utilizarase o libro editado en galego.
- D-3) Ademais da documentación solicitada no artigo 3º desta orde, deberá presentar en orixinal ou fotocopia compulsada:
- Calendario de investimentos e plan de traballo que se vai desenvolver para cada proxecto editorial.
 - Modelo dos contratos que a editorial asinaría co autor, autores ou traductor da obra e que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.
 - Un exemplar da obra para a que se solicita subvención, con indicación do idioma ó que vai ser traducida.
 - Unha vez concedida a subvención e antes do pagamento da primeira anualidade, deberá presentar acordo de cesión dos dereitos.

- D-4) As solicitudes deberán presentarse no prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. En empresas editoriais estranxeiras o prazo de presentación será de 40 días hábiles.
- D-5) A contía que hai que pagar para cada anualidade librarase trala xustificación previa do investimento realizado nesta antes do 1 de novembro de cada exercicio. No último ano presentarase tamén o xustificante do pagamento realizado ó traductor, se este non fose presentado xa no primeiro ano, así como 15 exemplares da obra editada.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Promoción Cultural para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2001.

JESÚS PÉREZ VARELA
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

100. CONVOCATORIA DE PROXECTOS PARA OS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DOS CENTROS PÚBLICOS

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se convocan proxectos de fomento do uso do galego e de formación, para os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional. (DOG do 13).

A Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio, oral e escrito, similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14.3º da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Para poder conseguir iso, esta mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación no ensino do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. Esa regulamentación está establecida nos decretos 247/1995 e 66/1997.

Como órgano impulsor e dinamizador das medidas necesarias para levar a cabo o que dispoñen eses decretos e, consecuentemente, para conseguir que os alumnos

acaden o dominio do galego que establece a Lei de normalización lingüística, cada centro ten que constituír un equipo de normalización lingüística. Este equipo é o que recollen os decretos 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, respectivamente, decretos que foron desenvolvidos, tamén respectivamente, polas ordes do 22 de xullo 1 de agosto de 1997 (publicadas no DOG do 2 de setembro).

Por todo isto, e para axudar a que eses equipos poidan levar a cabo aqueles proxectos de fomento do uso do galego e de formación, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

Dispón:

Artigo 1º.

1. A presente orde ten por obxecto convocar proxectos de fomento do uso do galego e de formación en réxime de concorrencia competitiva destinados ós equipos de normalización lingüística dos centros públicos que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional de Galicia, durante o curso 2000-2001.
2. Os proxectos e os traballos para os que se soliciten incentivos faranse consonte os contidos establecidos na programación anual de actividades elaboradas e aprobadas por cada centro para acadar os obxectivos previstos nos plans específico e xeral para o uso do idioma galego (artigos 83 e 64 dos decretos 324/1996 e 374/1996, respectivamente) e os obxectivos recollidos nos decretos 247/1995 e 66/1997.

Artigo 2º.

Nos proxectos de fomento do uso do galego e de formación atenderase preferentemente a:

1. A adquisición de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego, imprescindible para a realización dos proxectos.
2. Os gastos de material necesario para:
 - a) A elaboración e/ou a disposición dos materiais pedagóxicos precisos para a realización de proxectos que incidan na promoción do galego nas diferentes etapas educativas. Ten especial interese a realización de acción e proxectos innovadores de promoción do uso do galego nas aulas e na comunidade educativa.

- b) A organización de programas e actividades en galego, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

Artigo 3º.

Os proxectos de fomento do uso do galego e de formación financiaranse con cargo á aplicación 07.06.353E.640.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía máxima de 83.150.000 pesetas (oitenta e tres millóns cento cincuenta mil pesetas).

Artigo 4º.

1. Para acceder a estes incentivos para proxectos de fomento será necesario que o equipo de normalización lingüística estea formalmente constituído segundo o disposto nos artigos 82 do Decreto 324/1996 e 63 do Decreto 374/1996, e que o seu programa de actividades fose aprobado polo centro e enviado canda a programación xeral anual á inspección educativa.
2. Non se poderán dotar de asignación económica ningunha aqueles centros que non xustificasen debidamente as axudas para os equipos de normalización lingüística que lles fosen concedidas para o ano académico 1999/2000 ó abeiro da Orde do 13 de decembro de 1999 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2000), ou que non cumpran o sinalado no artigo 4º.4 desta orde.

En canto ó disposto nos puntos 1 e 2 deste artigo, será a inspección educativa a que lle presente á correspondente comisión avaliativa citada no artigo 6º desta orde o informe relativo a cada centro.

Artigo 5º.

1. O prazo de presentación das solicitudes será o dos 20 días hábiles seguintes ó da publicación desta orde no DOG.
2. As solicitudes realizaranse utilizando o formulario que figura como anexo a esta orde. Irán asinadas polo coordinador do equipo de normalización lingüística, co visto e praxe do director do centro, e mandaranse á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, sendo de aplicación o previsto no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Canda a solicitude presentárase un proxecto, asinado polo coordinador do equipo de normalización lingüística, co visto e praxe do director do centro, no que se especifiquen, englobándoas no punto correspondente do artigo 2º, as actividades previstas para acadar os obxectivos que figuran nos plans específicos e xeral para o uso do galego. Con cada unha das accións terá que figura-la súa cuantificación económica. No caso das actividades de prensa escolar, considerarase como mérito preferente o feito de que esas

actividades se levasen a cabo tamén en anos anteriores. Se se dá esa circunstancia, deberase achegar canda a solicitude un exemplar de cada un dos números editados.

4. Tanto o proxecto coma as actividades que se realicen para levalo á práctica faranse necesariamente segundo o establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (disposición adicional) e no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre normativización da lingua galega.
5. No caso de que o centro fixese outras solicitudes diante de administracións públicas competentes ou outros entes públicos para o mesmo proxecto ou actividade, xuntará á solicitude unha declaración do conxunto das peticións efectuadas.
6. Se se observase algunha falta na documentación, antes de realiza-la proposta de resolución, poráselles de manifesto ós solicitantes, para que, no prazo de dez días, poidan alegar e presenta-los documentos que estimen pertinentes.

Artigo 6º.

Para o exame e a avaliación das solicitudes constituirase en cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha comisión integrada por:

- O delegado provincial, que a presidirá.
- Un representante do Servicio de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega, da Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Un inspector ou inspectora de Educación.
- O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística.
- Un funcionario ou funcionaria da delegación provincial, que actuará de secretario.

Unha vez examinadas e avaliadas as solicitudes, as comisións presentaranlle as propostas de asignación de contías ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o cal resolverá.

Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición diante do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no DOG.

Artigo 7º.

As comisións de selección terán en conta os seguintes criterios para a concesión de incentivos ós proxectos de fomento do uso do galego:

1. Ten especial interese a realización de accións e proxectos innovadores de promoción do uso de galego.
2. Así mesmo, valoraranse os programas e as actividades en galego, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.
3. Calquera tipo de programacións ou actuacións que incidan na normalización do galego e/ou na mellora do seu ensino.
4. De acordo cos puntos anteriores, clasificaranse as solicitudes en tres grupos, A, B e C, establecendo unha contía media para cada grupo:
 5.
 - A:
Menos de 8 unidades: ata 100.000 pesetas.
De 8 a 16 unidades: ata 120.000 pesetas.
Máis de 16 unidades: ata 140.000 pesetas.
 - B:
Menos de 8 unidades: ata 70.000 pesetas.
De 8 a 16 unidades: ata 80.000 pesetas.
Máis de 16 unidades: ata 90.000 pesetas.
 - C:
Menos de 8 unidades: ata 40.000 pesetas.
De 8 a 16 unidades: ata 50.000 pesetas.
Máis de 16 unidades: ata 60.000 pesetas.
6. En cada grupo dos anteriores, atendendo ó nº de alumnos por centro, incrementarase ou reducirase a contía de cada proxecto.
7. Excluíranse aquelas solicitudes que non se recibiron dentro de prazo.
8. A percepción doutros incentivos para os mesmos proxectos poderá reducir a contía que recibiría por esta orde, de xeito que o conxunto de incentivos non supere os gastos totais do proxecto.

Artigo 8º.

Antes do 15 de novembro de 2001, cada equipo, coa conformidade da dirección do centro, terá que lles remitir ós gabinetes de normalización lingüística das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

1. Unha memoria das actividades realizadas durante o ano 2001 para as que se lle concedeu a asignación económica.
2. Facturas orixinais, expedidas ó nome do propio centro educativo, correspondentes ós gastos totais de material, sen IVE.
3. Certificación orixinal na que consten os datos bancarios, selada e asinada pola entidade financeira correspondente.

Artigo 9º.

1. O pagamento dos incentivos concedidos farao a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través das súas delegacións provinciais, logo da xustificación dos interesados, tal e como se indica no artigo 8º.
2. O importe dos incentivos non será superior ó 100% dos gastos, sen IVE, que leve consigo a realización do proxecto.

Artigo 10º.

O seguimento e a avaliación da realización dos proxectos de fomento da lingua galega que presenten os equipos, e a verificación do cumprimento do establecido nos plans específico e xeral para o uso do galego nos centros levaraos a cabo a inspección educativa, consonte o disposto no artigo 11 do Decreto 247/1995.

Artigo 11º.

1. A non entrega das memorias e dos xustificantes de gasto, ós que fai referencia o artigo 8º, no prazo sinalado poderá ser causa de revogación do incentivo concedido e producirá como efecto a denegación da mesma para o ano seguinte, procedendo o centro ó reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan esixir.
2. O incumprimento total ou parcial dos proxectos poderá anular ou modifica-la contía do incentivo concedido.
3. Toda alteración das condicións que se tivesen en conta para a súa concesión, e en todo caso a obtención concorrente de incentivos ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

101. CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DOS CENTROS PRIVADOS

Orde do 2 de febreiro de 2001 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional. (DOG do 13).

A Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio oral e escrito similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14º.3 da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Para poder conseguir iso, esta mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación no ensino do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. Esa regulamentación está establecida nos decretos 247/1995 e 66/1997.

Como órgano impulsor e dinamizador das medidas necesarias para levar a cabo o que dispoñen eses decretos e, consecuentemente, para conseguir que os alumnos acaden o dominio do galego que establece a Lei de normalización lingüística, cada centro individualmente ten que constituír un equipo de normalización lingüística. Este equipo é o que recollen os decretos 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, respectivamente, decretos que foron desenvolvidos, tamén respectivamente, polas ordes do 22 de xullo e do 1 de agosto de 1997 (publicadas no DOG do 2 de setembro).

Por todo isto, para asegura-los principios de publicidade, concorrencia e obxectividade e para axudar a que eses equipos poidan levar a cabo aqueles proxectos que incidan na promoción do galego, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dispón:

Artigo 1º.

1. A presente orde ten por obxecto convocar axudas económicas en réxime de concorrencia competitiva destinadas a contribuír ó financiamento daqueles proxectos que incidan directamente na promoción do galego nas aulas, que realicen no curso académico 2000/2001 os equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional de Galicia. Estes equipos son os constituídos de acordo co establecido nos decretos 324/1996 e 374/1996.
2. Os proxectos e os traballos para os que se solicite axuda serán os contidos na programación anual de actividades elaboradas e aprobadas por cada centro para acadar os obxectivos recollidos nos plans específico e xeral para o uso do idioma galego (artigos 83 e 64 dos decretos 324/1996 e 374/1996, respectivamente) e os obxectivos previstos nos decretos 247/1995 e 66/1997.

Artigo 2º.

As axudas destinaranse preferentemente a:

1. A adquisición de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego, imprescindible para a realización dos proxectos.
2. Os gastos de material necesario para:
 - a) A elaboración e/ou a disposición dos materiais pedagóxicos precisos para a realización de proxectos que incidan na promoción do galego nas diferentes etapas educativas. Ten especial interese a realización de accións e proxectos innovadores de promoción do uso do galego nas aulas e na comunidade educativa.
 - b) A organización de programas e actividades en galego, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

Artigo 3º.

As axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.471.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía máxima total de 8.400.000 pesetas (oito millóns catrocentas mil pesetas).

Artigo 4º.

1. Para acceder a estas axudas será necesario que o equipo de normalización lingüística estea formalmente constituído segundo o disposto nos artigos 82 do Decreto 324/1996 e 63 do Decreto 374/1996, e que o seu programa de actividades fose aprobado polo centro e enviado canda a programación xeral anual á inspección educativa.
2. Non se lles poderá conceder axuda económica ningunha a aqueles centros que non xustificasen debidamente as axudas que lles fosen concedidas para o ano académico 1999/2000 ó abeiro da Orde do 13 de decembro de 1999 (DOG nº 11, do 18 de xaneiro de 2000), ou que non cumpran o sinalado no artigo 5º.4 desta orde.

En canto ó disposto nos puntos 1 e 2 deste artigo, será a inspección educativa a que lle presente á correspondente comisión avaliativa citada no artigo 6º desta orde o informe relativo a cada centro.

Artigo 5º.

1. O prazo de presentación das solicitudes será o dos 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no DOG.
2. As solicitudes realizaranse utilizando o formulario que figura como anexo a esta orde. Irán asinadas polo coordinador do equipo de normalización lingüística, co visto e praxe do director do centro, e mandaranse á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, sendo de aplicación o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Canda a solicitude presentárase un proxecto, asinado polo coordinador do equipo de normalización lingüística, co visto e praxe do director do centro, no que se especifiquen, englobándoas no punto correspondente do artigo 2º, as actividades previstas para acadar os obxectivos que figuran nos plans específico e xeral para o uso do galego. Con cada unha das accións terá que figura-la súa cuantificación económica. No caso das actividades de prensa escolar, considerarase como mérito preferente o feito de que esas actividades se levasen a cabo tamén en anos anteriores. Se se dá esa circunstancia, deberase achegar canda a solicitude un exemplar de cada un dos números editados.
4. Tanto o proxecto coma as actividades que se realicen para levalo á práctica faranse necesariamente segundo o establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (disposición adicional) e no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre normativización da lingua galega.

5. No caso de que o centro fixese outras solicitudes diante de administracións públicas competentes ou outros entes públicos para o mesmo proxecto ou actividade, xuntará á solicitude unha declaración do conxunto de tódalas peticións efectuadas.
6. Se se observase algunha falta na documentación, antes de realiza-la proposta de resolución, poráselles de manifesto ós solicitantes para que, no prazo de dez días, poidan alegar e presenta-los documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Artigo 6º.

Para o exame e a avaliación das solicitudes constituirase en cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha comisión integrada por:

- O delegado provincial, que a presidirá.
- Un representante do Servicio de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega, da Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Un inspector ou inspectora de Educación.
- O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística.
- Un funcionario ou funcionaria da delegación provincial, que actuará de secretario.

Unha vez examinadas e avaliadas as solicitudes, as comisións presentaranlle as propostas de concesión ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o cal resolverá. Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no DOG.

Artigo 7º.

As comisións de selección terán en conta os seguintes criterios para a concesión de axudas:

1. Ten especial interese a realización de accións e proxectos innovadores de promoción do uso do galego.

2. Así mesmo, valorarase a organización de programas e actividades en galego, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.
3. Calquera tipo de programacións ou actuacións que incidan na normalización do galego e/ou na mellora do seu ensino.
4. De acordo cos apartados anteriores clasificaranse as solicitudes en tres grupos, A, B e C, establecendo unha contía media para cada grupo:

	Menos de 8 unidades	De 8 a 16 unidades	Mais de 16 unidades
A	Ata 100.000 ptas.	Ata 120.000 ptas.	Ata 140.000 ptas.
B	Ata 70.000 ptas.	Ata 80.000 ptas.	Ata 90.000 ptas.
C	Ata 40.000 ptas.	Ata 50.000 ptas.	Ata 60.000 ptas.

5. En cada grupo dos anteriores, atendendo ó número de alumnos por centro, incrementarase ou reducirase a contía de cada proxecto.
6. Excluíranse aquelas solicitudes que non se recibiron dentro do prazo.
7. A percepción doutras axudas para os mesmos proxectos poderá reduci-la contía da subvención que recibiría por esta orde, de xeito que o conxunto de axudas non supere os gastos totais do proxecto.

Artigo 8º.

Antes do 15 de novembro de 2001, cada equipo ó que se lle concedese axuda, coa conformidade da dirección do centro, terá que lles remitir ós gabinetes de normalización lingüística das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

1. Unha memoria das actividades realizadas durante o ano 2001 para as que se lle concedeu a axuda.
2. Facturas orixinais, expedidas ó nome do propio centro educativo, correspondentes ós gastos de material ocasionados pola súa realización por un importe igual, sen IVA, ó da axuda concedida.
3. Certificación expresas de non ter contraído ningunha débeda, por ningún concepto coa Xunta de Galicia, e de estar ó día das obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

4. Certificación orixinal na que consten os datos bancarios, selada e asinada pola entidade financeira.
5. Fotocopia do CIF do centro.

Artigo 9º.

1. O pagamento das axudas concedidas farao a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través das súas delegacións provinciais, logo da xustificación dos interesados, tal como se indica no artigo 8º.
2. O importe da axuda non será superior ó 100% dos gastos, sen IVE, que leve consigo a realización do proxecto.

Artigo 10º.

O seguimento e a avaliación dos traballos para os que se lles conceden as axudas ós equipos, e a verificación do cumprimento do establecido nos plans específico e xeral para o uso do galego nos centros levaraos a cabo a inspección educativa, consonte o disposto no artigo 11 do Decreto 247/1995.

Artigo 11º.

1. A non entrega das memorias e dos xustificantes de gasto, ós que fai referencia o artigo 8º, no prazo sinalado poderá ser causa de revogación da axuda concedida e producirá como efecto a denegación de axuda para o ano seguinte, procedendo o centro ó reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan esixir.
2. O incumprimento total ou parcial dos proxectos poderá anular ou modifica-la contía da subvención concedida.
3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvención ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

102. SUBVENCIONS A EMPRESAS PRIVADAS PARA FOMENTA-LO USO SOCIAL DA LINGUA GALEGA

Orde do 10 de febreiro de 2001 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a empresas privadas para fomenta-lo uso social da lingua galega. (DOG do 21).

De acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Xunta de Galicia promove o uso do galego, lingua propia de Galicia e reconece, así mesmo, que as empresas privadas, pola súa incidencia e implantación territorial e social, poden constituírse en promotoras da extensión do uso social do noso idioma.

Polo exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións, fai pública a presente convocatoria, mediante a que pretende anima-las empresas a que realicen actividades encamiñadas a aumenta-lo uso social da lingua galega a partir do seu emprego no ámbito económico e mercantil.

Para arbitra-las medidas e os procedementos económico-administrativos necesarios para concederlles subvencións ás empresas privadas para a confección de documentación permanente, a rotulación permanente dos establecementos ou vehículos, a realización de actividades publicitarias e a edición de suplementos didácticos en lingua galega, e para asegura-los principios de publicidade, concorrencia e obxectividade:

Dispoño:

Artigo 1º.—Obxecto.

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio do ano 2001, a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a empresas privadas para fomenta-lo uso social da lingua galega, a través da confección de documentación permanente, a rotulación permanente dos establecementos ou vehículos e a realización de actividades publicitarias e a edición de suplementos didácticos en lingua galega, de acordo coas correspondentes bases específicas.

Artigo 2º.—Suxeitos.

Poderán solicita-la subvencións reguladas na presente orde tódalas empresas privadas que estean legalmente constituídas e inscritas no rexistro correspondente.

Quedan excluídas as seguintes persoas xurídicas privadas:

A) As que teñan un capital no que a participación dunha ou varias administracións públicas sexa maioritaria.

B) Aquelas que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e non xustificasen o seu investimento.

Cada solicitante presentará nun único anexo, debidamente cuberto, un máximo dunha solicitude por base específica.

Artigo 3º.—Orzamento.

As subvencións concederanse con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.470.0 correspondente ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía máxima total de 100.000.000 de pesetas, ou o seu equivalente en euros, de acordo coas bases específicas.

Artigo 4º.—Órgano competente para a xestión das axudas.

Corresponderalle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, a realización das tarefas de xestión da presente convocatoria, sempre de acordo coa existencia de disponibilidades orzamentarias.

Artigo 5º.—Requisitos.

Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ó abeiro da presente orde deberán cumprir os requisitos especificados nas correspondentes bases específicas e, así mesmo, deberán estar realizados integramente en galego:

- Os textos dos proxectos propostos deberán estar redactados en galego segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e non poderán coincidir literalmente con outra lingua.
- Os adxudicatarios das subvencións deberán coidar dun xeito especial a calidade lingüística dos textos que elaboren. En todo caso, e para estes efectos, a Dirección Xeral de Política Lingüística pon ó dispor dos adxudicatarios os seus servizos técnicos.

Artigo 6º.—Criterios de concesión.

Os criterios preferentes de concesión, sen orde de prelación, serán os seguintes:

- a) O carácter permanente da acción.
- b) A incidencia no ámbito socioeconómico da actividade que se pretende realizar, entendéndose como tal tanto o sector xeográfico ó que afecta (rango-tamaño) coma a súa difusión social (as repercusións nos receptores).
- c) O grao de elaboración, a creatividade e a innovación da actividade.

- d) Os recursos achegados pola empresa solicitante para a realización da actuación subvencionable.
- e) A utilización das novas tecnoloxías.
- f) A adecuación do orzamento previsto ós valores medios reais de mercado (a veracidade do custo declarado).
- g) A viabilidade da actividade proposta.

Artigo 7º.—Valoración.

As propostas valoraranse de acordo coas correspondentes bases específicas e a seguinte táboa, con estricte suxeición ás disponibilidades orzamentarias da presente convocatoria:

Subvencións de ata 250.000 pesetas.
Incidencia grande ata 250.000 pesetas.
Incidencia media ata 190.000 pesetas.
Incidencia pequena ata 125.000 pesetas.
Subvencións de ata 400.000 pesetas.
Incidencia grande ata 400.000 pesetas.
Incidencia media ata 325.000 pesetas.
Incidencia pequena ata 275.000 pesetas.
Incidencia pequena: ámbito local.
Incidencia media: ámbito comarcal e provincial.
Incidencia grande: ámbito que abrangue a Comunidade Autónoma e/ou fóra desta.

Non obstante, por proposta motivada da comisión de avaliación, poderán concederse subvencións de ata 1.000.000 de pesetas para aqueles proxectos de especial relevancia e interese, dificultade de realización, innovación, difusión social ou perdurabilidade temporal.

Artigo 8º.—Documentación.

As solicitudes, no modelo oficial, xunto coa documentación citada a seguir, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), no prazo dun mes contado de data a data, desde o día seguinte á publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os interesados presentarán a seguinte documentación e na orde que se cita:

1. Solicitude debidamente cuberta e asinada, utilizando o anexo I da presente convocatoria. A solicitude deberá especificar polo miúdo tódolos detalles do proxecto, sendo estritamente obrigatorio que tódolos

epígrafes aparezan cubertos, coa finalidade de poder ser valorada polos servicios competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística.

2. Escrito no que se faga constar:
 - a) A actividade principal do solicitante.
 - b) O número de empregados do solicitante.
3. Fotocopia compulsada da escritura pública de constitución da empresa solicitante e da constancia da inscrición da escritura no Rexistro Mercantil. As sociedades civís presentarán unha fotocopia compulsada dos seus estatutos.
4. Fotocopia compulsada do poder notarial do representante da empresa solicitante e da constancia da inscrición do poder no Rexistro Mercantil.
5. Fotocopia do último recibo do Imposto de Actividades Económicas.
6. Fotocopia do CIF da empresa.
7. Certificado orixinal no que consten os datos bancarios, selado e asinado pola entidade financeira.
8. Breve memoria explicativa na que se detallan as actividades que integran os proxectos para os que se solicita a subvención.
9. No caso da rotulación permanente e da rotulación ou impresión que teña fins publicitarios deberá acompañarse o texto en galego que se pretende imprimir. O citado texto deberá vir corrixido por algún especialista en lingua galega, para isto a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pon ó dispor de calquera entidade os seus servicios técnicos e o persoal dos gabinetes de normalización lingüística que se atopan nas delegacións provinciais da consellería.
10. Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.
As empresas individuais presentarán, no canto dos documentos especificados nos puntos 3 e 4, unicamente unha fotocopia compulsada do NIF do titular.

Artigo 9º.—Procedemento.

Recibida cada solicitude de subvención e a súa documentación, será analizada e, se é o caso, serán requiridos ós solicitantes para que nun prazo de dez días hábiles emenden os posibles erros ou ausencias de documentación, transcorrido este prazo as solicitudes arquivaranse sen máis trámite. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos da orde de convocatoria serán valoradas polos servicios competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística, segundo os criterios de valoración establecidos nos artigos 6º e 7º, e os expresados nas bases específicas. O director xeral de Política

Lingüística elevaralle a correspondente proposta ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias. A resolución comunicaráselle ós solicitantes e poralle fin á vía administrativa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da recepción da resolución polo solicitante, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Entenderanse desestimadas as solicitudes presentadas, de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de cinco meses a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 10º.—Aceptación da subvención e compromisos.

No prazo máximo de dez días contados a partir da notificación de cada resolución, as empresas seleccionadas terán que lle comunicar por escrito a súa aceptación da subvención concedida, e os compromisos que isto supón, á Dirección Xeral de Política Lingüística. A omisión desta comunicación dará lugar ó arquivo do expediente sen máis trámite.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinalos fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos e non poderán solicitarlo cambio para outro proxecto. Tamén teñen a obriga de lles facilitar ós servicios competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística toda a información requirida. A Dirección Xeral de Política Lingüística poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Nas publicacións constará, coa mesma técnica que os créditos da entidade promotora, o patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, empregando para iso os logotipos aprobados pola imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 11º.—Xustificación.

O prazo improrrogable de xustificación e entrega da totalidade da documentación que a seguir se cita, nas condicións recollidas na presente orde, rematará o día 15 de setembro do ano 2001.

Antes da citada data deberase remiti-la seguinte documentación á Dirección Xeral de Política Lingüística, xunto cun escrito no que se cite o número de expediente e os documentos remitidos:

1. Os xustificantes de gasto que se prevexan nas correspondentes bases específicas: os xustificantes dos gastos realizados deberán ser orixinais ou fotocopia compulsada, de acordo coa resolución de concesión e nos termos expresados no proxecto presentado, por un valor mínimo equivalente ó dobre da axuda outorgada, excluído o IVE. No caso de que o importe xustificado sexa inferior ó dobre da axuda outorgada, esta reducirase de maneira proporcional. Non se admitirán xustificantes de adquisición de material inventariable (ordenadores, cámaras, etc.) ou de oficina (bolígrafos, etc). Para os efectos da distribución non serán válidas as facturas expedidas polo organismo oficial de Correos e Telégrafos, unicamente se aceptarán como xustificantes os gastos facturados por outras empresas dedicadas á distribución.

As datas dos xustificantes estarán comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 15 de setembro do ano 2001.

2. Relación numerada dos xustificantes mencionados no punto anterior, que incluíra o número de factura, o emisor, a suma parcial folia por folia e a suma do total da relación.
3. Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia expedido pola Consellería de Economía e Facenda.
4. Certificado de estar ó día nas obrigas tributarias expedido pola correspondente delegación ou axencia tributaria do Ministerio de Economía e Facenda.
5. Certificado de atoparse ó corrente das obrigas sociais expedido pola Tesourería da Seguridade Social. No caso dos traballadores suxeitos ó réxime de autónomos presentaranse dúas certificacións, expedidas, respectivamente, a nome da empresa beneficiaria da subvención e a nome do propio traballador autónomo; así mesmo, presentárase unha declaración expresa de ter, ou non, traballadores ó seu cargo, segundo estipula o Decreto 390/1996.
6. Xustificación documental da realización do proxecto subvencionado mediante mostras materiais (dossier de prensa, disquetes, publicacións, fotografías, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) e do correcto emprego do galego nos termos do artigo 5º da presente orde.
7. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

O incumprimento destas obrigas por parte do interesado dará lugar ó arquivo do expediente sen máis trámite.

Artigo 12º.—Libramento dos fondos.

Cumpridas correctamente as obrigas recollidas no artigo 11º, a Dirección Xeral de Política Lingüística propondrá o libramento dos fondos de acordo coa normativa orzamentaria vixente.

Artigo 13º.—Perda da subvención.

Calquera alteración da actividade verbo dos datos que figuran no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas na presente orde, terá como consecuencia a revogación da axuda. A empresa interesada terá que reintegra-las cantidades percibidas, se as houber, e mailos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento.

No caso de que se lle conceda á empresa outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vigor da presente orde, a empresa terá que llo comunicar á Administración. A este respecto, é de aplicación o disposto no artigo 78.3º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, segundo a cal o importe da subvención se minorará na contía das outras subvencións co límite do 100% do investimento subvencionado.

Bases específicas

A) Confección de documentación permanente:

- O obxecto das subvencións é a elaboración de documentación permanente da empresa, como manuais ou regulamentos internos, programas informáticos para a xestión, libros de contabilidade, facturas, imaxe corporativa, etc.
- Así mesmo serán accións subvencionables as relativas á realización de documentación creativa da empresa, como publicacións tipo libro, revistas, folletos e boletíns informativos, actividades audiovisuais creativas (vídeos, CD-roms, programas de radio e televisión, etc.)
- Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ó abeiro da presente orde deberán cumprir-los seguintes requisitos:
 - a) Autofinanciamento mínimo do 50%.
 - b) Prazo de realización das propostas: entre o 1 de xaneiro e o 15 de setembro do ano 2001.

B) Rotulación permanente:

- O obxecto das subvencións é a rotulación permanente, exterior, interior ou dos dous tipos, dos establecementos ou vehículos, e da etiquetaxe, embalaxe e bolsas.
- Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ó abeiro da presente orde deberán cumpri-los seguintes requisitos:
 - a) Autofinanciamento mínimo do 50%.
 - b) Prazo de realización das propostas: entre o 1 de xaneiro e o 15 de setembro do ano 2001.

C) Realización de actividades publicitarias e/ou suplementos didácticos:

- O obxecto das subvencións é a publicidade da empresa en calquera soporte ou medio, e, en especial, a realización de actividades audiovisuais total ou parcialmente publicitarias (por exemplo, a través da radio, a televisión, etc.); a publicidade impresa (cartelería, trípticos, catálogos, etc); os agasallos publicitarios (calendarios, axendas, etc.) e a realización de actividades de dinamización (concursos, premios, certames e campañas divulgativas), cunha compoñente escrita significativa, que fomenten o uso da lingua galega.
- Así mesmo subvencionarase a edición de suplementos didácticos en lingua galega como vehículo de promoción lingüística.
- Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ó abeiro da presente orde deberán cumpri-los seguintes requisitos:
 - a) Autofinanciamento mínimo do 75%.
 - b) Prazo de realización das propostas: entre o 1 de xaneiro e o 15 de setembro do ano 2001.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

103. SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS PRIVADAS SEN FIN DE LUCRO PARA FOMENTA-LO USO SOCIAL DA LINGUA GALEGA

Orde do 9 de febreiro de 2001 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomenta-lo uso social da lingua galega. (DOG do 22).

De acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Xunta de Galicia promove o uso do galego, lingua propia de Galicia. Por isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións, fai pública a presente convocatoria, mediante a que pretende anima-las asociacións e institucións privadas sen fin de lucro a que realicen actividades encamiñadas a aumenta-lo uso social da lingua galega a partir do seu emprego no ámbito asociativo.

Para arbitra-las medidas e os procedementos económico-administrativos necesarios para concederlles subvencións ás asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para a confección de documentación permanente, a realización de actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega e a realización de actividades publicitarias, e para asegura-los principios de publicidade, concorrencia e obxectividade:

Dispoño:

Artigo 1º.—Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio do ano 2001, a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomenta-lo uso social da lingua galega, a través da confección de documentación permanente, a realización de actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega e a realización de actividades publicitarias, de acordo coas correspondentes bases específicas.

Artigo 2º.—Suxeitos.

Poderán solicita-las subvencións reguladas na presente orde tódalas institucións privadas sen fin de lucro legalmente constituídas e mailas entidades análogas.

Quedan excluídas as seguintes entidades:

- a) As dependentes de entidades locais. Para os efectos da presente orde terán a condición de entidades locais as que gocen de tal carácter no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.
- b) As asociacións de pais de alumnos.

c) Os movementos de renovación pedagóxica que posúan tal cualificación.

d) As diferentes agrupacións das entidades citadas nos puntos anteriores.

Cada entidade solicitante poderá presentar un máximo de tres proxectos ó abeiro desta convocatoria, distribuídos preferentemente a razón dunha solicitude por base específica.

Artigo 3º.—Orzamento.

As subvencións concederanse con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.480.0 correspondente ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía total máxima de 100.000.000 de pesetas, ou o seu equivalente en euros, de acordo coas bases específicas.

Artigo 4º.—Órgano competente para a xestión das axudas.

Corresponderalle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, a realización das tarefas de xestión da presente convocatoria, sempre de acordo coa existencia de disponibilidades orzamentarias.

Artigo 5º.—Requisitos.

Os proxectos beneficiarios das subvencións outorgadas ó abeiro da presente orde deberán cumprir-las requisitos especificados nas correspondentes bases específicas e, así mesmo, deberán estar realizados integramente en galego e non poderán coincidir literalmente con outra lingua:

- Só se subvencionarán proxectos que estean correctamente realizados en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).
- Os adxudicatarios das subvencións deberán coidar dun xeito especial a calidade lingüística dos textos que elaboren. En todo caso, e para estes efectos, a Dirección Xeral de Política Lingüística pon ó dispor dos adxudicatarios os seus servizos técnicos.

Artigo 6º.—Criterios de concesión.

Os criterios preferentes de concesión serán:

- a) O carácter permanente da acción.
- b) O ámbito de actuación da actividade que se pretende realizar, entendéndose como tal tanto o sector xeográfico ó que afecta (rango-tamaño) coma a súa incidencia na trama socioeconómica. Isto será directamente proporcional á contía da subvención que se conceda (a

maior raio de acción e importancia socioeconómica corresponderalle unha axuda mais elevada), sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

- c) O grao de elaboración, a creatividade e o anovamento da actividade susceptible de percibir unha axuda.
- d) Os recursos achegados pola propia entidade para a realización da actuación prevista.
- e) A utilización das novas tecnoloxías.
- f) A adecuación do orzamento previsto ós valores medios reais de mercado (a veracidade do custo declarado).

Artigo 7º.—Valoración.

As propostas valoraranse de acordo coas correspondentes bases específicas e a seguinte táboa, con suxeición estricta ás dispoñibilidades orzamentarias da presente convocatoria:

	Incidencia grande ata...	Incidencia media ata...	Incidencia pequena ata...
Subvencións de ata 250.000 ptas.	250.000	150.000	100.000
Subvencións de ata 500.000 ptas.	500.000	400.000	300.000

Incidencia pequena: ámbito local ou grupal.

Incidencia media: ámbito comarcal ou provincial.

Incidencia grande: ámbito que abrangue a Comunidade Autónoma e/ou fóra desta.

Non obstante, por proposta motivada da comisión de avaliación, poderán concederse subvencións de ata 1.000.000 pesetas para aqueles proxectos de especial relevancia e interese, dificultade de realización, anovamento, difusión social ou perdurabilidade temporal.

Artigo 8º.—Documentación.

As solicitudes, no modelo oficial, xunto coa documentación citada a seguir, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), no prazo dun mes contado de data a data, desde o día seguinte ó da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia, ou por

calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os interesados presentarán a seguinte documentación e na orde que se cita:

1. Solicitud debidamente cuberta e asinada, utilizando o anexo I da presente convocatoria. A solicitud deberá especificar polo miúdo tódolos detalles dos proxectos, sendo estrictamente obrigatorio que tódolos recadros aparezan cubertos, coa finalidade de poder ser valorada polos servicios competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística.
2. Escrito no que se faga consta-la actividade principal do solicitante.
3. Acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación, mediante fotocopia compulsada dos correspondentes estatutos e, se fose o caso, da resolución do órgano competente no que se lle concede a representación da entidade.
4. Fotocopia do CIF da entidade.
5. Certificado orixinal no que consten os datos bancarios, selado e asinado pola entidade financeira.
6. Breve memoria explicativa na que se detallen as actividades que integran os proxectos para os que se solicita a subvención.
7. No caso da rotulación permanente e da rotulación ou impresión que teña fins publicitarios deberá xuntarse o texto en galego que se pretende imprimir. O citado texto deberá vir corrixido por algún especialista en lingua galega, para isto a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pon ó dispor de calquera entidade os seus servicios técnicos e o persoal dos gabinetes de normalización lingüística situados nas delegacións provinciais da consellería.
8. Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

Artigo 9º.—Procedemento.

Recibida cada solicitud de subvención e a súa documentación, será analizada e, é o caso, requirirase os solicitantes para que nun prazo de dez días hábiles emenden os posibles erros ou ausencias de documentación. Transcorrido este prazo as solicitudes arquivaranse sen máis trámite. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos da orde de convocatoria serán valoradas polos servicios competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística, segundo os criterios de valoración establecidos nos artigos 6 e 7, e os expresados nas bases específicas. O director xeral de Política Lingüística elevaralle a correspondente proposta ó conselleiro de Educación e Ordenación

Universitaria, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias. A resolución comunicáraselle ós solicitantes e poralle fin á vía administrativa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da recepción da resolución polo solicitante, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Entenderanse desestimadas as solicitudes, de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de cinco meses contados a partir do día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 10º.—Aceptación da subvención e compromisos.

No prazo máximo de dez días contados a partir da notificación de cada resolución, as entidades seleccionadas terán que lle comunicar por escrito a súa aceptación da subvención concedida, e os compromisos que isto supón, á Dirección Xeral de Política Lingüística. A omisión desta comunicación dará lugar ó arquivo do expediente sen máis trámite.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinalos fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos e non poderán solicitarlo cambio para outro proxecto. Tamén teñen a obriga de lles facilitar ós servicios competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística toda a información requirida. A Dirección Xeral de Política Lingüística poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Nas publicacións constará, coa mesma técnica que os créditos da entidade promotora, o patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, empregando para iso os logotipos aprobados pola imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 11º.—Xustificación.

O prazo improrrogable de xustificación e entrega da totalidade da documentación que a seguir se cita, nas condicións recollidas na presente orde, rematará o día 31 de outubro do ano 2001.

Antes da citada data deberase remiti-la seguinte documentación á Dirección Xeral de Política Lingüística, xunto cun escrito no que se cite o número de expediente e os documentos remitidos:

1. Os xustificantes de gasto que se prevexan nas correspondentes bases específicas.
2. Xustificantes orixinais, ou fotocopia compulsada, dos gastos realizados, de acordo coa resolución de concesión e nos termos expresados no proxecto presentado, por un valor mínimo equivalente ó da axuda outorgada, excluído o IVE. No caso de que o importe xustificado sexa inferior ó da axuda outorgada, esta reducirase ata o importe xustificado.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude. En ningún caso se admitirán como xustificante a adquisición de material inventariable (ordenadores, etc.) ou de oficina (bolígrafos, selos, etc.). Para os efectos da distribución non serán válidas as facturas expedidas polo organismo oficial de Correos e Telégrafos, unicamente se aceptarán como xustificantes os gastos facturados por outras empresas dedicadas á distribución.

As datas dos xustificantes estarán comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro do ano 2001.

3. Relación numerada dos xustificantes mencionados no punto anterior, que incluíra o número de factura, o emisor, a suma parcial folia por folia e a suma do total da relación.
4. Xustificación documental da realización do proxecto subvencionado mediante mostras materiais (dossier de prensa, disquetes, publicacións, fotografías, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) e do correcto emprego do galego nos termos do artigo 5 da presente orde.
5. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

O incumprimento destas obrigas por parte do interesado dará lugar ó arquivo do expediente sen máis trámite.

Artigo 12º.—Libramento dos fondos.

Cumpridas correctamente as obrigas recollidas no artigo 11, a Dirección Xeral de Política Lingüística propondrá o libramento dos fondos de acordo coa normativa orzamentaria vixente.

Artigo 13º.—Perda da subvención.

Calquera alteración da actividade verbo dos datos que figuran no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas na presente orde, terá como consecuencia a revogación da axuda. A entidade interesada

terá que reintegra-las cantidades percibidas, se as houber, e mailos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento.

No caso de que se lle conceda á entidade outra subvención por esta mesma finalidade no prazo de vigor da presente orde, a entidade terá que llo comunicar á Administración. A este respecto, é de aplicación o disposto no artigo 78.3º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, segundo a cal o importe da subvención se minorará na contía das outras subvencións co límite do 100% do investimento subvencionado.

Bases específicas.

- a) Confección de documentación permanente.
 - O obxecto das subvencións é a elaboración de documentación permanente da entidade, como papelería, manuais ou regulamentos internos, programas informáticos para a xestión realizados integramente en galego, etc. E a elaboración de documentación creativa da asociación (publicacións formato libro, cómics, voceiros, folletos informativos, revistas e boletíns non publicitarios, actividades de creación audiovisual, realización de programas de radio e TV non publicitarios, etc.).
 - Prazo de realización das propostas: entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro do ano 2001.
- b) Realización de actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega.
 - O obxecto das subvencións é a realización de todo tipo de actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega, como actividades de animación sociocultural, elaboración de material lúdico, realización de certames, congresos, xornadas, premios, cursos (agás os de galego, que son obxecto doutra convocatoria), campañas divulgativas, etc. Ben que só percibirán subvencións aquelas accións cunha compoñente escrita significativa.
 - As actividades que teñan idéntico desenvolvemento terán que se presentar englobadas nun único proxecto.
 - Prazo de realización das propostas: entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro do ano 2001.
- c) Realización de actividades publicitarias.
 - O obxecto das subvencións é a publicidade da entidade en calquera soporte ou medio (medios de comunicación, folletos, cartelería,

boletíns publicitarios, guías, calendarios, etc.), e, en especial, a realización de actividades audiovisuais total ou parcialmente publicitarias (por exemplo, a través da radio, a televisión, a Internet, vídeos, etc.). Dentro desta base inclúense as actividades de rotulación, interior e/ou exterior de locais, vehículos, etc.

- Prazo de realización das propostas: entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro do ano 2001.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

104. SUBVENCÍONS A EMPRESAS E EDITORIAIS PARA IMPULSA-LA CREACIÓN, TRADUCCIÓN E ADAPTACIÓN DE LIBROS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

Orde do 12 de febreiro de 2001 pola que se regula a concesión de subvencións a empresas editoriais para impulsa-la creación, traducción e adaptación de libros e materiais didácticos, para niveis non universitarios, impresos en lingua galega. (DOG do 26).

O Estatuto de autonomía para Galicia, no seu artigo 5, especifica que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento. Segundo o artigo 27.20º, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da promoción e o ensino da lingua galega.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu título III, do uso do galego no ensino, establece: «O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos» e «as autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino».

Así mesmo, no artigo 1 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dispónse que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ó que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado, en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, así como a promoción e ensino da lingua galega. Todo isto sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas e demais disposicións legais.

O Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a citada Lei 3/1983, ordena no seu artigo 8.2º que os materiais que se empreguen nas áreas e materias impartidas en lingua galega estarán escritos normalmente en galego, terán a calidade científica e pedagóxica adecuada e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, as peculiaridades de Galicia. Concrétase de seguido que, con esta finalidade, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fomentará a elaboración e a publicación dos materiais curriculares correspondentes.

Por todo isto,

Dispoño:

Artigo 1º.—Suxeitos.

A presente orde vai dirixida ás editoriais legalmente constituídas como empresas privadas que elaboren material escolar incluíble no seu ámbito de aplicación.

Artigo 2º.—Obxecto.

Convócanse subvencións en réxime de concorrencia competitiva a empresas do sector editorial para impulsar a creación, tradución e adaptación de libros e material didáctico de niveis educativos recollidos na LOXSE, con suxeición ás normas contidas na presente orde.

Artigo 3º.—Orzamento.

As subvencións concederanse con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.470.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001, por unha contía máxima total de 200.000.000 de ptas, ou o seu equivalente en euros, de acordo coas bases específicas.

Cada empresa solicitante poderá percibir un máximo de 30.000.000 de pesetas ó abeiro desta orde, tendo en conta sempre a existencia de disponibilidades orzamentarias.

Artigo 4º.—Requisitos.

Subvencionaranse os libros e o material didáctico que cumpran as seguintes condicións:

- 1ª. Estaren correctamente escritos en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).
- 2ª. Ateranse ó disposto no Decreto 89/1993, do 19 de abril, polo que se regula a autorización de libros de texto e outros materiais curriculares para o ensino de réxime xeral, e ás ordes que o desenvolven.

Artigo 5º.—Exclusións.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación da presente orde, aínda cumprindo os requisitos esixidos no artigo precedente:

1. Os libros de bibliófilo.
2. Os libros destinados a seren distribuídos gratuitamente.
3. Os libros publicados por clubs do libro ou entidades similares, destinados a seren distribuídos entre os seus subscritores.
4. Os libros de uso escolar correspondentes ás áreas ou materias de lingua e literatura galegas.
5. As publicacións ou material didáctico non destinado a uso escolar.
6. As publicacións que recibisen subvención da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
7. As publicacións ou material didáctico que recibisen subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística, en anteriores convocatorias.

Artigo 6º.—Documentación.

Os editores que desexen acollerse ós beneficios desta orde elevarán petición, desde o día seguinte á publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia ata o día 30 de abril de 2001, e en todo caso nun prazo que non será inferior a 20 días hábiles, por medio de instancia dirixida ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo os modelos que figuran como anexos desta orde, e presentarana no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

1. Declaración xurada, asinada polo presidente ou director da empresa, especificando o número de contratos da empresa acollidos ó réxime da Seguridade Social.

2. Acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación, mediante fotocopia compulsada da escritura pública de constitución da sociedade ou modificación, se é o caso, da sociedade, e do poder notarial correspondente; a inscrición de ámbolos dous documentos debe constar no Rexistro Mercantil.
3. Se o solicitante é unha persoa física deberá acreditar a súa constitución como editor, así como fotocopia compulsada da cédula de identificación fiscal ou do número de identificación fiscal.
4. Copia compulsada do último recibo de pagamento do imposto de actividades económicas.
5. Certificación bancaria orixinal onde conste como titular a empresa solicitante.
6. Catálogo da produción realizada pola editorial, así como documentación acreditativa dunha actividade editorial ininterrompida mínima de dous anos.
7. Certificación do editor na que se faga constar a relación de títulos publicados en galego durante o ano anterior.
8. Declaración de conxunto de tódalas solicitudes, efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

A documentación relacionada nos puntos 1 a 7 deste artigo presentárase unha soa vez no caso de presentar varias solicitudes, e a ela engadiráselle a documentación recollida nas bases específicas para a concesión das subvencións.

Toda a documentación que se lle deba xuntar á solicitude, ou que sexa requirida no seu momento para a tramitación do expediente, presentárase en orixinal ou fotocopia compulsada.

As publicacións que teñan un carácter trimestral presentáranse como un título único e para iso cubrirose un só anexo.

Artigo 7º.—Procedemento.

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación serán analizadas e, se é o caso, requiriranse os editores para que nun prazo de dez días hábiles emenden os posibles erros ou ausencias de documentación, transcorrido este prazo as solicitudes arquivaranse sen máis trámite. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos da orde de convocatoria serán valoradas polos servicios competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística, contando polo menos cun funcionario experto en deseños curriculares, segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 8º e os expresados nas bases específicas. O director xeral de Política Lingüística

elevanto a correspondente proposta ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias desta convocatoria. A resolución comunicáraselle ós solicitantes e poralle fin á vía administrativa, sendo de aplicación o recollido no artigo 11º da presente orde.

Artigo 8º.—Criterios de concesión.

Consideraranse criterios preferentes de concesión da subvención, sen orde de prelación, os seguintes:

1. A importancia do fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia.
2. A calidade das obras contidas no catálogo, do cal se enviará unha mostra.
3. A continuidade dentro dun proxecto educativo.
4. A capacidade de distribución do material e a importancia do investimento realizado pola empresa respecto da edición, en capital e en persoal.
5. O tipo de material:
 - a) Material básico: libros de didáctica na aula (para o alumno) que desenvolvan un deseño curricular na súa totalidade.
 - b) Material complementario: materiais educativos que complementen proxectos que desenvolvan un deseño curricular na súa totalidade (dicionarios, cadernos, atlas, etc.).
6. O grao de orixinalidade de acordo coa seguinte escala:
 - a) Creación propia.
 - b) Traducción ou adaptación.
7. De acordo co establecido no art. 19 da Lei 3/1983, daráselles preferencia a aqueles proxectos presentados por editoriais que empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Artigo 9º.—Aceptación da subvención e compromisos.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria notificarálle-la resolución ós solicitantes, que quedarán obrigados a xustificar as subvencións concedidas, debendo comunicarlle a súa aceptación por escrito no prazo máximo de dez días naturais contados a partir da recepción da resolución polo solicitante. A omisión desta comunicación dará lugar ó arquivo do expediente sen máis trámite.
2. Os beneficiarios deberán facer constar en cada obra que esta recibiu unha subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Dirección Xeral de Política Lingüística, utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

3. Recibidos os exemplares e a documentación á que se fai referencia nas bases específicas para a xustificación das subvencións, a Dirección Xeral de Política Lingüística de atopalos conformes, proporá o libramento dos fondos, de acordo co calendario sinalado nas bases e a normativa orzamentaria vixente.
4. O libramento do importe da subvención realizarase, de acordo coa normativa orzamentaria aplicable, esixíndose certificacións expresas de estar ó corrente coas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter contraídas débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
5. O prazo de xustificación e entrega da documentación das subvencións concedidas rematará o día 15 de outubro de 2001.
6. No momento da xustificación da execución total do proxecto o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para cada proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 10º.—Perda da subvención.

Calquera alteración verbo dos datos que figuran no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas na presente orde, terá como consecuencia a revogación da axuda logo da audiencia á empresa interesada, e esta, se fose o caso, terá que reintegra-las cantidades percibidas e mailos intereses de demora devengados desde o momento do seu pagamento, de acordo co estipulado nos artigos 78.7º e 78.9º da Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, que modifica o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Os beneficiarios das subvencións teñen a obriga de lles facilitar ós servizos competentes da Dirección Xeral de Política Lingüística toda a información requirida. Así mesmo, os devanditos órganos poderán levar a cabo labores de inspección destinados a verificar que as subvencións sexan destinadas á finalidade para a que foron concedidas.

No caso de que se lle conceda á empresa outra subvención para esta mesma finalidade no prazo de vigor da presente orde, a empresa terá que llo comunicar á Administración, sendo de aplicación o disposto no artigo 78.3º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, segundo a cal o importe da subvención se minorará na contía precisa para non supera-lo límite do 100% do investimento subvencionable.

Artigo 11º.—Resolución.

Entenderanse desestimadas as solicitudes presentadas, de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de cinco meses a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da recepción da resolución polo solicitante, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Bases específicas para a concesión das subvencións.

A) Subvencións a obras xa editadas orixinalmente no ano académico 2000-2001 en lingua galega, ou traducidas ou adaptadas doutra lingua distinta do galego.

A-1) As obras deberán estar publicadas en galego segundo a lexislación vixente (Lei 3/1983, do 15 de xuño, disposición adicional, e Decreto 173/ 1982, do 17 de novembro).

A-2) Os editores deberán comercializar nas librerías un mínimo do 50 por cento da tiraxe declarada certificada.

A-3) A contía de cada subvención, que non poderá supera-la cantidade de tres millóns (3.000.000) de pesetas por título para o caso das obras orixinalmente editadas en lingua galega e dun millón cincocentas mil (1.500.000) pesetas, para as obras traducidas ou adaptadas, co límite da porcentaxe máxima do 100% do custo de produción (excluído o IVE).

Para o caso de grandes proxectos editoriais editados orixinalmente en lingua galega para seren utilizados no ámbito escolar, o importe de cada subvención establecerase, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, ata un máximo de oito millóns (8.000.000) de pesetas, nunha porcentaxe máxima do 100% do custo de produción (excluído o IVE).

O importe da subvención determinarase tendo en conta a materia e o curso ós que vai destinada a obra, os centros de ensino susceptibles de recibirlos exemplares beneficiarios da subvención, co fin de fornecerlas súas bibliotecas, e os criterios de concesión recollidos no artigo 8º desta convocatoria.

Cada editor achegará un número de exemplares da obra subvencionada que resultará da relación entre o importe da axuda asignada a cada título e o prezo de venda ó público sen IVE das obras subvencionadas.

A contía fixada na resolución poderá ser revisada á baixa polo órgano responsable da concesión da axuda, se o prezo de venda ó público e a tiraxe definitiva certificada non concordasen cos inicialmente declarados na solicitude.

- A-4) Ademais da documentación solicitada no artigo 6º da presente orde, deberase presentar:
- Constancia documental da existencia dun contrato debidamente asinado, se o houber, co autor ou co traductor da obra, que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.
 - Un exemplar editado da obra para a que se solicita subvención.
 - Un certificado da tiraxe expedido polo impresor ou fabricante e do prezo de venda ó público (excluído o IVE).
 - Xustificante, se houber lugar, de ter iniciada a xestión de cesión dos dereitos precisos para a publicación da obra.
 - O orzamento ou custo de execución da obra.
 - Os grandes proxectos editoriais presentarán, así mesmo, unha breve memoria coas características técnicas da obra.
- A-5) Para que un libro poida optar a estas subvencións terá que cumprilas seguintes condicións:
- Ter como mínimo cen (100) páxinas, agás os libros de educación infantil e aquelas obras que formen parte dun único proxecto (caso dos libros e material didáctico da área de música, por exemplo) e así o xustifiquen nunha memoria explicativa que acompañará á solicitude.
 - Posuí-lo número de ISBN e o do depósito legal definitivo, debendo estar feito o depósito de exemplares recollido no Decreto 36/1991. O depósito legal terá data posterior ó 1º de setembro de 2000.
- A-6) Non poderán acollerse ás subvencións desta orde:
- As publicacións ou material didáctico que teñan un prezo de venda ó público (incluído IVE) superior a 5.000 ptas., agás, excepcionalmente, os casos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considere debidamente xustificadas.

A-7) Para xustifica-las subvencións deberán entregarse, con data límite o día 15 de outubro de 2001, os exemplares obxecto da axuda concedida e fotocopias compulsadas das correspondentes facturas e xustificantes de gasto que causara a realización da obra subvencionada, ás que se xuntará unha relación detallada e numerada dos xustificantes mencionados, que incluírá o número de factura, o emisor, a suma parcial folla por folla e a suma do total da relación.

B) Subvencións para editar libros e material escolar impreso en lingua galega, ou traducilos ou adaptalos doutra lingua distinta do galego, para niveis non universitarios e en primeira edición do 1 de xaneiro ó 30 de setembro de 2001.

B-1) As obras que se subvencionen publicaranse en galego segundo a lexislación vixente (Lei 3/1983, do 15 de xuño, disposición adicional, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro).

B-2) Quedan excluídos do ámbito desta base B os grandes proxectos editoriais.

B-3) Os editores deberán comercializar nas librerías un mínimo do 50 por cento da tiraxe declarada certificada.

B-4) Os importes máximos de cada subvención estableceranse, con estricta suxeición ás disponibilidades orzamentarias, conforme o estipulado na base A desta convocatoria. De acordo con isto, a contía de cada subvención non poderá supera-la cantidade de tres millóns (3.000.000) de pesetas por título, para o caso das obras orixinalmente editadas en lingua galega, e un millón cincocentas mil (1.500.000) pesetas, para as obras traducidas ou adaptadas, co límite da porcentaxe máxima do 100% do custo de produción (excluído o IVE).

O importe da subvención determinarase tendo en conta a materia e o curso ós que vai destinada a obra, os centros de ensino susceptibles de recibirlos exemplares beneficiarios da subvención, co fin de fornecer as súas bibliotecas, e os criterios de concesión recollidos no artigo 8º desta convocatoria.

Cada editor achegará un número de exemplares da obra subvencionada que resultará da relación entre o importe da axuda asignada a cada título e o prezo de venda ó público sen IVE das obras subvencionadas.

A contía fixada na resolución poderá ser revisada á baixa polo órgano responsable da concesión da axuda, se o prezo de venda ó público e a tiraxe definitiva certificada non concordasen cos inicialmente declarados na solicitude.

B-5) Ademais da documentación solicitada no artigo 6º da presente orde, presentarase:

- Unha declaración xurada do editor pola que se compromete a ter editada a obra subvencionable o día 30 de setembro de 2001 como data límite. Unha vez rematada a edición notificarase expresamente á Dirección Xeral de Política Lingüística dentro do citado prazo enviando, así mesmo, un exemplar da obra. De non se cumprir este requisito dentro do prazo establecido o expediente arquivarase sen máis trámite.
- Constancia documental da existencia dun contrato debidamente asinado, se o houber, co autor ou co traductor da obra, que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.
- Un exemplar do proxecto da obra para a que se solicita subvención ou polo menos unha ou dúas unidades didácticas da mesma, e unha breve memoria explicativa das súas características.
- Un certificado da tiraxe expedido polo impresor ou fabricante e do prezo de venda ó público (excluído o IVE).
- Xustificante, se houber lugar, de ter iniciada a xestión de cesión dos dereitos precisos para a publicación da obra.
- O orzamento ou custo de execución da obra.

B-6) Non poderán acollerse ás subvencións desta orde:

- As publicacións ou material didáctico que teñan un prezo de venda ó público (incluído IVE) superior a 5.000 ptas., agás, excepcionalmente, os casos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considere debidamente xustificadas.
- As que non teñan como mínimo cen (100) páxinas, agás os libros de educación infantil e aquelas obras que formen parte dun único proxecto (caso dos libros e material didáctico da área de música, por exemplo) e así o xustifiquen nunha memoria explicativa que acompañará a solicitude.

B-7) Unha vez remitidas as aceptacións das subvencións, o prazo de xustificación será de quince días naturais contados a partir da notificación do remate da edición da obra subvencionada, e non poderá exceder-la data límite do 15 de outubro de 2001. Para isto deberán entregarse os exemplares obxecto da axuda concedida e fotocopias compulsadas das correspondentes facturas e xustificantes de gasto que causara a realización da obra subvencionada, ás que se xuntará unha relación detallada e numerada das facturas mencionadas, que incluírá o número de factura, o emisor, a suma parcial folla por folla e a suma do total da relación.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2001.

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

105. SUBVENCIÓNS A EMPRESAS VINCULADAS Ó SECTOR AUDIOVISUAL

Orde do 15 de febreiro de 2001 pola que se convocan subvencións a empresas vinculadas co sector audiovisual para apoia-lo desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual en lingua galega, así como a produción audiovisual en lingua galega. (DOG do 27 de febreiro).

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo establece as liñas de apoio ás diversas fases de produción audiovisual, co fin de potencia-la existencia en Galicia dunha auténtica industria audiovisual.

A través das axudas ó desenvolvemento dos proxectos audiovisuais en lingua galega preténdese fomentar unha das fases máis esenciais da produción audiovisual, como é a da posta a punto dos aspectos guionísticos e orzamentarios.

Enténdese por desenvolvemento de proxectos o conxunto de operacións que preceden á fase de produción propiamente dita, a rodaxe dunha obra audiovisual. O devandito concepto inclúe, en particular, a redacción do guión, a procura de socios, a preparación do plan financeiro da produción, a elaboración do plan de marketing e de distribución.

Para certos tipos de produción, considéranse como parte integrante do desenvolvemento da obra a investigación gráfica e a realización dun filme piloto (para as películas de animación), a busca de arquivos (para as producións que valoren o patrimonio audiovisual europeo) e o desenvolvemento de software específico (para producións multimedia).

Este procedemento de desenvolvemento culmina propiamente coa fase da produción pola que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo establece axudas para a produción audiovisual en lingua galega, co fin de fomenta-lo crecemento da industria audiovisual na nosa Comunidade Autónoma.

Por todo isto,

Dispoño:

I. BASES XENÉRICAS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

Artigo 1º.—Obxecto e partida orzamentaria.

Convócanse subvencións, mediante réxime de concorrencia competitiva, para apoia-la lo desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual en lingua galega e a realización de producións audiovisuais en lingua galega.

As subvencións financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.353B.770 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2001, nos que existe un crédito para este efecto por un importe de cento cincuenta e catro millóns duascenas mil (154.200.000) pesetas.

Para aqueles proxectos que a empresa solicitante considere que teñen carácter plurianual, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá comprometer outras fases de realización dos proxectos para o ano 2002 destinando para o efecto o importe de 30.000.000 de pesetas ó amparo do disposto no artigo 58 do texto refundido de la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 2º.—Beneficiarios.

Poderán optar a estas subvencións as produtoras audiovisuais e empresas de produción multimedia legalmente constituídas como tales, con enderezo social en Galicia. En todo caso nas bases específicas determinaranse os requisitos concretos que deben cumpri-los solicitantes para acceder a ambas modalidades.

Excepcionalmente, poderán concederse subvencións ás empresas produtoras radicadas fóra da Comunidade galega sempre que se dean algunha das condicións seguintes:

- a) Que a película teña por tema, o desenvolvemento ou localización a Comunidade galega.
- b) Que polo menos o 25 por 100 da rodaxe ou gravación se realice na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que as personas integrantes dos equipos técnicos e artísticos que participen na elaboración sexan, polo menos un 30 por 100, orixinarias ou residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.—Motivos de exclusión.

Quedan excluídos os solicitantes que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e non xustificasen o seu investimento, así como proxectos encargados por terceiras persoas e as producións didácticas e publicitarias.

Ademais quedan excluídos aqueles solicitantes que, para o mesmo proxecto, xa foran beneficiarios dunha axuda para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores, convocadas pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Artigo 4º.—Solicitudes.

As solicitudes faranse mediante instancia dirixida ó conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, segundo os modelos que figuran como anexos desta orde, e presentarana no rexistro xeral de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou nos rexistros das delegacións provinciais, sen prexuízo dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Tanto para unha como para outra modalidade de axudas achegarase a seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do DNI do representante ou solicitante e acreditación suficiente da representación que exerza mediante poder notarial debidamente inscrito.
- b) Copia cotexada da documentación acreditativa da constitución legal da empresa, do seu enderezo social en Galicia e da súa inscrición no Rexistro Mercantil.
- c) Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.
- d) Documentación cotexada e acreditativa da inscrición no correspondente Rexistro de Empresas do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais.
- e) Copia cotexada do documento acreditativo de estar ó día no pagamento do imposto de actividades económicas.
- f) Documentación cotexada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuí-los dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.
- g) Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas.

A esta documentación de carácter xeral engadiráselle a sinalada nas correspondentes bases específicas de cada unha das modalidades de subvención.

Artigo 5º.—Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse, segundo os modelos que figuran nos anexos, no prazo de trinta días naturais contados a partir do día seguinte á publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Se o último día do prazo resultase ser sábado ou festivo, poderase presentar ó seguinte día hábil.

Artigo 6º.—Tramitación.

Os servicios competentes da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual tramitarán as solicitudes e instrumentarán os procedementos necesarios para a concesión das subvencións.

Así mesmo, correspóndelle a Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual eleva-la proposta de concesión de axudas, dentro das disponibilidades económicas, ó conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que resolverá poñendo fin á vía administrativa.

Artigo 7º.—Comisión asesora.

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión asesora, de carácter consultivo, nomeada polo conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que estará presidida pola directora xeral de Comunicación Social e Audiovisual e composta polos seguintes vocais:

- Un vocal en representación da CRTVG.
- Un vocal en representación do sector audiovisual.
- Un vocal en representación das universidades de Galicia.
- Un vocal en representación do Centro Galego de Artes da Imaxe.
- Un vocal da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.
- Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

A comisión asesora poderá requirir dos solicitantes tanta documentación complementaria considere precisa e informará única e exclusivamente sobre os criterios que figuran respectivamente nos artigos 17 e 23 desta orde, segundo a modalidade de subvención.

Os membros da comisión presentarán os seus informes previos dos proxectos, valorando cada criterio en catro niveis: moi favorable (10 puntos), favorable (8 puntos), pouco favorable (6 puntos) e desfavorable (4 puntos), e elaborarán un informe conxunto sobre os proxectos presentados.

Artigo 8º.—Resolución.

Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o prazo

máximo para resolve-las solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de catro meses, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria. De non notificarse resolución favorable neste prazo entenderase desestimada a petición correspondente, podendo interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo no prazo dun mes previo ó recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 9º.—Prazo de aceptación.

Notificada a resolución de subvención, os beneficiarios deberán manifestar por escrito a súa aceptación comprometéndose a executa-lo proxecto subvencionado no prazo e condicións establecidas. De non recibirse a aceptación no prazo de dez días naturais entenderase que o beneficiario renuncia á subvención concedida e procederase, sen máis trámite, ó arquivo do expediente.

Artigo 10º.—Garantías que hai que presentar.

De conformidade co establecido no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia será obrigatoria a prestación de garantías para a expedición de anticipos ou pagamentos parciais nos seguintes supostos:

- a) Anticipos que superen os 5.000.000 de pesetas.
- b) Pagos parciais cando a contía da subvención exceda de 5.000.000 de pesetas.

A garantía deberá cubri-lo importe dos anticipos ou pagamentos fraccionados xunto cos xuros destes calculados ó tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude y como mínimo aquela en que se cumpran dous meses do remate do prazo de xustificación. A presentación da garantía realizarase ante a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo no prazo de quince días a partir da notificación da resolución da concesión.

Artigo 11º.—Obrigacións do beneficiario.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destina-los fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá realiza-las oportunas comprobacións para o mellor coñecemento da efectiva realización do proxecto obxecto de axuda.

De igual maneira o beneficiario estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.

Así mesmo, en concordancia co disposto no artigo 4º g), no momento de xustificación da execución total do proxecto, e en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente o en concorrencia coas concedidas a través de outras administracións públicas, supere o 100% do custo total da actividade subvencionada que deberá desenvolverlo beneficiario.

Artigo 12º.—Pagamento.

O pagamento das subvencións realizarase de acordo coas disposicións orzamentarias que lle sexan de aplicación.

Para proceder a calquera pagamento os beneficiarios deberán presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias, de función pública e de actuación administrativa. As devanditas certificacións serán expedidas para efectos de subvención.

Artigo 13º.—Perda da subvención.

O incumprimento por parte do beneficiario de calquera requisito desta orde facultará a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo para instruír expediente sancionador, conforme o previsto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias, de función pública e de actuación administrativa e na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; se procede, anulará os beneficios concedidos e solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houberse, segundo o procedemento que establece o Regulamento xeral de recadación.

II. BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A) SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVIMENTO DE PROXECTOS DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL

Artigo 14º.—Tipos de proxectos.

Será obxecto de subvención o desenvolvemento dos seguintes proxectos:

- a) Longametraxes cinematográficos.
- b) Telefilmes.
- c) Series de televisión.
- d) Producións multimedia.
- e) Documentais.

Os devanditos proxectos terán a consideración que se sinala no artigo 22º.

Artigo 15º.—Beneficiarios de subvención ó desenvolvemento.

Poderán optar a estas subvencións as produtoras audiovisuais e empresas de produción multimedia legalmente constituídas en Galicia e que teñan acordo ou contrato como mínimo, cun guionista para desenvolver algún proxecto dos tipos sinalados no artigo anterior.

Artigo 16º.—Documentación técnica que hai que presentar.

Ademais da documentación sinalada no artigo 4º da presente orde, achegaranse sete exemplares encadernados de:

- Memoria explicativa do proxecto.
- Sínopsese, tratamento e/o borrador de guión, con especificación da situación dos dereitos de autor correspondentes.
- Orzamento das actividades de desenvolvemento.
- Acordo ou contrato co guionista.

Artigo 17º.—Criterios.

A proposta da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual elaborárase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Interese do proxecto e calidade artística (orixinalidade e creatividade del).
- Viabilidade da execución do proxecto unha vez desenvolvido no marco da industria audiovisual galega.
- Axuste entre o proxecto e o orzamento de desenvolvemento, así como a viabilidade do seu financiamento.

Artigo 18º.—Importe máximo subvencionable.

A contía das subvencións non poderá exceder do 50% do custo total.

Artigo 19º.—Xustificación.

O proceso de desenvolvemento deberá terminar antes do 1 de novembro do presente exercicio orzamentario.

A documentación que integrará a xustificación do efectivo desenvolvemento do proxecto constará de:

- a) Xustificantes materias da realización dos investimentos correspondentes á elaboración do plan de marketing e de distribución así como a súa relación detallada, aspectos que, de conformidade coa exposición de motivos, constitúen a fase de desenvolvemento.
- b) Un exemplar do guión definitivo en galego.
- c) Un exemplar do plan de produción definitivo.

Artigo 20º.—Copias do proxecto.

Na futura documentación do proxecto e nos títulos de crédito da produción resultante farase constar que recibiu unha subvención ó seu desenvolvemento por parte da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, da Xunta de Galicia coa súa imaxe corporativa.

B) SUBVENCIONES A PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA.

Artigo 21º.—Tipos de proxectos.

Para efectos de clasificación dos proxectos, terán a consideración de:

- a) Curtametraxes, as producións cinematográficas de duración inferior a sesenta minutos.
- b) Longametraxes, as producións cinematográficas de duración igual ou superior a sesenta minutos.
- c) Vídeo-creación, os proxectos que expresen unha clara vontade de experimentación formal.
- d) Telefilmes, películas dirixidas a emisión en televisión.
- e) Programas pilotos de series de televisión, os que mostren mediante un capítulo a viabilidade dun proxecto de serie televisiva.
- f) Documentales, as producións informativas de algún aspecto da realidade sen empregar como principal instrumento a ficción.
- g) Produccións multimedia, as que conxuguen o emprego de medios informáticos e audiovisuais tanto na súa elaboración como no seu consumo.

Artigo 22º.—Documentación técnica que hai que presentar.

Ademais da documentación sinalada no artigo 3º da presente orde, achegarase a seguinte documentación, en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma.

Sete exemplares:

- a) Memoria explicativa (2 páx. máximo).
- b) Sinopse do proxecto (2 páx. máximo).
- c) Guión definitivo da produción.
- d) Historial da empresa e relación de membros do equipo.
- e) Plan de produción con orzamento total.
- f) Plan de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións e documentalmente acreditado.
- g) Calendario de investimento para a execución do traballo, indicando a parte correspondente que se vai executar cada ano no caso de proxectos plurianuais.
- h) Calquera outra documentación que o solicitante estime pertinente para a mellor defensa do proxecto.

Artigo 23º.—Criterios.

A proposta da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual elaborárase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Calidade do proxecto (grao de desenvolvemento, elaboración, axuste entre o proxecto e o orzamento, presentación a outras convocatorias de axuda).
- Utilización de recursos de Galicia (personal artístico, técnico e servizos instalados en Galicia, así como a rodaxe na Comunidade Autónoma).
- Viabilidade do proxecto (grao de financiamento garantizado, porcentaxe de axuda solicitada, compromisos de distribución).
- Capacidade empresarial do solicitante ou grupo de empresas que apoia o proxecto (facturación, proxectos realizados, persoal).
- Calidade artística (orixinalidade e creatividade do proxecto).

Artigo 24º.—Contía.

A contía das subvencións quedará determinada da seguinte forma:

1. Proxectos de curtametraxe: ata o 60% do custo total.
2. Proxectos de longametraxe: ata o 40% do custo total.
3. Proxectos de documentais: ata o 60% do custo total.

4. Proxectos de vídeo-creación: ata o 60% do custo total.
5. Proxectos de telefilmes: ata o 40% do coste total.
6. Proxectos de programas pilotos de series de televisión: ata o 50% do custo total.
7. Proxectos de produción multimedia: ata o 60% do custo total.

Artigo 25°.—Obrigacións do beneficiario.

1. As producións subvencionadas terán que axustarse fielmente ó proxecto presentado. Calquera modificación no proxecto ou no equipo técnico e artístico deberá ser notificada á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo que decidirá o que proceda e adoptará as medidas que considere procedentes.
2. As produtoras subvencionadas deberán comunicarlle á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a data de iniciación e finalización da rodaxe ou gravación da produción subvencionada, no caso de que estas varíen respecto das previsións do proxecto.

Artigo 26°.—Xustificación de gastos.

As produtoras subvencionadas quedarán obrigadas a presentar un resumo dos investimentos realizados antes do 1 de novembro de cada exercicio económico do que se trate, entregando á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo xustificación do investimento efectuado mediante xustificantes orixinais, ou fotocopia compulsada, dos gastos realizados así como a súa relación detallada e, no último ano, ademais da xustificación correspondente, a entrega de dúas copias da produción resultante e un vídeo promocional á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Artigo 27°.—Copias.

Nos títulos de crédito da produción, así como en toda a publicidade que dela se faga, farase constar que a produción foi subvencionada pola Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, segundo a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

As copias entregadas á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo que sempre deberán ser en lingua galega, quedarán depositadas no Centro Galego de Artes da Imaxe da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, para a súa conservación e uso con fins culturais e de promoción do audiovisual galego. Para tal fin, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá realizar cantas copias considere precisas.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase a directora xeral de Comunicación Social e Audiovisual para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2000.

JESÚS PÉREZ VARELA
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

106. CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE GUIÓNS E PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL

Orde do 15 de febreiro de 2001 pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores. (DOG do 28 de febreiro).

A Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia, dedica o seu capítulo II ás actividades de fomento do sector audiovisual.

En consonancia co espírito recollido na citada lei, e tendo en conta que á Administración autonómica lle corresponde promover e potencia-lo ensino do audiovisual e das novas tecnoloxías interactivas así como a actividade profesional no sector audiovisual, considera necesario colaborar na formación de todos aqueles que se inicien neste sector, mediante axudas ó desenvolvemento de guións orixinais e axudas que permitan poñer en práctica as creacións de novos realizadores.

Na súa virtude

Dispoño:

1. BASES XERAIS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

Artigo 1º.—Obxecto e partida orzamentaria.

Convócanse axudas, mediante réxime de concorrencia competitiva, para apoia-lo desenvolvemento de guións e para a realización de proxectos de produción audiovisual en lingua galega que incorporen novos realizadores.

Para as mencionadas axudas resérvase a cantidade de 25.000.000 de pesetas que se imputarán ó crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 10.04.353.B 770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2001.

Artigo 2º.—Beneficiarios.

Poderán optar a estas subvencións:

- a) No caso de axudas ó desenvolvemento de guións en lingua galega, as persoas físicas domiciliadas en Galicia que teñan prevista a escritura dun guión para proxectos como os sinalados no artigo 13º.
- b) Para a realización de proxectos de produción en lingua galega que incorporen novos realizadores, tanto persoas físicas domiciliadas en Galicia, como produtoras audiovisuais e empresas de produción multimedia legalmente constituídas como tales, con domicilio social en Galicia que incorporen para a dirección do proxecto en cuestión un novo realizador. No caso de produtoras cinematográficas deberán estar inscritas no rexistro oficial do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais.

Artigo 3º.—Motivos de exclusión.

Quedan excluídos os solicitantes que anteriormente recibisen algunha outra subvención da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e non xustificasen o seu investimento, así como proxectos encargados por terceiras persoas e as producións didácticas e publicitarias.

Ademais, quedan excluídos aqueles solicitantes que, para o mesmo proxecto, xa foran beneficiarios dunha subvención para o desenvolvemento e para a produción audiovisual das convocadas anualmente pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Artigo 4º.—Solicitudes.

As solicitudes faranse mediante instancia dirixida ó conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, segundo os modelos que figuran como anexos desta orde, e presentaranse no rexistro xeral de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou nos rexistros das delegacións provinciais, sen prexuízo dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

No caso de persoas físicas xuntarase a seguinte documentación:

- a) Alta no IAE.
- b) Fotocopia do DNI.
- c) Currículum vitae do solicitante.

No caso de persoas xurídicas xuntarase a documentación seguinte:

- a) Fotocopia compulsada do DNI do representante ou solicitante e acreditación suficiente da representación que exerza mediante poder notarial debidamente inscrito.
- b) Fotocopia compulsada da documentación acreditativa da constitución legal da empresa, do seu domicilio social en Galicia e da súa inscrición no Rexistro Mercantil.
- c) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.
- d) Documentación compulsada e acreditativa da inscrición no correspondente rexistro de empresas do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais.
- e) Documento compulsado e acreditativo de estar ó día no pagamento do imposto de actividades económicas.
- f) Documentación compulsada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou posuí-los dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.
- g) Tanto para persoas físicas como xurídicas, declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas.

A esta documentación de carácter xeral engadiráselle a sinalada nas correspondentes bases específicas de cada unha das modalidades de subvención.

Artigo 5º.—Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse, segundo o modelo que figura nos anexos, no prazo de trinta días naturais contados a partir do día seguinte á publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Se o último día de prazo resultase ser sábado ou festivo, poderase presenta-lo seguinte día hábil.

Artigo 6º.—Tramitación.

Os servicios competentes da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual tramitarán as solicitudes e instrumentarán os procedementos necesarios para a concesión da subvención.

Así mesmo correspóndelle á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual eleva-la proposta de concesión de axudas, dentro das dispoñibilidades económicas, ó conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que resolverá poñendo fin á vía administrativa.

Artigo 7º.—Comisión Asesora.

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha comisión asesora, de carácter consultivo, nomeada polo conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que estará presidida pola directora xeral de Comunicación Social e Audiovisual e composta polos seguintes vocais:

- Un vocal en representación da CRTVG.
- Un vocal en representación do sector audiovisual.
- Un vocal en representación das universidades de Galicia.
- Un vocal en representación do Centro Galego de Artes da Imaxe.
- Un vocal da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.
- Actuará como secretario, con voz e sen voto, un funcionario da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

A comisión asesora poderá requirir dos solicitantes tanta documentación complementaria considere precisa e informará, única e exclusivamente, sobre os criterios que figuran respectivamente nos artigos 15 e 20 desta orde, segundo a modalidade de subvención.

Os membros da comisión presentarán os seus informes previos dos proxectos, valorando cada criterio en catro niveis: moi favorable (10 puntos), favorable (8 puntos), pouco favorable (6 puntos) e desfavorable (4 puntos), e elaborarán un informe conxunto sobre os proxectos presentados.

Artigo 8º.—Resolución.

Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de catro meses, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria. De non notificarse resolución favorable neste prazo entenderase desestimada a petición correspondente, podendo interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo no prazo dun mes previo ó recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas otorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 9º.—Prazo de aceptación.

Notificada a resolución de subvención, os beneficiarios deberán manifestar por escrito a súa aceptación comprometéndose a executar os proxectos

subvencionado no prazo e condicións establecidas. De non recibirse a aceptación no prazo de dez días naturais entenderase que o beneficiario renuncia á subvención concedida e procederase, sen mais trámite, ó arquivo do expediente.

Artigo 10º.—Obrigacións do beneficiario.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá realizar as oportunas comprobacións para o mellor coñecemento da efectiva realización do proxecto obxecto de axuda.

De igual maneira o beneficiario estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

Así mesmo, en concordancia co disposto no artigo 4º g), no momento da xustificación da execución total do proxecto, e en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o 100% do custo total da actividade subvencionada que deberá desenvolverlo beneficiario.

Artigo 11º.—Pagamento.

O pagamento das subvencións realizarase de acordo coas disposicións orzamentarias que lle sexan de aplicación.

Para proceder a calquera pagamento os beneficiarios deberán presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias, de función pública e de actuación administrativa. As devanditas certificacións serán expedidas para efectos de subvención.

Artigo 12º.—Perda da subvención.

O incumprimento por parte do beneficiario de calquera requisito desta orde facultará a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo para instruír expediente sancionador, conforme o previsto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias, de función pública e de actuación administrativa e na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; se procede, anulará os beneficios concedidos e solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houberse, segundo o procedemento que establece o Regulamento xeral de recadación.

2. BASES ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN:

A) SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE GUIÓNS EN LINGUA GALEGA

Artigo 13º.—Tipos de proxectos.

Serán obxecto de subvención ó desenvolvemento de guións os seguintes tipos de proxectos:

- a) Longametraxes cinematográficas.
- b) Películas para TV.
- c) Producións multimedia.

Non se poderán presentar á presente convocatoria adaptacións de obras preexistentes.

Artigo 14º.—Documentación técnica que hai que presentar.

Ademais da documentación sinalada no artigo 4º, xuntarase sete exemplares de:

- Memoria explicativa do proxecto.
- Sinopse argumental e/ou tratamento e borrador do guión, con especificación dos dereitos de autor.
- Declaración subscripta polo solicitante, de que o proxecto non foi desenvolvido.
- Documento que acredite, se é o caso, o compromiso dunha produción das sinaladas no artigo 13 baseada no guión, por parte de empresas de produción audiovisual ou empresas de produción multimedia.

Artigo 15º.—Criterios.

A proposta da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual elaborárase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Interese do guión e calidade artística (orixinalidade e creatividade do guión).
- Viabilidade da execución do proxecto unha vez desenvolvido o guión no marco da industria audiovisual galega.

Artigo 16º.—Xustificación.

A entrega dos guións debe facerse antes do 1 de novembro do presente exercicio orzamentario.

A documentación que integrará a xustificación do desenvolvemento do guión constará dun exemplar do guión definitivo en lingua galega.

Artigo 17º.—Copias do proxecto.

Nos títulos de crédito da produción resultante, así como en toda a publicidade que dela se faga, farase constar que recibiu unha subvención a desenvolvemento de guións por parte da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo segundo a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

B) SUBVENCIONES PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA QUE INCORPOREN NOVOS REALIZADORES:

Artigo 18º.—Tipos de proxectos.

Será obxecto de axudas a realización das seguintes producións audiovisuais:

- a) Curtametraxes, as producións cinematográficas de duración inferior a sesenta minutos.
- b) Vídeo-creación, os proxectos que expresen una clara vontade de experimentación formal.
- c) Producións multimedia, as que conxuguen o emprego de medios informáticos e audiovisuais tanto na súa elaboración como no seu consumo.

As devanditas axudas destinaranse a proxectos que, tendo un investimento inferior a 10.000.000 de pesetas, incorporen novos realizadores, entendéndose por tales, quen á data da presente convocatoria dirixisen menos de tres proxectos de produción audiovisual das características que se especifican anteriormente.

Artigo 19º.—Documentación técnica que hai que presentar.

Ademais da documentación sinalada no artigo 4º na presente orde xuntarase a seguinte documentación, en calquera dos idiomas oficiais de Galicia:

Sete exemplares encuadernados de:

- a) Memoria explicativa (2 páx. máximo).
- b) Sinopse do proxecto (2 páx. máximo).
- c) Guión definitivo da produción.
- d) Relación de membros do equipo.
- e) Plan de produción con orzamento total del.
- f) Plan de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións e documentalmente acreditado.
- g) Calendario de investimentos para a execución do traballo.
- h) Calquera outra documentación que o solicitante estime pertinente para a mellor defensa do proxecto.
- i) Declaración suscrita polo solicitante, de que dirixiu menos de tres proxectos á data da convocatoria.

Artigo 20º.—Criterios.

A proposta da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual elaborárase tendo en conta os seguintes criterios:

- Calidade do proxecto (gra de desenvolvemento, elaboración, axuste entre o proxecto e o orzamento, presentación a outras convocatorias de axudas).
- Utilización de recursos de Galicia (persoal artístico, técnico e servizos instalados en Galicia, así como a rodaxe na Comunidade Autónoma).
- Viabilidade do proxecto (gra de financiamento garantido, porcentaxe de axuda solicitada, compromisos de distribución).
- Calidade artística (orixinalidade e creatividade do proxecto).

Artigo 21º.—Contía.

A contía das subvencións quedará determinada da seguinte forma:

- a) Proxectos de curtametraxes: ata o 60% do custo total.
- b) Proxectos de vídeo-creación: ata o 60% do custo total.
- c) Proxectos de producións multimedia: ata o 60% do custo total.

Artigo 22º.—Obrigacións do beneficiario.

As producións subvencionadas deberán axustarse fielmente ó proxecto presentado. Calquera modificación do proxecto ou no equipo técnico e artístico deberá ser notificada á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo que decidirá o que proceda e adoptará as medidas que considere procedentes.

As produtoras subvencionadas deberán comunicar á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a data de iniciación e finalización da rodaxe ou gravación da produción subvencionada, no caso de que estas varíen nas previsións do proxecto.

Artigo 23º.—Xustificación.

As produtoras subvencionadas quedarán obrigadas a presentar un resumo dos investimentos realizados antes do 1 de novembro xustificando o investimento efectuado mediante xustificantes orixinais, ou fotocopia compulsada, dos gastos realizados. Así mesmo deberán entregar dúas copias da produción resultante á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e un vídeo promocional á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

Artigo 24º.—Copias.

Na documentación do proxecto figurarán os títulos de crédito da produción, así como en toda a publicidade que dela se faga, farase constar que a produción recibiu unha subvención á realización de proxectos de produción audiovisual por parte da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo segundo a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

As copias entregadas á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo que sempre deberán ser en lingua galega, quedarán depositadas no Centro Galego de Artes da Imaxe da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, para a súa conservación e uso con fins culturais e de promoción do audiovisual galego. Para tal fin, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo poderá realizar cantas copias considere precisas.

Disposicións derradeiras

Primeira. Facúltase a directora xeral de Comunicación Social e Audiovisual para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. Esta orden entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2001.

JESÚS PÉREZ VARELA
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

XIV. TOPONIMIA

107. FUNCIÓNS E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE TOPONIMIA

Decreto 174/1998, do 5 de xuño, polo que se modifica o Decreto 43/1984, do 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia. (DOG do 22 de xuño).

A Comisión de Toponimia, creada polo Decreto 42/1979, do 21 de setembro, como órgano para a normalización da toponimia de Galicia foi regulada, no que se refire á súa composición e funcións, polo Decreto 43/1984, do 23 de marzo, que regulou as funcións e a composición da comisión de toponimia para adaptala ás esixencias culturais e legais daquel momento.

Do mesmo xeito, regúlanse agora a composición e funcións da Comisión de Toponimia, co fin de adaptalas ás novas necesidades tanto culturais como legais, así como á nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Polo tanto, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día cinco de xuño de mil novecentos noventa e oito,

Dispoño:

Artigo 1º.

A Comisión de Toponimia é o órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta de Galicia para a determinación dos nomes oficiais da toponimia galega e para evacuar as consultas que sexan necesarias con tal fin.

A Comisión de Toponimia, que presidirá o conselleiro da Presidencia e Administración Pública, queda adscrita á Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública, que lle prestará o apoio preciso para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 2º.

A Comisión de Toponimia funcionará en Pleno e en Ponencia de Estudos.

Artigo 3º.

1. O Pleno da Comisión estará integrado polos seguintes membros:
 - a) Presidente: o conselleiro da Presidencia e Administración Pública.
 - b) Vicepresidente primeiro: o secretario xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública ou persoa na que delegue.
 - c) Vicepresidente segundo: o director xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa na que delegue.
 - d) Vocais natos:
 - O director xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais con competencias en materia de Administración local ou persoa na que delegue.
 - O director xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, con competencias en materia de cartografía ou persoa na que delegue.
 - O secretario xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal ou persoa na que delegue.
 - O director do Instituto Galego de Estatística, ou persoa na que delegue.
 - e) Vocais representativos:
 - Un representante do Consello da Cultura Galega.
 - Un representante da Real Academia Galega.
 - Un representante do Instituto da Lingua Galega.
 - Un representante do Instituto Padre Sarmiento.
 - Un representante da Facultade de Xeografía e Historia.
 - f) Vocais de libre designación: seis expertos sobre toponimia e lingua galega, que serán nomeados polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública entre persoas de recoñecido prestixio.
 - g) Secretario, con voz e sen voto, que será un funcionario da Consellería da Presidencia e Administración Pública, designado polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública ou un dos vocais de libre designación.
2. Os vocais representativos serán nomeados polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública de entre unha terna proposta polas corporacións ou institucións que representen.

Artigo 4º.

A Ponencia de Estudos estará composta polos vocais de libre designación e ás súas sesións, para os efectos de coordinación e asistencia material, asistirá o secretario xeral da Consellería da Presidencia que convocará as reunións, ou o funcionario en que este delegue.

Artigo 5º.

1. O Pleno é o órgano competente para evacua-las consultas que se lle soliciten á Comisión e o obxecto das súas deliberacións será, salvadas circunstancias excepcionais que decida o presidente, o material preparado pola Ponencia de Estudos.
2. O Pleno reunirse cantas veces sexa necesario, por convocatoria do secretario, para dictaminar sobre os topónimos propostos pola Ponencia de Estudos.

Artigo 6º.

1. A Ponencia de Estudos reunirse cantas veces sexa preciso para realiza-lo seu traballo e poderá ser convocada para varias sesións consecutivas nun único chamamento.
2. As propostas da Ponencia serán trasladadas ó Pleno para o dictame definitivo.

Artigo 7º.

As convocatorias do Pleno e da Comisión comunicaránselle ó Delegado do Instituto Xeográfico Nacional de España en Galicia, por se quixese asistir como vocal.

Disposición adicional

Os membros da Comisión que á entrada en vigor deste decreto desempeñan as súas funcións continuarán exercendo sen necesidade de novo nomeamento.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 43/1984, do 23 de marzo, polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia (DOG nº 64, do 31 de marzo de 1984).

Disposicións derradeiras

Primeira. Queda autorizado o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dicta-las disposicións que sexan precisas para o cumprimento deste decreto.

Segunda. O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, cinco de xuño de mil novecientos noventa e oito

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

108. PROCEDIMIENTO PARA A FIXACIÓN OU RECUPERACIÓN DE TOPONIMIA

Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación de toponimia de Galicia. (DOG do 21 de setembro).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, ó considera-la lingua como núcleo vital da identidade galega, estende a súa preocupación a tódolos sectores que padeceron un proceso de despersonalización lingüística, e neste sentido dispón, no seu artigo 10, que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega». Non podía menos de ser así porque a toponimia forma parte esencial do patrimonio dun pobo ó tempo que fai patente a orixe ó as vicisitudes do decorrer histórico dos seus asentamentos humanos.

En tal decorrer histórico hai que ter ben presentes as circunstancias que acompañaron á nosa fala, que perdeu o seu carácter de lingua culta ó se, iniciada Idade Moderna e que, en consecuencia, estivo falta desde esas datas de patróns lingüísticos propios que asegurasen a conservación do seu patrimonio cultural, proceso este que tamén sufriron os propios nomes dos seus lugares habitados, non só por carecer dunha ortografía fixada, senón tamén por sufrir-lo influxo do centralismo lingüístico e do descoñecemento da nosa realidade polos poderes públicos, mesma os galegos.

Cómpre, polo tanto, facer un esforzo de recuperación, fixación e conservación da toponimia galega. Conscientes de tal realidade, os lexisladores estableceron no artigo 10.2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, que «corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia». Esta previsión legal esixe, sen embargo, un desenvolvemento regulamentario, que debe ter en conta, principalmente, tres aspectos: o primeiro, a distribución de competencias entre os diversos órganos da Xunta de Galicia, entendida no artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, como Administración Autónoma galega; o segundo, a distinta importancia administrativa que cómpre

atribuír ós distintos topónimos, principalmente ás nomes dos concellos, das capitais dos mesmos e, polo rango que lles confire o Estatuto, ós nomes das comarcas e das parroquias rurais; o terceiro, os distintos procedementos e as garantías que se deben adoptar en cada caso.

En tódolos casos á norma pretende, como xa se dixo, recuperar, fixar e conserva-la toponimia galega. Pero adica unha máis minuciosa regulación no suposto dos nomes dos concellos e das súas capitais, non só pola importancia e pola intensidade oficial do seu uso, senón pola urxencia que nalgúns destes casos hai de normaliza-las denominacións tradicionais, eliminando os malos usos que unha desafortunada actuación oficial foi imponendo en épocas pasadas. Amais, nestes casos a norma vén clarifica-la situación xa que os supostos que se contemplan non son os de cambio de nome, previstos na lexislación de Administración local, senón os de recuperación ou de fixación ortográfica duns nomes que por diversas circunstancias perderon ou viron desvirtuada ó longo do tempo a súa propia forma ou a correcta transcripción cando a lingua dun pobo busca a súa normalización en tódalas manifestacións colectivas.

Polo tanto, a proposta do Conselleiro da Presidencia e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día seis de setembro de mil novecentos oitenta e catro,

Dispoño:

Artigo 1º.

A potestade de fixa-la toponimia galega, que lle corresponde á Xunta de Galicia conforme o disposto no artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, exercerase conforme o establecido no presente Decreto.

Artigo 2º.

1. Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia a determinación, por medio de Decreto, dos nomes oficiais dos concellos e das súas capitais, das parroquias e das comarcas.
2. O resto dos topónimos ós que fai referencia o artigo 10.2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, serán fixados por Orde da Consellería da Presidencia, coa excepción das vías urbanas, competencias que é propia dos Concellos.
3. Nos dous casos previstos neste artigo será preceptivo o dictame da Comisión de Toponimia, regulamentada polo Decreto 43/1984, do 23 de marzo.

Artigo 3º.

1. Os expedientes de recuperación ou fixación de topónimos iniciaranse por decisión do Conselleiro da Presidencia a iniciativa propia ou da entidade local interesada, e no mesmo acto de iniciación recabarase dictame da Comisión de Toponimia.

2. A Comisión de Toponimia deberá evacua-lo seu dictame no prazo dun mes contado desde o día seguinte de recibi-la petición, no caso de que se trate dun nome de concello ou da súa capital. Nos outros casos, o prazo será de dous meses.
3. En exposición razoada, a Comisión poderá solicitar do Conselleiro da Presidencia a ampliación do prazo polo tempo que estime conveniente, tanto por mor de lograr un mellor estudio do caso como por axusta-lo seu ritmo de traballo ós plans que a mesma Comisión teña elaborados.

Artigo 4º.

A Comisión de Toponimia, conforme os estudos realizados en cumprimento dos seus plans de traballo, poderá solicitar do Conselleiro da Presidencia que adopte as resolucións correspondentes mediante Orde ou, de ser preceptivo, que eleve a proposta ó Consello para a aprobación do correspondente Decreto.

Artigo 5º.

No prazo dun mes, contado desde a recepción do dictame da Comisión de Toponimia ou desde a proposta que ela faga conforme o artigo 4º, o Conselleiro da Presidencia deberá dicta-la correspondente Orde ou eleva-lo asunto a Consello da Xunta de Galicia para decisión.

Artigo 6º.

1. O Consello da Xunta de Galicia ou a Orde do Conselleiro da Presidencia resollen definitivamente, cada un no ámbito da súa competencia, os expedientes de recuperación ou fixación de topónimos.
2. No caso de que o Consello da Xunta de Galicia ou o Conselleiro da Presidencia, cada un no ámbito da súa competencia, non estean conformes co dictame da Comisión de Toponimia, acordarase novo estudio do expediente, no que neste caso deberá ser oída a Corporación local interesada con independencia de que o expediente poida ser sometido a información pública.

Artigo 7º.

1. Cando se dea audiencia no expediente a unha Corporación local, esta deberá adoptar en pleno o acordo que estime procedente, e na acta correspondente deberán constar, se os houber, os votos particulares dos seus membros.
2. A Corporación local deberá expresa-lo seu acordo no prazo dun mes contado dende o día en que reciba a petición e, en caso de que non se pronuncie, o expediente, seguirá a súa tramitación sen mais impedimentos.

Artigo 8º.

En calquera caso, no prazo de tres meses despois de recibilo segundo dictame da Comisión de Toponimia, ou de seis meses contados desde que se lle concedese audiencia á Corporación local interesada, deberá ser adoptado o Decreto ou a Orde correspondente.

Disposición adicional primeira

Con independencia da publicación dos Decretos e as Ordes correspondentes no Diario Oficial de Galicia, a Consellería da Presidencia publicará anualmente, en publicación unitaria ou fascicular, os nomes fixados e tal publicación terá, a tódolos efectos carácter oficial.

Disposición adicional segunda

Da resolución dos expedientes de recuperación ou fixación de topónimos que figuran no Nomenclátor Oficial de España darase conta, debidamente circunstanciada, ós organismos correspondentes.

As comunicacións faranse pola vía regulamentaria apropiada para que se poidan realiza-las oportunas correccións.

Disposición final primeira

Autorízase ó Conselleiro da Presidencia para dicta-las normas necesarias para a aplicación e o cumprimento do presente Decreto.

Disposición final segunda

O presente Decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela. seis de setembro de mil novecentos oitenta e catro.

GERARDO FERNÁNDEZ ALBOR
Presidente

JOSÉ LUIS BARREIRO RIVAS
Conselleiro da Presidencia

109. NOMENCLÁTOR DE ENTIDADES DE POBOACIÓN

a) Provincia de Ourense

Decreto 332/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da Provincia de Ourense. (DOG, 29/08/96).

A Lei de Galicia 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega. O mesmo artigo establece no seu apartado 2 que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia.

Tendo en conta o Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia, contando co preceptivo dictame da Comisión de Toponimia, emitido na súa reunión do día un de xullo de mil novecentos noventa e seis, aínda que os topónimos correspondentes ás entidades de poboación que figuran como anexo ó presente decreto xa foron obxecto de aprobación e publicación no Diario Oficial de Galicia, e como consecuencia da corrección dalgún deles, faise necesario aprobalo nomenclátor correspondente á provincia de Ourense como corpo único que recolla a forma oficial das ditas entidades.

Polo exposto, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de xullo de mil novecentos noventa e seis,

Dispoño:

Artigo único

Queda aprobado o nomenclátor correspondente as entidades de poboación da provincia de Ourense que figura como anexo ó presente decreto.

Disposición adicional

Do establecido no presente decreto e do seu anexo daráselles conta ás autoridades estatais correspondentes para os efectos que cumpran no exercicio das súas funcións.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

b) *Provincia de Pontevedra*

Decreto 219/1998, do 2 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra. (DOG, 28/07/98).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega. O mesmo artigo establece no seu número 2 que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbana e dos topónimos de Galicia.

Tendo en conta o Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia, contando co preceptivo dictame da Comisión de Toponimia, emitido na súa reunión do día vintenoventa de xuño de mil novecientos noventa e oito, aínda que os topónimos correspondentes ás entidades de poboación que figuran como anexo a este decreto xa foron aprobados e publicados no Diario Oficial de Galicia, as correccións propostas pola comisión fan necesario aproba-lo nomenclátor correspondente á provincia de Pontevedra como corpo único que recolla a forma oficial das ditas entidades.

Polo exposto, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de xullo de mil novecientos noventa e oito,

Dispoño:

Artigo único

Queda aprobado o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra que figura como anexo a este decreto.

Disposición adicional

Do establecido neste decreto e do seu anexo daráselles conta ás autoridades estatais correspondentes para os efectos que cumpran no exercicio das súas funcións.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior categoría que se opoñan ó establecido neste decreto.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

c) *Provincia de Lugo*

Decreto 6/2000, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Lugo. (DOG, 25/01/00).

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega. O mesmo artigo establece no seu número 2 que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia.

Tendo en conta o Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia, contando co preceptivo dictame da Comisión de Toponimia, emitido na súa reunión do día dezasete de decembro de mil novecentos noventa e nove, aínda que os topónimos correspondentes ás entidades de poboación que figuran como anexo a este decreto xa foron aprobados e publicados no Diario Oficial de Galicia, as correccións propostas pola Comisión fan necesario aproba-lo nomenclátor correspondente á provincia de Lugo como corpo único que recolla a forma oficial das ditas entidades.

Polo exposto, por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de xaneiro de dous mil,

Dispoño:

Artigo único

Queda aprobado o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Lugo que figura como anexo a este decreto.

Disposición adicional

Do establecido neste decreto e do seu anexo daráselles conta ás autoridades estatais correspondentes para os efectos que cumpran no exercicio das súas funcións.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior categoría que se opoñan ó establecido neste decreto.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

d) *Provincia de A Coruña*

Sen publicar no Diario Oficial de Galicia no momento da publicación da presente obra. En distintos *Diarios Oficiais de Galicia* figura a toponimia daqueles concellos desta provincia sobre os que xa hai dictame; o resto irán aparecendo en DOGs sucesivos.

NOTA:

Pódese consulta-la toponimia das entidades de poboación de Galicia consultado en Internet a páxina <http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>

110. CAMBIO DE DENOMINACIÓN DAS PROVINCIAS DE «LA CORUÑA» E «ORENSE»

Lei 2/1998, do 3 de marzo, sobre o cambio de denominación das provincias de La Coruña e Orense. (BOE do 4 de marzo).

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que esta lei viren e entenderen.

Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Exposición de motivos

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 2.1, establece que a denominación actual das provincias de Galicia é La Coruña, Lugo, Orense e Pontevedra.

A denominación das capitais das provincias de La Coruña e Orense é A Coruña e Ourense, respectivamente, tal como quedou establecido no Decreto da Xunta de Galicia 146/1984, do 27 de setembro, de conformidade coa Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece, no seu artigo 10, que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega».

O Real decreto do 30 de novembro de 1833 establece no artigo 1 que as provincias tomarán o nome das súas capitais respectivas, salvo as de Álava, Navarra, Guipúscoa e Biscaia, que conservan as súas actuais denominacións.

O Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón no artigo 25.2 que «só mediante lei aprobada polas Cortes Xerais pode modificarse a denominación e capitalidade das provincias».

Na actualidade segue manténdose o nome oficial de La Coruña e Orense para as ditas provincias, cando a realidade é que ámbolos dous topónimos veñen utilizándose coas denominacións A Coruña e Ourense, respectivamente, gozando de plena aceptación popular por parte dos cidadáns, que os usan a diario.

Por outra banda, estas denominacións da Coruña e Ourense aparecen xa escritas desta forma en documentos que datan do século XIII, o que supón un claro referendo á argumentación de que aquelas responden a unha realidade lingüística, histórica e mesmo tradicional.

Por todo o anterior se propón a seguinte lei.

Artigo 1.

A actual provincia de la Coruña denominarase oficialmente A Coruña, en concordancia co nome oficial da Coruña que ten recoñecida a súa capitalidade.

Artigo 2.

A actual provincia de Orense denominarase oficialmente Ourense, en concordancia co nome oficial de Ourense que ten recoñecida a súa capitalidade.

Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».,

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de marzo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

111. SINALIZACIÓN DE ESTRADAS, AEROPORTOS, ESTACIONES FERROVIARIAS, DE AUTOBUSES E MARÍTIMAS E DE SERVICIOS PÚBLICOS DE INTERESE XERAL

Real decreto 334/1982, do 12 de febreiro, sobre sinalización de estradas, aeroportos, estacións ferroviarias, de autobuses e marítimas, e servicios públicos de interese xeral no ámbito das Comunidades autónomas con outra lingua oficial distinta da Castelá. (BOE do 27 de febreiro).

Artigo primeiro

No ámbito territorial das comunidades autónomas constituídas con outra lingua oficial distinta da castelá, a sinalización ou indicacións escritas das estradas e autoestradas, estacións ferroviarias, de autobuses e marítimas, portos de interese xeral, aeroportos abertos ó tráfico comercial, pasos fronteirizos e demais instalacións ou servicios de interese público xeral da competencia propia, da Administración do Estado, xestionados, no seu caso, polos seus concesionarios, efectuaranse en lingua castelá e na outra lingua oficial da comunidade Autónoma que estea recoñecida no seu respectivo Estatuto de Autonomía.

Artigo segundo

Corresponderalle a execución da normativa anterior á Administración Pública, Entidades ou concesionarios responsables das estradas, estacións, aeroportos, instalacións e servicios.

Esta execución estará condicionada a que cada unha das comunidades Autónomas ás que se retire a presente disposición, dicte, no ámbito da súa propia competencia, unha norma que determine a utilización do castelán en idéntico senso ó que se dispón neste Real Decreto.